



XULIO SOUSA
MARTA NEGRO ROMERO
ROSARIO ÁLVAREZ
EDITORES

Lingua e identidade na fronteira galego-portuguesa



Lingua e identidade na fronteira galego-portuguesa

Lingua e identidade na fronteira galego-portuguesa / Xulio Sousa, Marta Negro Romero, Rosario Álvarez, editores.
— Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, 2014. — 283 p. : map. ; 24 cm. — (Ensaio & Investigación)

DL. C 1656-2014. — ISBN 978-84-92923-60-1.

1. Galicia-Relacións-Portugal. 2. Portugal-Relacións-Galicia. 3. Etnolingüística-Galicia. 4. Lingua galega. 5. Lingua portuguesa. I Sousa Fernández, Xulio. II Negro Romero, Marta. III Álvarez Blanco, Rosario. IV Consello da Cultura Galega, ed.

A edición e preparación deste libro foi financiada parcialmente cunha axuda da Secretaría Xeral de Universidades (Xunta de Galicia - Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional) ao grupo de investigación Filoloxía e Lingüística galega (USC).

Consello científico da colección

Ana María Barros de Brito (Universidade do Porto)
Dante Lucchesi (Universidade Federal da Bahía)
Josefa Dorta Luis (Universidade de La Laguna)
María-Pilar Perea i Sabater (Universitat de Barcelona)
Pedro Sánchez-Prieto Borja (Universidade de Alcalá)

Edita

© Consello da Cultura Galega, 2014
Pazo de Raxoi · 2º andar · Praza do Obradoiro
15705 · Santiago de Compostela
T 981 957 202 · F 981 957 205
correo@consellodacultura.org
www.consellodacultura.org

Proxecto gráfico

Imago Mundi Deseño

Imaxe de cuberta

Álvaro Negro

Maquetación

Raquel Vila Amado

Imprime

Lugami Artes Gráficas, S. L.

Depósito Legal: C 1656-2014

ISBN 978-84-92923-60-1

XULIO SOUSA
MARTA NEGRO ROMERO
ROSARIO ÁLVAREZ
EDITORES

Lingua e identidade na fronteira galego-portuguesa



(e i)
ensaio & investigación

Tanto o termo comunidade coma o termo fronteira implican a idea dunha relación cun «Outro». Polo tanto, toda identidade se constrúe no dobre sentido de similitude e diferenciación con respecto a «Outros». A autodefinición depende dunha antítese, a identidade contra a non-identidade.

WILLIAM KAVANAGH (2011)

Os autores e editores deste volume dedícanlle este conxunto de traballos a William Kavanagh (1947-2014), colega e estudoso que nos agasallou con todo o seu saber sobre o significado e relevancia das fronteiras.

Limiar

Xulio Sousa

Marta Negro Romero

Rosario Álvarez

A fronteira entre Galicia e Portugal ten sempre a capacidade de atraer unha atención inquiridora e de provocar sentimentos encontrados. Di Castelao que non se soubo o que lle respondeu o vello ao rapaciño que, na beira do Miño, formulou en voz alta o pensamento –ou sentimento– que a tantos trae aqueloutrados, «E os da banda d’alá son máis estranxeiros que os de Madrí?». Deulle forma de pregunta ao seu desconforto ante o paradoxo, mais é probable que non agardase unha resposta.

Desde longa data, cada certo tempo, en espazos de encontro entre lingüistas galegos e portugueses, a conversa, a ollada, o interese... viñan recalando na raia que asemade nos une e nos separa, de modo que paseniñamente se foi facendo urxente colocar no centro da nosa atención esta fronteira galego-portuguesa que todos dan en dicir que está entre as máis antigas de Europa. Pouco sabemos dos criterios con que foi trazada en orixe nin, polo tanto, en que medida respondía a trazos antropolóxicos, lingüísticos, xeográficos ou doutro teor. A raia atravesou as terras do antigo reino de Galicia e partiu en dous o territorio constitutivo do protorromance galego, do que logo habían xurdir a lingua galega e a lingua portuguesa.

Ao poñermos o foco de atención sobre a fronteira galego-portuguesa, desde o Instituto da Lingua Galega e o Consello da Cultura Galega pretendemos propiciar a reflexión sobre o estado da cuestión, impulsar avances na súa investigación, crear un espazo de encontro para as olladas pluridisciplinares e, en definitiva, crear novo coñecemento con renovación en métodos e resultados. Primeiro, tentámolo coa celebración dun simposio multidisciplinar no que participaron 21 especialistas desde os campos da historia, antropoloxía, xeografía, comunicación e lingüística (Santiago de Compostela, 28 de novembro - 3 de decembro de 2013). Agora facémolo coa publicación desta monografía, que reúne dez contribucións orixinais de 14 especialistas, nunha tripla perspectiva: histórica, antropolóxica, lingüística.

Non foi totalmente por acaso que estas actividades de reflexión sobre límites entre Galicia e Portugal coincidisen no tempo con dúas efemérides desapercibidas para a maioría. Dunha banda, o 75º aniversario da publicación do traballo de

Hans Schneider sobre o galego raiano na Limia Baixa, unha das obras pioneiras da dialectoloxía galega e de referencia obrigada aínda hoxe —«Studien zum Galizischen des Limiabeckens (Orense-Spanien)», na revista *Volkstum und Kultur der Romanen* XI, Hamburg 1938—; os organizadores do simposio de 2013 xa mencionado, dialectólogos, quixemos renderlle unha humilde homenaxe. Doutra banda, o 150º aniversario da fixación definitiva do trazado da raia seca entre Galicia e Portugal, suxeita ao «Tratado de Límites» (Lisboa, 29 de setembro de 1864), no que se puxo fin a algunhas situacións particulares de indefinición, ambigüidade ou anomalía que se viñan dando desde tempos remotos e que, en boa medida, engadiron un aquel de enxebrismo e de misterio a esta rexión raiana.

As vicisitudes históricas, tan diferentes, da comunidade galega e da comunidade portuguesa foron consolidando a raia como unha fronteira social, cultural e lingüística que, cada vez é máis evidente, cómpre estudar con perspectivas renovadas. Os promotores deste volume partimos da convicción de que non hai que contemplar as fronteiras como liñas divisorias senón como rexións de convivencia e intercambio, de osmose e hibridación, nas que se crea un tipo de cultura peculiar con trazos característicos comúns a diferentes áreas fronteirizas. Esa perspectiva centra o noso interese presente: a raia galego-portuguesa contemplada non como un límite senón como unha costura. Por iso, aínda que como dialectólogos o noso interese primordial está no ámbito da lingüística, propoñemos que esta nova ollada necesaria se deite desde múltiples enfoques disciplinares complementarios.

Abren o volume, a modo de pórtico, as presentacións feitas desde o ámbito da historia, en orde cronolóxica, e da antropoloxía. A contribución do profesor Carlos Baliñas é unha revisión da crenza, moi estendida tanto no ámbito político como académico, de que a separación política, tamén cultural e lingüística, de Galicia e Portugal na Idade Media foi un avatar circunstancial da historia consecuencia dunha imposición política das elites gobernantes. O investigador de historia medieval bota man da documentación para poñer diante dos ollos dos lectores unha serie de feitos e testemuños que axudan a comprender o sucedido entre a fin da dominación romana e os inicios do recoñecemento do reino de Portugal. A documentación que manexa permite coñecer como xa desde comezos do século XI comeza a falarse de dous territorios diferenciados e que son identificados como tales tanto polas elites gobernantes como polos seus poboadores. O autor fai referencia a tres zonas de fronteira que de máis a menos e de norte a sur van marcando un

distanciamento entre a nación portuguesa en construción e os territorios galegos do norte. O proceso de diverxencia política e territorial foi transcendendo máis tarde a outros ámbitos da vida cultural, social e económica dos dous territorios. Os feitos identificados na documentación manexada polo investigador proban a necesidade de realizar unha revisión profunda da idea de que o distanciamento entre Galicia e Portugal partiu dunha fractura imposta desde arriba.

Luís García Mañá ofrécenos un percorrido histórico pola fronteira galego-portuguesa, no que explica os avances e retrocesos que sufriu esta fronteira desde que, a mediados do século XII, nace Portugal como reino independente do de Castela-León; será co Tratado de Alcañices (fins do século XIII), cando comece a consolidarse, aínda que a indefinición sobre determinadas áreas seguirá a existir. De feito, como explica o autor, esta indefinición pode ser a causa do nacemento do Couto Mixto, territorio histórico conformado por aldeas galegas e portuguesas que gozaba dunha serie de privilexios, precisamente os causantes da súa extinción cando se asina o Tratado de Límites de 1864. Este tratado puxo tamén fin aos coñecidos como «pobos promiscuos», situados na mesma raia fronteiriza e integrados por habitantes galegos e portugueses, que acabarán por ser integrados en Portugal. García Mañá tamén analiza o traballo da Comisión Mixta de Lindes, que se atopou con non poucos problemas na raia á hora de establecer a pertenza dalgúns lugares a un ou outro estado debido á falta de acordo entre os veciños, polo que moitas das decisións pasaron a ser tomadas por comisións diplomáticas.

A antropóloga Paula Godinho examina algúns dos textos preparatorios para o Tratado de Límites asinado entre Portugal e España en 1864, no que se evidencian os argumentos dos representantes dos dous Estados e os dos diferentes grupos locais (proprietarios, labradores e xornaleiros) no proceso de demarcación territorial, así como as modalidades de resistencia utilizadas. Céntrase para a súa análise nun tramo de fronteira situado entre aldeas do concello portugués de Chaves e do galego de Vilardevós, en que os conflitos non cesarán nin despois da aprobación do Tratado. A autora explica como a distancia entre a lexislación e as necesidades locais era inconmensurable, o que levou a poboación rural a converterse en dinamitadora da orde social debido ás alteracións sufridas no seu modo de vida coa nova demarcación territorial. Os intereses dos dous estados centrábanse na soberanía; os das poboacións locais raianas na posesión e na propiedade,

polo que tentan influír no trazado da fronteira en beneficio propio, familiar ou veciñal. É de grande interese neste estudo ver como a identificación nacional na fronteira é realizada polos seus habitantes sen sacrificar os intereses locais e particulares nin pór á marxe o sentido máis localizado de pertenza.

Debera figurar tamén neste sección do volume a valiosa contribución de William Kavanagh sobre a construción de identidades e as fronteiras simbólicas, tomando por caso a raia de Galicia con Portugal. Nunca agradeceremos bastante o entusiasmo, a simpatía e o enorme saber que compartiu connosco en Santiago de Compostela en novembro e decembro de 2013, cando, vencendo todas as limitacións impostas pola doenza, acudiu presto a atender o noso convite. Beizón, William Kavanagh: este volume vai dedicado a ti, con maior recoñecemento e non menor afecto.

Seguen seis achegas orixinais desde o ámbito da variación lingüística, cunha perspectiva múltiple (galega, portuguesa, raiana, foránea) e intención renovadora dos estudos neste campo. As investigadoras Soraya Suárez e Irene Santos presentan os primeiros resultados dunha investigación desenvolvida na raia seca ourensá que ten como finalidade coñecer a percepción identitaria e lingüística dos galegos que viven preto desta zona fronteiriza. Botando man dos principios e da metodoloxía da dialectoloxía perceptiva ofrécennos unha nova aproximación a esta área, tan interesante desde o punto de vista lingüístico, cultural e social. No traballo analízanse as valoracións que os falantes realizan da súa propia variedade e tamén os xuízos que declaran respecto das variedades empregadas polos seus veciños do sur. As autoras chaman a atención sobre a avaliación positiva xeral que realizan sobre a fala local e tamén sobre o xeito en que empregan esta variedade como forma de identificación e contraste con respecto da variedade falada polos portugueses.

O estudo de Elisa Fernández Rei, Lurdes de Castro Moutinho e Rosa Lúcia Coimbra pretende determinar se a fronteira política que separa Galicia de Portugal constitúe tamén unha fronteira prosódica entre galego e portugués. En estudos previos levárase a cabo un achegamento a través da descrición acústica, pero neste traballo preséntase unha aproximación desde a dialectometría e desde a percepción. Por un lado, desenvólvese un estudo dialectométrico que permite determinar áreas xeolingüísticas que comparten unha entoación próxima, a pesar de estaren en bandas distintas da devandita fronteira; por outro lado, o estudo perceptivo demostra tamén a dificultade dos falantes dunha e doutra beira do

Miño en identificar a prosodia dalgunhas variedades, nomeadamente as das Rías Baixas, e adscribilas como galegas ou como portuguesas.

As investigadoras Rosa Mouzo Villar e Carolina Pérez Capelo ofrécennos unha aproximación xeolingüística ao territorio que abranguen as provincias galegas de Pontevedra e Ourense e a rexión norte de Portugal. Para a súa análise parten dunha selección de datos fonéticos, morfosintácticos e léxicos extraídos do *Atlas Lingüístico da Península Ibérica (ALPI)*, recollidos na década de 30. Á hora de realizar a súa escolla, baséanse nos trazos seleccionados para establecer a fronteira entre galego e portugués por outros autores (como Luis F. Lindley Cintra ou Fernández Rei) e mais noutros trazos máis desatendidos pola tradición dialectolóxica, como é o léxico. Aínda que o volume de datos e a rede de puntos coa que traballan non lles permite responder á cuestión de se existe ou non unha fronteira entre galego e portugués, as autoras conseguen delimitar áreas nas que a fronteira xoga o seu papel. Nuns casos vemos que as isoglosas de determinados fenómenos coinciden coa fronteira administrativa galego-portuguesa, como sucede coa gheada, e noutros cruzan a raia, como acontece coas variantes léxicas *embudo* / *funil* ou *serrín* / *farelo* / *fariña*.

O capítulo seguinte está asinado por Xosé Afonso Álvarez Pérez, bo coñecedor tanto da dialectoloxía galega coma da portuguesa e por iso persoa idónea para facer un repaso crítico das fontes que conteñen vocabulario dialectal en ambos os territorios, como base para un estudo demorado da continuidade ou descontinuidade léxica entre eles. O autor fai consideracións interesantes sobre as potencialidades e insuficiencias dunhas e outras no que respecta á análise contrastiva de léxico entre Galicia e Portugal e examina criticamente algunhas contribucións baseadas neses materiais. Sinala a importante novidade que o recente *Tesouro do Léxico Patrimonial Galego e Portugués* supón para o coñecemento lingüístico dos dous territorios e presenta diversos mapas de elaboración propia que poñen de manifesto a existencia de pautas de continuidade léxica entre Galicia e Portugal. Relata, ademais, os primeiros pasos dunha iniciativa de *Cartografía Lingüística de Galicia e Portugal*, desenvolvida en colaboración entre o Centro de Linguística da Universidade de Lisboa e o Instituto da Lingua Galega. Finalmente, apunta algunhas liñas de traballo posibles dentro desta área.

A contribución de Sílvia Pereira, investigadora do Centro de Lingüística da Universidade de Lisboa, céntrase na análise da distribución de certos trazos sintác-

ticos no conxunto de variedade faladas en territorio galego e portugués. A sintaxe, sen dúbida a disciplina menos atendida no ámbito dos estudos dialectais, móstrase nos exemplos tomados pola autora da contribución, como un nivel lingüístico que serve tamén para a caracterización dos dominios romances máis occidentais da península ibérica. Os trazos considerados dan conta que neste ámbito de análise as distribucións non se mostran tan uniformes e redundantes como as que encontramos noutros niveis de análise. As zonas de disposición dos fenómenos seguen unhas veces un trazado continuo compartido por galego e portugués, outras un trazado singular en cada unha das linguas e aínda outras máis unha distribución descontínua que esixe unha análise e explicación moito máis demorada e profunda. O estudo é un suxerente estímulo para a investigación na sintaxe dialectal das dúas variedades romances faladas no extremo occidental de Europa.

Helena Pousa, raiana e estudosa da variación lingüística na raia mollada, pon o seu acento na permeabilidade da fronteira e na comunicación entre comunidades fronteirizas. Dándolle a volta ao concepto e expresión «falsos amigos», tan recorrente na comparación lingüística, a autora volve polos «verdadeiros amigos». A partir de traballo de campo propio e dun bo coñecemento da bibliografía, mostra a afinidade léxica no espazo fronteirizo do Miño, desde Salvaterra e Monção ata a desembocadura. Trátase dun estudo feito desde a perspectiva da lingua oral dialectal a nivel sincrónico, centrado nuns cantos campos léxicos ligados ao ser humano (aspectos físicos, adxectivos caracterizadores) e á cultura material (o mundo da pesca, o mundo agrícola, o cultivo da viña, o territorio); tenta tamén explorar a semellanza polisémica en parellas de palabras como *fogo-lume*, *empurrar-puxar*. Comproba se o léxico característico do Miño está recollido nos dicionarios galegos e portugueses de referencia, coa forma e o significado que lles son propios; ao remate ofrece un glosario, organizado por campos.

Pecha o volume o profesor José Enrique Gargallo Gil, da Universitat de Barcelona, tamén el raiano –mais da raia aragonesa cos países de lingua catalá– cunha exposición das fronteiras lingüísticas ibéricas, un tema que lle é ben querido e sobre o que ten feito xa importantes contribucións previas. O autor percorre coa súa ollada esperta as dúas grandes fronteiras romances da península, a occidental e a oriental; e dentro delas distingue entre os territorios constitutivos e os consecutivos (ou substitutivos), co que resultan catro grandes espazos. A seguir, detense nas «fraxas», áreas dobremente fronteirizas –por razóns lingüísticas e

administrativas—, que responden tamén a esa partición en catro espazos: a *Franja de Ponent* ou *Franja Oriental (de Aragón)*, catalán en Aragón; a *franja (galego estremeiro)*, galego en Asturias, León e Zamora; a *Franja aragonesa*, castelán ou castelán-aragonés en *l'Alt Palància, l'Alt Millars i els Serrans* (València); a franxa de Valencia de Alcántara (provincia de Cáceres) e La Codosera (provincia de Badajoz), portugués raiano con Portugal. Remata coa revisión crítica das olladas dalgúns expertos sobre estes romances de fronteira.

Os editores queremos deixar constancia do noso agradecemento a todas as instancias que fixeron posible este libro. Ao Consello da Cultura Galega e ao Instituto da Lingua Galega polo seu apoio económico e loxístico, pero sobre todo polo impulso ao progreso do coñecemento e pola confianza depositada en nós. A todos os participantes no simposio de 2013 e en maior medida aos investigadores que aceptaron formular ou reformular como capítulo de libro estas contribucións, de acordo coas instrucións e requirimentos dos editores. A Álvaro Negro, que nos agasallou dobremente co seu talento: primeiro coa liña do horizonte raiano que ilustrou os carteis e dípticos da primeira actividade; agora coa visión desa mesma paisaxe, desolada e atraente, que ilustra a cuberta deste volume.

Autores

Carlos Baliñas Pérez é profesor titular de historia medieval na Universidade de Santiago de Compostela e especialista en historia medieval de Galicia. Entre as súas publicacións cómpre destacar: *Gallegos del año Mil* (1988), *Defensores e traditores: un modelo de relación entre poder monárquico e oligarquía na Galicia altomedieval –718-1037–* (1988), *Do mito á realidade: a definición social e territorial de Galicia na alta idade media –séculos VIII e IX–* (1992), *Sub Urbem: Historia, sociedade e cultura da cidade* (2012, en coautoría), «La Reconquista gallega del norte de Portugal: una reaproximación» (1994), «La *Estremadura* Gallega altomedieval y los orígenes de Portugal» (1998), «De Gallaecia a Asturias y Galicia: la fijación de una frontera política en la época altomedieval –450-1050–» (2010).

Luís Manuel García Mañá é funcionario do Ministerio do Interior, escritor e membro correspondente da Real Academia Galega, do Instituto de Estudos Vigueses e da Fundación Otero Pedrayo. Entre as súas publicacións destacan: *La frontera hispano-lusa en la provincia de Ourense* (1988), *Miño: ¿Existió unha fronteira? Apuntes históricos, xurídicos e sociolóxicos* (1993), *Couto Mixto, unha república esquecida* (2005), «Apuntes sobre a evolución da fronteira Galego-Portuguesa» (1996), «A fronteira do encontro» (2002), «La frontera gallego-portuguesa en los tratados de límites entre España y Portugal en la segunda mitad del siglo XIX» (2007).

Paula Godinho é profesora de antropoloxía na Universidade Nova de Lisboa. A súa investigación céntrase en diversas áreas como a resistencia e os movementos sociais, a mudanza social rural, a mercantilización da cultura popular, os rituais e a construción de identidades nacionais. Desde finais dos anos oitenta realiza traballo de campo na fronteira gallego-portuguesa e publicou numerosos traballos sobre estas investigacións entre os que podemos destacar: *O leito e as margens. Estratégias familiares de renovação e situações liminares no Alto Trás-os-Montes raiano (1880-1988)* (2006), *Oír o galo cantar dúas veces. Identificacións locais, culturas das marxas e construción de nacións na fronteira entre Portugal e Galicia* (2011), premio Xesús Taboada Chivite no ano 2008.

Irene Santos Raña é licenciada en Filoloxía Galega pola Universidade de Santiago de Compostela e investigadora en formación do Instituto da Lingua Galega, onde participa no proxecto *Atlas Lingüístico Galego*. Rematou o Máster de Formación de Profesorado de Secundaria da USC e actualmente cursa o Máster de Lingüística Aplicada na mesma Universidade. Participou, en coautoría con Soraya Suárez Quintas, no XXIX Encontro Nacional da Asociación Portuguesa

de Linguística, no XVIth Forum for Iberian Studies e en Methods in Dialectology XV, con contribucións centradas no estudo dialectal perceptivo da fronteira galego-portuguesa.

Soraya Suárez Quintas é licenciada en Filoloxía Galega pola Universidade de Santiago de Compostela e investigadora en formación do Instituto da Lingua Galega, onde forma parte do proxecto *Edición e elaboración dos materiais galegos do ALPI (Atlas Lingüístico de la Península Ibérica)*. Participou, en coautoría con Irene Santos Raña, no XXIX Encontro Nacional da Associação Portuguesa de Linguística, no XVIth Forum for Iberian Studies e na XV edición do congreso Methods in Dialectology, con contribucións centradas no estudo dialectal perceptivo da fronteira galego-portuguesa. Actualmente está a desenvolver o seu proxecto de tese no ámbito da dialectoloxía perceptiva.

Elisa Fernández Rei é profesora da Universidade de Santiago de Compostela e investigadora do Instituto da Lingua Galega, onde coordina o grupo de investigación AMPER-Galicia. As súas principais liñas de investigación son a variación prosódica dialectal, a prosodia nos medios de comunicación e as tecnoloxías da fala. Son traballos seus: *Perspectivas sobre a oralidade* (2009, editora), «A fronteira xeográfica do Miño: ¿tamén fronteira prosódica?» (2006, en coautoría), «Do sul da Galiza ao norte de Portugal: uma viagem através da frequência fundamental» (2009, en coautoría), «Novos contributos para o estudo da fronteira prosódica entre o Galego e o Português europeu» (2009, en coautoría), «A clitización fonolóxica en galego e en portugués brasileiro» (2012).

Lurdes de Castro Moutinho é profesora da Universidade de Aveiro, responsable do proxecto *Variação linguística* e coordinadora do grupo de investigación AMPER-Portugal. Forma parte do equipo do proxecto *Estudo perceptivo da variación prosódica dialectal do galego* desenvolvido no Instituto da Lingua Galega. É autora de diversas publicacións no ámbito da fonética, da fonoloxía e da prosodia do portugués: «A fronteira xeográfica do Miño: ¿tamén fronteira prosódica?» (2006, en coautoría), «Variação Prosódica no Baixo Minho: Estudo de Caso» (2007, en coautoría), «Do sul da Galiza ao norte de Portugal: uma viagem através da frequência fundamental» (2009, en coautoría), «Novos contributos para o estudo da fronteira prosódica entre o Galego e o Português europeu» (2009, en coautoría).

Rosa Lúcia Coimbra é profesora da Universidade de Aveiro e forma parte do grupo de investigación AMPER-Portugal. As súas áreas de investigación son a

análise do discurso e a fonética experimental, con especial interese na variación prosódica. Entre as súas publicacións cómpre destacar: «Variação entoacional em três áreas dialectais de Portugal Continental» (2005, en coautoría), «Variação Prosódica no Baixo Minho: Estudo de Caso» (2007, en coautoría), «Novos contributos para o estudo da fronteira prosódica entre o Galego e o Português europeo» (2009, en coautoría), «Variação entoacional no português europeo no âmbito do AMPER-POR» (2010, en coautoría), «Mesure de la Variation Prosodique Diatopique en Portugais Européen» (2011, en coautoría).

Rosa Mouzo Villar é licenciada en Filoloxía Galega pola Universidade de Santiago de Compostela e investigadora predoutoral do Instituto da Lingua Galega. Colabora nos proxectos *Edición e elaboración dos materiais galegos do ALPI (Atlas Lingüístico de la Península Ibérica)*, *Atlas Lingüístico Galego e Tesouro do léxico patrimonial galego e portugués*. A súa actividade investigadora está ligada á xeografía lingüística. É autora de varios estudos sobre variación lingüística, entre os que destacan: «Variación dos nomes de parentesco a través do material galego do ALPI» (2008), «Análise contrastiva entre galego e portugués: as oracións condicionais no ALPI» (2011), «Words for child of an unmarried woman in Galicia: diatopic variation and motivational study» (2012).

Carolina Pérez Capelo é licenciada en Filoloxía Galega pola Universidade de Santiago de Compostela e investigadora predoutoral do Instituto da Lingua Galega. Ten colaborado en diferentes proxectos do seu ámbito de especialidade, a variación lingüística: *Atlas Multimedia Prosódico do Espazo Románico (AMPER-Gal)* (2009-2010), *Dicionario de pronuncia da lingua galega* (2011) e *Edición e elaboración dos materiais galegos do ALPI (Atlas Lingüístico de la Península Ibérica)*. Actualmente realiza a súa tese doutoral, que se centra no estudo das relacións existentes entre o cambio lingüístico, a variación dialectal e a toponimia dentro do dominio galego.

Xosé Afonso Álvarez Pérez é investigador posdoutoral do Centro de Lingüística da Universidade de Lisboa, onde participa no proxecto *Tesouro do léxico patrimonial galego e portugués*. As súas áreas de investigación son a xeolingüística e sociolingüística románicas e a historia do léxico. Entre as súas publicacións cómpre destacar: *Para un estudo xeolingüístico dos campos lexicais. Análise de designacións galegas do ámbito da gandaría* (2010), «Áreas lexicais galegas e portuguesas: um novo olhar para a proposta de Cintra» (2012), «Cartografía lingüística de

Galicia e Portugal: presentación dun proxecto e estudo de dous casos» (2013), «A fronteira entre galego e portugués. A perspectiva portuguesa» (2013).

Sílvia Afonso Pereira mestrouse en lingüística na Universidade de Lisboa e na actualidade é bolsaira de doutoramento no Centro de Lingüística desta universidade, onde está a traballar nas áreas de dialectoloxía e diacronía. Ademais é membro do proxecto *Corpus Dialectal para o Estudo da Sintaxe (CORDIAL-SIN)*. Son traballos seus: *A Língua Portuguesa na Era Digital / The Portuguese Language in the Digital Age* (2012, en coautoría), «Anotação de predicados complexos num corpus de português» (2010), «*Ágora* no dialecto minhoto» (2013).

Helena Pousa Ortega é profesora de ensino secundario no IES San Paio de Tui. A súa tese de licenciatura centrouse na análise da fala de Goián, parroquia raiana do concello de Tomiño. Entre as súas publicacións cómpre sinalar: «O fenómeno da ditongación goiana, características principais» (1991), «Léxico fronteirizo no Baixo Miño: a pesca con barco» (2002), «A ditongación goiana: unha evolución particular do /ε/ tónico galego» (2004), «Vale do Minho. O Baixo Miño» (2005, en coautoría).

José Enrique Gargallo Gil é profesor titular da Universitat de Barcelona e investigador principal do proxecto *ParemioRom*. Está especializado en dialectoloxía, principalmente das áreas fronteirizas peninsulares, e en xeolingüística e paremioloxía románicas. Entre as súas publicacións poden destacarse: *Una encrucijada lingüística entre Aragón, Valencia y Castilla: el Rincón de Ademuz* (1988), *Les llengües romàniques. Tot un món lingüístic fet de romanços* (1994), «¿Se habla gallego en Extremadura? Y otras cuestiones, no menos delicadas, sobre romances, gentes y tierras peninsulares de frontera (con sus nombres)» (2000), «Frontera y fronteras en romance» (2004), «Fronteras y enclaves en la Romania. Encuadre romance para la fala de Xálima» (2009), «Fronteras romances en la Península Ibérica» (2011).

ensaio & investigación

Índice

8 LIMIAR

Xulio Sousa / Marta Negro Romero / Rosario Álvarez

18 AUTORES

27 *A flumine mineo usque in tagum: os camiños diverxentes de Galicia e Portugal na Alta Idade Media (700-1100)*

Carlos Baliñas Pérez

55 *A fronteira galego-portuguesa*

Luís Manuel García Mañá

75 *Fronteira, políticas de centro e prácticas da cultura: o «Tratado de Limites» de 1864, o interese dos estados e a resistencia das poboacións*

Paula Godinho

91 *Percepción e actitudes lingüísticas na fronteira galego-portuguesa. Unha aproximación á perspectiva ourensá*

Irene Santos Raña / Soraya Suárez Quintas

115 *As entoacións galega e portuguesa: a fronteira á luz da dialectometría e da percepción*

Elisa Fernández Rei / Lurdes de Castro Moutinho / Rosa Lúcia Coimbra

143 *De Vilanova de Arousa a Vila Nova de Foz-Côa: a fronteira galego-portuguesa a estudo a partir dos materiais do ALPI*

Rosa Mouzo Villar / Carolina Pérez Capelo

171 *(Des-)continuidade de léxico dialectal na fronteira galego-portuguesa*

Xosé Afonso Álvarez Pérez

201 *Variación sintáctica em Portugal e a fronteira com a Galiza*

Sílvia Afonso Pereira

225 *Os verdadeiros amigos na raia miñota: os cognados*

Helena Pousa Ortega

259 *Romances de fronteira na península ibérica*

José Enrique Gargallo Gil

***A FLUMINE MINEO USQUE
IN TAGUM: OS CAMIÑOS
DIVERXENTES DE GALICIA E
PORTUGAL NA ALTA IDADE
MEDIA (700-1100)***

Carlos Baliñas Pérez

Universidade de Santiago de Compostela

1. INTRODUCCIÓN

Un dos trazos fundamentais do nacionalismo galego dende a súa definición programática pola Xeración Nós nos anos vinte e trinta do pasado século é o que poderíamos chamar o «irredentismo galaico», a crenza na existencia dunha «Gran Galicia» marco natural da historia e a cultura dos galegos, fendida por imposicións políticas alleas á vontade do pobo galego e horizonte referencial escatolóxico da plena realización do noso destino histórico como nación, unha vez acadada a súa reunificación. En palabras de Castelao, na obra que segue a ser considerada a «biblia» do ideario nacional galego: «A unidade territorial de Galiza –recoñecida pol-o Imperio Romano e consagrada pol-o Reino dos Suevos– lazouse n-unha loita egoísta e fratricida de príncipes [...] O territorio galego sigue dividido politicamente pol-a fronteira que separa a Portugal de Hespaña» (Castelao 1944). Deste corolario apodíctico dedúcense lecturas tanto políticas como lingüísticas sobradamente coñecidas e que mesmo teñen influenciado decisivamente a interpretación do pasado medieval de Galicia¹. Mais, ¿que hai de certo nesa crenza en que a separación política de Galicia e Portugal, seguida logo da cultural e lingüística, é froito dun mero avatar circunstancial da Historia –e, polo tanto, reversible–, dunha imposición política dende as elites gobernantes que violentou o proceso natural dun espazo social uniforme e harmonioso?² ¿Hai razóns históricas para falar dunha fronteira galego-portuguesa xa na Idade Media e mesmo

¹ Quizais as obras máis coñecidas e paradigmáticas ao respecto sexan as de López Carreira (2005) e Nogueira Román (2001). Téñase en conta, con todo, que mentres que a primeira é un traballo científico, con metodoloxía e heurística de historiador –compártanse ou non as súas premisas–, a segunda obra é un ensaio político sobre a historia de Galicia, que recorre a fontes secundarias.

² A data tradicional de fundación do reino de Portugal é 1138-1139, coa vitoria de Afonso Henriques sobre os mouros en Ourique e a súa proclamación como rei. Algúns adiantan o feito político ata a morte de Afonso VI en 1109, cando os condes Henrique e Tareixa declaran a súa independencia política, mentres outros consideran que só coa afirmación de João de Avis fronte á Coroa de Castela en 1383-85 ten lugar unha auténtica ruptura a unha banda e outra do Miño. O máis correcto sería falar dun proceso histórico progresivo que discorrería temporalmente entre a data máis cedoira e a máis serodia.

incluso antes da aparición do reino de Portugal como unha entidade política de seu? Esta contribución pretende dar unha resposta sucinta a estas preguntas, partindo dos feitos documentados e das propias percepcións dos suxeitos históricos, ata onde sexa posible, para deixarlles logo aos propios lectores que formulen a súa particular conclusión, indo do feito á interpretación e non ás avesas, como se ten feito decote ao tratar esta espiñenta cuestión³.

2. GALLAECIA, A TERRA DEVANCEIRA COMÚN (300-700)

O noso punto de partida nesta pescuda histórica constitúeo a provincia romana baixo-imperial de *Gallaecia*, tal como se foi definindo entre os séculos III e IV, que abrangúa administrativamente o territorio hispánico entre o mar Cantábrico e o río Douro, dende Fisterra no oeste ata unha fronteira oriental que oscilaba entre os ríos Cea, Pisuerga e mesmo as marxes occidentais do Sistema Ibérico (Torres Rodríguez 1949 e Rodríguez Colmenero 1996).



Mapa 1. Repartimento do territorio de Hispania polos pobos bárbaros a principios do século v (Baliñas Pérez 1991: 178)

³ Este traballo é unha revisión e reformulación parcial da investigación e teses publicadas en Baliñas Pérez (1992 e 1999).

Esta circunscrición administrativa estaba á súa vez estruturada internamente nos *conventi* bracarense, lucense, asturicense e, na súa máxima extensión histórica, cluniense, coas súas respectivas sés gobernativas en Bracara –capital provincial ademais–, Lucus, Asturica e Clunia. Podemos, entón, dicir que a futura Galicia deriva as súas orixes da concepción romana, pero que a *Gallaecia* latina era máis que a actual comunidade autónoma (ou que a suma das actuais Galicia e norte de Portugal) e que esta non existía como tal, estando o seu espazo dividido en territorios diversos. Do mesmo xeito, o cualificativo de «galaico» aplicábase a calquera habitante desta circunscrición administrativa, sen que con isto se quixera dar a entender necesariamente que compartiran lingua, usos sociais ou costumes legais, fóra dos do propio marco común da romanidade⁴.


Sobre este espazo vaise instalar nas primeiras décadas do século v o pobo xermánico dos suevos, dando orixe a unha serie de profundas modificacións na súa conformación. En primeiro lugar, os suevos fanse co control do territorio en aberta oposición ao agonizante Imperio romano, co que ademais tiveron pouco contacto previamente: as concepcións político-administrativas romanas teñen, polo tanto, escasa influencia na formación deste reino xermánico. En segundo lugar, en razón do seu escaso número e para non perderen a súa cohesión interna, os suevos aséntanse en principio case exclusivamente no vello convento bracarense, entre os cursos inferiores dos ríos Douro e Miño, zona que constituirá dende aquela o centro neuráxico do espazo político que crean (Díaz Martínez 1986). Progresivamente, e non sen conflitos, irán incorporando aos seus dominios os territorios entre o Miño e o Cantábrico, que de principio non formaban parte do reino suevo pero sobre dos cales á altura da década do 460 xa tiñan estendido o seu poder mediante unha combinación de presión militar e negociación coas poboacións locais⁵. En canto a Asturias e os territorios galaicorromanos da Meseta Norte, coa excepción de Astorga e quizais León, non formaron parte do núcleo orixinario do reino suevo e calquera influencia que sobre estas rexións puideron exercer perdérona logo de seren derrotados polos visigodos no ano 456 nas ribeiras do río Órbigo⁶. Por outra banda, os suevos transcenderon os marcos da vella provincia

⁴ Véxase Baliñas Pérez 2010.

⁵ «Galleci autem in parte provinciae regno suo utebantur, quos Ermericus assidua uastatione depraedans tandem morbo obpressus pacem cum eis fecit» (Rodríguez Alonso 1975: 310).

⁶ Besga Marroquín (2000: 108-112) avoga a favor da dominación suévica, canto menos parcial, da futura Asturias. Pero véxase unha argumentación contraria en Baliñas Pérez 2010a.

romana na súa expansión pola fachada atlántica peninsular alén do río Douro, incorporando ao seu reino as cidades de Lamego, Viseu, Idanha e Coimbra, que durante o Imperio formaran parte da provincia de Lusitania. Se ben, no ano 666, o rei visigodo Recesvinto decretaría a volta destas sés episcopais á provincia lusitana e a súa segregación da galaica⁷. Estes dous séculos de integración (e o feito de que esta reunificación a penas durou cincuenta anos) terán un peso significativo cando a «reconquista» galaico-asturiana de fins do século IX, como veremos.



Mapa 2. Reino suevo (ss. v-vi)⁸

Esta é a realidade que nos reflicten as actas do Concilio Bracarense de 572: un *regno suevorum* no que conviven harmonicamente xermanos e galaicos, unidos baixo a éxida indiscutida do rei Teodomiro e o arcebispo Martiño de Braga, nu-

⁷ Nun concilio celebrado en Mérida no ano 666, o rei Recesvinto (649-672) aproba a integración das sés de Coímbra, Lamego, Viseu e Idanha na provincia eclesiástica de Lusitania e a súa segregación do arcebispado de Braga para que coincidan os ámbitos xurisdiccionais civís e relixiosos; cf. Sánchez Albornoz 1930. Pode verse o texto en Vives 1963: 230.

na total identificación entre espazo político e espazo eclesiástico que dotaba de cohesión interna as terras comprendidas entre o cabo Ortegal e o río Mondego, entre Fisterra e Astorga (David 1947). Porén, estas mesmas fontes informativas fálannos dunha división operativa das doce dioceses do reino svevo en dous conxuntos diferentes divididos polo río Limia: mentres os bispados meridionais estaba directamente sometidos á xurisdición do metropolitano bracarense, as sés setentrionais forman parte dunha sub-provincia eclesiástica presidida polo bispo de Lugo, o que parece apuntar ao recoñecemento dunha realidade específica e común, na que é tentador ver un precedente da futura Galicia. En resumo, a creación e consolidación do reino svevo-galaico de Braga, aínda que se realice no marco da vella provincia romana de *Gallaecia*, supón un claro distanciamento desta en canto ao seu marco operativo: mentres se quebra a conexión cos territorios transmontanos da Meseta e Asturias, ábrese un novo vínculo coas terras atlánticas alén do Douro. Dito doutro xeito, a formación do *regno suevorum* comporta unha reformulación da xeografía histórica do Noroeste peninsular que se aparta dos precedentes romanos e supón unha certa prefiguración da posterior conformación do concepto medieval de Galicia (mapa 2).



Mapa 3. As provincias do reino visigodo no século VII (Orlandis 1987: 135)

O descabezamento político da monarquía e a conquista militar levada a cabo polos exércitos visigodos nos anos 585/86 supoñen a integración en bloque do reino suevo de Braga dentro do espazo político do reino hispano-godo de Toledo (Díaz Martínez 1996). Este cambio político semella supoñer, dende o punto de vista que nos ocupa, o aparente restablecemento da vella provincia romana, en consonancia coa tendencia visigótica a apoiar o seu dominio na continuidade das institucións e tradicións da poboación hispanorromana (mapa 3).

En efecto, xa dende os tempos da conquista por Leovixildo, Galicia pasa a ser unha das seis provincias nas que se divide o reino de Toledo, en clara imitación do sistema provincial do Baixo Imperio cos mínimos cambios precisos para adaptalo ás variacións acaecidas no tempo transcorrido e ás diferentes necesidades do poder visigótico⁹. Internamente, semella, segundo certas informacións, que a comezos do século VII a provincia de *Gallaecia* voltaba a estar subdividida en *conventi* e comprendía Asturias e Cantabria¹⁰. Esta provincia constituía unha rexión claramente individualizada do reino, con características físicas e xeográficas propias, uns poboadores –os *gallecos*– diferentes e diferenciáveis dos doutras zonas peninsulares e mesmo os seus produtos típicos afamados en toda Hispania¹¹. O restablecemento das fronteiras da antiga provincia imperial comporta a perda dos territorios integrados durante a dominación sueva e así, baixo o goberno de Recesvinto (649-672), as cidades situadas ao sur do río Douro son devoltas á provincia de Lusitania e á xurisdición eclesiástica do metropolitano de Mérida¹².

Con todo, esta volta ás orixes pode que fora máis aparente ca real. En primeiro lugar, se ben a sé arquiépiscopal continúa en Braga, a sé do goberno civil

⁸ Tomado de: «Suevos», en *Wikipedia*. Consultado o 19-03-2014 en <http://es.wikipedia.org/wiki/>.

⁹ «Hispania... habet provincias sex: Tarraconsensem, Cartaginensem, Lusitaniam, Galliciam, Baeticam et trans freta in regione Africae Tingitaniam» (San Isidoro de Sevilla 1982-83, xiv; 4, 29). De feito, unha nova provincia Narbonense ou Septimania apareceu no canto dunha Tinxitana sobre da cal os godos a penas tiveron control efectivo (cf. mapa 3).

¹⁰ «Item regiones partes sunt provinciarum, quas vulgus conventus vocat, sicut in Phrygia Troia, sicut in Gallicia Cantabria, Asturia» (San Isidoro de Sevilla 1982-83, xiv; 5, 21). Cómpre ter coidado, con todo, coa marcada tendencia arcaizante de San Isidoro nas súas formulacións.

¹¹ Véxase San Isidoro, IX, 2, 111 (*gallecos*) e XIII, 11, 12 (climatoloxía); «Item causas celebres ex Spania... Mel de Gallicia... Hec erat precipua temporum Gotorum» (Crónica Albeldense, Gil Fernández *et alii* 1985: 155).

¹² Véxase nota 7 *supra*.

e militar trasládase á cidade de Lugo, onde reside o *dux* posto pola monarquía visigoda. As razóns desta mudanza poden verse na problemática suscitada polos rebeldes cántabros e astures e a posible desafección de parte dos galaicos, que fan preciso establecer o poder militar e político máis preto dos posibles focos de conflito. De feito, coas reformas administrativas dos anos 650 a 680, que marcan unha remodelación administrativa do reino de Toledo e rachan en parte cos precedentes romanos, Asturias e Cantabria son segregadas da provincia galaica e postas baixo o goberno dos seus propios *duces* (García Moreno 1974: 115-149). Con isto prodúcese unha certa volta á concepción espacial da Galicia da época sueva. Que isto é máis ca unha mera suposición, pono de manifesto o feito singular de que cando, no ano 697, o monarca visigodo Ervixio decide asociar ao trono ao seu fillo Vitiza, conceda a este o goberno do *regno suevorum* con capitalidade en Tui¹³, feito que só pode entenderse se a memoria da Galicia sueva ficaba aínda viva logo de máis dun século da súa desaparición como entidade política.

3. A REFORMULACIÓN DE «GALICIA» NO CONTEXTO DA INVASIÓN ISLÁMICA E A INTEGRACIÓN NO REINO DE ASTURIAS (711-920)

A invasión e conquista musulmá da meirande parte da Península Ibérica dende o ano 711 provocarán unha radical reconfiguración do mapa xeopolítico do Noroeste peninsular. Primeiramente, a destrución do reino hispano-godo de Toledo supón a desaparición dunha formación política que mantivera unidas as diversas rexións hispánicas: o emirato islámico de Córdoba. Este irá ao longo do século VIII reagrupando as rexións hispánicas pero, como sabemos, o terzo setentrional peninsular ficará fóra do seu control permanente (Collins 1991). En consecuencia, Galicia, que fora das últimas rexións hispanas en integrarse no imperio romano e no reino de Toledo, rompe os seus vencellos co resto da Península para seguir inicialmente un rumbo propio. Cando volva formar parte dun espazo

¹³ «Eruigio... Filium suum Uittizanem in regno sibi socium fecit eumque in ciuitatem Tudensem provincia Gallecie habitare precepit, ut pater teneret regnum Gotorum et filius Sueuorum» (Crónica Ovetense, Gil Fernández 1985: 119). Os editores usan o nome de Crónica *Ad Sebastianum* pero nós preferimos o uso máis consagrado na bibliografía de «ovetense». A elección de Tui pode deberse á súa localización a medio camiño entre Braga e Lugo, os dous centros rectores da provincia visigótica.

político supra-rexional, este non gravitará xa sobre do leste e o sur peninsulares, senón sobre do norte. As terras galegas xa non serán periferia, senón centro desta nova formación política. Mais as mudanzas provocadas pola invasión islámica non só afectan ao papel de Galicia dentro do marco peninsular, senón tamén á propia concepción do territorio galaico. Efectivamente, o segundo aspecto que cómpre subliñar é que a Galicia que emerxe desta radical reconfiguración xeopolítica é xa ben diferente da *Gallaecia* romana e xermánica, mesmo aínda que non se creben os lazos co legado do pasado. A razón disto estriba no diferente impacto que a irrupción islámica ten no conxunto de terras e homes que conformaban a paisaxe histórica galaica de arredor do ano 700 (Baliñas Pérez 1990). As terras entre Miño e Douro, que foran a cerna da *Gallaecia* histórica, sofren especialmente coa nova coxuntura: as tropas árabes e berberiscas saquean o territorio, forzando o abandono dos centros urbanos, o exilio ou desaparición da elite civil e eclesiástica e mesmo afectando ao número e distribución da poboación¹⁴. Durante século e medio, o vello convento bracarense desaparece virtualmente da historia, limitándose como moito a ser o campo de batalla no que cristiáns e musulmáns confrontan as súas forzas. Entrementes, ao norte do Miño a presenza musulmá é mínima ou episódica nas rexións meridionais e orientais, rematando en todo caso antes do 750, e nula no caso do occidente galaico e seguramente na maioría do rural galego, como reflicten as propias tradicións indíxenas¹⁵. Dáse así un paso fundamental: dende agora en diante o corazón do universo espacial e humano galaico estará radicado nas terras entre o Miño e as costas cantábrica e atlántica e das ruínas da vella *Gallaecia* xorde a agromo da actual Galicia.

Porén, como dixéramos, a conexión co vello concepto de *Gallaecia* non se perde. Galicia convértese, como un dos principais espazos peninsulares libres do control musulmán, en foco de atracción daqueles emigrantes hispano-godos que desexan manter a súa cultura e posición social lonxe da dominación islámica, mais sen entrar en aberta confrontación armada con ela. Moitos deles proveñen das terras galaicas meridionais ou da zona de Coimbra –o que revela

¹⁴ Pero o territorio non queda deshabitado e as estruturas básicas do poboamento, sobre todo no rural, non se ven radicalmente alteradas, cf. López Quiroga (2004).

¹⁵ «Antiquorum relatione cognoscimus omnem Hispaniam christianis esse possessam... non longo post tempore crescentibus hominum peccatis a Sarracenis est possessa... et quoniam Hiriensis sedes ultima prae omnibus sedibus erat, et propter spatia terrarum vix ab impiis inquietata» (915-01-29, López Ferreiro 1899-1910, cotexádoa con Lucas Álvarez 1997).

a pervivencia da conexión establecida en tempos dos suevos–, pero outros acoenden dende os centros da cultura hispano-visigoda –Toledo, Mérida, Córdoba–. Deste xeito, ironicamente, o Noroeste peninsular trócase nun dos repositorios da civilización pre-islámica. Estes inmigrantes traen consigo e preservan os vellos conceptos territoriais, adaptándoos ás novas realidades. Na documentación relacionada con eles, sobre todo no mosteiro de Samos, aparecen decote nos séculos VIII e IX os termos *provincia* ou *urbem Gallecie*¹⁶ para referirse ao conxunto rexional galaico, cunha certa indefinición, lóxica para aqueles tempos, entre as vellas e as novas concepcións territoriais. Nos mesmos tempos, na documentación indíxena –especialmente en Iria-Santiago– priman os vocablos *terra* ou *territorio Gallecie*¹⁷.

O terceiro fenómeno coaduvante na redefinición espacial do territorio galaico é a aparición nas súas fronteiras orientais dun espazo político xurdido da oposición das poboacións ástures e cántabras ao poder islámico e que arredor do ano 750 cristalizou xa nun proto-reino que reivindica o liderado dos cristiáns insubmisos ao emirato de Córdoba. A formación do reino asturiano e a súa inicial conflitiva relación cos habitantes da Galicia nuclear, que non recoñecen a súa autoridade sobre deles, poñen o punto final á vella concepción administrativa romana que abranguía todas as rexións do Norte nun marco común¹⁸. Asturias e Galicia, ástures e galaicos, son dúas realidades diferentes e mesmo contrapostas nas crónicas asturianas e na documentación galaica dos séculos VIII e IX, e isto contribúe mesmo a precisar os límites e composición de ambas as dúas rexións. É certo que as crónicas asturianas, ao igual, como vimos, que as fontes galegas, oscilan aínda entre vellos conceptos e novas realidades, empregando o termo *provincia Gallecie* tanto para referirse á nova Galicia nuclear como para reivindicar o vello marco romano e visigótico como marco lexítimo de expansión. Pero non é menos evidente que, cando se refiren a momentos e lugares concretos, deixan meridianamente claro que Galicia e Asturias eran xa vistas como dúas realidades xeográficas distintas e diferenciáveis¹⁹.

¹⁶ Sobre do uso da verba *urbs* como denominación territorial que vai para alén do puramente urbano, cf. Baliñas 1992: 396-397.

¹⁷ Véxanse os cadros do apéndice, en especial o III.

¹⁸ Para isto e o que segue cf. Baliñas Pérez (2002a e 2010a).

¹⁹ «Adefonsus (I)... Eo tempore populatur Asturias, Primorias, Liueria, Transmera, Subporta, Carrantia; Bardulies qui nunc uocitatur Castilla et pars maritimam Gallecie» (Crónica Rotense, Gil Fernández,

A integración final da Galicia nuclear nos dominios da monarquía ovetense, proceso iniciado violentamente nos tempos de Afonso I (739-756) e rematado pacificamente por Afonso II (791-842), lonxe de comportar unha perda desta nacente identidade espacial, aínda a fortalece e consolida. En efecto, o que seguimos a chamar convencionalmente «Reino de Asturias» é un espazo político común baixo a autoridade dun soberano recoñecido universalmente dentro dos seus dominios, pero claramente rexionalizado en tres grandes rexións ou *provincias*, Asturias, Galicia e Bardulia –o xermolo da futura Castela–, cada unha coas súas propias fronteiras internas e compoñentes étnicos diferenciados, por moito que aínda imprecisos. Os habitantes do reino no século IX tiñan claro cando se entraba ou saía de Galicia e que os galegos eran diferentes dos vascóns ou dos ástures²⁰. A cohesión interna da Galicia asturiana, lonxe de diluírse ao longo do século IX, fortalécese máis aínda coa existencia dun poder monárquico de ámbito supra-local, a creación dunha rede administrativa do territorio con base nos condados ou *comitatos* e a reconfiguración da provincia eclesiástica galaica, articulada arredor do arcebispado de Lugo-Braga e das sés de Iria-Santiago e Mondoñedo-Dumio (cf. Baliñas 1992: 542-551) –mentres as igrexas asturianas quedan baixo a autoridade do novo bispado de Oviedo, distinguindo así tamén eclesiasticamente Asturias de Galicia–. A máis disto, a aparición e desenvolvemento do culto xacobeo dá orixe a un elemento identitario –Galicia como «terra do Apóstolo Santiago»– que contribúe a precisar a identidade xeográfica da rexión dentro do occidente peninsular e mesmo fóra das fronteiras do reino astur-galaico²¹.

Como xa indicamos, a *provincia Gallecie* que se integra no Reino de Asturias correspóndese basicamente para mediados do século IX co territorio da actual comunidade autónoma. Con todo, entre os anos 850 e 920, baixo o reinado dos monarcas Ordoño I, Afonso III e Ordoño II, aproveitando o potencial combinado

1985: 132). «Adefonsus (II)... Super Ismahelitas uictorias plures gessit...unam infra Asturias in locum Lutis et aliam in Gallecie prouintiam in locum Anceo» (Crónica Albeldense, *ibidem*, pp. 174-175).

²⁰ «Era DCCCLXXI... Ranimirus...principis electus est in regnum...erat in Barduliensem prouinciam... Lucensem ciuitantem Gallecie ingressus est sibique exercitum totius prouincie adgregabit. Post paucum uero temporis spatium in Asturias inruptionem fecit. Cui Nepotianus occurrit ad pontem fluuii Narcie adgregata manu Asturiensium et Uasconum» (Crónica Ovetense, *ibidem*, p. 143).

²¹ Rei Ordoño I: «Beatissimi Iacobi Apostoli, nostri et totius Hispaniae patroni, cuius corpus tumulatum est in Gallecia in finibus Amaea» (854, López Ferreiro 1899-1910, nº III). Abade Cesáreo de Montserrat: «Ego pergi ad domum Sancti Iacobi apostolicae sedis, qui est tumulatus in suam apostolicam sedem Galliciae» (?ano 968?, *ibidem*, nº LXXXIV).

e fortalecido dos diversos pobos e territorios que configuran o engrandecido reino astur-galaico e unha favorable conxuntura política e militar, vaise botar a unha vertixinosa fase expansiva que levará as súas fronteiras ata o río Douro pola Meseta Norte e o Mondego pola fachada atlántica, incorporándose a Galicia as terras entre o Miño e a cidade de Coimbra a máis dos territorios cismontanos do Bierzo, Astorga e Sanabria (Baliñas Pérez 1994 e Recuero Astray 1996). Neste movemento expansionista hai unha clara ideoloxía irredentista e unha obvia vontade de «reconquistar» os territorios perdidos diante dos musulmáns no século precedente²².

Pero a «Gran Galicia» altomedieval que xorde como resultado deste proceso reconquistador, a pesar da aparente similitude xeográfica, non é unha *Gallaecia* resucitada, unha volta ás orixes romanas. Xa amosamos como o que foran os *conventi* asturicense e cluniense se esguizarán definitivamente. Pero hai outras mudanzas fundamentais nos conceptos xeográficos e ideolóxicos. Primeiramente, o territorio galaico que se proclama reocupar é o do reino suevo, non o dos tempos romanos ou visigodos. Dende o mesmo momento da reconquista considérase que as terras alén do Douro e ata o Mondego son parte de Galicia, distorsionando mesmo conscientemente as vellas fronteiras das provincias imperiais, cando esas terras formaban parte de Lusitania²³. En segundo lugar, o propio concepto do territorio galaico ten mudado radicalmente. Se nos séculos III a VII os *extremi fines*, a periferia exterior e marxinal de *Gallaecia*, eran precisamente as terras ao norte do Miño e o cerne provincial estaba nas terras entre Miño e Douro²⁴, agora a situación é xustamente a oposta, como as fontes documentais que acabamos de citar nos revelan. A dimensión espacial pode ser moi semellante, pero os vectores internos que rexen o territorio son ben diferentes.

²² Así o manifesta o propio Afonso III nun dos seus diplomas coetáneos con estes feitos: «Extremi fines prouincie Gallacie ab antiquis pre impulsione sarracenorum in occidentali plaga deserti iacerent, et per longa tempora ipsa pars predictae prouincie herema maneret...Nostra fuit ordinatio ut de Tudense urbe usque Mineo civitatem omnis ipsa extrema a Christi plebe popularetur» (883-08-17, López Ferreiro 1899-1910, nº xv. A *Mineo civitatem* é a antiga cidade romana de Eminium, que será a Coimbra altomedieval mentres a vella Conimbriga ficará abandonada –as súas ruínas aínda poden visitarse hoxe en día–).

²³ (Afonso III). «Hurbes quoque Bracarensis, Portucalensis, Eminensis, Uesensis atque Lamecensis a christianis populantur. Istius victoria Cauriensis, Egitaniensis et ceteras Lusitaniae limites gladio et fame consumte usque Emeritam» (Crónica Albeldense, Gil Fernández *et alii* 1985: 176-177). Pero en tempos romanos e visigodos *Eminium*, Viseu e Lamego eran tan parte de Lusitania como Coria, Idanha ou Mérida.

²⁴ Así, cando o rei suevo Requiario fuxe derrotado ás terras ao norte do Miño, as fontes contemporáneas describen así o feito: «Sueuorum rex Rechiarus... ad extremas sedes Gallaeciae plagatus uix euadit ac profugus» (Campos 1984: 104, liñas 862-865).

Mesmo así, as fontes coetáneas xamais cuestionan a pertenza destes territorios alén do Miño á «Gran Galicia», nin salientan diferenza ningunha perceptible entre «vellos» e «novos» territorios²⁵. Este proceso de reconstrución territorial ou «reconquista» vese consolidado cun parello proceso de uniformización social, política, lingüística e cultural e simbólica ou «repoboación», o cal reforza os vencellos entre a Galicia nuclear e as comarcas reincorporadas ao reino. E é precisamente neste contexto cando aparece por vez primeira un xentilicio novo para referirse aos habitantes deste territorio reconfigurado: os *gallicos/gallecis* ou «galegos», cunha significación que xa é claramente diferente á dos antigos *gallaicos* ou *Gallecie populos*²⁶.

4. OS *FINIBUS GALLECIE* E A INDIVIDUALIZACIÓN DA «ESTREMADURA GALAICA» (920-1000)

Malia o sostido tradicionalmente pola historiografía nacional portuguesa²⁷, non hai proba ningunha na documentación galaica dende Mondoñedo a Coimbra –documentación que reflicte o punto de vista e as percepcións das institucións que gobernaban ese territorio e dos seres humanos que o habitaban– que desminta o feito de que no período comprendido entre os anos 850 e 920 as terras comprendidas entre os cursos do baixo Miño e do Mondego eran consideradas universalmente como parte indisoluble dese conxunto rexional chamado Galicia, cuxas orixes e conformación acabamos de esbozar, sen establecer diferenzas internas a unha e outra banda do Miño²⁸. Non podía ser de outro xeito, tendo en conta

²⁵ «Villam quam vocitant Cornelianam, territorio Gallecie, secus flumen Limie» (915-01-30, López Ferreiro 1899-1910, nº xxxix. Trátase da actual Cornelhá, na fregresía de Ponte de Lima, provincia de Minho). De igual xeito, o emprazamento do vello mosteiro episcopal de Dumio, na veciñanza de Braga –actual Dume– fica no *territorio Galeciense* (vid. 911-09-28, *Portugalia Monumenta Historica-Diplomata et Chartae*, nº xvii).

²⁶ (Afonso III). «Conimbriam ab inimicis possessam eremauit et Gallecis postea populauit» (Crónica Albeldense, Gil Fernández *et alii* 1985: 176). Cf. cadro III.

²⁷ Por exemplo no aínda moi citado artigo de Sousa Soares (1957). Esta interpretación determinista foi superada pola seminal obra de Mattoso (1985). Porén, a historia portuguesa segue a minusvalorar tradicionalmente ou mesmo ignorar o período común galaico-portugués.

²⁸ Así define un acomodado terratenente galaico as súas extensas propiedades por toda Galicia: «Nostras villas que sunt inter Durio et Uauga...et in territorio Karnota lavinio integro et in Nemancos uilla Ermilli integra» (:927-02-23, PMD-DC, nº XII, a datación é nosa). Os exemplos poderían multiplicarse e en ningún se establece unha diferenza entre terras «galegas» e «portuguesas» (cf. Baliñas 1998, *passim*).

a historia previa e o feito de que os grandes propietarios laicos e eclesiásticos tiñan posesións e intereses comúns en todo o territorio e que mesmo houbo unha importante migración da Galicia nuclear ás novas terras reocupadas²⁹. De igual maneira, magnates e autoridades governativas e eclesiásticas eran comúns, a nobreza condal galaica tiña posesións e rexía condados por toda a «Gran Galicia» altomedieval e moitas institucións eclesiásticas exercían a súa xurisdición alén e aquén da liña Miño-Limia³⁰. Os *fnibus Gallecie* fóronse estendendo cara ao sur entre os anos 850 e 920, consonte o proceso de integración destes territorios no reino astur-galaico avanzaba dende A Limia ata as terras alén do río Ave, como ampliación natural dunha Galicia extensa que daquela se vía como un todo continuo³¹.

Como xa ocorrera na Galicia nuclear, o espazo incorporado aos dominios rexios e os seus habitantes, indíxenas ou inmigrantes, son estruturados administrativamente en *territoria* e *comitatos* que, consonte á historia previa da rexión, se articulan arredor dos centros urbanos superviventes. Entre deles, axiña se destaca o *comitatus portucalense* ou *territorium Portugale*, con centro na cidade de Porto, que, pola súa situación estratéxica, as conexións políticas dos seus condes e a situación fronteiriza da comarca, axiña xoga un destacado papel de cabeceira na marca meridional galaica, xunto con Tui, Chaves, Braga, Coimbra ou *Anegia* (Penafiel)³². Con todo, a todo o longo dos séculos IX e X, este embrionario *Portugale* non é máis ca outra das moitas circunscricións administrativas en que o territorio da Gran Galicia está dividido, sen que se poida

²⁹ Véxase Baliñas (1992: 115-118 e 275-279).

³⁰ No ano 911 o rei Ordoño realizou o deslinde das posesións do mosteiro de Dumio –hoxe Dume, nas aforas de Braga– e unha «congregatio magna...omnes episcopi, comites et capitanei territorio Galeciense» (911-09-28, PMH-DC nº XVII/ Arquivo Distrital de Braga, caixa 1, nº 1). Nin neste nin noutros casos semellantes, a documentación establece distinción ningunha entre próceres «galegos» e «portugueses»: como exemplo do antedito, na data citada o bispo-abade de Dume era o prelado de Mondoñedo-Britonia e o conde de Porto o era tamén de Castro Caldelas e Portomarín.

³¹ A comezos do século X aínda se consideraba «in finibus Gallecie» o emprazamento da actual parroquia de San Pedro de Laroá, no concello ourensán de Xinzo de Limia (cf. 909-05-09, Tumbo de Celanova, ff. 103v-104r.), mentres que arredor do 980, cando o futuro monarca Bermudo II, propietario na ribeira meridional do río Ave, érguese contra do rei de León, seu curmán, dise nas crónicas que «Qui profecto Vermudus, post ubi in finibus Gallecie arcem regni adeptus est...» (Pérez de Urbel e González Ruíz-Zorrilla 1959: 176).

³² Listado de condes de Galicia ca.899: «Ermegildus Tude et Portugale comes, Arias filius eius Eminio comes, Pelagius Bregantie comes, Hodarius Castelle et Veseo comes...» (Pérez de Urbel 1952: 291). A relación está tomada seguramente da acta de consagración da concatedral de Santiago nesa data, cf. Díaz de Bustamante e López Pereira (1990: 377-400).

falar documentadamente de que o termo se aplique a espazos fóra da cidade e do seu inmediato *hinterland* e moito menos que sexa un nome xenérico para todos os territorios alén do Miño³³.

Se queremos atopar sinais dunha certa diferencialidade espacial dentro do conxunto rexional da Galicia altomedieval, temos que dirixir a nosa ollada máis alá da cidade de Porto, á franxa territorial que se estendía ao sur do baixo Douro ata o río Mondego, coa cidade fortificada de Coimbra e o mosteiro fortaleza de Lorvão como fitos fronteirizos que demarcaron entre os anos 920 e 980 aproximadamente os *fines Galleciae* e as lindes co Al-Andalus³⁴. Había fundados motivos para esa especificidade respecto da Galicia nuclear: unha reocupación lenta e serodia, unha menor densidade de poboación cristiá e pouca inmigración dende as terras do norte, persistencia de habitantes musulmáns e mozárabes reflectida no mantemento de trazos culturais islamizantes e, sobre todo, o seu afastamento xeográfico respecto dos grandes centros da sociedade galega e do reino galaico-leonés –do que era o punto máis avanzado cara ao sur³⁵– e a súa situación de terra fronteiriza, sometida á permanente ameaza das aceifas dos mouros e das incursións dos normandos³⁶. Non é de estrañar que ao longo do século x xurdira unha especie de marca política –ao estilo das do imperio carolinxio– que asegurara a cohesión e defensa do espazo e o dotara dunha certa unidade política: sabemos que o futuro rei Ramiro II gobernou en vida dos seus irmáns maiores estas comarcas dende a súa capital de Viseu e que logo as familias dos condes Gonzalo Méndez e Gonzalo Muñoz rexeron esta

³³ Partilla da herdanza paterna entre San Rosendo e os seus irmáns: «Unde evenit in portione Rudesindi episcopi: in Portugale Leza cum Labra. In Buvale...In Monteroso...In Lemos...De Villa Sicca in Bergido V^a parte. In terra de fora [León] sic quinta parte in Ordas...In Asturias similiter v^o parte» (934-03-11, Tumbo de Celanova, ff.166r-v.). Como vemos, *Portugale* figura dentro dunha relación de comarcas galaicas, á par de Lemos, Monteroso e Búbal. Cf. Cadro II para ver como no século x xamais se fala de Portugal como unha entidade diferente de Galicia.

³⁴ Lorvão: «Altario sacro Sancti Mamede, que situm est cenobio subtus monte Lauribano in finibus Gallecie» (933-03-4, PMH-DC, nº xxxvii). Punto de vista musulmán arredor do 915 «Galicia, estremeira de Yilliqiyya, que chega ata Coimbra, perto da terra musulmá, da que o inimigo se apoderara había pouco» (Ibn Hayyan, *Muqtabis*, V, p. 103, tomado de Carballeira Debasa 2007: 142, a tradución ao galego é propia).

³⁵ Aínda que a distancia é máis ca un parámetro numérico, lembremos que hai uns 350 quilómetros de Santiago de Compostela a Coimbra (e uns 500 de Coimbra a León) e 122 de Porto a Coimbra, mentres que a distancia de Porto a Tui é de 120 e de Porto a Compostela duns 190 quilómetros.

³⁶ Véxase Baliñas Pérez 1998: 150-151. Estes trazos diferenciais aínda eran evidentes a comezos do século XII, cf. Durand 1982.

terra de fronteira cunha ampla autonomía respecto da monarquía galaico-leonesa³⁷. Xorde mesmo un corónimo específico que abrangue e dota de carácter unitario a todos os territorios entre Douro e Mondego, a *Estremadura*, como unha rexión específica con trazos particulares e con entidade administrativa propia, que a individualizan dentro do conxunto das comarcas do *territorio Galecie*³⁸.

Con todo, cómpre facer ao respecto da existencia deste hipotético «proto-Portugal» dous apuntamentos: primeiro, que a propia definición dunha comarca como «estremeira/parte extrema», por moito que alcume un espazo específico e máis ou menos determinado xeograficamente, só se entende en relación co todo –«a parte extremeira (de Galicia)»–; segundo, que é moi plausible que o estatus especial desta zona veña máis ben dado pola súa marxinalidade, pola súa incompleta asimilación dentro do conxunto das terras e dos homes da Gran Galicia altomedieval, antes ca por un proceso de autoafirmación endóxeno. En todo caso, a contraofensiva islámica dirixida polo caudillo Almanzor entre os anos 978 e 984 puxo estas terras de novo baixo a autoridade do califato de Córdoba, obrigando á fuxida da máis da poboación cristiá galaica e crebando definitivamente este proceso de primeira peculiarización das terras entre Douro e Mondego³⁹. O feito mesmo da súa rápida perda, mentres as bisbarras entre Miño e Douro aguantan vinte anos de ataques islámicos sen perder o seu velleamento co resto de Galicia e a súa conexión co reino galaico-leonés, parece xustificar as nosas anteriores cautelas respecto deste abortivo espazo diferencial que, porén, e como veremos de contado, supón un interesante precedente histórico do xurdimento dun auténtico «Portugal».

³⁷ Véxase Rodríguez 1972: 76-87, Mattoso 1981 e Baliñas Pérez 1988. Aínda que nunca recibiu ese nome oficial de marca, a súa existencia dáse por implícita na documentación da época: «Rex Santius ex Legione uenit Galleciam et edomuit eam usque ad fluuium Dorii. Quo audito Gundisaluus, qui dux erat ultra flumen illud...» (ano 966, Crónica de Sampiro, Pérez de Urbel 1958: 338).

³⁸ «Populaturas que sunt in ipsa stremadura...concedimus ad monasterio de Vimaranes. Id est in illa extrema Villa Cersaria» (960-07-13, PMH-DC nº LXXI. Trátase de localizacións no val do río Ave, polo tanto non na fronteira mesma, o que corrobora a nosa afirmación). Lembremos a existencia dunha «Extremadura» castelá, por terras de Soria e ao sur de Burgos nesta mesma época, e as posteriores Extremadura leonesa (o alicerce da actual comunidade autónoma española do mesmo nome) e Extremadura portuguesa (o nome histórico antes da Revolución de Abril das terras entre Lisboa e o Alentejo).

³⁹ «Dubium quidem non est...eo quod uenerunt gentes hismaelitarum in sede Colimbriense, peruenerunt ad deustandum patriam usque adeo urbis Durio, deustauerunt ciuitates et portelas per gládio império» (1005-12-13, PMH-DC, nº CLXXXIV).

5. DA FRONTEIRA MERIDIONAL DE GALICIA A PORTUGAL (1000-1100)

Configurada xa Galicia a comezos do século XI como unha unidade xeográfica, humana e administrativa plenamente definida, estaban postas as bases para que puidera converterse nunha entidade política de seu, nun «reino». O camiño queda aberto no ano 1037 cando Fernando I, rei de Castela, vence e mata en combate o derradeiro monarca galaico-leonés, Bermudo III, e se apropia dos seus dominios, tanto por dereito de guerra como na súa calidade de parente varón máis próximo do finado (cf. Baliñas Pérez 2002b). Mais non se trata dunha mera anexión: Fernando I establece o seu dominio sobre de Galicia como soberano propio da terra e das súas xentes⁴⁰. O soberano entende o seu poder supremo como o dun *imperator* ou «rei de reinos», unidos todos eles baixo do seu mando común: Fernando I describírase e será descrito nas fontes documentais como *rex in Castella, in Legione et Gallecia*, sobre todo na súa documentación diplomática⁴¹. Das ruínas do extinto reino astur-galaico-leonés xorde o «Reino de Galicia» como unha entidade política individualizada e perfilada. Se ben é certo que o termo específico *regnum Gallecie* tarda en aparecer nas fontes, Fernando I e os seus sucesores serán *regnantes in Gallecia*, titulación que asumen cando lexislan e xulgan como reis de Galicia sobre de asuntos galegos⁴², función que exercen en persoa cando poden e para a cal, cando non, teñen designada unha administración propia e diferenciada, a través dos seus lugartenentes, os *duces in Gallecia*⁴³. Que non se trata dunha sinxela ficción xurídica, amósao o feito de que no seu leito de morte, no ano 1065, e seguindo a tradición feudal de que o reino é propiedade do rei –un concepto alleo á mentalidade política dos precedentes reis altomedievais de Oviedo e León–, Fernando I esgace o seu imperio para repartir os seus reinos entre os seus fillos varóns, entre deles García I, quen goberna en

⁴⁰ «Et functus in regno domnus Fernandus princeps super omnem Galletiam, qui eam alligavit et ad omnes nationes et gentes seu confessiones sua veritate mandavit» (1060-07-2; Tumbo de Celanova, ff. 182r-183r).

⁴¹ «Regnante Fredinando rex in Castella, Legione et Gallecia» (1058-10-31, Arteta 1976; documento nº 301). «Ego Fredinandus rex in Legione et in Castella atque Gallecia in hac donatione... confirmavi» (1064-12-28, *idem*, nº 321).

⁴² Ver cadro III.

⁴³ «Regnante principe Fernando prolis Santii in sede Legionis et Ducis in Gallecie Velasco Almenize et Menendus Nuniz» (1042-07-25, Tumbo de Celanova, ff. 54r-55r).

exclusiva como rei o Reino de Galicia⁴⁴. E, independentemente da valoración ideolóxica que cada quen queira darlle ao feito, historicamente a súa deposición e encarceramento polos seus irmáns e a reintegración deste espazo político ao *imperium* castelán-leonés dende o ano 1070 en nada afecta á persistencia do Reino de Galicia como unha realidade política e administrativa.

En efecto, Afonso VI (1070-1109) foi rei de Galicia, asinando e sendo considerado como tal, dentro e fóra do territorio galaico⁴⁶ e gobernando o territorio galego como una parte diferenciada dos seus dominios, cunha administración propia e específica⁴⁷.



Mapa 4. Mapa político do norte da Península Ibérica cara ao ano 1065⁴⁵

⁴⁴ «Adefonsum itaque... omne Legionensium regnum sue ditioni mancipavit. Constituit quoque sancium, primogenitum suum super Castellam regem. Necnon et iuniorem Garsiam Gallicie pretulit» (Crónica Silense, Pérez de Urbel 1959: 204). «Regnante rex Sancio in Castella, rex Alfonso in Legione, rex Garsea Fredinandez in Gallecia» (1068-06-4, Cartulario de San Millán, nº 367). Para a súa figura e reinado cf. Portela Silva (2001). Vaia por diante que, persoalmente, descoñecemos a existencia dun rei García I de Galicia, que non sexa o que agora nos ocupa.

⁴⁵ Tomado de: «García de Galicia», en *Wikipedia*. Consultado o 19-03-2014 en <http://es.wikipedia.org/wiki/>.

⁴⁶ «Regnante Adefonsus princeps in Gallicia» (1070-05-1, PMH-DC, nº CCLXXX). «Regnante rex Alfonso in Castella et in Legione et in Gallecia» (1072-12-7, Cartulario de San Millán, nº 400). «Regnante in Gallecia Adefonsus rex» (1086-01-8, PMH-DC, nº DCLIII).

⁴⁷ «Congregati sunt ante illum regem magnum (Adefonsum)... duces Petro Pelaiz, Petro Ansuriz, Garsia Ordoniz qui imperabat Nageram, Rudericus Didaci Asturicensium...Rudericus Muniz Gallecie... Eita Gosendiz, vicarium regis de Minio usque in Sile» (1082-10-21, Tumbo de Samos, ff. 1v-2r).

Mais, ao tempo que Galicia acadaba a súa formulación como espazo político independente, a súa unidade interna comezaba a se crebar. Se da *Gallaecia* romana xurdiron Asturias, Galicia e León, da «Gran Galicia» altomedieval vaise esgazando ao longo do século XI unha nova realidade xeográfica, humana e administrativa que axiña rematará por tomar corpo arredor do corónimo «Portugal». Precisamente, os avances islámicos van converter dende fins do século X as terras da beira norte do río Douro na nova *pars strema* ou fronteira meridional de Galicia. É un feito histórico contrastado que as terras de fronteira, pola súa distancia xeográfica e mental do centro, polo contraste e mestizaxe de culturas e sociedades, pola súa necesidade de recorrer á solidariedade e á autarquía, son poderosos focos de xeración de identidades nacionais, como proban os casos de Cataluña, Dinamarca ou Austria, xurdidas das marcas do imperio carolinxio, ou, en época posterior, o caso paradigmático dos Estados Unidos de América⁴⁸. Esta marca fronteiriza galaica artículase arredor da cidade de Porto e do circundante *comitatus portugalense*, cuxa xurisdición se vai estendendo ao virtual conxunto das terras entre o Limia e o Douro. Deste xeito, para mediados do século XI na documentación da rexión o termo «Portugal» aplícase xa ao conxunto destas comarcas como unha unidade de seu⁴⁹. Cando, en tempos de Afonso V e Fernando I —entre os anos 1025 e 1065—, se produza a reconquista dos territorios perdidos diante dos musulmáns alén do Douro, estas terras reconquistadas inclúense tamén no macro-territorio portugués, ao que a monarquía dota de recoñecemento como unha unidade administrativa específica: a *terra Portugalensis*⁵⁰. Igualmente, conforme avanzamos no tempo, constatamos como na documentación portuguesa se fala xa de Galicia como dunha realidade xeográfica diferente, e ás veces Portugal aparece como unha terra distinta ou, canto menos, como unha rexión con identidade propia dentro do conxunto de Galicia⁵¹. De igual maneira, xorde o xentilicio «portugués» como común a todas

⁴⁸ É a tese clásica do historiador norteamericano Turner 1920. O concepto de fronteira foi aplicado ao caso portugués por Mattoso (1985b: 32).

⁴⁹ «Post hanc causam uenit Ordonio Ranemiriz et sua mulier domna Geluira ad multis temporibus in Portugale» (1045-03-31, PMH-DC n° CCCXL. As terras destas persoas non están sitas nas inmediacións da cidade de Porto e atópanse espaxadas por un amplo territorio entre o Lima e o Mondego).

⁵⁰ «Avitabit Egas Erotez in terra Portugalensis cum gens sua in loco predicto inter Doiro et Vauga per plures annos... et pervenit in terram inter Durio et Limie» (1053-01-12, PMH-DC, n° CCCLXXXIV). Fernando I desautoriza os «sui egonomi de Portugali... uolebant inquietari homines morantes in uillis... Beatus Iacobus... et ab aliis in terra Portugalensi» (1065-03-10, López Ferreiro 1899-1910, n° xcvi).

⁵¹ Véxase cadro I. Se imos ao detalle, antes do ano 1000 fálase de *Portugale* como un territorio dentro de Galicia e centrado arredor da cidade de Porto; entre 1000 e 1050 prima o concepto dunha rexión

as terras portuguesas e contraposto ou desemellante do «galego»⁵². Reciprocamente e de xeito case especular na Galicia nuclear fálase de Portugal como dunha terra diferente⁵³ e dos seus habitantes como alleos á comunidade dos galegos⁵⁴. Mesmo as fontes andalusíes do momento distinguen, malia que non sempre con total precisión xeográfica, as terras habitadas polos galegos –*al-yalaliqa*– das poboadas polos portugueses –*al-burtuqalis*⁵⁵–.

Esta progresiva tendencia centrífuga entre a «vella» Galicia nuclear e o «novo» Portugal ex-galaico levará a un claro incremento da conflictividade entre as dúas realidades, que estalará en conflito aberto no ano 1071, cando os condes de Portugal se rebelen contra do rei de Galicia, e portugueses e galegos se sitúen en bandos opostos⁵⁶. O rei-emperador Afonso VI terá que enfrontar así a un mesmo tempo a extensa resistencia ao seu reinado en Galicia, onde era considerado por moitos como un usurpador do trono do seu irmán García, e o xordo conflito entre portugueses e galegos, que debilitaba aínda máis a súa autoridade no noroeste peninsular. Cando isto se complique co tema da súa sucesión, o monarca, recoñecendo as novas realidades xeopolíticas, rematará na década de 1090 por colocar o seu xenro Raimundo de Borgoña, home da infanta Urraca, como virtual gobernante autónomo de Galicia⁵⁷, pero confiando a administración de Portugal,

específica dentro de Galicia e dende 1050 predomina a idea de Portugal como algo diferente de Galicia (cf. Baliñas 1996, *passim*, para máis detalles).

⁵² É moi significativo o feito de que cando, nunha data indeterminada do ano 1068, o rei García faga unha doazón en Portugal a uns nobres locais, se saliente a alienidade dos asinantes vidos do norte: «Et de Galetia Arias Fernandiz conf. Martino Cresconiz conf. Pelagio Cidiz conf... alio Pelagio Cidiz de Asturias» (1068, PMH-DC, nº CCCLXXXIV).

⁵³ Véxase cadro III. Un exemplo, tomado da documentación compostelá: «Et sunt ipse uille in ualle de Uice, territorio Portugale» (1066-06-25, López Ferreiro 1899-1910, nº xcvii).

⁵⁴ «Frater Pelagius Ribeira duxit de Portugalia Ali petrarium ...et alios homines...Iste Martinus Porra habuit uxorem galegam de ingenio genere... Orracha Petri, uxor de Martino de Seria galego» (ha. 1100, Tumbo de Sobrado, ff. 50r-51r).

⁵⁵ Deste xeito o describía o xeógrafo andalusí Al-Bakrí (1014-1094), fillo dun rei de taifas e bo coñecedor da situación xeopolítica do momento (Al-Bakrí 1982: 20-21) e, xa para mediados do século XII (Dubler 1949: 59-122). Máis exemplos en Carballeira (2007, *passim*).

⁵⁶ «Era mcviii ... Portugalenses commiserunt prelium aduersus regem domnum Garciam, filium regis domni Fernandi» (Chronica Gothorum, PMH-*Scriptores*, p. 10). A data de 1071 é discutida, pero iso é irrelevante para o tema que nos ocupa.

⁵⁷ «Comes dominus Ramundus imperans Gallicia sub gratia imperatoris Ildefonsi» (1090-01-28, López Ferreiro, t. III, nº v). «Ego Ramundus dei gratia comes et totius Gallecie dominus» (1094-11-13, PMH-DC, nº DCCCXIII). «Ego comes Raimundus totius Gallecie senior et dominus» (1095-09-24, López Ferreiro 1899-1910, III, nº vii).

concebido como unha unidade política entre Miño e Teixo, ao seu outro xenro, Henrique, curmán e cuñado de Raimundo⁵⁸. Abríase deste xeito o proceso polo que estas realidades políticas, xeográficas e humanas diferentes e diferenciadas seguirían camiños diverxentes, baixo a dinastía nada da unión de Henrique e Tareixa, a outra filla viva do monarca, rexentes *a flumine Mineo usque in Tagum*⁵⁹. O resultado final, a proclamación da independencia política de Portugal respecto do imperio castelán-leonés –onde si fica o reino de Galicia– nos campos de Ourique por Afonso Henriques en 1138, non foi, xa que logo, un «accidente político» senón o remate case indefectible dun longo proceso histórico.

6. UNHA FRONTEIRA IMPRECISA: OS «TRES PORTUGALES» (1050-1100)

Como acabamos de ver, no contexto da reformulación política do noroeste peninsular entre os anos 1037 e 1096, vaise definindo un espazo político individualizado baixo o nome de «Portugal». De igual xeito, podemos constatar na documentación coetánea como nas terras do que foi a fronteira meridional galai-ca comeza a falarse de «Galicia» como unha realidade diferente dende comezos do século XI e dun xeito claro consonte avanzamos no período 1050-1100⁶⁰. Viceversa, o mesmo ocorre nunha secuencia temporal case idéntica nas terras da Galicia nuclear con respecto a «Portugal», con imprecisión ao comezo, claramente ao longo da segunda metade do século XI⁶¹. Pero, do mesmo xeito que ocorrera previamente co caso do tránsito da *Gallaecia* romana e xermánica á Galicia altomedieval, que exista xa unha certa definición humana e política de Portugal, que se vai perfilando canto máis nos achegamos ao ano 1100, non debe facernos

⁵⁸ «Ego Henricus comes portugalensis pariter cum uxore mea Tarasia... quia in nostro dominio et dicione consistit omnis Portugalensis prouincia... Que ibi sunt de Portucali...» (1097-12-9, López Ferreiro 1899-1910, III, nº X). Véxase tamén a nota seguinte.

⁵⁹ «Comite domno Henrico genero supradicto regis [Adefonso] dominante a flumine Mineo usque in Tagum» (1097-04-9, PMH-DC, nº DCCCXLIX).

⁶⁰ Cf. Cadro I. As mencións diferenciais de 900 a 1000 marcan a contraposición entre «Gallaecia» e «Estremadura» que xa vimos, pero aínda non aparece o concepto «Portugal» con claridade ata mediados do século XI: «Post hanc causam uenit Ordonio Ranemiriz et sua mulier domna Gelvira ad multis temporis in Portugale» (1045-03-31, PMH-DC, nº CCCXL).

⁶¹ Cf. Cadro II. «Et sunt ipse uille in ualle de Uice, territorio Portugale» (1066-06-25, Tombo A da catedral de Santiago; López Ferreiro, op. cit. doc. nº XCVII).

esquecer o feito de que se trata aínda dun proceso en construción. Podemos falar de que nesta época, mesmo aínda antes de que teña plena independencia política, existe xa un Portugal *in essentia* pero aínda lle queda un longo camiño histórico para desenvolverse plenamente *in potentia*.

De feito, baixo a aparente unidade das terras entre o Miño e o Mondego-TEXO, agóchanse aínda as marcas das diversas partes constituíntes e da súa diversa relación coa vella patria común galaica. Dende a perspectiva que aquí nos atinxe da fronteira galaico-portuguesa –mesmo cando esta aínda non está conformada plenamente, como é o caso–, podemos falar de tres fronteiras diferentes, de tres «Portugales». Primeiramente, a zona entre Douro e Mondego –logo ampliada ata o TEXO medio– ten a súa propia impronta. Trátase dun territorio recentemente ocupado –ou reocupado–, aínda suxeito á ameaza exterior islámica, debilmente habitado, estruturado como unha marca fronteiriza cun marcado carácter militar e un certo sentido de provisionalidade, que a ameaza almorábide dende a década do 1080 non deixará de agudizar; é a *parte estrema*, a «Estremadura» portuguesa do momento, que se estende en inseguros asentamentos fortificados para alén de Porto e o río Douro cara ao sur⁶². O poder político e económico nesta terra de fronteira está nas mans de xente pouco ou nada relacionada coa vella nobreza condal galaica: a nova clase social dos infanzóns portugueses na procura de fortuna, o colectivo mozárabe local ou recen chegado do Al-Andalus –como o sevillano Sisnando Davídiz, nomeado *alvazir* de Coimbra por Fernando I e os seus fillos⁶³–. A zona ao norte do río Douro, case equiparable coa futura rexión de Entre Minho e Douro, está, ao contrario que a anterior, moito máis vencellada a Galicia, se ben nos cadros dirixentes laicos e eclesiásticos, en boa medida por impulso da monarquía castelá, se constata unha crecente diferenciación entre «galegos» e «portugueses» segundo onde teñan a súa base de poder e interese. É o *Portugale* por antonomasia, o Portugal nuclear e futuro centro reitor inicial do reino independente, se ben en comparación coa marca fronteiriza cisduriense os seus propios habitantes subliñan a súa maior galegitude⁶⁴.

⁶² «Hereditates quos fuerunt de auiorum meorum... quantasque habemus des flumine Durio in parte illa strema» (1078-02-23 PMH-DC n° DLII). Inventario dos bens do mosteiro de Guimarães: «Et in extremis, ex alia parte Durio...» (1059, s.d., PMH-DC, n° ccccxx). Véxase para o momento inmediatamente posterior Durand 1982.

⁶³ Véxase Mattoso (1981 e 1982).

⁶⁴ «Et abent ipsas villas iacentia in rripa Durio ex parte calleca substus castro Luneto et in territorio ciuitas Sancta Maria uilla Petroso» (1072-02-26, PMH-DC, n° D), trátase da freguesía de Pedroso en Vila Nova da Gaia. Mesmo politicamente se establece dentro dos dominios do conde Henrique de Portugal unha

Pola contra, o que sería o terceiro Portugal, a terra setentrional fronteiriza con Galicia, non está claramente demarcado no abrente mesmo do momento da independencia política. Aínda hoxe en día, como se sinala en varias contribucións deste volume, non é doado determinar unha fronteira natural, humana ou cultural e mesmo a política é artificiosa e mudable. Dende logo, no baixo Limia, na segunda metade do século XI, a referencia política é Portugal e non Galicia e, viceversa, no alto Limia os seus habitantes non se consideraban de ningunha maneira portugueses e vían os seus veciños como estranxeiros⁶⁵. A documentación relativa á rexión de Trás-os-Montes e Alto Douro é escasa e aínda non ben estudada pero, canto menos na comarca do Tâmega, a referencia política é aos condados de Chaves e Penafiel e só se afirma a súa pertenza a Portugal nas vésperas mesmas da independencia, en tempos dos condes Henrique e Tareixa⁶⁶. Contra do que puidera parecer a primeira vista, tampouco o río Miño marca unha fronteira nesta época –contra o que sucede co Douro ou co Mondego–. Non se cualifican de maneira diferente as terras a oriente ou occidente do seu curso final, nin dende o punto de vista galego⁶⁷, nin dende a perspectiva portuguesa⁶⁸. Cómpre lembrar que nestes tempos ambas as marxes do baixo Miño, ata unha importante distancia, formaban parte administrativamente do bispado de Tui, sen que na documentación episcopal se manifeste indicio ningún de des-

división entre as dúas zonas: «Regnante Afonso principe in omni Galicia et in Spania, in Colimbria comite domno Henricus et in Portugal, et in Bragara aeipiscopo domno Giraldo» (1098-07-22. PMH-DC, nº DCCCLXXXIV).

⁶⁵ A mediados de século, con motivo dun preito sobre as propiedades da igrexa de San Pedro de Laroá (hoxe unha parroquia de Xinzo de Limia, moi preto da raia seca), cuxos dominios se consideraba que estaban nos *finibus Gallecie* (ver nota 30 *supra*), chámase a declarar aos peritos locais para determinar os marcos das terras en disputa: «Super his questionibus statim adlati sunt in ipso concilio latores legum nominati Pelagio Petriz, portugalensis, Davit Dominiz et Gudesteo Froilaz, limianensis» (1054-03-23, Tombo de Celanova, fol. 101v.).

⁶⁶ Cf. Parente 2013 (véxanse en especial os documentos nº18 –ano 1096– e nº 33 –ano 1127– para ver esa integración en Portugal).

⁶⁷ Inventario das propiedades da sé de Tui: «Ecclesias pernominatas Sancto Petro de Beneuiure cumj omni integritate, ecclesia Sancti Iacobi de Pontelas cum suis adiacentiis ab integro. De illa parte Minei, Sanctum Saluator de Rial cum uillis et hominibus» (1024-10-29, Tombo A de Santiago). Poden recoñecerse as actuais parroquias pontevedresas de Bembibre, concello de Vigo, Pontelas, concello de Porriño e, moi posiblemente, a freguesía de Real, preto de Braga.

⁶⁸ Inventario das posesións do Mosteiro de Guimarães: «Id est ex alia parte Minei villa nuncupata Fenuliedo et villa Alcabre... Et hanc parte Minei...» (1059, PMH-DC, nº CCCCXX); pode recoñecerse no texto a actual parroquia e lugar de Alcabre, concello de Vigo.

continuidade xeográfica, social ou política, como tampouco nas propias fontes portuguesas⁶⁹.

Por suposto, a ruptura política non equivale á ruptura cultural ou social e, polo tanto, lingüística, pois sabemos que persistirá a unha banda e outra do Miño por moito tempo un sentimento de *koiné* compartida. Tampouco tiña por que ser irreversible e, de feito, en varios momentos dende o século XII ao XV puido darse esa reunificación política, cada vez máis dificilmente consonte se afirmaban no tempo os reinos de Portugal e Galicia.

O proceso que acabamos de describir é só un banzo na diverxencia de Galicia e o galego e Portugal e o portugués e calquera tramo dunha escada serve tanto para ascender como para descender. Mais a Historia dá conta do que foi e do como pasou, non do que puido ser ou o do que nos gustaría que pasase: o camiño común dos galaicos bifurcouse ao longo da Alta Idade Media en camiños diverxentes para galegos e portugueses que xamais volverían xuntarse. Corresponderá aos galegos e galegas do século XXI facer a súa lectura dos acontecementos do pasado e mesmo formular se desfacer o camiño percorrido, como facía Castela no texto co que comezábamos esta exposición. Pero haberá que ter en conta o que xa dicía o filósofo Heráclito hai vinte e cinco séculos: «Ninguén se baña dúas veces no mesmo río.»

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- AL-BAKRÍ, Abu Ubayd (1982): *Geografía de España (Kitab al-Masalik wa-l Mamalik)*. Zaragoza: Anubar.
- ANDRADE, Maria Filomena (1998): «Entre Braga e Tui: uma fronteira diocesana de Duzentos», en VV.AA., *IV Jornadas Luso-Espanholas de História Medieval. As relações de fronteira no século de Alcanices*, tomo I. Porto: Universidade do Porto, 77-98.
- BALIÑAS PÉREZ, Carlos (1988): *Defensores e traditores: un modelo de relación entre poder monárquico e oligarquía na Galicia altomedieval (718-1037)*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.
- BALIÑAS PÉREZ, Carlos (1990): «En los orígenes de un ecosistema social: la Galicia del siglo VIII», en VV.AA., *Galicia en la Edad Media*. Madrid: Sociedad Española de Estudios Medievales, 25-37.

⁶⁹ «Et abet ipsa ereditate iazentia in uilla Lagenelas subtus mons Gaudiosi, discurrere ribulo Minei, prope litore maris, territorio Tulensis» (1092-¿06?-4, PMH-DC, nº DCCLXXVIII. Trátase de Lanhelas, freguesía do concello portugués de Caminha). Outro exemplo documentado en 1070-06-15, PMH-DC, nº CCCCLXXXI). Para o caso tudense, ver nota 67 *supra* por exemplo e, para unha data máis serodia Andrade (1998: 77-98), unha colección de traballos aos que remitimos para aqueles interesados en como evoluciona a situación nos séculos XII e XIII.

- BALIÑAS PÉREZ, Carlos (1991): «El reino suevo de Galicia», en Ramón VILLARES PAZ (dir.), *Historia de Galicia*. Vigo: Faro de Vigo.
- BALIÑAS PÉREZ, Carlos (1992): *Do mito á realidade: a definición social e territorial de Galicia na Alta Idade Media (séculos VIII e IX)*. Santiago de Compostela: Coordenadas.
- BALIÑAS PÉREZ, Carlos (1994): «La reconquista gallega del norte de Portugal: una reaproximación», en Trevor DADSON, Robert OAKLEY e Patricia ODBER DE BAUBETA (eds.), *New Frontiers in Hispanic and Luso-Brazilian Scholarship*. Lewiston, New York: The Edwin Mellen Press, 17-31.
- BALIÑAS PÉREZ, Carlos (1998): «La «Estremadura» gallega altomedieval y los orígenes de Portugal», *Revista da Facultade de Letras da Universidade de Porto: História*, II Série, vol. 15, n. 1, 139-162.
- BALIÑAS PÉREZ, Carlos (2002a): «De Covadonga a Compostela: Galicia en el marco de la construcción del Reino de Asturias», en VV. AA., *La Época de la Monarquía Asturiana*. Oviedo: Real Instituto de Estudios Asturianos, 367-389.
- BALIÑAS PÉREZ, Carlos (2002b): «El «siglo del cambio» en el Noroeste peninsular (1037-1139)», en Fernando GARCÍA DE CORTÁZAR (dir.), *Nueva Historia de España. La Historia en su lugar*, t. 2. Barcelona: Planeta, 345-348.
- BALIÑAS PÉREZ, Carlos (2010a): «De Gallaecia a Asturias y Galicia: la fijación de una frontera política en la época altomedieval (450-1050)», *Larouco. Revista Anual da Antigüidade Galaica* 5, 71-78.
- BALIÑAS PÉREZ, Carlos (2010b): «De ‘Gallaecia’ a Galicia: a redefinición altomedieval dun concepto romano», en María MONTES LÓPEZ e Jesús VARELA ZAPATA (eds.), *De Roma a Santiago: caminos de la historia, legado cultural*. Lugo: Axac.
- BESGA MARROQUÍN, Armando (2000): *Orígenes hispano-godos del reino de Asturias*. Oviedo: Real Instituto de Estudios Asturianos.
- CAMPOS, Julio (ed.) (1984): *Cronicón de Idacio*. Salamanca: Ediciones Calasancias.
- CARBALLEIRA DEBASA, Ana María (2007): *Galicia y los gallegos en las fuentes árabes medievales*. Madrid: C.S.I.C.
- CASTELAO (1944): *Sempre en Galiza*. Bos Aires: Edición Galiza.
- COLLINS, Roger (1991): *La Conquista Árabe 710-797*. Barcelona: Crítica.
- DAVID, Pierre (1947): «L'organization ecclésiastique du Royaume Suevo au temps de Saint Martin de Braga», *Etudes historiques sur la Galice et le Portugal du VIe au XIIIe siècle*. Lisboa: Institut Français, 1-82.
- DÍAZ DE BUSTAMANTE, José María e José Eduardo LÓPEZ PEREIRA (1990): «El acta de consagración de la catedral de Santiago: edición y estudio crítico», *Compostellanum* 35, 377-400.
- DÍAZ MARTÍNEZ, Pablo de la Cruz (1986): «La modalidad del asentamiento suevo y sus consecuencias», *Studia Zamorensia. Historica* VII, 353-365.
- DÍAZ MARTÍNEZ, Pablo de la Cruz (1996): «Gallaecia, de reino suevo a provincia visigoda», en Gerardo PEREIRA MENAUT (coord.): *O Feito Diferencial Galego na Historia*. Santiago de Compostela: Museo do Pobo Galego / A Editorial da Historia, 253-278.
- DUBLER, César E. (1949): «Los caminos a Compostela en la obra de Idrisi», *Al-Andalus* XIV, 59-122.
- DURAND, Robert (1982), *Les campagnes portugaises entre Douro et Tage aux XIIIe et XIIIe siècles*. París: Centre Cultural Portugais.
- GARCÍA MORENO, Luis A. (1974): «Estudios sobre la organización administrativa del reino visigodo de Toledo», *Anuario de Historia del Derecho Español* XLIV, 5-156.
- GIL FERNÁNDEZ, Juan et alii (1985): *Crónicas Asturianas*. Oviedo: Universidad de Oviedo.
- LÓPEZ CARREIRA, Anselmo (2005): *O Reino Medieval de Galicia*. Vigo: A Nosa Terra.

- LÓPEZ FERREIRO, Antonio (1899-1910): *Historia de la S.A.M. Iglesia de Santiago de Compostela*, tt. II e III. Santiago: Seminario Conciliar.
- LÓPEZ QUIROGA, Jorge (2004): *El final de la Antigüedad en la «Gallaecia»: la transformación de las estructuras de poblamiento entre Miño y Duero (siglos V al X)*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- LUCAS ÁLVAREZ, Manuel (1997): *La Documentación del Tumbo A de la Catedral de Santiago de Compostela: estudio y edición*. León: Ed. Manuel Lucas Álvarez.
- MATTOSO, José (1981): *A nobreza medieval portuguesa. A familia e o poder*. Lisboa: Estampa.
- MATTOSO, José (1982): *Ricos-Homens, Infanções e Cavaleiros. A nobreza medieval portuguesa nos séculos XI e XII*. Lisboa: Estampa.
- MATTOSO, José (1985a): *Identificação de um país: ensaio sobre as origens de Portugal, 1096-1325*. Lisboa: Estampa.
- MATTOSO, José (1985b): *O essencial sobre a formação da nacionalidade*. Lisboa: Imprensa Nacional.
- NOGUEIRA ROMÁN, Camilo (2001): *A memoria da nación. O reino de Gallaecia*. Vigo: Xerais.
- ORLANDIS, José (1987): *Historia de España Época Visigoda (409-711)*. Madrid: Gredos.
- PARENTE, João (2013): *Idade Media no Distrito de Vila Real. Documentos desde o ano 569 ao ano 1278*. Lisboa: Áncora.
- PÉREZ DE URBEL, Justo (1952): *Sampiro: su crónica y la monarquía leonesa en el siglo X*. Madrid: C.S.I.C.
- PÉREZ DE URBEL, Justo e Atilano GONZÁLEZ RUÍZ-ZORRILLA (1959): *Crónica Silense*. Madrid: C.S.I.C.
- PORTELA SILVA, Ermelindo (2001): *García II de Galicia: el rey y el reino (1065-1090)*. Burgos: La Olmeda.
- RECUERO ASTRAY, Manuel (1996): *Orígenes de la Reconquista en el occidente peninsular*. A Coruña: Universidade da Coruña.
- RODRÍGUEZ, Justiniano (1972): *Ramiro II, rey de León*. Madrid: C.S.I.C.
- RODRÍGUEZ ALONSO, Cristóbal (ed.) (1975): *Las Historias de los Godos, Vándalos y Suevos de Isidoro de Sevilla*. León: Centro de Estudios «San Isidoro».
- RODRÍGUEZ COLMENERO, Antonio (1996): «Integración administrativa del noroeste peninsular en las estructuras administrativas romanas», en Antonio RODRÍGUEZ COLMENERO, *Lucus Augusti*. A Coruña: Fundación Barrié de la Maza, 265-326.
- SAN ISIDORO DE SEVILLA (1982): *Etimologías*, edición de José OROZ RETA e M. DÍAZ Y DÍAZ, vol. I. Madrid: BAC.
- SÁNCHEZ ALBORNOZ, Claudio (1930): «Fuentes para el estudio de las divisiones eclesiásticas visigodas», *Boletín de la Universidad Compostelana* 4, 29-83.
- SOUSA SOARES, Torquato (1957): «Reflexões sobre a origem e formação de Portugal», *Revista Portuguesa de História* VII, 193-342.
- TORRES RODRÍGUEZ, Casimiro (1949): «Límites geográficos de Galicia en los siglos IV y V», *Cuadernos de Estudios Gallegos* I, 367-383.
- TURNER, Frederick Jackson (1920): «The Frontier in American History», accesible en <http://xroads.virginia.edu/~hyper/turner/> (consultado o 16-05-2014).
- UBIETO ARTETA, Antonio (1976): *Cartulario de San Millán de la Cogolla (759-1076)*. Valencia: Anubar.
- VIVES, José (1963): *Concilios visigóticos e hispano-romanos*. Barcelona: Instituto Enrique Flórez.

APÉNDICE

850-900	900-950	950-1000	1000-1050	1050-1100	Total
---	4	2	3	20	29

Fontes: PMH-DC e Arquivo Distrital de Braga

Cadro I. Mencións significativas a Galicia na documentación portuguesa (elab. propia)

	850-900	900-950	950-1000	1000-1050	1050-1100	Total
O Bierzo	---	1	1	---	---	2
Sanabria	---	1	1	---	---	2
<i>Terra de foris</i>	---	3	2	4	---	9
Portugal	---	---	---	1	7	8

Cadro II. Mencións explícitas na documentación galega a determinados territorios como nacións diferenciadas (elab. propia)

	a 900	900-950	950-1000	1000-1050	1050-1100	Total
Provincia	4	9	9	2	2	26
Urbe	1	1	1	1	7	11
Terra	2	1	1	3	3	10
Territorio	4	5	6	4	1	20
Regnante en (regnum)	--	--	--	--	13	13
Regione	--	1	--	1	--	2
Gallecos de / Gallecia	1	--	3	3	3	10
Total	12	17	20	14	29	92

Cadro III. Terminoloxía empregada na documentación galega para definir Galicia (elab. propia)

**A FRONTEIRA
GALEGO-PORTUGUESA**

Luís Manuel García Mañá
Membro correspondente da Real Academia
Galega / Ministerio do Interior

Portugal es para mí como la América latina. Algo que tengo que reconocer, política y geográficamente, por extranjero, pero que moralmente, afectivamente sobre todo, continúa formando parte de mi patria.

EMILIA PARDO BAZÁN, *De mi Patria* (1901)

1. INTRODUCCIÓN

Preto de nove séculos de historia e uns trescentos quilómetros lineais afastan as provincias galegas de Ourense e Pontevedra das de Minho e Trás-os-Montes en Portugal (distritos de Viana do Castelo, Braga, Vila Real e Bragança). Mais iso mesmo que nos separa tamén nos une, como demostran os aproximadamente 225 km de raia seca e os 75 km de raia húmida do tramo internacional do río Miño. Así pois, podemos afirmar que este linde común, que atravesa o ecuador do corpo da antiga Gallaecia romana, é o máis vello de Europa.

Aínda non existía España –falando desde un punto de vista político– cando o condado portugalense se constitúe como reino cristián independente do de Castela-León. Tres séculos despois do XII, a finais do XV, remata a Reconquista das terras dominadas polo islam, e será a primeiros do século XVI cando se pon o ramo coa anexión do reino de Navarra. A península ibérica queda unida baixo a mesma monarquía, a excepción de Portugal –que si formou parte da Hispania romana–, aínda que non todos os territorios reciben o mesmo tratamento.

Rivalidades familiares, relixiosas e señoriais puxeron os alicerces de Portugal, e os procedementos propios da época medieval certificaron o nacemento do novo reino. As cruzadas hispanas ou guerras santas da cristiandade contra a penetración musulmá, así como outros intereses dispares, trouxeron ás terras leonesas a dous Borgoñóns curmáns, que emparentaron coa dinastía Afonsina. Raimundo de Borgoña casa con Urraca e Henrique de Borgoña, con Teresa, ambas as dúas

fillas de Afonso VI. Os primeiros reciben a titularidade do condado de Galicia e os segundos, como sufragáneos dos galegos, reciben o condado de Portugal, coincidente en boa medida coa Galicia bracarense.

Por outra banda, o sobranceiro bispado de Braga é testemuña da forza e potencialidade do bispado compostelá. Como sinala Victoria Armesto (1969: 161), «ambas sedes se miraban ya de potencia a potencia». Compostela apoleirábase entón na invención xacobeá e na forte personalidade dos arcebispos do momento; de feito, Xelmírez acompañou o exército de Afonso VII contra os portugueses en 1127.

Quen ía ser co tempo o primeiro rei da dinastía portuguesa, Afonso Henriques, orfo de pai (Henrique de Besançon) e cunha nai proclive aos intereses do nobre galego Fernán Pérez de Traba, é criado ao amparo da mitra bracarense e da nobreza lusitana, doída polas «cedencias» aos señores galegos que facía dona Teresa no avance cara ao sur. Segundo un documento datado o 21 de agosto de 1124, dona Teresa reinaba en Portugal e a Limia ata o río Spaliosum (Risco 1971), nun primeiro intento de desvincularse dos condes galegos. Mais foi o seu fillo Afonso Henriques quen logra entre 1143 (Tratado de Zamora) e 1147 (recoñecemento papal), tras dura porfía bélica co seu curmán Afonso VII e coa beizón do papado, a definitiva independencia de Castela e León coa que comezaría esta saga lusitana. Curiosamente, en 1496, os monarcas de Castela e Aragón recibirían do papa Alexandre VI o título de «Su Católica Majestad»; logo, en 1744, foi outorgado por Benedito XIV aos reis portugueses o de «Súa Maxestade Fidelísima», títulos que usarían ata o século xx as dúas sagas dinásticas.

A mediados do século XII, cando nace Portugal, a fronteira non está definida nin determinada exclusivamente pola orografía ou pola xeomorfoloxía; os montes, serras ou ríos non delimitan con precisión os lindes dos dous reinos. Trátase dunha fronteira política, isto é, os lindeiros dependerán das guerras e da vasalaxe e adscrición dos señoríos a prol dun ou doutro bando ou monarquía. Mais no tocante á fronteira galega xa existe un principio de definición zonal ou «marca» que vén comprendida entre a foz do Miño e o Penedo dos Tres Reinos –Reinos de Galicia, León e Portugal–, actualmente o fito 349 de tipo natural, que se reconece por uns penedos marcados con cruces antigas.

De todos os xeitos, a definición dos lindeiros fronteirizos vai madurecendo ao longo da Baixa Idade Media e mesmo das Idades Moderna e Contempo-

ránea. Hai que ter en conta que Portugal remata a súa Reconquista e afianzamento dous séculos antes que Castela, circunstancia que vai ter influencia estratéxica na vocación ultramarina lusitana, diante a imposibilidade de avance cara ao leste, xa que non era doado loitar contra a poderosa Castela. O certo é que habería que agardar para ter unha delimitación máis concreta da fronteira hispano-portuguesa, aínda que esta fronteira política non atinxe os lindeiros eclesiásticos, que perduran sen cambios máis de dous séculos despois da independencia portuguesa.

Boa proba da imprecisión liminar móstrase co sistema defensivo de torres da raia seca, como as de Sandiás, Pena ou Porqueira e moitas outras que se sitúan –desde a perspectiva de hoxe– a certa distancia da liña fronteiriza. A raia do Miño presenta maior estabilidade desde 1169, sendo moito máis activa a construción de fortalezas neste tramo no século XVII, co fin de responder ás escaramuzas da guerra de Restauração (1640-1668) contra a coroa española dos Austrias. Mentres, os escasos habitantes da raia apenas teñen en conta a realidade política reversible dos lindeiros das dúas monarquías, e si as vinculacións de vasalaxe dos señoríos fronteirizos, atraídos polas propostas favorecedoras de privilexios que non atenden a cuestións de nacionalidade.

Chegados a este punto, temos que definir a fronteira hispano-lusa e, por tanto, a galego-portuguesa, coma unha fronteira de carácter histórico-cultural de marcado signo político e permeable pola continuidade antropolóxica e territorial. Esta fronteira de avances e retrocesos, que inciden pouco no sentir dos veciños raiotos, principia a consolidarse a fins do século XIII co Tratado de Alcañices (1297), que viña precedido doutros que pouco ou nada foran respectados (Sahagún en 1153 e Badaxoz en 1267). Mais a indefinición en determinados fondos de saco seguiría a existir, e foi esta a probable causa de nacemento do Couto Mixto, do que se falará máis adiante.

A batalla das Navas de Tolosa, en 1212, debilitou a forza do islam na península ibérica e facilitou o avance cara ao sur dos reinos peninsulares. A partir deste intre incrementáanse a política e a propaganda fronteirizas co obxecto de repoboar e facer medrar os núcleos fronteirizos. Os coutos de homiciados e a concesión de privilexios son dous dos instrumentos usados polos monarcas, que ás veces teñen que acudir a «marcar e divisar o termo entre Portugal e Galiza con homes bos dambos reinos en esta materia» (Mattoso 1987), como aconteceu en 1418 en terras da Li-

mia, onde segundo escribe o investigador Carlos G. Salgado (2011: 1) «múltiplos castelos erguíanse señoreándose ó longo daquela terra chamada Limiam», mostra da inestabilidade fronteiriza.

Os coutos de homiciados foron extensamente estudados polo profesor portugués Humberto Moreno Baquero. Na fronteira do norte de Portugal atopábanse algúns dos principais, nos cales podían vivir ceibos da cadea os reos da xustiza (que non fosen autores de delitos de sodomía, falsificación de moeda ou herexía) coas súas familias, a cambio de colonizar e cultivar terras ermas. Deste xeito, recuperáronse vilas e lugares despoboados desde tempos das *aceifas* musulmás. A repoboación con reos da xustiza foi utilizada moito despois polos ingleses, como aconteceu en Australia, e en Galicia nada contradí que fose utilizado o mesmo procedemento. Os Reis Católicos –a finais do século xv– asinan un acordo con Portugal para extraditar os malfeitores que se aproveitaban da existencia da fronteira.

No tocante aos privilexios, agás a celebración de feiras, mercados e forais outorgados a determinados lugares fronteirizos, practicouse a exención de tributos para atraer os veciños do outro lado da raia, como decretou en 1462 Afonso V de Portugal respecto aos veciños da Guarda e Tui que foran vender ou mercar a Caminha e Valença do Minho. Non debe estrañar esta fluidez entre os habitantes de alén e aquén, xa que a antroploxía e as crenzas relixiosas, os casamentos e a lingua foron comúns a ambos os lados da fronteira ata fins do século xv, e mesmo despois.

Non se pode esquecer que o Tratado de Tordesillas –asinado o 7 de xuño de 1494 entre Castela e Portugal– dividía o océano Atlántico por medio dunha liña marcada a 370 leguas ao oeste das illas de Cabo Verde, adxudicando o hemisferio occidental para Castela e o oriental para Portugal. Os Reis Católicos e João II acordan deste xeito a quen deberían pertencer as novas descubertas sobre as bases das bulas alexandrinas (Alexandre VI), mais sen intervención papal.

Esta fronteira artificial volve mostrarse como tal a partir de 1581, logo de que a dinastía dos Austrias, na persoa de Filipe II, fai valer os seus dereitos á coroa portuguesa e xura esta dignidade nas Cortes de Tomar. Deste xeito, decae a percepción de ruptura ou de fronteira entre Portugal e o resto da península ibérica, situación que perdurou ata os inicios da guerra da Independencia portuguesa, que principia en 1640 e se alonga ata 1668. Nesta xeira as poboacións raianas

sofren as acometidas e molestias propias dunha situación de guerra tanto pola presenza das forzas militares como das bandadas de familias, xogadores de fortuna e outras xentes que as seguen. A dinámica de saqueos e incursións mantívose e perdurou na guerra de Sucesión española (1703-1704), e pode afirmarse que foi desta volta cando a sensación de diferenza, de receo e de enfrontamento co «outro» se afianza máis no sentir popular, xa que a desconfianza e a presión na raia eran intensas e difíciles de soportar. O mesmo acontece cando un exército español volve invadir Portugal en 1756.

Mais non por iso a fronteira galego-portuguesa era a máis castigada. A alianza de Portugal con Inglaterra contrariou os intereses de Napoleón, quen propiciou un novo enfrontamento de España e Portugal no que deu en chamarse a guerra das Laranxas, que rematou co Tratado de Badaxoz (1801), do que se derivou a posesión de Olivença por parte de España, circunstancia que aínda hoxe mantén unha tirapuxa diplomática. A fronteira en Galicia percibía estas tensións, mais non modificaba a súa morfoloxía. Outra cuestión era a existencia cotiá de rifas entre veciños pola imprecisión existente en determinados lugares fronteirizos onde se desenvolvían aproveitamentos comúns. A evidente indefinición da fronteira tivo que ser negociada nalgúns lugares en virtude do interese mostrado polos concellos raianos, e así acontece coas demarcacións efectuadas en 1720 en Outeiro de Ferro, en 1722 en Laboreiro, en 1728 en Portela do Pau e xa nos anos 1780 e 1793 en Penedo Redondo e Ameixoeira (todas elas na bisbarra de Castro Laboreiro). En 1806, o conde de Ega informa a Ministerio dos Estrangeiros portugués sobre as dificultades que ten para demarcar a fronteira por Lindoso, onde se daba un contencioso con veciños de Lobios e Entrimo. Esta situación de confusión inzara nas terras da raia.

En 1809 os pobos fronteirizos volven sentir o peso férreo da guerra. Neste caso son as hostes imperiais do mariscal Soult as que despois de ocupar Galicia tentan pasar a Portugal por Camposancos sen conseguilo, xa que a fronteira fluvial do río Miño, o mal tempo e os exércitos portugués e inglés, así como partidas de guerrilleiros galegos, non permitiron o avance doado das forzas imperiais. As chuvias tornaran impracticables os camiños enlameados e a artillería pesada non podía avanzar, e os ríos, moi crecidos polas cheas, non permitían o vado, tendo que buscar as pontes e pasos habituais. Por se fora pouco, o pobo e os seus líderes non se achantaban á potencia esmagadora do exército francés, polo que se viron

na obriga de abeirar a fronteira ata as terras de Oímbra, na bisbarra de Verín, para penetrar polo val do río Támega en territorio lusitano, despois de derrotar as forzas portuguesas do xeneral Silveira cara ao día 9 de marzo. A fronteira física non se movía, mais puña atrancos ao invasor; os ríos e as serras lindeiras escribiron un capítulo pasivo daquela liorta, que habería de vivir un novo episodio cando o exército de Soult regresaba derrotado e eivado no número, fuxindo da cabalería combinada de Wellington e do exército luso, que o perseguiron mesmo no seu internamento en Galicia. Isto acontecía cando estaba a andar o mes de maio de 1809. Esfarrapados, famentos, medio desarmados, deixando polo camiño mortos e feridos na súa desorganizada fuxida, e tamén queimando calquera cousa que servise para quentarse e rexeitar así as friaxes da crúa primavera, atravesaron a fronteira o día 17 de maio polas estremas de Montalegre, Randín e o Couto Mixto, onde ficaron malas lembranzas polos estragos feitos, en particular no arquivo do Couto Mixto, ao espoliar a «arca das tres chaves». Duns trinta mil efectivos regresaba a terceira parte (sans uns tres mil e só un canón de cincuenta e oito que acompañara a expedición).

Anecdótico resulta o feito de que por aquelas datas, en 1812, foi desterrado don Pedro Quevedo (bispo de Ourense, presidente da Xunta de Lobeira e rexente de España). Pedro Quevedo e Quintano liderou un movemento reaccionario entre os constituíntes de Cádiz de 1812, e foron as propias Cortes as que acordaron a medida de desterro, cumpríndoa na aldea trasmontana de Tourém, pegada á raia seca. Deste xeito, o bispo ficaba fóra do territorio español, mais dentro da súa diocese, xa que os lindes eclesiásticos permaneceron inmutables ata 1881, data na que por unha bula de León XIII se axeitaron aos lindeiros políticos. En agosto de 1814, Fernando VII puxo fin ao desterro do bispo e premiouno pola súa fidelidade coa proposta da dignidade cardinalicia, que foi confirmada polo Vaticano.

O Trienio Constitucional tampouco alterou a situación da raia, salvo para ser testemuña –despois do Trienio– de fuxidas de liberais, como o Xefe Político de Ourense, D. Pedro Boado Sánchez, e outros moitos, por mor da acción do Capitán Xeneral de Galicia, Nazario Eguía, que reprimiu duramente os disidentes liberais, os cales responderon cun atentado á súa persoa. Estas fuxidas de disidentes tamén acontecían en Portugal. Así, en 1828, o marqués de Sá da Bandeira xunto a José Estevão e o desembargador Queirós internáronse en Galicia a través

do paso de Portela do Home para dirixirse á Coruña e embarcar para Plymouth camiño do exilio.

Duros episodios foron vividos na raia coas guerras Carlistas. Cando comezaron, o pretendente don Carlos acubillouse nas terras de Trás-os-Montes amparado polo seu curmán, o rei don Miguel, lugar desde onde lanzou as súas proclamas. Pablo Morillo, Capitán Xeneral de Galicia por entón, despregou o seu exército de observación ao longo da fronteira. Segundo Vicente Risco (1971), as terras da Gudiña e da Mezquita viviron con intensidade as escaramuzas desta primeira guerra Carlista.

Entre os anos 1840 e 1844 a apertura do mercado británico para os portugueses estimulou o tráfico legal de mercadorías pola fronteira, mais tamén o contrabando, especialmente de gando. Nos anos vindeiros, sobre todo a mediados de século, esta cuestión preocupaba enormemente ás autoridades dos dous reinos, xa que adquirira dimensións importantes, polo que ditaron normas favorecedoras para a súa persecución. Mais esta medida non era dabondo, xa que as doutrinas positivistas e a súa tradución codificadora aconsellaban a delimitación precisa da liña fronteiriza para finalizar con situacións confusas ou en conflito. Por esa razón, as autoridades das dúas coroas ibéricas decidiron principiar unha xeira de reunións técnicas de delimitación e negociación para acadar acordos diplomáticos que levaran ao asinamento dun tratado bilateral que rematase definitivamente cos contenciosos fronteirizos entre España e Portugal.

Na primeira metade do século XIX a fronteira galaico-portuguesa, tanto no Miño como na raia seca ourensá, parece estar ben definida na súa traza xeral, mais non son poucas as disputas territoriais que subsisten. No río Miño nacen, medran, desaparecen ou se achegan a unha ou outra ribeira illas e illotes de natureza aluvial, mercé das cheas do río, un ser vivo que mesmo muda a morfloxía da súa canle en virtude das obras executadas pola man do home como poden ser as pesqueiras, os peiraos, as levadas e outras de distinto fin. Na raia seca son as fontes, os camiños fronteirizos, os aproveitamentos consuetudinarios do territorio ou a habitación sobre a mesma raia o que altera a pacífica convivencia dos veciños.

Un dos máis sobranceiros atrancos que percibían as autoridades competentes en materia de fronteiras era a situación do chamado Couto Mixto e dos «pobos promiscuos», que paso a resumir.

2. O COUTO MIXTO

Este territorio de natureza histórica estaba formado polas aldeas de Santiago e Rubiás, hoxe encravadas no concello ourensán de Calvos de Randín, e a de Meaus, pertencente na actualidade ao concello veciño de Baltar. Polo sur, o Couto Mixto (de aquí en diante CM) lindaba e linda co concello portugués de Montalegre nas terras de Barroso en Trás-os-Montes. Segundo un documento de 1842 do Goberno Político de Ourense, consultado no arquivo do Ministerio de Asuntos Exteriores, existiu outra aldea desaparecida chamada Pena que tamén formou parte do CM, da que aínda hoxe persiste a súa memoria na tradición oral dos veciños.

A voz *couto*, segundo o *Diccionario da Real Academia Española*, fai referencia a un territorio de señorío formado por unha ou máis parroquias e dotado de certos privilexios. Así acontecía co CM, xa que aparece vinculado á casa de Bragança e máis tarde á de Monterrei, e integrado na diocese auriense con cabeceiras parroquiais en Santiago de Rubiás e Tosende (da que dependía Meaus). A orixinalidade desta entidade histórica radica precisamente nos seus singulares privilexios, que lle outorgaron unha natureza ecléctica.

Non se coñece con precisión a súa orixe, mais parece aboiar da néboa cando se consolida a nacionalidade portuguesa. O secretario da primeira Comisión Mixta preparatoria do Tratado de Lindes de 1864 aseguraba ter informacións do CM desde o ano 1300, e admítese o seu vencello ao castelo da Picoña –adiantado da casa de Bragança– por foral de don Sancho I (así o asegura o investigador João Gonçalves da Costa, 1968). O dereito de asilo do que gozou o CM lembra a institución dos coutos de homiciados, territorios habitados por reos da xustiza que na compañía da súa familia se comprometían a colonizar as terras do lugar no canto da súa liberdade. Nada se opón a que a orixe do CM tivera o alicerce nun couto de homiciados que máis tarde evolucionou.

En 1518, por mor de abusos de autoridade no CM, as coroas afectadas delegan nas casas de Bragança e Monterrei para atopar un arranxo, o que demostra xa a presenza desta última neste territorio, circunstancia que se confirma cando en 1538 se fan demarcacións de Montalegre e a Piconha seguindo a orde de João III, aparecendo o CM coa dupla dependencia señorial que xa se sinalou. Os conflitos proseguían en 1540, principiando un proceso xudicial que remata co desterro dos rexedores locais de ambos os dous lados da fronteira, aínda que o conde de

Monterrei ten que ordenar en 1611 o cumprimento das concordias acadadas anteriormente, polo que recoñece os privilexios do CM.

Nos anos 1733 e 1756 afiánzanse os privilexios dos veciños de Santiago, Rubiás e Meaus, que non se respectan en 1809 cando a Xunta de Armamento da Boullosa alista mozos do CM para loitar contra o invasor francés. O marqués de la Romana asina un decreto anulando o alistamento en base aos privilexios históricos, retornando a paz a aqueles lugares. En 1819 Portugal ratifica estes privilexios históricos en troques do recoñecemento da súa dependencia; aínda así, por acordo das dúas coroas, prohíbese o cultivo de tabaco no CM, salvo trescentos pés por veciño para consumo propio.

Este brevísimo percorrido por algunhas datas históricas para o CM vai rematar no ano 1855, ano no que se constitúe a primeira Comisión Mixta Hispano-Lusa para delimitar a fronteira, da que derivará unha segunda Comisión e outra reunión diplomática en Lisboa antes de asinar o Tratado de Lindes de 1964, en virtude do que se extinguirá o CM.

A razón da destrución desta institución histórica ten a súa base na lista de privilexios que secularmente gozaron os seus habitantes, que de forma sucinta se vai expoñer:

- a. Escolla da nacionalidade española ou portuguesa o día da voda, brindando por un ou outro rei e sinalando cun «P» ou un «E» o cuarto da casa ou o edificio enteiro segundo a opción dos contraentes. Tamén se utilizou o «G» de Galicia. As letras que definían a nacionalidade quedaban marcadas nalgún lugar da porta da dependencia ou da casa, mais debido a abusos e intromisións das autoridades de Portugal e de España decidiron borrarlas e non manifestar a súa opción.
- b. Inexistencia de obriga de dispoñer de cédulas persoais e impresos oficiais, nin necesidade de inscricións en rexistros. Do mesmo xeito, non poderían ser obrigados a participar en plebiscitos ou noutros deberes políticos de España ou Portugal.
- c. Ausencia de cargas fiscais de tipo territorial, comercial ou industrial.
- d. Exención de contribución de mozos para o cumprimento do servizo militar (exención de sangue).
- e. Exención de licenza para uso de armas de fogo, de defensa ou de caza.

- f. Dereito de asilo, con algunha excepción referida aos homicidas.
- g. Permiso para vender e mercar nas feiras e mercados da contorna sen pagar taxas nin outro tipo de licenzas. Importante a nivel comercial foi a existencia dun camiño que saía do CM e atravesaba terras galegas de Randín ata chegar á aldea portuguesa de Tourém, no que non podían ser presos os habitantes das aldeas mixtas (camiño privilexiado).
- h. Autorización para comerciar con sal mariño (procedente de Aveiro), produto básico para a conservación dos alimentos. En España foi xénero estanco ata 1868.
- i. Libre cultivo de tabaco.
- k. Autogoberno. Escollían cada tres anos entre os cabezas de familia un líder que se denominaba «xuíz gobernativo e político», que desenvolvía funcións de goberno e representación, mais tamén xurisdicionais. Era auxiliado por dous «homes de acordo» de cada aldea e tomaban decisións en forma de «concello aberto» cando se xuntaban na bancada do adro da igrexa de Santiago dos Mixtos.
- l. As concordias, privilexios, acordos e documentos importantes eran gardados nunha arca con tres chaves, custodiadas cadansúa polos homes de acordo das aldeas, aínda que o xuíz gardaba a da súa aldea. Esta arca só se podía abrir de forma solemne en presenza dos representantes das tres aldeas.

No relixioso estaban vinculados á diocese de Ourense, como se apuntou noutro lugar, o mesmo que a aldea portuguesa de Tourém e o priorado de Pitões das Júnias, sufragáneo do mosteiro de Oseira. O CM, ata a extinción dos señoríos (1834), pagou unha alcabala e outros dereitos de reminiscencia feudal ás casas señoriais das que dependía, obriga que antigamente se satisfacía con gando.

Desde o punto de vista territorial –segundo a *Interesante historieta del Coto Mixto* escrita por Delfín Modesto Brandón, un dos últimos xuíces–, o CM abrangía unhas 2695 hectáreas, das que só 850 se consideraban de boa calidade. Entre as tres aldeas mixtas xuntaban unhas 250 casas habitadas, mais outras de distinto uso nas que moraban ao pé de mil persoas no momento da súa extinción. Xunto á do tabaco, a cultura do liño, do centeo, do millo e das patacas era

a cotiá nas aldeas mixtas. A actividade comercial centrábase sobre todo na aldea de Meaus, onde se comerciaba con tecidos ingleses, las portuguesas, panos zaragozanos, chapeus e, desde 1846, tecidos de manufactura catalá. Ao devandito engadíanse mercadorías relacionadas coa ferraxaría labrega, sal mariño, gando e produtos de botica, entre outros.

A extinción do CM artellouse no contexto das reunións preparatorias do Tratado de Lisboa de 1864. Consta documentalmente que os integrantes da primeira Comisión Mixta de Límites hispano-lusa se presentaron a primeiros de xullo de 1856 na aldea de Santiago dos Mixtos. Os representantes portugueses, Frederico Leão Cabreira (presidente) e António da Silva Couvreur (secretario), propuxeron dividir o CM polo curso do río Salas (Santiago e Rubiás para Portugal e Meaus para España), mais Fidencio Bourman (presidente da sección española) derivou a decisión a unha futura reunión diplomática. En 1863 volven presentar os representantes portugueses unha proposta de reparto das aldeas que é rexeitada cos mesmos argumentos da anterior. O acordo definitivo acádase en Lisboa no seo dunha comisión diplomática que precedeu ao asinamento do Tratado de Lindes de 29 de setembro de 1864, acordo que despois de ser ratificado polos monarcas de España e Portugal foi executado en xuño de 1868. Este Tratado completouse con dous anexos asinados o 4 de novembro de 1866 e cos traballos de colocación de fitos que se recollen no «Canje de notas de 1906». Do CM quedaba en Portugal unha zona de pastos comúns coas aldeas portuguesas lindeiras cos fitos 130 a 136, mentres o resto do seu territorio quedou totalmente inserido en Galicia.

Nada recibiron os veciños do CM en troques da perda de privilexios; só aqueles que tiñan acreditada a nacionalidade portuguesa dispuxeron dun ano para decidir se manter ou non esta condición. A maioría respectou a súa opción anterior ao Tratado, mais co tempo e cos atrancos administrativos decantáronse por integrarse plenamente como españois. Deste xeito remataba o que moitos consideran o paradigma dunha república esquecida.

3. OS POBOS PROMISCUOS

Na mesma raia fronteiriza, entre os concellos de Verín e de Oímbra na provincia de Ourense e de Chaves no distrito de Vila Real, situáronse tres aldeas chamadas

«promiscuas» nas que conviviron galegos e portugueses. Algunhas das súas casas estaban construídas na mesma liña divisoria, ata o punto de ter unha porta para Galicia e outra para Trás-os-Montes, liña que pasaba por rúas, fontes, muros e outras construcións de forma precisa, quedando o casal repartido entre os dous países. Estas aldeas, Soutelinho, Cambedo e Lamadarcos, xa aparecían no tomo de João III en 1530.

A mediados do século XIX, Soutelinho ocupaba unha extensión dunhas 600 hectáreas e contaba con 80 veciños portugueses e 12 españois; Cambedo, cunhas 500 hectáreas, mantiña unha poboación de 13 veciños portugueses e 25 españois; e Lamadarcos estendíase ao longo dunhas 800 hectáreas e posuía 52 veciños portugueses e 25 españois. Así o constatou a primeira Comisión Mixta de Límites que visitou as aldeas no mes de agosto de 1856. Na primeira xuntanza da Comisión, a sección portuguesa propuxo en Soutelinho que as aldeas se adjudicasen ao país que tivera maior número de casas. Máis tarde, en 1857, o secretario António da Silva Couvreur presentou unha nova proposta, de xeito que se entregasen a España o monte Madalena, o Couto Mixto, no canto dos «pobos promiscuos», e a aldea de Rabal xunto a Mandín. Desta volta o presidente da sección española presentou a escusa de que, ao igual que no Couto Mixto, non estaba autorizado para negociar este asunto, deixándoo para a xuntanza diplomática que se habería de celebrar. Finalmente, no Tratado de Lisboa de 29 de setembro de 1864, determinouse a entrega das tres aldeas de Soutelinho, Cambedo e Lamadarcos a Portugal, cunha franxa de terreo no canto do Couto Mixto (art. 10º). Do mesmo xeito, ofrecéuselles aos veciños españois optar pola nacionalidade do seu interese no prazo dun ano (art. 27º).

4. COMISIÓNS MIXTAS DE LINDES

A constitución da primeira Comisión Mixta de Lindes produciuse en Vigo o 9 de setembro de 1955, mais non foi ata o día 2 de xuño de 1856 cando se principiaron os traballos a bordo do vapor Minho (que facía a liña fluvial de Valença a Caminha). A primeira contradición apareceu na illa Canosa ou Areinho da Castanheira respecto á súa titularidade, embora se admitise o seu aproveitamento común. Inicialmente gañaron as teses españolas, aínda que tornarían as discusións máis adiante. O seguinte punto de discusión chegou ao

tratar do grupo das illas de Verdoejo, que foran unha soa no tempo do Tratado de Utrecht en 1715, adxudicado a Portugal. Agora, en virtude das cheas, dividiórase en tres illotes. Despois da discusión, Bourman conseguiu que as chamadas Cancela e Illa Grande quedasen asignadas a España, mentres a denominada Raña Galega era asignada a Portugal. Este debate chegou a escribir virulentos episodios, xa que daquela as obras das pesqueiras alteraban claramente a canle do río, polo que se acordou dirixirse ás autoridades respectivas en demanda da súa prohibición.

Cara ao 20 de xuño de 1856 chegaron os membros da Comisión á desembocadura do río Troncoso no Miño, lugar onde haberían de comezar os traballos na raia seca ourensá. A primeira dúbida aboiou en Castro Laboreiro, no lugar comprendido entre Senhora de Anamão e Coto dos Cravos, disputado polos veciños raianos. Dous anos antes asinaron un acordo extraviado polos portugueses, e a saída logrouse colocando un novo marco entre os dous puntos mencionados. A segunda controversia formulouse no monte Madalena, onde non prosperaron os argumentos portugueses, decidindo a titularidade do monte a favor de España en base a unha orde portuguesa de 1821 en tal sentido, sinalando o lindeiro internacional polo curso do río Cabril.

Entre a vila ourensá da Xironda e a portuguesa de Santo André existía unha acesa disputa polos pastos e torgueiras da raia. Xa tentaran arranxos os gobernadores de Ourense e Vila Real en 1852 e, finalmente, a comisión acordou dividir o terreo en partes iguais. Os comisionados seguiron a verificar a raia sen problemas ata chegar ao Couto Mixto. Da negociación alí acontecida xa se falou, polo que só queda engadir que as dúas seccións consideraron aconsellable a súa desaparición polo estado «anómalo» que presentaba; mais cada unha mantiña diferente posición, ata o punto de que o secretario da delegación portuguesa, António da Silva Couvreur, cualificou a Comisión de «cadáver moribundo» ante a imposibilidade de facer valer a súa proposta.

A seguinte disputa tamén foi mencionada no seu lugar, e corresponde co que a Comisión Mixta de Límites cualificou de «irregularidade dos pobos promiscuos». Oficiosamente Bourman aceptaba a proposta portuguesa dunha «zona de defensa» que separase as aldeas da nova raia, mais oficialmente decidiu que fose a Comisión Diplomática a que tratase do asunto. Daquela solucionáranse pequenas dúbidas nos lugares coñecidos como Ponte Nova e Ponte da Azoreira.

A sesión celebrada en Chaves o 2 de setembro de 1856 asumiu, entre outros acordos, o de trocar algúns terreos, mais nunca a nacionalidade dos seus propietarios. Foi en Lisboa onde seguiron as deliberacións sen graves conflitos no referente ao Río Pequeno de Feces, Mairos, Vilarello da Cota, Arzádegos, Berrande, Terroso, São Vicente e Segirei. Mais regresaron á raia para continuar a partir do punto coñecido como Lameiro dos Pizões, entre Terroso e São Vicente, estudando os motivos das rifas fronteirizas entre veciños, que tamén se daban noutros lugares como a Fraga do Frade, Cabeza de Peixe, Pedra Negra e o Muíño do Sabugueiro. Perante a falta de acordo entre veciños, a Comisión de Límites solicitou o auxilio dunha forza armada de ambos os dous países para colocar novos marcos ata o monte Rigueiral. Antes do mes de maio de 1858 os marcos xa foran arrancados e arrombados polos montes. Tampouco Couvreur concordaba coa demarcación, que viña asesorada polos párrocos de Soutochao e Berrande, así como doutras persoas galegas e portuguesas. Por iso, o secretario da sección portuguesa principiou a mandar informes a Lisboa e a un xornal de Porto, chegando a insubordinarse co presidente da súa sección, polo que foi substituído no mes de novembro de 1857. Pouco tempo despois, tamén foi substituído o presidente da sección lusa, e no mes de agosto de 1858 tocoulles aos españois.

A segunda Comisión Mixta de Lindes reuniuse en Vigo o 5 de outubro de 1858 baixo a presidencia do español Salvador Tavira, que comunicou aos reunidos que daba por bos os traballos da primeira Comisión, decisión que non foi ratificada por parte da delegación portuguesa, que se reservou o dereito a revisala. No que si concordaron foi en principiar a traballar no punto coñecido por Cabeza de Peixe. Os traballos foron minorando e algúns dos membros desta segunda xeira foron substituídos, regresando á presidencia española Fidencio Bourman, que perdeu algunha tirapuxa ante o novo presidente da sección portuguesa Alexandre José Botelho de Vasconcelos e Sá.

Unha das primeiras dúbidas presentouse cando ían marcar o punto fronteirizo coñecido por Cruz do Carpaíño. Os veciños portugueses de Cisterna discrepaban cos galegos de Barxa, e despois de acesas argumentacións, decidiuse situalo nun lugar intermedio, malia o desacordo portugués. Deseguido discutíronse os lindeiros de Pinheiro Velho, Vilarinho de Touças e Cerdedo cos galegos de Esculqueira e Chaguazoso, onde existían acusadas diferenzas desde tempos antigos.

Bourman, contrariando a vontade dos colegas lusitanos, conseguiu trasladar a decisión á Comisión Diplomática que habería de seguir ás comisións técnicas. Repetíase así o que xa ocorrera no Couto Mixto e nos «pobos promiscuos».

O 6 de xuño de 1860, os comisionados xuntáronse na Fonte dos tres Reinos. Alí trataron do tramo comprendido entre Porto do Viño e o Penedo dos tres Reinos (actual fito 349 situado entre Moimenta e Castromil). O concello da Mezquita achegara un documento de delimitación que se baseaba en accidentes topográficos e os portugueses outros fundamentados no tomo de 1538, documentos que non foron admitidos, polo que as dúbidas son trasladadas á Comisión Diplomática que se habería de reunir en Lisboa. No lugar do Penedo dos tres Reinos finalizaba a andaina das delegacións por terras galego-lusitanas. O 16 de abril de 1863 celebrouse en Lisboa a derradeira sesión da segunda Comisión Mixta de Lindes sen dar remate definitivo ás moitas cuestións pendentes.

En decembro de 1863 principiaron en Lisboa as xuntanzas da agardada Comisión Diplomática, coa representación española de Juan Jiménez de Sandoval, marqués de la Ribera, e a portuguesa de Nuno José Severo de Mendonça Rolin de Moura Barreto, marqués de Loulé. Ambos delegaron en Facundo Goñi e Jacinto da Silva Mengo o exame da documentación das Comisións Mixtas de Límites e a formulación da proposta de Bases do futuro Tratado, tarefa que veu de ser rematada o 6 de febreiro de 1864, aínda que quedaban algúns focos por liquidar.

5. O TRATADO DE LISBOA DE 29 DE SETEMBRO DE 1864

Este instrumento xurídico internacional, tamén coñecido como Convenio de Lisboa ou Tratado de Límites Hispano-Luso de 1864, substitúe nun único documento de demarcación (artigo núm. 30º) a cantos outros de igual fin o precederon no que atinxe á fronteira desde a foz do río Miño ata a unión do río Caia co Guadiana. Consta dun preámbulo e 31 artigos, dos que seis tratan de asuntos xerais; o primeiro refírese ao tramo internacional do río Miño e ten continuidade no artigo 26, no que atinxe aos usufrutos e obras que puideran atrancar a navegación (base dun dos Anexos de 1866). Tamén resulta de interese o artigo 28, no que se refire ao aproveitamento común das augas, pontes, camiños e fontes.

No artigo 29 (base doutro dos Anexos de 1866) trátase de como deben ser os prendementos de gando, cuestión de certa importancia para as illas do río pola explotación inmemorial de pastos, evidentemente de moita máis relevancia na raia seca. Outros 13 artigos (do 2º ao 14º) son de exclusiva referencia á fronteira da raia seca ourensá, o que demostra a grande dificultade da súa demarcación.

Unha vez acordada a ratificación (artigo núm. 31º) polas Cortes dos dous países, e sancionado polos titulares das Coroas, o Tratado de Lindes entrou en vigor no mes de abril de 1866. Mais tivo de ser completado con dous novos instrumentos xurídicos internacionais, os Anexos de 4 de novembro de 1866: o primeiro é o Regulamento relativo aos ríos limítrofes entre ambas as nacións e o segundo, o Regulamento sobre prendemento de gandos. Debe terse en conta que ademais do Miño existen outros moitos ríos de menor importancia ao longo da fronteira da raia seca. No tocante ao gando, tradicionalmente foron aproveitados os espazos fronteirizos de illas, serras e montes en común.

A fronteira luso-galaica seguiu a sufrir episodios graves de violencia como, por exemplo, a partir de 1972 durante a terceira guerra Carlista, debido á profusión das partidas carlistas que se aproveitaban da proximidade da raia nos seus atropelos. Mais o tempo conseguiu pechar antigas feridas e consolidar esta fronteira, que viu rematada a súa factura lineal con outro instrumento xurídico internacional coñecido como Acta xeral de Lisboa de 1 de decembro de 1906, que materializa a demarcación do Tratado de 1864 desde a foz do río Miño ata a confluencia do río Caia co Guadiana, desenvolvendo o artigo 24 do devandito Tratado de Lindes. A acta ten o mesmo valor que se estivese contida no Tratado e está dividida en dúas partes, sendo a primeira delas a que define cada un dos 349 fitos que se sitúan na raia seca, facendo mención ao acimut astronómico de cada lado do marco e á distancia entre eles. Dos 801 marcos descritos, o 1 está situado na desembocadura do río Troncoso no Miño, situándose o resto ao longo da raia ata o 349, marcado no mesmo Penedo dos tres Reinos onde remata Galicia. A segunda parte refírese aos ríos Miño, Duero, Tuerto, Basavigas, Eljas, Tajo e Sever. É aquí onde se describe con detalle a liña internacional (por metade da corrente principal) e a adxudicación das illas do río Miño.

Nos últimos anos do século xx e primeiros do século XXI son moitas as obras públicas, estradas e pontes que se construíron achegando a miñotos, trasmontanos e galegos.

6. REMATE

Destruíd esa raya, que separa como una muralla de odio, una familia de hermanos, convirtiéndola en extranjera, y sobre las ruínas de esa muralla tended el puente por el cual se comunique y enlace el corazón de Galicia al corazón de Portugal, restableciendo la obra de Dios, que destrozaron los reyes; y haciendo que uno y otro se completen por yuxtaposición, viviendo en el porvenir como vivieron en el pasado, unidos por los lazos de la fraternidad y del amor, según conviene a pueblos de la misma raza y con la misma historia (Curros 1893).

O día 12 de xuño de 1985 asinouse no Mosteiro dos Jerónimos en Lisboa e no Palacio de Oriente en Madrid o Tratado de Adhesión de Portugal e España á Comunidade Económica Europea; en consecuencia, a partir do día 1 de xaneiro de 1986 os dous Estados pasaban a formar parte como membros de pleno dereito da CEE. Adiantándose ás previsións da Acta Única Europea e aos períodos transitorios, España e Portugal asinaron o Tratado de Schengen e o seu Convenio de Aplicación o de 25 de xuño de 1991, sumándose aos outros países que desde 1985 forman un espazo de libre circulación de persoas e mercadorías, o que na práctica se traduce na desaparición das fronteiras interiores entre os Estados asinantes. Pódese afirmar que a importancia da raia fronteiriza hispano-lusa decaeu de forma considerable con tal motivo, quedando reducida a unha liña esvaída que lonxe de separarnos, como en séculos pasados, nos achega os nosos irmáns ibéricos.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- Acta Geral da delimitação entre Portugal e España desde a foz do rio Minho até a confluência do rio Caia com o rio Guadiana assinada em Lisboa em 1 de Dezembro de 1906.* Lisboa: Imprensa Nacional, 1907.
- ARANZADI, Estanislao (1967): *Diccionario de Legislación*, «Voz fronteras», núm. de repertorio 13673 e 13675. Pamplona: Aranzadi.
- ARMESTO, Victoria (1969): *Galicia feudal*. Vigo: Galaxia.
- BARREIROS, José Baptista (1961): *Delimitação da fronteira Luso-Espanhola*, separata do distrito de Braga. Braga: [s.n.].
- BRANDÓN, Delfín Modesto (1907): *Interesante historieta del Coto Mixto, con una digresión político-social-religiosa*. A Coruña: Imprenta Tierra Gallega.

- COSTA, João GONÇALVES DA (1968): *Montalegre e terras de Barroso. Notas históricas sobre Montalegre, freguesias do concelho e Região de Barroso*. Braga: Câmara Municipal de Montalegre.
- CURROS ENRÍQUEZ, Manuel (1893): *El Correo de Celanova*, número 3.
- GARCÍA MAÑÁ, Luís Manuel (1988): *La frontera Hispano-Lusa en la provincia de Ourense, Boletín Auriense*, anexo 11. Ourense: Museo Arqueológico Provincial.
- GARCÍA MAÑÁ, Luís Manuel (1993): *Miño: ¿Existiu unha fronteira?* Vigo: Editorial Galaxia.
- GARCÍA MAÑÁ, Luís Manuel (2005): *Couto Mixto, unha república esquecida*. Vigo: Editora da Universidade / Edicións Xerais de Galicia.
- GÓMEZ SALGADO, Carlos (2011): «As cen torres da Limia. Portelam de Sanctio Iohannis: o castelo de Portela de Pena». Disponible en liña: <http://devedmar.files.wordpress.com/2011/03/a-fortaleza-de-pena-da-portela-as-torres-do-val-do-limia1.pdf>.
- MATTOSE, José (1987): «A formação de Portugal e a Península Ibérica nos séculos XII e XIII», en *Actas das II jornadas luso-espanholas de história medieval*, vol. 1. Porto: Instituto Nacional de Investigação Científica, 13-37.
- PARDO BAZÁN, Emilia (1902): «Mi patria», *El Regional*.
- REAL ACADEMIA ESPAÑOLA (2001²²): *Diccionario de la lengua española*. Disponible en liña: <http://www.rae.es/recursos/diccionarios/drae>.
- RISCO, Vicente (1971²): *Manual de historia de Galicia*. Vigo: Galaxia.

**FRONTEIRA, POLÍTICAS
DE CENTRO E PRÁTICAS
DA CULTURA: O «TRATADO
DE LIMITES» DE 1864,
O INTERESSE DOS ESTADOS
E A RESISTÊNCIA
DAS POPULAÇÕES**

Paula Godinho

Universidade Nova de Lisboa

Les anthropologues, quels que soient leurs thèmes et leurs lieux d'enquête, proches ou lointains, urbains ou ruraux, ont toujours rencontré sur leurs terrains la mise en œuvre d'une frontière, même s'ils n'y sont pas forcément prêtés attention, tellement l'évidence l'imposait.

Michel AGIER (2013)

1. ENTRE A PROPRIEDADE E A SOBERANIA*

Há 150 anos, no dia 29 de setembro de 1864, os plenipotenciários duque de Loulé e Jacinto da Silva Mengo, pelo lado português, e o marquês de la Ribera e Facundo Goñi, pelo espanhol, assinaram em nome dos reis respetivos o Tratado de Limites entre Portugal e Espanha, preparado ao longo de nove anos. Fazia-se o mesmo por toda a Europa, delineando os Estados-nação e substituindo os limites zonais mais fluidos por linhas mais exatas. O processo de determinação das fronteiras requer duas etapas a nível local: reunir informação sobre os antigos limites das aldeias e reencontrá-los no terreno. Através do pessoal técnico – militares, geógrafos, cartógrafos – procuram-se critérios históricos e geográficos para entender as disputas locais. Cumpridas estas etapas, é ao nível das chancelarias que ocorrem as resoluções, com a dissolução dos interesses locais e do discurso técnico numa lógica política central que os suplanta. As decisões importantes quanto à soberania dos dois Estados serão tomadas longe dos locais.

Em julho de 1855 tinham sido nomeados os primeiros comissários portugueses e espanhóis, engenheiros militares e homens de corte, que se encarregariam de verificar provas e títulos de pertença, recorrendo por vezes ao depoimento dos

* Trata-se de uma reformulação de um texto cujas ideias centrais foram debatidas e publicadas por José Neves *et alii* (2013). Enquadra uma investigação em curso no âmbito de um projeto, coordenado por Heriberto Cairo Carou da Universidade Complutense de Madrid, «Cooperación Transfronteriza y (Des-) Fronterización: Actores y Discursos Transnacionales en la Frontera Hispano-Portuguesa», Plan Nacional de I+D+I del Ministerio de Educación y Ciencia de España (2013-2016).

habitantes¹. Este esforço de nacionalizar o espaço local assumia nas aldeias da raia aspetos que se distanciavam da perspectiva dos centros. Ainda que a legislação centralmente produzida, na via do Iluminismo, invocasse o princípio da Razão contra os do Costume e da Tradição, os habitantes locais estavam profundamente dependentes de terrenos comunais, por vezes fruídos em comum pelos vizinhos de um e de outro lado da fronteira.

Estes terrenos «de man común» não eram meramente incultos nem exclusivamente destinados a aproveitamento florestal, quer nas aldeias galegas, quer nas portuguesas com elas confinantes. A propriedade comunal ocupava 3/4 das terras galegas e, já no século xx, constituía 2/3 de toda a terra (Soto e Fernández 2004: 225), ou seja, era essencial à vida dos povos. Os membros das comissões portuguesa e espanhola vão interpretar as reivindicações locais à luz da História, evocando de modo diferente antigos costumes, antigos direitos e tradição. Para os espanhóis, o passado próximo sobrepõe-se ao passado distante, discursivamente relacionado com vestígios medievais favoráveis aos argumentos portugueses e extintos no ascenso do liberalismo.

Examinarei neste artigo alguns dos textos preparatórios para o Tratado de Limites entre Portugal e Espanha de 1864, que se encontram em cinco caixas de madeira no Arquivo Histórico-Diplomático do Ministério dos Negócios Estrangeiros em Lisboa, e complementados por um conjunto de mapas. Aí se evidenciam os argumentos dos representantes dos Estados e os de diferentes grupos locais, bem como as modalidades de resistência utilizadas. Centrar-me-ei num conflito num troço da fronteira entre aldeias portuguesas dos concelhos de Chaves e Vinhais – São Vicente, Segirei, Sindim e Vilar Seco da Lomba – e aldeias galegas do concelho de Vilardevós – Terroso, Soutochao, Tomonte, Berrande e A Trabe – onde tenho também realizado trabalho de terreno descontínuo desde o final dos anos oitenta (Godinho 2009, Godinho 2011 e Godinho 2014).

Na segunda metade do século xix, nas aldeias galegas e do norte português, a distância em relação aos centros de poder, num tempo em que os Estados modernos não haviam ainda cuidado algumas formas de ordenação e controlo disseminados, permitia às comunidades camponesas pré-modernas grande autonomia na gestão dos seus assuntos – e às raianas, de uma forma acrescida, em «zonas de

¹ A instabilidade da comissão, devida à nomeação dos seus membros para cargos mais honoríficos, a várias enfermidades e a jogos de poder, atrasaria substancialmente os trabalhos.

refúgio» (Scott 2009, *passim*). Por sua iniciativa, criaram-se localmente formas de sobreviver que incorporavam a fronteira como recurso, que servia ao nível mínimo de organização camponês: a casa. Em torno dela delineavam-se estratégias particulares, em articulação com outros níveis, para uma maximização dos proveitos e uma minimização das perdas (Godinho 2006). A casa e a aldeia integravam unidades mais vastas para partilhar pastagens, terras, águas, instrumentos e trabalho. Houve longamente uma cultura autónoma e própria, «tradicional» e ao mesmo tempo rebelde, que resistiu em nome do costume e não estava sujeita no seu funcionamento quotidiano ao domínio ideológico dos governantes.

O processo de constituição da Comissão de Limites demonstra a divisão e as disputas entre as camadas dominantes da sociedade portuguesa, que evidenciavam fraturas, quezílias e rompimentos, com novas nomeações a ocorrerem sob um clima de intriga. Localmente, o conceito de comunidade pode ser útil para entendermos alguma uniformidade, que transparece sobretudo quando o perigo externo esbate as divergências internas. Os interesses que se jogavam eram aparentemente comuns aos grupos sociais que a etnografia detetou, comprovados nos registos paroquiais (proprietários, lavradores e jornaleiros), enquanto as contradições se agudizavam em relação aos representantes dos Estados centrais. A cultura popular é rebelde em defesa dos costumes (Thompson 1991: 19), ou seja, é o esforço para permanecer na tradição que torna o camponês médio revolucionário (Wolf 1969: 292). Os camponeses, conservadores da «tradição», podem paradoxalmente converter-se em instrumentos na dinamitação da ordem social, em reação a alterações ao seu modo de vida. Tal sucede porque são muito vulneráveis às mudanças, ressentindo-se do crescimento da população, da usurpação pelos proprietários, do pagamento de rendas e hipotecas, da perda de direitos de pastagem, de águas e de acesso à floresta. Estão igualmente muito dependentes de laços tradicionais de parentesco e da ajuda mútua entre vizinhos (Wolf 1969: 262)². Atentemos então num caso desta fração da raia em que, mesmo após a aprovação do texto do Tratado de Limites (também conhecido por Tratado de Lisboa), os conflitos não cessaram.

² Há três características da ação popular detetáveis nos episódios a analisar: (1) a *tradição anónima*, com recurso ao discurso escondido; (2) a *contra-encenação pela multidão*, com um estilo teatral perpassado pela ameaça e pela sedição, com forte carácter simbólico; finalmente, (3) a *capacidade de ação direta*, com destruição ou intimidação, pretendendo-se o êxito imediato, antes da chegada de reforços repressivos (Thompson 1991: 65).

2. PRÁTICAS DA CULTURA E RESISTÊNCIA NA FRONTEIRA

Menos de dois meses depois da assinatura formal do Tratado de Lisboa, no dia 18 de novembro de 1864, dois carabineiros espanhóis teriam ultrapassado a raia perto de Segirei, no concelho de Chaves, apreendendo os bois de um lavrador, sob a alegação de que se encontrava em território espanhol. Um dos soldados atiraria sobre um caçador, que viera em socorro do lavrador, e embora não tenha acertado, o caçador viria a ser ferido pela baioneta do sargento carabineiro, que foi preso e conduzido para Chaves. Uma outra versão afiança que o território onde se encontrava a boiada era português, pela antiga e pela nova demarcação, e adianta que o perseguido era o caçador, que se infiltrara em território espanhol para fazer caça furtivamente, pedindo a ajuda dos vizinhos de Segirei ao ser descoberto. Quando interrogado, o carabineiro atesta a intrusão do caçador e as agressões que viriam a ter lugar nas vinhas, onde um grupo de trinta ou quarenta pessoas, com algumas mulheres, atuara a golpes de machado e «pauladas, sacholadas». O carabineiro alegava ter então feito uso da baioneta. Quanto à questão dos bois, diz ser «uma fabola inventada para fins que desconhece» (MNE, s/d, caixa 1120, vs. fl. 460 e fl. 461). No auto de investigação, todos os moradores locais auscultados repetem a versão dos bois apresados e desvalorizam a não detenção dos agressores dos guardas espanhóis pelos cabos de polícia e pelo regedor. Uns, estavam ausentes; o outro, vivia longe.

Ouvido pelas autoridades, o caçador «Nada mais declarou por nada mais saber e ter enfraquecidas as faculdades intelectuais» (MNE, s/d, caixa 1120, vs. fl. 467 e fl. 468). Um outro vizinho, que também alega nada saber ou ter presenciado, por ter chegado tarde, «sabe que o motivo da desordem foi provocado por os referidos hespanhoes por descerem ao *nosso* territorio a quererem apreender o *nosso* gado» (MNE, s/d, caixa 1120, vs. fl. 468, *itálico meu*). O representante das autoridades considera impossível saber o que ocorreu, já que «da parte de huns e outros habitantes da raia, existe uma especie de conluio para desfigurar certos factos» (MNE, s/d, caixa 1120, fl. 482). Trata-se da fase adiantada de um processo cujos primeiros desenvolvimentos ocorreram nos dez anos anteriores e em que se deteta uma primeira fase de «resistência institucional» (várias petições coletivas ao rei), uma segunda com «formas intimidatórias sobretudo encenadas», dirigidas contra o presidente da comissão, e uma terceira de «ação directa», com derrube dos marcos, que tinham sido apostos antes da ratificação da decisão.

Entre as povoações galegas de Terroso, Soutocovo, Rexosende, Soutochao, Tomonte, Berrande e A Trabe, e as portuguesas de São Vicente, Segirei, Sindim e Vilar Seco da Lomba, a diferença demográfica e da qualidade dos terrenos era significativa. Do lado galego estavam os melhores solos, mas havia escassez de matos e estrumes. No termo português, até mais de 4 km da linha da raia, havia menos gente e os terrenos tinham maior inclinação, com abundância de matos e arbustos, e uma agricultura de menor escala. A necessidade de demarcar a fronteira era assumida pelos vizinhos portugueses como forma de evitar a infiltração dos aldeões galegos nesses terrenos menos vigiados. A pressão da população sobre as terras levava a uma conflitualidade desde um passado não determinado, a que nesta segunda metade do séc. XIX se pretendia pôr cobro. De um e de outro lado da fronteira, os animais apascentados, os métodos agrícolas e os produtos cultivados são idênticos. As ligações de parentesco e de vínculo ritual eram fortes e as estratégias de manutenção da propriedade no seio das famílias eram também idênticas. Como detetou a etnografia sobre a zona (Dias 1953, Lisón Tolosana 1973, O'Neill 1984, Pais de Brito 1996 e Godinho 2006), a unigenitura, com a limitação de casamentos e o encaminhamento dos filhos para alternativas distintas da criação de novas unidades de produção e reprodução, era comum em ambos os lados da fronteira, os mercados eram mutuamente concorridos e as práticas religiosas, como a missa semanal e as peregrinações a santuários afamados, cruzavam a raia. Atendendo ao crescimento demográfico do lado espanhol, o prejuízo parecia ser para as aldeias portuguesas. Este argumento não desmente a existência de casamentos mistos e formatos de residência após o matrimónio que haviam preferido o lado espanhol.

As rixas entre os habitantes de São Vicente e os de Terroso, bem como de Segirei com Souto Chão e Berrande, acerca dos termos respetivos, eram frequentes, usando a fronteira como argumento acrescido. O presidente português da Comissão, Leão Cabreira, num ofício dirigido ao marquês de Loulé em 9 de junho de 1857, queixa-se do abade de Berrande, D. Ruperto Balbis, como instigador dos galegos da região (MNE, s/d, caixa 1120, fl. 376 e vs.), e sugere o seu afastamento do cargo, alegando que os abades galegos têm muita influência nos ânimos populares. O representante espanhol, D. Fidencio Bourman, fizera chegar um ofício às mãos do chefe da delegação portuguesa, Leão Cabreira, na semana seguinte, em 16 de junho, referindo o conflito. Ouvidos os habitantes de Terroso, dá conta

dos ânimos insubmissos dos habitantes de São Vicente em face da demarcação da fronteira e da aposição de marcos (MNE, s/d, caixa 1122, fl. 561).

Por porem em causa os interesses das populações locais, as resoluções da Comissão viriam a ser contestadas quanto a Segirei, São Vicente e Avelada. Mais, a aposição dos marcos antecedeu a aprovação do próprio Tratado, ainda numa fase de negociação. Como os ânimos na raia estavam exaltados, a Comissão considerou conveniente fazer-se acompanhar de uma força militar de quinze baionetas de ambos os lados quando aí se dirigisse para implantar os marcos acordados, e para evitar atropelos, as duas forças deveriam permanecer nos locais depois dos trabalhos aí realizados (MNE, s/d, caixa 1120, fl. 341). Leão Cabreira, presidente da Comissão pelo lado português, devido à sua excessiva cordura face às pretensões espanholas, teria de ser evacuado sob escolta para Vinhais perante os ânimos alterados dos vizinhos das aldeias visadas. Os restantes membros da Comissão não foram alvo de qualquer retaliação.

Atendendo a que esses terrenos haviam continuamente sido causa de inúmeras contendas entre os povos raianos, a Comissão resolve desviar-se da norma adotada:

Quando por entender de seus membros se encontrem indicações topographicas que assim o aconselhem para se formar uma linha divisoria mais estavel, natural e conveniente, procurando manter a hespanhoes e portuguezes o gozo de suas respectivas propriedades em cambiar de terreno sempre que isto seja possivel sem notavel infracção da norma estabelecida (MNE, s/d, caixa 1120, fl. 339).

Na acta da reunião nº 40 da Comissão Mista, realizada em Verín em 6 de junho de 1857, existe uma nota que condescende neste caso (MNE, s/d, caixa 1120, vs. fl. 366), o que explica a disposição em ziguezague dos marcos, devida aos atropelos entre a demarcação da raia e da propriedade.

A nível local, são sobretudo disputados os terrenos comunais, e seria aí que os marcos viriam a ser derrubados um ano depois da delimitação, ou seja, em maio e junho de 1858. Em Segirei foram todos lançados por terra e, quando inquiridos pelas autoridades, os habitantes alegaram que os responsáveis seriam do concelho de Vinhais ou caminhantes. Perante os marcos destruídos, que resultam da resistência local a uma demarcação da qual as populações discordavam por ficarem privadas dos matos e estrumes, não tendo todavia força suficiente para se fazerem ouvir de outro modo, a preocupação das autoridades centra-se na punição dos

culpados, se bem que «ninguem ficou indiciado por falta de prova: visto que o arrancamento se ter [levado a cabo] escondidamente, e talvez, de noute, e assim ficou oculto o seu author» (MNE, s/d, caixa 1120, vs. fl. 426).

Para a clarificação da fronteira entre São Vicente e Santa Cruz de Terroso, procedeu-se à alteração da situação de alegada promiscuidade das terras possuídas de um e outro lado da fronteira através da aprovação de uma proposta pela Comissão em 1-7-1857, no sentido de:

Que as duas Secções propuzessem com toda a instancia aos seus respectivos governos que dentro de um ano podessem os proprietarios dos bens rusticos, divididos pela linha de raia, trocar entre si (de Nação a Nação) estas propriedades livres e desembaraçadamente de quaesquer direitos, assim como promoverem a facilidade de se passar de um a outro reino o gado perciso ao fabrico das Terras que os de um paiz possuem em outro, e de um modo que não sirva de abrigo ao contracto illicito do contrabando (transcrito por Barreiros 1962: 40).

Esta concessão da Comissão não viria a ser consensual. Invocava os interesses dos dois Estados, que se centravam na soberania, enquanto localmente eram a posse e a propriedade que constituíam o cerne da questão.

Entre a propriedade e a nacionalidade, é frequente que as populações locais queiram fazer triunfar aquela, ajustando-lhe esta. Na perspetiva estatocêntrica, ao invés, é o princípio da nação que deve triunfar. Esta soberania colide frequentemente com a propriedade nas zonas de fronteira, o que explica o traçado zigzagueante em alguns troços. Se a primeira pressupõe um nível identitário entre um *eu* abrangente e um *nós* coletivo, a segunda pressupõe uma apropriação, um *meu* face a um *teu*, susceptíveis de utilizar a seu favor a dicotomia anterior³. Nas caixas com a documentação utilizada pela Comissão de Limites portuguesa desempenha um importante papel o detalhado levantamento matricial das terras da raia, que inclui o nome do proprietário, o tipo de prédio, sua designação, confrontações – norte, sul, nascente e poente –, bem como um conjunto de observações. Já no arquivo do Ministerio de Asuntos Exteriores em Madrid, não existe

³ Cabe, todavia, uma precisão que tem a ver com a forma como, na raia, a propriedade mudava de dono; quando o responsável da delegação espanhola da Comissão, Bourman, propõe manter aos vizinhos raianos a sua propriedade – ou seja, quando propõe sujeitar a linha de fronteira à marcação dos prédios para a nação dos donos – a instabilidade é grande, atendendo à venda recorrente de terras (MNE, s/d, caixa 1120, fl. 325).

igual pormenorização, sinal do peso diverso conferido ao aspeto mais localizado na demarcação da fronteira.

Como lembra Peter Sahlins para a fronteira entre a Espanha e a França, na Cerdanya, o território nacional serve para a definição da nacionalidade e a oposição local vai exprimir-se através da percepção que os habitantes locais têm das diferenças culturais e nacionais (Sahlins 1996: 273). Quando o acordo começa a ser posto em prática no terreno, as mesmas populações que clamavam por maior clareza nos limites, que sentiam lesados, vão parecer menos interessadas em encontrar uma solução para as suas disputas do que os governos centrais. Os seus protestos tornam-se audíveis e visíveis, já que as soluções encontradas podem parecer-lhes piores do que a situação anterior, fazendo emergir conflitos e rivalidades entre as populações vizinhas ou dirigidas contra os marcos colocados pelos delegados dos estados centrais.

A disputa aqui aludida seria superiormente dirimida. Em aditamento a um ofício confidencial, de 15 de abril de 1865, da Secretaria de Estado dos Negócios do Reino dirigido à Relação do Porto, o processo é anulado e são soltos os que, por virtude dele, se achem presos (MNE, s/d, caixa 1120, fl. 506)⁴. Mas mesmo após a assinatura do tratado, ainda por ratificar, a situação nesta zona da fronteira não era pacífica. Em 20 de maio de 1866 ocorre nova apreensão de gado por carabineiros espanhóis, desta feita na aldeia barrosã de Santo André, na serra de Larouco (MNE, s/d, caixa 1122, fl. 226 e vs.). Esta atuação dos carabineiros, alvo de denúncias variadas, era sempre desculpada pela falta de clareza da demarcação fronteiriça. A manipulação da identidade nacional, quando está em jogo o tratado de demarcação, é banida sempre que se afigure necessária à defesa dos interesses locais, sob a lógica larga da «comunidade» que obscurece o interesse das

⁴ Foi mesmo alvo de uma decisão real de 12 de abril de 1865: «[...] devendo concluir-se, em virtude das informações obtidas com respeito ao terreno onde se deu o mencionado conflito, que é, pelo menos, duvidoso se tal terreno pertence ao territorio portuguez ou ao territorio hespanhol; e sendo muito conveniente, por um lado, manter as boas relações que existem entre as nações portugueza e hespanhola, e por outro lado evitar quaesquer difficuldades que possam vir embarçar a conclusão do Tratado de limites que se projecta entre Portugal e Hespanha: Manda o Mesmo Augusto Senhor que o Procurador regio junto á Relação do Porto dê ao delegado na comarca de Chaves as ordens e instrucções necessarias para que, desistindo dos processos formados, a requerimento do Ministerio Publico, por taes acontecimentos, promova com toda a brevidade na conformidade das leis, e com o fundamento na incompetencia de juizo, a annullação dos mesmos processos, e a soltura dos individuos que por tal motivo se acharem presos: cumprindo que o sobredito Procurador regio dê logo conta por este Ministerio de tudo quanto occorrer acerca d'este importante objecto, para os effeitos devidos» (MNE, s/d, caixa 1120, fl. 508).

unidades domésticas. Uma concomitante «nacionalização do local» e «localização do nacional» torna-se coetânea de um conjunto de meios que as comunidades e as elites têm ao seu dispor para definir a sua identidade e que não devem ser menosprezados. Assim, ainda que não aspirando ao estatuto de cidadão nacional, sem ambiguidades, tanto mais que a indefinição eventualmente jogava a seu favor, os camponeses e as elites locais puderam enquadrar a identidade nacional como fundamento do interesse local, constituindo-a como representação tão legítima como a associada à pertença às comunidades locais.

3. OS DE BAIXO: RETÓRICA PATRIÓTICA, INTERESSE LOCAL E ESCAPISMO

As lutas pelos limites entre os povos podem incluir na sua agenda a demarcação da fronteira entre países. Associando o localismo à propriedade, as populações locais tentam influenciar o traçado no sentido de conseguir os seus propósitos na fruição de determinadas terras de interesse para si, para as formas de reprodução local e das respetivas famílias ou «vizinhos», usando frequentemente o «uso» ou «costume» para justificar as pretensões. A auto-percepção desvantajosa dos moradores deste mundo rural da fronteira incluía práticas, expectativas herdadas e regras, que não só impunham limites aos usos como revelavam possibilidades, normas e sanções, tanto da lei como das pressões da vizinhança. Cada grupo tentava maximizar as suas vantagens, aproveitando os costumes do outro (Thompson 1991: 90), com direito de uso e desfrute por parte de uma determinada população, abrangendo este último termo exclusivamente os que possuem casa e pagam tributos. Os usos ligam-se aos direitos de um dado lugar e não a uma pessoa, independentemente do seu lugar. O direito comum estava associado à residência, era direito local e excluía estranhos, em cuja categoria se incluem, neste caso, os vizinhos do outro lado da fronteira. A identidade nacional foi uma máscara estratégica, com uma retórica patriótica a encobrir interesses locais, individuais ou coletivos, igualmente em oposição à tendência centralizadora e à autoridade estatal.

Mais do que desincentivar os conflitos entre aldeias, as autoridades de ambos os países tendem a promovê-las, direta ou indiretamente. As resoluções tomadas quanto a Segirei, São Vicente e Avelada, ao porem em causa os interesses das populações locais, viriam a ser contestadas, tanto mais que a aposição dos marcos

antecedeu a aprovação do próprio tratado, correspondendo ainda a uma fase de negociação.

Os Estados não impõem unilateralmente a nação ou uma fronteira, já que a divisão fronteira acabará por ser integrada paulatinamente por cada comunidade, esbatendo uma anterior «zona de refúgio» (Scott 2009). Ao contribuírem para apagar a distinção entre território comunal e território nacional, as comunidades camponesas diluíam aquilo que as distinguia do próprio Estado. Quando reclamam uma identificação nacional, definem-se por oposição às outras, todavia próximas, deixando campo aberto para a circunscrição dos limites das nações. A identificação nacional na fronteira é realizada sem sacrificar os interesses locais e particulares, nem pôr à margem o sentido mais localizado de pertença.

Num período de transição entre as formas de organização do Antigo Regime, ainda prevaletentes na prática ou na memória dos habitantes desta zona da raia, e a modernidade, com o cessar de tributos feudais e uma perseguição acrescida a modalidades de fruição comunal das terras, os acordos na fronteira e o Tratado que lhes dará corpo permitem uma leitura do apossamento da propriedade agro-pastoril comunal. Os pastos comuns e os baldios em geral eram considerados obstáculos ao desenvolvimento da agricultura, e os Estados liberais perseguiram as terras comunais e o seu aproveitamento pelos vizinhos. No caso galego, esses baldios eram doutrinariamente incompatíveis com a propriedade privada perfeita napoleónica e com aquilo que, de forma hegemónica, entendem por mercado (Soto e Fernández 2004: 225)⁵. O liberalismo oitocentista pugnava pela sua divisão pelos vizinhos de cada lugar em aforamento perpétuo, impedindo os sorteios anuais que faziam circular os terrenos e que os distribuía pelas casas mais carenciadas, através de um princípio de equidade assente no aleatório⁶. Por outro lado, procedia à transferência da sua administração para fora da alçada dos habitantes das aldeias, colocando-os sob a égide das Câmaras Municipais. Quer na Galiza, quer nas aldeias de

⁵ O monte comunal na Galiza, conhecido por «montes veciñais en man común», não pertencia aos concellos, ao contrário do que sucedia no resto do Estado espanhol. A organização municipal só se desenvolveria na Galiza no último terço do séc. XIX. Os baldios eram geridos pelos vizinhos que residiam num dado lugar, não podiam ser herdados ou vendidos, e constituíam propriedade privada coletiva, sem qualquer instituição pública que os administrasse (Soto e Fernández 2004: 225).

⁶ Com grande afã homogeneizador, as cortes de Cádiz não respeitaram esta particularidade galega e assimilaram a referida forma de propriedade ao monte municipal, ainda que, na prática, semelhante situação não tenha tido reflexos, já que os vizinhos continuaram a fruir e gerir as terras comunais (Soto e Fernández 2004: 225).

Trás-os-Montes e do Minho, que reagiram também à demarcação dos limites pelo Tratado, a distância entre a legislação e as necessidades locais era incomensurável, reagindo as populações em conformidade.

Como fora e seria corrente ao longo da história nesta zona, utilizou-se a bandeira da nação para conseguir minorar os danos ou para aumentar os benefícios. Atendendo à incorporação da propriedade comunitária nas formas de reprodução por parte das unidades de produção, não serão as fronteiras nacionais que merecem contestação, mas antes a perda do acesso a recursos comuns ou aos usos comuns sobre a propriedade privada, por um lado, e a tentativa de fazer coincidir os limites da propriedade com os da soberania, por outro. A elasticidade da fronteira é mais um recurso nas estratégias das casas, organizadas neste contexto em comunidades, sendo corrente emergir uma retórica nacional nas rixas entre populações de aldeias vizinhas.

As comunidades, como conjuntos de casas sempre a concorrerem por idênticos objetivos e a cooperarem estritamente na medida em que se necessitam para os atingir, só lograriam o sentido coletivo que ultrapassasse o interesse imediato da economia doméstica com o imperativo de constituir uma frente face a ameaças exteriores por parte de uma aldeia vizinha, de um senhor ou do clero. É assim que podemos compreender a vasta lista de ápodos inter-aldeias, os desafios rituais ou os roubos entre povoações, com a auto-definição a requerer uma antítese e cada identificação uma contra-identificação, através de expressões que dependem da existência do outro.

A comunidade local, na linguagem da zona dita «o pobo», forja-se na rejeição dos outros, e a inclusão da nação como argumento torna-se um prolongamento dos diferendos locais, trazendo a «nação até à aldeia e a aldeia à nação» (Sahlins 1989: 302). A compreensão da definição de limites exige, neste quadro, o entendimento da ligação entre as identificações grupais, nacionais, de género, à distinção e à diferenciação que resultam da emergência de uma linha delimitadora entre duas entidades coletivas marcadas por forte poder coercivo. O conflito entre as visões de centro e as locais pode em certos momentos ser apaziguado ou banido, irmanando provisoriamente os interesses do centro e da periferia.

Uma longa vida em comum torna bem real – apesar da diferenciação interna, que não se desmente – a construção de uma comunidade na linha de Tönnies. O bilinguismo ou o trilinguismo contribui para a continuidade deste fenómeno

devido à miopia estatal dos Estados pré-modernos. Com grande habilidade, os membros espanhóis da Comissão de Limites remetem para as negociações políticas entre os governos centrais todos os casos que localmente se revelavam litigiosos, sabendo quão insignificantes essas questões se converteriam a esse nível, como se torna claro no discurso do embaixador português junto da corte madrilenha. Ou seja, tal como sucedera na Cerdanya, em face das reivindicações das populações, os comissários vão endossar o caso para as chancelarias, escusando-se com uma posição de meros delimitadores no terreno e assumindo que a decisão será política e não técnica.

Os habitantes de São Vicente da Raia, Segirei e Aveleda resistiram violentamente à aposição de marcos antes da aprovação nas Cortes do texto do Tratado de Limites. Não haviam sido ouvidos quanto a essa delimitação e reagiram tempestuosa e continuamente, chegando a prender os carabineiros prevaricadores, libertados por decisão régia na sequência da assinatura do Tratado, a bem da paz entre as nações. Os aldeões confrontavam-se, desse modo, com a insignificância dos seus interesses num nível centralizado, ainda que localmente fossem entendidos como vitais. Nos documentos da Comissão é evidenciada a dicotomia entre o discurso explicativo e a prática, inserida numa época, com o seu olhar estatocêntrico, em que os indivíduos são vistos em abstrato e estandardizados. A fronteira é o ponto onde a soberania dos territórios nacionais encontra a sua expressão. Nesta conjuntura, era crucial evitar que as relações políticas e diplomáticas entre Portugal e a Espanha fossem constantemente ameaçadas por conflitos locais.

REFERÊNCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- AGIER, Michel (2013): *La condition cosmopolite. L'anthropologie à l'épreuve du piège identitaire*. Paris: La Découverte.
- BARREIROS, José Baptista (1961-65): «Delimitação da fronteira luso-espanhola», em *Separata d'O distrito de Braga*, 12 fascículos.
- BRITO, Joaquim PAIS DE (1996): *Retrato de aldeia com espelho*. Lisboa: Publicações D. Quixote.
- DIAS, António Jorge (1981[1953]): *Rio de Onor, comunitarismo agro-pastoril*. Lisboa: Presença.
- GODINHO, Paula (2006): *O leito e as margens. Estratégias familiares de renovação e situações liminares em seis aldeias do Alto Trás-os-Montes raiano (1880-1988)*. Lisboa: Colibri.
- GODINHO, Paula (2009): «Entre Chaves e Verín: da fronteira útil à fronteira fútil», em Eusébio MEDINA MEDINA / Javier MARCOS (eds.), *Fronteras, Patrimonio y Etnicidad. Procesos de Construcción de la Identidad en Iberoamérica*. Badajoz: Universidad de Extremadura.

- GODINHO, Paula (2010): «Discursos palacianos e resistências locais: o Tratado de Limites entre Portugal e Espanha de 1864», em Paula GODINHO / Heriberto CAIRO / Xerardo PEREIRO (coords.), *Portugal e Espanha. Entre discursos de centro e práticas de fronteira*. Lisboa: Colibri.
- GODINHO, Paula (2011): *Oír o galo cantar dúas veces. Identificacións locais, culturas das marxes e construción de nacións na fronteira entre Portugal e Galicia*. Ourense: Deputación Provincial de Ourense.
- GODINHO, Paula (2013): «Usos e direitos comuns, resistência e zonas de refúgio: os povos e os Estados na delimitação da fronteira entre Portugal e Espanha no séc. XIX», em José NEVES (org.), *Da Economia Moral da Multidão à Arte de Não Ser Governado - E. P. Thompson e James C. Scott na Ibéria*. Castro Verde: 100Luz, 19-37.
- GODINHO, Paula (2014): «Re-signification of the past in the northern Portugal/Galicia border: amenity, heritage and emblem», em Katarzyna STOKLOSA / Gerhard BESIER (orgs.), *European Border Regions in Comparison – Overcoming Nationalist Aspects or Renationalization?* London: Routledge, 149-168.
- LISÓN TOLOSANA, Carmelo (1973): *Ensayos de antrología social*. Madrid: Editorial Ayuso.
- MINISTÉRIO DOS NEGÓCIOS ESTRANGEIROS (s/d): *Limites com a Hespanha*, caixas 1118 a 1124. Lisboa: Arquivo Histórico-Diplomático.
- MINISTÉRIO DOS NEGÓCIOS ESTRANGEIROS (1855): *Acta da Instalação da Comissão Mista de Demarcação de Limites entre Hespanha e Portugal*. Ministério das Obras Públicas, Gabinete do Ministro.
- O'NEILL, Brian (1984): *Proprietários, lavradores e jornaleiras*. Lisboa: Publicações D. Quixote.
- SAHLINS, Peter (1996 [1989]): *Frontières et identités nationales. La France et l'Espagne dans les Pyrénées depuis le XVIII^e siècle*. Paris: Belin (prefácio de Bernard Lepetit).
- SCOTT, James (1985): *Weapons of the weak. Everyday Forms of Peasant Resistance*. New Haven and London: Yale University Press.
- SCOTT, James (1990): *Domination and the arts of Resistance- Hidden Transcripts*. New Haven and London: Yale University Press.
- SCOTT, James (2009): *The Art of Not Being Governed*. New Haven and London: Yale University Press.
- SOTO FERNÁNDEZ, David / Lourenzo FERNÁNDEZ PRIETO (2004): «Política florestal e conflictividade nas terras comunais de Galicia durante o Franquismo (1939-1975)», em Dulce FREIRE, Inês FONSECA e Paula GODINHO (coords.), *Mundo Rural. Transformação e Resistência na Península Ibérica (Séc. XX)*. Lisboa: Colibri, 225-250.
- THOMPSON, Edward Palmer (1991): *Customs in Common* [trad. brasileira *Costumes em Comum*, São Paulo, Companhia das Letras, 1998].
- WOLF, Eric (1969 [1973]): *Peasants wars of the twentieth century*. London: Faber.

**PERCEPCIÓN E ACTITUDES
LINGÜÍSTICAS NA FRONTEIRA
GALEGO-PORTUGUESA.
UNHA APROXIMACIÓN Á
PERSPECTIVA OURENSÁ**

Irene Santos Raña

Instituto da Lingua Galega

Universidade de Santiago de Compostela

Soraya Suárez Quintas

Instituto da Lingua Galega

Universidade de Santiago de Compostela

1. INTRODUCCIÓN*

O obxectivo desta contribución é aproximármolos desde as coordenadas da Dialectoloxía Perceptiva, unha rama dos estudos sobre a variación diatópica que se centra nas percepcións e actitudes dos falantes sobre a lingua, ao coñecemento lingüístico dos falantes dunha zona de fronteira de especial interese no dominio galego: a área sur da provincia de Ourense próxima ao territorio de fala portuguesa. A conciencia lingüística dos usuarios pode analizarse aplicando diversas metodoloxías, como o deseño de mapas nos que os informantes plasman as súas intuicións sobre a distribución xeográfica das variedades, o estímulo do discurso metalingüístico dos falantes a través da entrevista dirixida ou o emprego de cuestionarios de resposta pechada. A recollida de datos que resulta da aplicación dalgún destes procedementos procura indagar sobre dúas perspectivas moi próximas, unha que revisa a percepción sobre as variedades dialectais e outra que analiza as avaliacións feitas sobre esas variedades.

Na realización deste traballo aplicamos o modelo de entrevista dirixida para investigar nos elementos de variación lingüística percibidos polos falantes e nos xuízos avaliativos que eles van construíndo en relación coa variación lingüística no espazo. Para precisarmos máis, sendo a dita variación o albo de análise, as preguntas que forman parte do cuestionario empregado na investigación de cam-

* Este traballo realizouse grazas ao financiamento recibido do Ministerio de Educación, Cultura y Deporte a través de dúas bolsas de colaboración durante o curso académico 2012-2013. Queremos expresar o noso agradecemento á profesora Rosario Álvarez Blanco por ternos suxerido, aínda como estudantes, a idea de participar no Simposio ILG 2013 «Lingua e identidade na fronteira galego-portuguesa», así como lle agradecemos que nos puxese en contacto co profesor Xulio Sousa. A Xulio Sousa Fernández debémoslle toda a información que nos foi achegando, as súas revisións do noso traballo e máis o seu apoio constante. Ademais, queremos expresar a nosa gratitude a Raquel Vila Amado polo asesoramento que nos proporcionou case acotío. En calquera caso, os erros son responsabilidade única das autoras. Non queremos pechar a epígrafe dos agradecementos sen lembrar a cada un dos informantes que nos atendeu de tan bo grado ao pé das súas casas.

po non se restrinxen á fala propia de cada informante, senón que se lles presta especial atención ás reflexións sobre a lingua e as variedades faladas noutras áreas. Neste caso, os informantes pertencen a unha franxa territorial fronteiriza de Ourense con Portugal.

Para asentar as bases desta pequena investigación, consideramos acaído citar as reflexións de Dennis R. Preston sobre as liñas mestras da Dialectoloxía Perceptiva. Trátase de pautas de análise que contemplan as crenzas, o coñecemento lingüístico, as opinións determinadas pola percepción e as actitudes dos falantes, entre outros elementos:

- 1) beliefs concerning the geographical distribution of speech;
- 2) beliefs concerning standard and affectively preferred varieties of language;
- 3) the perception of degrees of difference between a local variety and surrounding varieties;
- 4) imitations of features of other varieties; and,
- 5) anecdotal accounts of how such beliefs and strategies arise and persist.

(Preston 1989: 4, *apud* Ferreira 2004: 99)

Neste traballo intentamos indagar no espazo xeolingüístico antes sinalado sobre cuestións que están vinculadas cos enunciados 1), 2) e 3). Consonte a isto, vimos dar conta da análise do material lingüístico que recollemos no traballo de campo centrándonos nas actitudes e percepcións sobre as linguas nun contexto de contacto entre habitantes das dúas bandas da fronteira. O obxectivo fundamental é suscitar nos informantes o discurso metalingüístico persoal para coñecermos as súas intuicións e actitudes verbo das linguas e das variedades empregadas no espazo estudado. Ademais, dado que as reflexións lingüísticas son indisociables das sociolingüísticas, explotamos os datos recollidos non só para identificar que elementos lingüísticos e extralingüísticos destacan na identificación dunha variedade como distinta da propia, senón tamén para salientar aquelas particularidades que participan na configuración da noción de comunidade.

2. METODOLOXÍA

O corpus de datos empregados neste estudo está composto por vinte e unha enquisas, realizadas noutras tantas aldeas do sur da provincia de Ourense. As mostras

pertencen, polo tanto, a vinte e unha localidades rurais dos concellos de Lobios, Muíños, Calvos de Randín, Baltar, Cualedro, Monterrei, Oímbra, Verín e Vilardevós; todas elas de menos de 400 habitantes (ver Anexo 1). Aínda que na maior parte destas entidades municipais se realizaron dúas entrevistas, nos concellos de Calvos de Randín, Monterrei e Verín efectuáronse tres (no primeiro caso, pola facilidade para atopar alí un informante que realizase a gravación de proba; nos outros, por tratarse dos dous concellos que contan con maior número de habitantes).



Imaxe 1. Puntos de enquisa

A selección dos puntos de enquisa realizouse atendendo a criterios xeográficos e demográficos. Inicialmente, estableceuse unha área de traballo para delimitar a distancia máxima das localidades seleccionadas con respecto á fronteira administrativa. Con posterioridade, escolléronse en cada concello dúas aldeas, a de máis e a de menos habitantes, tendo sempre en mente o límite das 400 persoas. Fixemos un par de excepcións a esta regra nos concellos máis grandes, Verín e Monterrei, onde realizamos unha terceira entrevista nunha aldea cun número de habitantes intermedio entre a máis e a menos poboada. Do mesmo xeito, dado que houbo unha gravación de proba, os datos do concello de Baltar tamén remiten a tres puntos de enquisa.

A recollida dos datos realizouse entre o 21 de decembro do 2012 (data na que se levou a cabo a gravación de proba¹ para comprobar se o cuestionario cumpría cos obxectivos marcados) e o 29 de marzo do 2013. Decidimos centrarnos na

¹ Esta gravación de proba, que finalmente incluímos no corpus de datos estudado, realizouse en San Paio (Baltar).

busca dun informante de perfil clásico nas investigacións dialectais: maior de 60 anos, cun nivel de estudos non moi alto e, a poder ser, con escasa mobilidade xeográfica. Para a selección dos enquisados preferimos aqueles que levaban polo menos máis da metade da súa vida residindo na localidade seleccionada. Ademais, guiámonos por un criterio de paridade de xénero, buscando en cada concello representación feminina e masculina.

O noso estudo baseouse no emprego dunha metodoloxía mixta, que permite atender tanto ao plano cualitativo como ao cuantitativo, polo que no proceso de recollida de datos se combinaban preguntas dos dous tipos. Con todo, é preciso sinalar que a análise que presentamos se centrou fundamentalmente nos datos cualitativos, xa que o tipo de cuestionario empregado facilita a obtención de información desa natureza. Aínda que as preguntas estaban encamiñadas a revisar cuestións perceptivas e actitudinais aparecía tamén información persoal, cuestións sociodemográficas e informacións de carácter etnográfico.

No eido da información de carácter persoal interesábanos especialmente conseguir datos que nos permitisen coñecer o grao de mobilidade xeográfica do enquisado, xa que este determina en boa medida a súa consciencia e coñecemento da variación lingüística. Por iso, colocamos cuestións relacionadas coas profesións desempeñadas polos informantes e os lugares nos que residiran durante a súa vida. Ademais, intentamos indagar sobre a procedencia e profesión das persoas coas que cada informante estivo máis en contacto. Centrámonos nos grupos dos seus familiares máis próximos e das persoas coas que tiñan algún tipo de relación laboral, intentando recoller deste xeito información sobre a súa comunidade. Procedendo desta maneira, buscábase coñecer se existía contacto con usuarios doutras variedades dialectais.

As preguntas sobre aspectos sociodemográficos interesábanos para recadar información acerca das relacións mantidas entre un e o outro lado da fronteira, co fin de determinar a profundidade do contacto lingüístico e cultural entre galegos e portugueses. Por este motivo, recolleemos preguntas como *¿A xente de aquí ten moito trato con portugueses?* ou *¿Veñen algúns portugueses comprar, traballar ou casar aquí?* Con este tipo de cuestións pretendiamos descubrir o nivel de coñecemento sobre a realidade e a lingua portuguesa que posuían os nosos informantes.

Finalmente, antes de realizar as preguntas do ámbito perceptivo, propuxéronse cuestións de carácter etnográfico, xeralmente relacionadas coa mata do porco ou con diferentes traballos colectivos propios da sociedade tradicional galega (a malla, a recollida das colleitas, etc.). Coa introdución dalgún destes temas, dos que os informantes adoitaban posuír un coñecemento pleno, pretendíase provocar que se sentisen máis cómodos e seguros durante a realización da enquisa.

3. A IDENTIDADE LINGÜÍSTICA PROPIA. IDENTIFICACIÓN DO FALANTE COA SÚA VARIEDADE DE LINGUA

Co fin de reconstruír a idea sobre a identidade lingüística que teñen os nosos informantes revisamos, como declaramos en §1, dúas perspectivas de análise da Dialectoloxía Perceptiva, a avaliativa e mais a xeográfica. Por unha parte, a perspectiva avaliativa sérvenos para facer emerxer as impresións de corrección e agradabilidade sobre a variedade propia e sobre a empregada por outros falantes. Pola outra, a perspectiva xeográfica céntrase en estudar as opinións dos falantes sobre a variación determinada polo espazo.

3.1. A perspectiva avaliativa da corrección combinada coa perspectiva xeográfica

Os xuízos valorativos típicos que se descubren nos estudos de dialectoloxía perceptiva céntranse na análise do grao de agradabilidade e corrección que os falantes lle apoñen a cada variedade lingüística sobre a que se inquire ou a cada colectivo identificado cunha variedade lingüística. Aínda que a agradabilidade e a corrección son os elementos máis recorrentes nas nosas entrevistas, seguindo o modelo de Ferreira (2004: 78), tamén temos noticia de que estes indicadores se complementan con avaliacións sobre o dinamismo das linguas, o seu valor social ou o grao de diferenza da lingua do informante con respecto a outra, unha cuestión sobre a que reflexionaremos máis adiante.

Nas nosas enquisas tratamos de revisar que relación existe entre os xuízos de corrección e a identidade lingüística dos entrevistados, partindo da consideración de que unha das vías de delimitación da identidade propia é a da identificación contrastada ou en oposición a outra comunidade. Para obtermos información so-

bre as consecuencias da conxunción entre identidade e corrección establecemos a comparación entre a variedade propia e as variedades doutros lugares de Galicia preguntándolle a cada un dos nosos informantes *¿Onde cre que se fala mellor o galego?* (ver Anexo 2).

Ante esa cuestión é recorrente entre os informantes unha primeira reacción de dúbida. Baixo o noso punto de vista, as reaccións deste tipo poden estar interferidas pola idea de non se consideraren con autoridade suficiente para opinar sobre a cuestión. Para ilustrarmos as reservas dos informantes servímonos dalgunhas respostas:

Pois non o sei. Eso tería que ser un profesor de galego pra opinar eso. (Grou, Lobios)

Eu non son capaz de decirche como é o propio galego porque non se me... A ver, se tuvera un libro agora pa ler diríache «pois é así»-, pero claro, agora mesmo non me acordo como é o propio galego. (Vilar, Calvos de Randín)

¡Eu que sei! ¿Que che podo decir? Como en cada sitio falan dunha maneira... (A Xironda, Cualedro)

Esta postura inicial de moitos dos enquisados requiría, a miúdo, de maior insistencia pola nosa parte para chegarmos a información máis representativa do seu ideal de corrección lingüística. Debiamos insistir en que non hai interpretacións persoais incorrectas para conseguir respostas, que case sempre acabaron remitindo a unha área pouco precisa e relativamente afastada con respecto á procedencia do informante:

¡Home! Eu penso que o galego debe ser toda a parte de eí de Lugo. (Espino, Oímbra)

O galego galego, o das Rías Baixas, o noso non. (Ábedes, Verín)

Eu creo que a Coruña, a provincia da Coruña fala mellor o gallego ca nós. (Vilardevós, Vilardevós)

Consideramos necesario aproximarnos ás ideas que sustentaban as percepcións, polo que era o momento de incitar os nosos informantes a identificar os factores que determinaban as súas respostas. As afirmacións non foron demasiado abundantes e detectamos certas dificultades á hora de formalizar que é aquilo

que perciben como máis correcto. No entanto, é posible identificar un grupo de respostas paradigmáticas:

- i. O entrevistado de Espiño que consideraba que o galego máis correcto é o de Lugo non se basea na avaliación da variedade de fala lucense, senón que parece que se rexe por unha oposición entre a variedade propia e a dos outros. Infírese isto das súas palabras: «saben falalo mellor ca nós eiquí porque falamos *unha no clavo e outra na ferradura*».
- ii. O informante de Ábedes que nos dicía que o «galego galego» era o das Rías Baixas opina que «eles teñen outro, outro idioma que non temos nós».
- iii. O entrevistado de Vilardevós que citaba A Coruña como referente de corrección considera que «teñen outro acento e outra forma de expresarse ca nós».

A partir de afirmacións coma estas, ademais de obtermos datos de tipo avaliativo, podemos achegarnos, de maneira subsidiaria, á percepción que teñen os falantes sobre a variación lingüística determinada polo espazo. O feito de que perciban que noutros lugares de Galicia se fala de forma distinta indica que na súa reflexión metalingüística está presente a variación dialectal. Por outra parte, ao emitiren xuízos en relación coa corrección estannos a proporcionar información sobre as súas estruturas de «prescritivismo dialectal» (Ferreira 2009: 255) ou, dito doutro modo, indícanos como poden chegar a vincular un ideal de lingua cunha área territorial concreta.

Na comparación entre variedades é preciso lembrar que este contraste se basea en que pertencen a comunidades concretas, de tal xeito que o uso do «nós», «o noso» enfróntase de cote a un «eles», «o seu». Neste sentido, a lingua dos outros non sempre se percibe como a máis correcta, xa que aínda sendo escasas, tamén hai declaracións que inciden en recoñecer a variedade propia como a máis atinada. Isto acontece en San Paio (Lobios) e mais en Tamagos (Verín), mentres que noutros casos o maior grao de corrección asígnaselle á capital municipal, como nos transmite a informante de San Cibrao (Oímbra) con respecto a Oímbra.

En calquera caso, para pechamos esta pequena epígrafe sobre a noción de corrección lingüística que declaran os falantes, queremos salientar que perciben este criterio como unha cuestión susceptible de interpretacións e inevitablemente sometido á subxectividade de cada un:

Cada un gaba o seu. Nós ao mellor parécenos que o falamos mellor ca iles, e iles pensarán que o falan mellor ca nós. ¡E estou seguro que o falarán mellor! ¡Eu que sei!
(Tosende, Baltar)

3.2. A perspectiva avaliativa da agradabilidade combinada coa perspectiva xeográfica

Tentamos coñecer a percepción de cada enquisado sobre os xuízos avaliativos en torno á agradabilidade que pode suscitar unha variedade lingüística preguntándolle *¿Onde lle parece que se fala o galego máis bonito?* Ante esta cuestión os informantes mostrábanse máis proclives a dar a súa opinión do que o fixeran cando lles preguntabamos sobre a corrección lingüística. Ao noso parecer, esta reacción débese a que teñen máis asumido que o gusto é unha opinión que, malia ser subxectiva, é máis fácil de comunicar en sociedade. Mentres que, por outra banda, para responder á pregunta sobre corrección é necesario ter un referente claro de comparación. O feito de que o elemento de referencia sexa moi difuso provoca que identificar unha variedade lingüística como máis correcta resulte complexo.

A perspectiva de análise avaliativa permite, tamén, que a reflexión lingüística deixe coñecer mellor a relación particular de cada un coa fala da súa comunidade. Os seguintes extractos, obtidos das respostas á pregunta da agradabilidade, reflicten un alto grao de estima pola lingua propia:

¡Eiquí, na miña terra! ¡Onde nacín e onde me criei! (San Paio, Lobios)

O noso é o máis bonito. (Grou, Lobios)

Eu gústame máis eiquí neste pueblo, porque son de eiquí. (Guntumil, Muíños)

A min o que máis mellor me sona, e o que máis bonito me parece, é o que falamos nós eiquí. (Calvos, Calvos de Randín)

Pra nós, máis bonito énos eiquí. (Tosende, Baltar)

Así pois, semella plausible pensar que un dos esteos da identidade comunitaria se encontra nesa valoración positiva da lingua propia que os falantes expresan en termos de agradabilidade.

4. A IDENTIDADE LINGÜÍSTICA DO OUTRO. PERCEPCIÓNS DOS FALANTES SOBRE O PORTUGUÉS

Para coñecer a percepción da identidade lingüística respecto dos veciños portugueses pedímoslles aos enquisados que comparasen a variedade propia coa dos seus veciños atendendo ao parecido e á diferenza. Analizando o conxunto das declaracións dos nosos informantes, chegamos á conclusión de que as disquisicións sobre a proximidade ou a distancia percibida están determinadas por dous condicionantes: a bagaxe sociocultural e a capacidade de intelixibilidade mutua.

A bagaxe sociocultural lévaos a identificar o seu código de comunicación como unha realidade particular, inherente á comunidade propia, e distinto do dos outros. Esta idea queda patente ao preguntarmos *¿Como sabe que alguén é portugués cando fala?* e obtermos afirmacións como as seguintes:

¡Na fala, na fala é diferente! É unha nación distinta. (Tamagos, Verín)

¡Porque falan o portugués! (A Pedrosa, Cualedro)

Falando, ¿en que o noto? Pois, eu cun.. ¡que é portugués! Que che vou a de, que che vou a explicar, que é portugués, claro. ¡Fala o portugués, é portugués! (San Cibrao, Oímbra)

Nesta bagaxe sociocultural non podemos obviar a presenza dos estereotipos comúns que pesan sobre as persoas e a súa nacionalidade, como se aprecia nas seguintes respostas:

Eu que sei... xa se conoce a persona, de lexos, que é portuguesa. (San Cibrao, Oímbra)

Nós inda falamos algo o portugués se queremos. Pero eles o galego non. (San Paio, Lobios)

Doutra banda, de par do coñecemento sociocultural compartido, a prol da caracterización da diferenza actúan os trazos e particularidades lingüísticas que os enquisados lles apoñen ao colectivo de fala portuguesa, os cales se salientan, precisamente, por diferiren da súa variedade:

A pronunciación que fala, o acento de falar dil xa se lle nota que é portugués porque, porque fai un «dzan dzan» que non, que non faemos os españoles. (Grou, Lobios)

O deixe das palabras. Pa decir ao mellor devoción dicen «devoçao», ou unha cousa así polo estilo... unha «cançao». (Medeiros, Monterrei)

Xunto coa bagaxe sociocultural opera a capacidade de intelixibilidade mutua, que actúa como forza oposta ao primeiro factor e inclina os falantes a realzar as semellanzas existentes entre as dúas linguas. A posibilidade de intercomprensión entre os usuarios das dúas variedades lingüísticas que se presentan como albo de contraste motiva que os nosos informantes afirmen sen dubidar que se trata de linguas moi próximas, que comparten múltiples trazos comúns e que incluso poden chegar a mesturarse ou confundirse nalgúns contextos. Isto constátase en discursos deste tipo:

Home ao non ser a lingua igual claro que notas diferencia, o que pasa é que nós aquí estamos raiando e entonces pois vamos entendendo e podemos responder máis ou menos ao que iles dicen. Porque... ¿non sabes? O portugués é moi parecido ao galego, unha cousa moi parecida ao galego. (Ábedes, Verín)

Están aí os portugueses, aí na raia. Falan coma nós, casi falan coma nós. (A Salgueira, Monterrei)

Así pois, este cruce de forzas entre as percepcións baseadas na bagaxe sociocultural do falante (tendentes á desvinculación entre as dúas variedades) e as intuicións fundamentadas no nivel de intercomprensión lingüística (inclinadas cara á posta en valor das semellanzas existentes entre as dúas linguas) actúa como peza determinante na activación das reflexións metalingüísticas dos informantes e propicia que xurdan consideracións de diferente tipo.

4.1. Avaliación da identificación lingüística

De maneira xeral, os nosos enquisados conciben como diferentes as dúas variedades de fala que se lles propón que contrasten, é dicir, consideran que a variedade lingüística propia da comunidade na que viven non é a mesma que a falada polos seus veciños portugueses. Así, cando se lles pregunta se consideran que o xeito de falar das persoas que viven nas localidades portuguesas próximas é diferente do seu, 20 dos 21 informantes responden afirmativamente.

A pesar disto, ao longo das entrevistas xurdiron diferentes comentarios que nos fan pensar que hai un certo acordo na crenza de que, tratándose de localidades tan próximas, esvaécense por veces os límites lingüísticos. Mostra diso son algúns dos comentarios que xurdiron ao longo das enquisas nos que ou se identifica aos integrantes da banda galega como «case falantes de portugués» ou se alude aos membros da parte lusa tratándoos de «case galegos». Neste senso, chaman a atención intervencións como a seguinte:

Bueno, eu que sei, ao mellor eí en Chaves que está cerca de Verín e por eí pois... enténdelos un pouco mellor ca si te adentras. Eu creo que eiquí tamén si vas eí ao pasar Lobios xa vén, xa vén Portugal ¿non? E entoncos os de Lobios tamén xa falan un pouco portugués. Tamén se ides eí, tamén xa notades que tiran un pouquiño... os de Río Caldo e por eí tiran un pouquiño tamén así algunha palabra. E os de Turei [Tourém, Portugal] casi son galegos. (Muíños, Muíños)

É significativo que, cando se refire á variedade de Lobios, o informante non ten problema con identificar os habitantes do lugar como «case falantes de portugués»; pero cando se lle pregunta pola similitude do seu xeito de falar coa variedade lingüística dos habitantes de Tourém (aldea fronteiriza co seu concello), cambia de perspectiva e asevera que os da banda portuguesa son «case galegos». Parece, polo tanto, que desexa escapar dunha posible identificación co portugués, actitude que se repite nos discursos doutros enquisados.

Non cremos que esta etiqueta («falan case portugués» / «son case galegos») indique que os trazos que posúe unha variedade lingüística en concreto sexan considerados máis propios do galego ou do portugués, senón que supoñemos que se trata dunha estratexia máis ou menos consciente dos falantes para insinuar que estamos ante variedades moi achegadas. Así, a partir de intervencións coma a anterior intuímos que algúns falantes perciben que aínda habendo diferenzas entre as dúas variedades de fala estas non son demasiado grandes, ou polo menos, non son tan abismais como para non permitirlles establecer unha identificación dalgúns dos trazos dunhas cos das outras. De feito, esta reflexión xorde de xeito expreso nalgunha das conversas cos nosos informantes:

P – E cando usted escoita falar a un portugués da raia, nota diferencias ¿non?

R – Un portugués da raia normalmente fala case como falamos nós.

P – Daquela, ¿as diferenzas son poucas, é algo diferente pero non é moito?

R – Si, non é moita non. (Ábedes, Verín)

Ao fío disto e aínda que supoña algo anecdótico entre os resultados da nosa mostra, cómpre destacar as declaracións dunha falante na aldea da Trabe (Vilardovós) que asegurou que non atopa diferenzas entre o seu falar e o dos portugueses da localidade veciña.

Presupoñendo que a maior parte dos nosos enquisados ían reafirmarse na diferenza lingüística, propuxémonos medir dalgún xeito o grao de separación que perciben os falantes entre ámbalas variedades. Con esta finalidade, fixémoslles a seguinte pregunta: *¿Considera que o xeito de falar das persoas que viven nas localidades portuguesas próximas é diferente ao seu?* Pretendiamos que respondesen identificando o grao de separación ou proximidade. As opcións que se lles daban eran «nada diferente», «algo diferente», «bastante diferente», «totalmente diferente» e «inintelixiblemente diferente». Os resultados preséntanse no seguinte gráfico:




Gráfico 1. Distancia percibida entre galego e portugués

Como se pode observar, moitos dos informantes non se axustaron á gradación que lles propoñiamos, respondendo nalgún caso que a diferenza que había entre as dúas variedades era «a normal». Parece que estes resultados contrastan, dalgún xeito, coa crenza dos falantes de que as diferenzas entre as variedades non son extremas. Porén, hai que dicir que a maior parte dos que non responderon

a esta cuestión foron precisamente os que noutras preguntas aludiran directa ou indirectamente a que a separación lingüística dos dous modelos de fala non era demasiado importante.

Co obxectivo de continuar a análise das similitudes ou diferenzas entre variedades, propúxoselles aos informantes a seguinte cuestión *¿A maneira de falar de aquí parécese máis ao portugués ou á doutros sitios de Galicia?* Sobre este tema formulouse outra pregunta, de contido semellante pero con formulación diferente *¿Con quen percibe máis diferenzas: cos portugueses ou con xente doutros sitios de Galicia?* A inclusión de dúas preguntas tan relacionadas atendía á vontade de coñecer cal era a fiabilidade dos datos obtidos. Os resultados non levaron a contradicións, posto que se recolleron as mesmas contestacións en ámbalas dúas cuestións.




Gráfico 2. Semellanza da variedade propia

Os falantes decantáronse claramente por unha maior similitude coas variedades lingüísticas do galego. Catorce persoas responderon que a súa forma de falar se identificaba máis coa doutros sitios de Galicia, mentres que os sete restantes opinaron que se asemellaba máis á variedade dos seus veciños portugueses. Entre os que se identificaron como máis próximos ao portugués están os informantes de San Paio (Lobios), Tosende (Baltar), A Xironda (Cualedro), A Pedrosa (Cualedro), A Salgueira (Monterrei), Feces de Cima (Verín) e A Trabe (Vilardevos). Seguramente non é por acaso que se trate dos falantes das localidades máis próximas á fronteira portuguesa.

Centrándonos nas respostas dos informantes que consideraron que a súa fala se parece máis á do resto de Galicia, observamos unha tendencia a atribuírlles ás variedades de diferentes localidades veciñas un maior parecido co portugués ca o que lle asignan á súa propia variedade.

Eiquí pa parte de Lobios xa falan máis o portugués. Mesmo os gallegos falan máis o portugués. (Guntumil, Muíños)

No o de eiquí de Muíños non. O de arriba de Requiás e Guntumil si, xa che digo ises si que son un pouco distintos de eiquí de abaixo. (Muíños, Muíños)

Eiquí parécese menos ao portugués. O que é dentro da Baixa Limia, que me decides que estades facendo a encuesta na Baixa Limia, onde máis se parece ao portugués é o concello de Entrimo e o concello de Lobios. (Calvos de Randín, Calvos de Randín)

Bueno eiquí xa che digo o que máis ao portugués os de Vidiferre. Os de Vidiferre si eí en Vidiferre fálanche máis ao portugués ca nós eiquí. E se agora xa ides a San Ciprián, a San Cibrao ¿non? Eí tamén, porque eí tamén están raiando mesmo con Portugal. (Espíño, Oímbra)

A partir da análise destas intervencións chegamos a dúas conclusións. D unha banda, semella que os falantes tenden a evitar a súa identificación co portugués e os portugueses, aludindo a que son «outros» os que se parecen a eles, ben sexa no xeito de falar ou mesmo nos costumes. Por outra banda, vinculada a esta intención, parece que a visión que algúns dos falantes teñen de si mesmos difire da que transmiten os seus compatriotas das aldeas veciñas (isto pode verse reflectido, por exemplo, na incoherencia que se produce se comparamos as intervencións dos informantes de Guntumil e Muíños). A vontade de distanciar a súa fala da dos portugueses e mais a tendencia a asociar trazos lingüísticos da outra banda da fronteira aos falantes de localidades galegas próximas fai xurdir contradicións.

P – E aquí en Ábedes ¿falan máis parecido aos portugueses ou falan máis parecido a Oímbra, ou a Vilardevós, ou Ourense...?

R – Eiquí falamos máis parecido a Oímbra, a Villardevós ou a Orense ou tal. Os portugueses, os portugueses ao mellor arredor da raia non sei se algún pueblo falará un pouco tal, que hainos alí arredor da raia que falan o portugués coma eles.

P – ¿Que pueblos hai arredor da raia?

R – Bueno eí Feces de Cima, Feces de Abaixo, Arzádegos... Hai un montón de pueblos que ises fálanche ao mellor o portugués igual ca eles. Pero nós non porque ao final e ao cabo nós estamos máis eiquí hacia ao centro.

P – E usted se fala con algún dos deses pueblos ¿nota diferencias? ¿Falan diferente a usted?

R – No, falamos igual, normalmente falamos igual. (Ábedes, Verín)

Estas opinións cobran sentido se reparamos nas implicacións que pode ter para un falante do contexto sociocultural dos enquisados a identificación propia con algo que aluda ao mundo portugués, vinculado tradicionalmente a unha maior pobreza da que podía haber na banda galega. Rebélanse incluso actitudes moi negativas, que insisten na desvinculación total entre as dúas identidades:

Eu creo que falo máis así estilo pra aí ca de portugués. Eu non son portuguesa. (Tamagos, Verín)

Nós non temos nada de portugueses. A min non me gustan os portugueses (risas). (San Paio, Baltar)

Respostas deste tipo evidencian que as actitudes en relación co portugués están moi marcadas por diferentes prexuízos socialmente compartidos. Non adoita ser a lingua ou a variedade lingüística en si mesma o que máis inflúe no nivel actitudinal, senón que o fan os seus falantes e a posición sociolingüística que se lles atribúe nun contexto dado. En moitos casos, son os falantes e o seu status social os que espertan reaccións nos membros das demais comunidades de fala, favorecendo a aparición de estímulos para o nacemento de actitudes lingüísticas.

4.2. Avaliación da intercomprensión

Ao estudar a intercomprensión entre as variedades encontramos que, cando se lles pregunta aos informantes pola dificultade que teñen á hora de entender un portugués da fronteira, xorden opinións que inciden na ausencia de problemas para a intelixibilidade entre os veciños raianos. Unha ampla maioría, 18 dos 21 enquisados, afirman que son capaces de comprender a variedade de fala dos da outra beira sen ningún tipo de problema, e tan só tres falantes suxiren que existe algunha posibilidade de que xurdan eivas que entorpezan a interacción. Non

obstante, estes tres que aluden a posibles atrancos, apóñenlle os problemas a determinados trazos lingüísticos propios de variedades meridionais do portugués, co cal parécese intuír que a comprensión cos seus veciños raianos carrexaría unha dificultade menor á aludida.

Hai algús que son malos de entender, porque algús en vez de falar coa erre falan coa gue. Grrr. Pra decir rosa din grrosa, pra decir río din grrío. E entonces tes que escoitar moi ben e estar moi ben ao tanto para... pos entender. Pero bueno, entender enténdense. (Vilar, Calvos de Randín)

Porén, se a capacidade de intercomprensión se aborda de maneira colectiva en lugar de individual, preguntándolle ao falante sobre a posibilidade da existencia de dificultades no tocante á comprensión entre algún dos residentes na localidade do enquisado e os portugueses das aldeas veciñas, todos (incluso os que antes aludiran á presenza de obstáculos comunicativos) coinciden en afirmar que non perciben ningún tipo de barreira para comunicárense de forma fluída uns cos outros. Parece, polo tanto, que as respostas que atribuían unha maior dificultade no eido da intercomprensión entre os dous bandos da raia obedecen a cuestións ou ben de modestia ou ben de erro na formulación ou identificación da variedade lingüística pola que se lles preguntaba.

Así pois, mentres que a distancia entre as linguas se apoia na existencia de características lingüísticas diverxentes, a proclama da diferenza mingua cando o que se focaliza é a posibilidade de entendérense os galegos e os portugueses. As respostas recollidas en relación co parámetro do Nivel de dificultade para comprender un portugués apoian esa idea:

¡Home! Non é moi difícil, moi difícil, algunha cousa non a entendes pero bueno, preguntáslle de segunda vez, e bueno, vaise entendendo. (Muíños, Muíños)

No, eu creo que non tería problema pa entendela, aunque sea de lexos. Porque é parecido ao noso, é coma o italiano, o italiano pra nós prós galegos tamén é moi fácil. (Tosende, Baltar)

Estes de por eiquí, no. A estes enténdoos coma se foran os de eiquí. (A Xironda, Cualedro)

¡Home, éramos fronterizos, eiquí estamos rodeando! E entonces entendíamonos á perfección. (Vilardevós, Vilardevós)

Como indican os anteriores fragmentos, aínda que o nivel de intercomprensión percibida é elevado, este depende da procedencia xeográfica do potencial interlocutor portugués. Os nosos enquisados transmítennos non só a idea de que poderían ter máis dificultades para comunicárense cun falante máis meridional, senón tamén que o portugués dos seus veciños da raia non é o que eles conciben como prototípico. Observamos, polo tanto, que na avaliación das variedades portuguesas, as máis próximas ao estándar son percibidas como máis correctas. Aliás, notamos tamén que perciben unha certa indefinición en relación coa fala das zonas de fronteira. Son estas últimas ideas as que se desprenden de declaracións como:

Aquiles [os de Lisboa] non che sei explicar, aquiles xa teñen outra, outra clase de, de falar así máis portugués. ¡Porque istes de eiquí de onda nós, falan portugués pero falan medio gallego! Non é coma aquiles que falan o portugués, pero portugués, ¡eh! Entón aquiles xa che xa son malos de... (A Xironda, Cualedro)

5. CONCLUSIONES

Despois de expoñer o desenvolvemento do noso traballo consideramos necesario destacar as seguintes conclusións:

- Os informantes desvelan a miúdo a través da avaliación do nivel de agrado que senten que a variedade propia lles resulta máis bonita ca outras variedades lingüísticas do galego. A recorrencia desta resposta podemos interpretala como un indicio da consideración da variedade propia como un elemento de prestixio ou ben como manifestación da intención dos falantes, como comunidade, a non mostrarse inferiores.
- Con respecto á avaliación da corrección lingüística, os informantes teñen dificultades para sinalar que variedade de galego lles parece a máis correcta. Por unha banda, aínda que para a maioría a súa variedade é a máis bonita, non a identifican como a máis correcta. Dito doutro modo, a súa idea de prescrición non se rexe polo criterio estético. E, por outra banda, parece que transmiten a idea de non ter moi claro cal é o referente de comparación normativo, que sería necesario para valorar as variedades en termos, precisamente, de corrección.

- A identidade lingüística propia é reafirmada en contraste coa do outro. Por regra xeral, os falantes galegos identifícanse como un colectivo lingüístico individualizado e confrontado ao composto polos falantes da beira veciña. Neste sentido, a consciencia sociocultural dos enquisados, ategada de prexuízos en relación aos portugueses, lévaos a identificar que a súa variedade de lingua e a dos veciños lusos son códigos distintos. Aínda así, a capacidade de intelixibilidade mutua entre uns e os outros fai que conciban as dúas variedades de lingua como moi próximas. Isto motiva que, en determinadas ocasións, os enquisados cheguen a establecer identificacións entre a fala doutros veciños galegos próximos a eles e os portugueses.

Para rematarmos, queremos insistir no valor de escoitar as opinións dos informantes sobre a variedade lingüística propia e sobre as variedades coas que están en contacto porque as reflexións lingüísticas e metalingüísticas dos falantes resultan de especial interese para comprender o funcionamento social das linguas. O coñecemento das percepcións que posúe unha determinada comunidade de fala en relación coa variación xeográfica da súa lingua proporciona información relevante para analizar as súas actitudes e comportamentos lingüísticos. Por este motivo, o noso obxectivo a curto prazo é ampliar o corpus de datos para contribuír a que os propios falantes teñan aínda máis visibilidade nos estudos lingüísticos.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- ÁLVAREZ PÉREZ, Xosé Afonso (2013): «A fronteira entre galego e portugués. A perspectiva portuguesa», en Eva GUGENBERGER / Henrique MONTEAGUDO / Gabriel REI-DOVAL (eds.), *Contacto de linguas, hibridade, cambio: contextos, procesos e consecuencias*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, 97-136.
- BESWICK, Jaine (2005): «Linguistic homogeneity in Galician and Portuguese borderland communities», en *Estudios de Sociolingüística* 6, (1), 39-64.
- CABELEIRA, Susana Machado (2006): «Atitudes e preconceitos lingüísticos face a variedades dialectais», en Joaquim BARBOSA / Fátima OLIVEIRA (orgs.), *XXI Encontro Nacional da Associação Portuguesa de Lingüística*. Lisboa: Associação Portuguesa de Lingüística, 245-260.
- ERDÖSOVÁ, Zuzana (2011): «El español de México en los ojos de sus hablantes. Un estudio desde la sociolingüística y la dialectología perceptiva», en *Lengua y voz*, 1. México: Universidad Autónoma de México, 57-81. Recurso en liña: http://www.uaemex.mx/lenguayvoz/Revista/1/Articulos/El_esp_de_Mex_en_los_ojos_de_sus_hablantes.pdf (consultado o 24-04-2014).

- FERREIRA, Carla Sofia da Silva (2004): *Percepções e atitudes linguísticas das variedades diatópicas de Portugal. Um contributo português para a Dialectologia Perceptual*. Mestrado em «Linguística Geral», sob orientação de Clarinda de Azevedo Maia. Coimbra: Faculdade de Letras da Universidade de Coimbra.
- FERREIRA, Carla Sofia da Silva (2009): «Percepções dialectais e atitudes linguísticas. O método da Dialectologia perceptual e as suas potencialidades», en Maria Antónia COUTINHO / Alexandra FRÉIS (orgs.), *XXIV Encontro Nacional da Associação Portuguesa de Linguística. Textos seleccionados*. Lisboa: Associação Portuguesa de Linguística, 251-263.
- PRESTON, Dennis Richard (1989): *Perceptual Dialectology: Nonlinguists' Views of Areal Linguistic*. Dordrecht: Foris.

Anexo 1: Relación das localidades e o número de habitantes

LOCALIDADE	POBOACIÓN	CONCELLO	POBOACIÓN
Grou	299	Lobios	2.130
San Paio	54		
Muíños	50	Muíños	1.744
Guntumil	128		
Calvos	159	Calvos de Randín	1.028
Vilar	57		
Tosende	63	Baltar	1.028
Baltar	225		
San Paio	121		
A Pedrosa	75	Cualedro	1.876
A Xironda	300		
A Madanela	169	Monterrei	2.875
Medeiros	376		
A Salgueira	85		
Espiño	90	Oímbra	2.019
San Cibrao	310		
Tamagos	186	Verín	14.760
Ábedes	375		
Feces de Cima	90		
Vilardevós	233	Vilardevós	2.062
A Trabe	42		

Datos recollidos do IGE 2011

Anexo 2: Relación de preguntas do cuestionario contempladas na análise dos datos

A.

1. ¿Onde cre que se fala mellor o galego? (§ 3.1)
2. ¿Onde lle parece que se fala o galego máis bonito? (§ 3.2)
3. ¿Como sabe que alguén é portugués cando fala? (§ 4)
4. ¿Considera que o xeito de falar das persoas que viven nas localidades portuguesas próximas é diferente ao seu? (§ 4.1)
5. ¿A maneira de falar de aquí parécese máis ó portugués ou á doutros sitios de Galicia? (§ 4.1)
6. ¿Con quen percibe máis diferenzas: cos portugueses ou con xente doutros sitios de Galicia? (§ 4.1)

B.

Nivel de dificultade para comprender un portugués. Escala de gradación: *algo diferente, bastante diferente, totalmente diferente e inintelixiblemente diferente.* (§ 4.2)

AS ENTOACIÓNS GALEGA E PORTUGUESA: A FRONTEIRA Á LUZ DA DIALECTOMETRÍA E DA PERCEPCIÓN

Elisa Fernández Rei

Instituto da Lingua Galega

Universidade de Santiago de Compostela

Lurdes de Castro Moutinho

Universidade de Aveiro

Rosa Lída Coimbra

Universidade de Aveiro

1. INTRODUCCIÓN*

Este estudo encádrase no marco dunha serie de investigacións realizadas no ámbito do proxecto AMPER – Atlas Multimedia Prosódico do Espazo Románico (Contini 2007: 9-21) – e debrúzase, particularmente, sobre aspectos relacionados coa variación prosódica comparada na fronteira galego-portuguesa, dando así continuidade a outros estudos realizados anteriormente (Fernández Rei / Moutinho 2006; Moutinho / Fernández Rei 2009; Moutinho *et alii* 2009; Fernández Rei / Moutinho 2012; Moutinho *et alii* 2013; Fernández Rei *et alii* 2013).

Os estudos que acabamos de mencionar parten de análises de *sub-corpora* delimitados de acordo con obxectivos específicos. No entanto, as análises acústicas, efectuadas segundo a metodoloxía do proxecto AMPER en *corpora* comparables, permitiu tamén análises máis globais, que manexan grandes cantidades de datos, ben en número de informantes e puntos de recolla, ben en estruturas frásicas e acentos lexicais dos seus constituíntes. Malia seren parciais, son precisamente os resultados destes traballos os que motivaron a continuación das pesquisas de ámbito contrastivo e nos levaron ao aprofundamento desta problemática.

Así, a presente investigación pretende contrastar os resultados obtidos nas variedades de fronteira coas restantes variedades do diasistema europeo continental do galego-portugués, por medio da análise dialectométrica da entoación, para determinar se existe ou non unha fronteira prosódica entre as variedades galegas e portuguesas. Así mesmo, presentamos tamén un experimento perceptivo, leva-

* Este traballo beneficiouse dunha axuda da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria no ámbito do programa Consolidación e estruturación de unidades de investigación competitivas (GRC2013-040 e CN 2012/179), financiado parcialmente polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER). Tamén contou coa colaboración das axudas provenientes dos proxectos *Estudio perceptivo de la variación prosódica dialectal del gallego* (FFI2009-12738) e *Cambio lingüístico en gallego* (FFI2012-33845), financiados polos Ministerios de Ciencia e Innovación e de Economía e Competitividad, respectivamente.

do a cabo con falantes de ambas as dúas áreas, que contribuirá á validación dos resultados obtidos.

2. DELIMITACIÓN DOS *CORPORA*

Ao longo da última década levamos a cabo unha serie de estudos comparados da prosodia galega e portuguesa, que serán presentados na epígrafe seguinte, e que, xunto coas análises realizadas en cada un dos dominios lingüísticos polos equipos AMPER-GAL (Galicia) e AMPER-POR (Portugal continental), subministraron os datos prosódicos sobre os que posteriormente se elaborou a análise dialectométrica.

Tal como se sinala na figura 1, para esta pesquisa, no que respecta ao estudo acústico, foron consideradas só as variedades fronteirizas. Os respectivos *corpora* foron recollidos nas seguintes localidades: Oia, O Grove, Cangas, Lobios, O Barco e A Mezquita (en Galicia); Moledo, Braga, Vinhais e Alfândega da Fé (en Portugal). Pola contra, no estudo dialectométrico e na validación perceptiva dos resultados, consideráronse todos os puntos de enquisa analizados ata o momento, tanto os máis próximos, coma os máis afastados xeograficamente da fronteira. O contraste entre os resultados obtidos na fronteira e os que se obteñen ao tomar en consideración todo o dominio xeográfico do galego e do portugués continental, permitiranos determinar mellor a existencia ou non dun *continuum* prosódico.




Figura 1. Puntos de recolla dos *corpora* galego e portugués

Para todos os *corpora*, en cada localidade, foron gravados datos de dous informantes, un do sexo masculino e un do feminino, tendo ambos un nivel de escolaridade básica. Todos estes falantes naceron e viviron nesas localidades, situándose predominantemente nunha faixa de idade entre os 40 e os 65 anos.

Aínda que nas enquisas realizadas se recolleron varios tipos de *corpora*, os datos dos que nos ocuparemos son exclusivamente do *corpus* fixo, que é o formado por unha serie de frases coa estrutura Suxeito – Verbo – Complemento, neutras e afirmativas, nas modalidades declarativa e interrogativa global. As palabras que constitúen estas frases son representativas das diversas estruturas acentuais das linguas portuguesa e galega (oxítone, paroxítone e proparoxítone), tanto nos nomes e modificadores que integran o suxeito, coma nos do complemento.

3. O ESTUDO ACÚSTICO

Os *corpora* mencionados foron analisados en laboratorio, seguindo a metodoloxía do proxecto AMPER¹. Os parámetros extraídos son os habitualmente utilizados en estudos desta natureza, aínda que se lles dea un maior peso aos resultados relativos á frecuencia fundamental, por ser o parámetro máis importante para o estudo da entoación.

Esta descrición acústica é de grande importancia para a determinación da variación lingüística no dominio da prosodia, pois ten como obxectivo establecer os patróns entoacionais característicos das áreas estudadas. Fornece, ademais, os datos prosódicos necesarios para levar a cabo a análise dialectométrica, que é o método que nos vai permitir delimitar, en termos globais, as diversas áreas prosódicas, a súa proximidade ou afastamento e, en particular, a presenza ou ausencia dun *continuum* en falaes fronteirizos e, eventualmente, no conxunto das variedades galegas e portuguesas.

Preséntanse, a seguir, algúns resultados doutros traballos xa realizados na procura deste último obxectivo, relativos principalmente a enunciados interrogativos, aínda que se levou a cabo a análise tamén das frases declarativas de todo o *corpus*. Esta opción xustifícase polo feito de seren estes os enunciados que se teñen revelado máis distintivos en termos prosódicos, tanto para as variedades

¹ Ver a descrición da metodoloxía nas páxinas dos dous equipos: AMPER-GAL en <<http://ilg.usc.es/amper/presentacion.html>> e AMPER-POR en <http://pfonetica.web.ua.pt/AMPER-POR.htm>.

da mesma lingua, como entre linguas diferentes. Nese sentido, as sínteses dos traballos que a seguir se presentan, cronoloxicamente ordenadas, referiranse só á modalidade interrogativa.

3.1. A fronteira do Miño (Fernández Rei / Moutinho 2006)

O primeiro estudo para a determinación destes falares fronteirizos, en termos prosódicos, data de 2006 e, con base na descrición acústica, pretendía xa responder á pregunta de se a fronteira xeográfica demarcada polo río Miño coincidía cunha fronteira prosódica entre galego e portugués. Con todo, trátase aínda dun estudo exploratorio, pois, como veremos a continuación, manexaba un número pequeno de datos.

Neste caso analizáronse os datos dunha informante de Monção (Portugal) e outra de Goián (Galicia), que, excepcionalmente, posuían formación para alén da escolaridade básica. Do conxunto de enunciados gravados do corpus, escollemos unicamente un pequeno conxunto de estruturas. Como foi dito, a análise inclúe frases do tipo declarativo e interrogativo, aínda que só se presenten aquí as interrogativas, das que damos un exemplo no gráfico 1.




Gráfico 1. Contornos de FO de interrogativas paroxítonas de ambos os lados do Miño - Goián (Tomíño) e Monção

Como se pode ver no gráfico comparativo, as dúas curvas son semellantes, pero presentan algunhas diferenzas importantes, sinaladas no gráfico: o movemento circunflexo final é moito máis acentuado para o galego (azul); o pico tonal inicial, malia ser semellante para as dúas linguas, é máis elevado no caso do portugués (rosa). Isto é, a prominencia relativa dos dous picos garda unha relación moi diferente na variedade galega e na portuguesa.

Alén diso, unha vez terminado ese movemento inicial de pico-val (sinalado co cadrado), verificamos que en portugués o nivel da frecuencia fundamental tende a manterse ata a última vogal tónica, na cal aparece un val moi suave, que antecede o movemento circunflexo final xa referido. Xa no caso do galego, o F0 vai descendendo progresivamente ata alcanzar un mínimo tonal sobre a pretónica da última palabra para, a partir de aí, iniciar o movemento circunflexo final, común ás dúas linguas (círculo).

Nesta primeira aproximación á prosodia destas dúas variedades na ribeira do Miño, constatamos que, a pesar das diferenzas entre as informantes, aproxímanse máis entre si que cada unha desas variedades se se comparan con variedades máis afastadas na súa propia lingua, tanto para o portugués como para o galego.

3.2. As Rías Baixas galegas: variedades próximas do portugués (Moutinho / Fernández Rei 2009)

Como acabamos de apuntar, no estudo anterior (Fernández Rei / Moutinho 2006) foron estudadas dúas localidades no límite administrativo entre Galicia e Portugal, pero no estudo de 2009 decidimos afastarnos un pouco da fronteira e explorar a prosodia de localidades menos próximas, Braga (Portugal) e Cangas (Galicia) e verificar se as semellanzas se manteñen. Un dos obxectivos principais era situar os resultados obtidos na comparación da variación intralingüística no galego e no portugués cos realizados no ámbito interlingüístico.

As producións analizadas para este segundo estudo proveñen de dúas informantes de sexo feminino, con escolaridade básica. O gráfico 2 presenta un exemplo de dúas curvas entoacionais de interrogativas, con modificador no suxeito, producidas por estas informantes.




Gráfico 2. Contornos estilizados de F0 das interrogativas (media das tres combinacións acentuais do modificador do suxeito) de Braga e Cangas

Observando o gráfico 1 e o gráfico 2, podemos constatar que a modalidade interrogativa parece caracterizarse, nos dous casos, por un movemento circunflexo asociado ao tonema, de igual xeito que ocorría no caso das falantes miñotas (gráfico 1). Nótese, no entanto, a diferenza no aliñamento dese último pico tonal: no caso de Braga encontrámolo aliñado coa tónica, mentres que, no caso de Cangas, vemos ese mesmo pico aliñado coa postónica. Polo que se refire á prominencia relativa dos dous picos tonais, comprobamos que a falante de Braga ten un comportamento semellante á da falante de Monção, no sentido de que o máximo tonal aparece no primeiro pico, mentres que a falante de Cangas presenta unha desacentuación da primeira tónica, a diferenza do que facía a falante de Goián, que presentaba un primeiro pico de prominencia semellante á do acento nuclear (gráfico 1).

Os resultados deste traballo van na mesma liña dos xa obtidos para localidades máis próximas en Fernández Rei/Moutinho (2006), permitindo apuntar para a existencia dun continuum prosódico que iría desde a faixa atlántica galega ata a rexión do Miño portugués. Así pois, situando as variedades do suroeste galego (zona das Rías Baixas e Baixo Miño) próximas do portugués.

3.3. Área prosódica galego-portuguesa (Moutinho *et alii* 2009)

Este terceiro traballo céntrase no estudo da modalidade interrogativa, considerando un maior número de informantes (4 portuguesas e 4 galegas) e un maior

número de puntos de recolla (8 puntos) nun eixe norte-sur máis abranxente. Os datos analizados neste traballo refírense a oito informantes do sexo feminino, con escolaridade básica e idades comprendidas entre os 50 e os 70 anos. As informantes portuguesas son naturais de Prado (Braga), Alfândega da Fé (Bragança), Trinta (Guarda) e Aradas (Aveiro) e as informantes galegas proveñen do Incio (Lugo), Cariño (A Coruña), O Grove e Cangas (Pontevedra). En Moutinho *et alii* 2009 presentáronse os resultados para todos estes datos, pero no gráfico 3 só se representan as catro variedades máis próximas á fronteira, por ser ese o foco do presente artigo.




Gráfico 3. Contornos estilizados de F0 de interrogativas de catro variedades fronteirizas (de norte para sur) con complementos nas tres acentuacións. Con excepción do complemento, todos os valores son resultado das medias de distintas acentuacións. A liña a trazos representa a frecuencia media da informante

As variedades representadas no gráfico 3 caracterízanse, para finais paroxítonos e proparoxítonos, por un movemento circunflexo asociado ao último acento do enunciado, o acento nuclear. Porén, no caso dos acentos oxítonos este movemento circunflexo non se completa, presentando unha configuración ascendente (truncamento). Esta semellanza é tanto máis importante canto o movemento re-

lacionado co acento nuclear é considerado como o máis relevante desde o punto de vista perceptivo.

Estes comportamentos ocorren tanto nas variedades da costa do suroeste galego, como nas variedades do norte de Portugal, o que, unha vez máis parece indicar a pertinencia dunha eventual delimitación dunha área prosódica común. Téñase en conta que neste traballo se comparaban estas variedades con outras lonxe da fronteira e puidemos comprobar que as variedades galegas fóra da área mencionada se afastaban do comportamento tonal máis próximo do portugués.

3.4. Outras análises acústicas

As tres publicacións que acabamos de presentar dan conta de resultados parciais de todas as análises acústicas que os *corpora* dos dous equipos permiten.

Co obxectivo de contribuír para unha mellor delimitación de áreas prosódicas do diasistema galego-portugués, presentamos agora, a través do gráfico 4, e tamén só para as interrogativas, os resultados para un número máis grande de puntos de recolla (10 informantes).

En primeiro lugar, temos representadas as curvas das interrogativas de tres puntos de enquisa galegos (ov1-A Mezquita, og1-Lobios, ou1-O Barco), todos eles na provincia de Ourense e, no caso de Lobios e A Mezquita, moi próximos á fronteira con Portugal. Estas falantes presentan un contorno para as interrogativas absolutas que denominamos *galego común* e que xa foi descrito para outras variedades do galego (Fernández Rei / Escourido 2008).

A segunda área dialectal, co encabezado de Rías Baixas no gráfico 4, recolle as curvas de entoación de Cangas (on1), xa descrito anteriormente, do Grove (om1) e Oia (oo1).

Finalmente, baixo o encabezado de Portugal, representamos as curvas de Braga (001), punto tamén xa descrito anteriormente, Moledo (003), Alfândega da Fé (006) e Vinhais (007).




Gráfico 4. Curvas de F0 de tres áreas dialectais que indican a existencia dun contínuum prosódico nas dúas áreas fronteirizas

A representación gráfica confirma que hai maior proximidade prosódica entre a área suroeste galega (Rías Baixas) e as variedades portuguesas, do que entre aquela e o galego común. Iso significa que as Rías Baixas e as variedades miñota e trasmontana se aproximan, nomeadamente polo comportamento do núcleo tonal (movemento circunflexo).

Os estudos anteriores e os datos actuais confirman as semellanzas, mais o que aquí nos interesa máis é saber se podemos ou non falar dunha área prosódica común. A dificultade de dar resposta a esta pregunta consiste en que hai que determinar a magnitude da semellanza (e da diferenza) e contextualizar estes datos que acabamos de describir no conxunto das variedades galegas e portuguesas europeas continentais. Neste sentido e para intentarmos resolver estas dificultades, propoñemos unha análise dialectométrica e un estudo perceptivo.

4. O ESTUDO DIALECTOMÉTRICO

A dialectometría é un ferramenta que nos permite medir a distancia entre variantes e, por conseguinte, agrupar aquelas máis próximas, así como tamén medir a distancia que existe entre eses agrupamentos. No caso que nos ocupa, permitira-

nos determinar se os puntos de enquisa galegos e portugueses se sitúan en áreas prosódicas comúns ou distintas.

Así pois, con este fin de determinar áreas prosódicas, elaboráronse métodos para a medida das distancias prosódicas, no ámbito da dialectometría, metodoloxía desenvolvida sobre todo a partir dos traballos de Goebel (1983, 1996). Para medir a proximidade entre dúas curvas entoacionais, empregouse a medida de correlación entre curvas de F0, ponderada pola enerxía do sinal, definida pola seguinte fórmula:

$$\text{corr}(f_1, f_2) = \frac{\sum_i w(i)(f_1(i) - m_1)(f_2(i) - m_2)}{\sqrt{\sum_i w(i)(f_1(i) - m_1)^2 \sum_i w(i)(f_2(i) - m_2)^2}}$$

Figura 2. Fórmula utilizada para o cálculo da correlación ponderada

Esta fórmula deriva dos traballos de Hermes (1998) e foi retomada por d'Alessandro *et alii* (2011), a partir da cal se fixo unha adaptación en Moutinho *et alii* (2011) para medir a distancia entre as variedades do portugués europeo. Nesta fórmula, f_1 e f_2 representan os valores de f_0 dos dous contornos entoacionais (expresados en semitóns); m_1 e m_2 os valores medios destes contornos; $w(i)$ a media da enerxía das dúas curvas, medida no punto i . A distribución das medidas de correlación, visto que non obedecen a unha lei normal, en vez do valor da súa media, preferimos considerar o valor da súa mediana como indicador da tendencia central.

Calculando a mediana das correlacións ponderadas entre cada par de curvas interrogativas coa mesma estrutura e referentes a dous puntos distintos, obtívose unha medida da proximidade prosódica entre as diferentes localizacións. Seguidamente, foron utilizadas as correlacións entre cada par de puntos para xerar unha táboa de distancias á cal se aplicou un método de agrupamento clúster xerarquizado mediante o software estatístico R. Os resultados desta análise permítennos, así, presentar os agrupamentos de variedades en función da distancia da entoación dos enunciados interrogativos, así como xerar un primeiro mapa das variedades prosódicas aquí estudadas.

Este estudo realizouse a partir dun corpus recollido en 24 puntos de enquisa repartidos ao longo de todo o territorio administrativo galego e portugués (resultados en vías de publicación). Procesáronse datos de frecuencia fundamental e enerxía dun total de 8.305 enunciados, tanto na modalidade enunciativa coma interrogativa, correspondentes a 45 estruturas sintácticas e acentuais distintas de 46 informantes, homes e mulleres.

Todos os resultados e gráficos presentados neste traballo, foron obtidos mediante os scripts realizados por Adela Martínez Calvo no software estatístico R (R Core Team 2013) e que proximamente estarán dispoñibles para o seu uso en aberto en <http://ilg.usc.es>.

4.1. As variedades máis próximas

De todo o conxunto de datos procesados, calculamos primeiramente as correlacións para os puntos máis próximos á fronteira (os representados anteriormente na figura 1). Se observamos esas correlacións (gráfico 5), podemos comprobar como se forman tres grupos de puntos, que manteñen entre si correlacións máis altas, se ben o grupo portugués non ten unha proximidade tan marcada coma os dous galegos (preséntanse de esquerda a dereita):

1. Puntos de enquisa correspondentes ao denominado *galego común* (ov1-A Mezquita, og1-Lobios, ou1-O Barco)
2. Puntos de enquisa portugueses (006-Alfândega da Fé, 001-Braga, 003-Moledo, 007-Vinhais)
3. Puntos de enquisa da zona das Rías Baixas (oo1-Oia, om1-O Grove, on1-Cangas)




Gráfico 5. Correlacións entre puntos correspondentes á área fronteiriza (vid. Figura 1)

Esta agrupación vémol a máis claramente aínda no gráfico 6, en que se calcula a distancia entre estes puntos a partir das correlacións anteriores, de xeito que vemos os tres grupos anteriores claramente definidos. Con todo, comprobamos que a distancia do terceiro grupo (o das localidades situadas nas Rías Baixas) presentan unha distancia menor con dous puntos portugueses, Moledo e Vinhais (003 e 007 respectivamente), que se encontran moi próximos da fronteira. Así mesmo, Alfândega da Fé mostra unha menor distancia co primeiro grupo. Finalmente, constátase que as localidades fronteirizas de Lobios e A Mezquita se distancian claramente do grupo portugués (coa salvidade xa feita de Alfândega da Fé).




Gráfico 6. Distancias entre puntos correspondentes á área fronteiriza (*vid.* Figura 1)

Estas agrupacións, que vemos nos gráficos 5 e 6, podémolas ilustrar a través dun dendrograma (gráfico 7), en que se representa a análise de clúster realizada a partir dos datos extraídos das localidades estudadas. Nel observamos como, efectivamente, se fan tres agrupacións e, ademais, como no primeiro nivel, a área das Rías Baixas (oo1-Oia, om1-O Grove e on1-Cangas) se agrupa cos puntos portugueses (006-Alfândega da Fé, 001-Braga, 003-Moledo e 007-Vinhais), deixando nun clúster á parte ao resto das localidades galegas (ov1-A Mezquita, og1-Lobios e ou1-O Barco).




Gráfico 7. Análise de clúster para as variedades de fronteira

Se tomamos agora como referencia un dos puntos de enquisa portugués máis próximo á fronteira, 003-Moledo, e cartografamos a distancia entre este lugar e o resto dos puntos enquisados en todo o territorio (figura 3), comprobamos claramente como esta variedade, no que atinxe ás interrogativas totais, presenta unha distancia pequena coas variedades portuguesas e tamén respecto das galegas das Rías Baixas. Pola contra, a distancia con relación ao resto das variedades galegas é bastante alta.




Figura 3. Distancias entre puntos por referencia ao punto 003 (Moledo, Portugal)

4.2. As variedades próximas e afastadas

Na figura 2 vimos que os datos de Moledo (no Minho portugués) non só presentan unha distancia pequena con respecto aos galegos, senón tamén con respecto ao resto dos portugueses, é dicir, parece que non hai moita diferenza ou distancia entre a entoación do norte e a do resto de Portugal. Por esta razón, decidimos contrastar estes resultados cos do resto de Portugal, para comprobarmos se a área lingüística que trazaría o comportamento entoativo das interrogativas totais se estendería alén das zonas máis próximas xeograficamente a Galicia. Así, realizamos un cálculo da correlación de todas as localidades enquisadas en Galicia e en Portugal (gráfico 8).




Gráfico 8. Distancias para as correlacións entre puntos de enquisa galegos e portugueses

No gráfico 8, en que se presentan as distancias entre todos os puntos de enquisa, xa aparecen ordenadas as localidades segundo os agrupamentos que forman², a partir dunha análise de conglomerados que determina a existencia de 5 clústers. En diagonal, da esquina inferior esquerda cara á esquina superior dereita, podemos ver, delimitados por liñas grosas, os cinco agrupamentos: o primeiro grupo, desde A Mezquita ata O Incio, agrupa á meirande parte das localidades galegas (é a entoación do denominado galego común); o segundo grupo, de Oia a Cangas, son as variedades das Rías Baixas; o terceiro grupo, de Moledo a Aradas, reúne a maioría dos puntos de enquisa portugueses; o cuarto grupo estaría formado unicamente por Camelle, na Costa da Morte galega; e, finalmente, o quinto grupo, de Vila do Bispo a Trinta, constitúe un grupo de tres localidades, non contiguas xeograficamente, pero que parecen distanciarse do comportamento xeral da entoación portuguesa das interrogativas totais e aproxímanse máis á entoación do galego común (primeiro grupo) ca á das Rías Baixas.

Estes cinco clústers tamén os podemos ver representados nun mapa (figura 4³).

4.3. Conclusións da análise dialectométrica

A partir dos resultados obtidos nas análises realizadas, podemos determinar a existencia dunha área no suroeste galego que compartiría unha entoación moi próxima á portuguesa para as interrogativas absolutas. Esta proximidade que sinalan as análises dialectométricas realizadas, e que confirman as descrições acústicas previas (cf. Fernández Rei/Moutinho 2006, Moutinho *et alii* 2008, Moutinho *et alii* 2009), estaría indicando a existencia dunha variedade prosódica común a galego e portugués, que probablemente diverxeu nalgunha medida ao longo dos séculos, como consecuencia da separación política entre as dúas rexións. Quedaría por demostrar se esta diverxencia foi froito do contacto do galego co español e se, por tanto, un proceso de converxencia da entoación galega coa española a levou a distanciarse do portugués. É certo que non hai similitudes na entoación suroccidental galega co español, pero si se puideron dar procesos

² Este gráfico, así como a análise dialectométrica de todos estes datos, atópase actualmente en vías de publicación. Con todo, os principais resultados foron presentados no *XXXIII Romanistentag* (Würzburg 2013) e no Simposio *Lingua e identidade na fronteira galego-portuguesa* (Santiago de Compostela 2013).

³ Neste caso as cores non representan proximidade/distancia, senón que se lle atribúe aleatoriamente unha cor a cada un dos clústers.

de converxencia que non levasen a unha substitución da entoación galega pola española, pero si a que se producisen cambios prosódicos (non só estritamente entoativos) que a conducisen a separarse do portugués.




Figura 4. Clústers para as correlacións intra- e entre-puntos

Por outra parte, puidemos comprobar tamén a existencia dunha área descontinua en Portugal que amosa similitudes co galego común. Estes primeiros resultados deben ser tomados con prudencia, pois cómpre abordar un estudo máis aprofundado. Teñamos en conta que a rede de puntos da área centro-meridional de Portugal non é moi densa e, en consecuencia, é posible que ao aumentar o número de puntos de enquisa e o número de informantes os resultados varíen. En todo caso, de se confirmar que esa área portuguesa ten similitudes co *gale-*

go común, teríamos que reformular o principio de que esta entoación é unha innovación. Tradicionalmente, asumíase que esta entoación das interrogativas absolutas, por ser claramente diferente do portugués, era autóctona de Galicia e, probablemente, máis moderna que a das Rías Baixas. Se agora atopamos datos que confirman que tamén presenta similitudes con variedades portuguesas e, ademais, atendemos ao feito de que se atoparon semellanzas entre eses patróns entoativos, tan estendidos en Galicia, co comportamento tonal que presentan tamén as interrogativas do asturiano e mesmo de áreas máis ao leste (López Bobo / Cuevas 2009), deberíamos considerar a hipótese de que se trate máis ben dunha entoación conservadora.

Así pois, a falta de máis datos acústicos que nos permitan completar a análise dialectométrica, revelouse importante realizar tests perceptivos que validasen os resultados obtidos. Preténdese con iso saber se os oíntes galegos e portugueses, cando se someten a estes tests, perciben ou non estas distancias entre as entoacións dialectais para as interrogativas das variedades estudadas. É diso que nos ocuparemos na seguinte sección.

5. A VALIDACIÓN PERCEPTIVA

Os tests perceptivos céntranse, como se dixo, na variación prosódica en interrogativas galegas e portuguesas, tendo como principais obxectivos: validar os datos prosódicos recollidos en diferentes puntos de enquisa en Galicia e en Portugal e medir a distancia prosódica percibida entre variedades da propia lingua vs. variedades da outra lingua.

Os tests realizáronse entre maio e xuño de 2013, en Santiago de Compostela con xuíces galegos e en Aveiro con xuíces portugueses. Foron realizados a través da plataforma FOLERPA (<http://ilg.usc.es/FOLERPA/>). O experimento presentaba seis estímulos do galego común (3 de Ribadeo e 3 do Incio), seis estímulos das Rías Baixas (3 do Grove e 3 de Cangas) e doce estímulos do portugués (3 de Alfândega da Fé, 3 de Monforte, 3 de Vila do Bispo e 3 de Monte Gordo). Eran, por tanto, un total de 24 estímulos, cada un deles repetido cinco veces, ordenados aleatoriamente e presentados en dous bloques de 60 preguntas (trials) cada un.

Todos os estímulos presentados consistían en enunciados sintetizados a partir das realizacións recollidas en cada un deses puntos de enquisa. Os xuíces oían cada enunciado e tiñan que responder á pregunta *É galego?* no caso dos galegos e a *É portugués?* no caso dos portugueses. En ambos os casos sabían que todos os enunciados que ían oír eran interrogativas absolutas galegas ou portuguesas.

5.1. Os tests perceptivos para os xuíces galegos

Os gráficos 9a, 9b e 9c caracterizan o universo dos xuíces galegos, no que respecta á idade, sexo e lingua materna, presentando as frecuencias absolutas e relativas dos datos. Podemos observar que a maioría destes oíntes ten entre 21 e 25 anos de idade, seguidos dos de 26 a 30, o que supón un total do 89,2% do total. En canto ao sexo, son predominantes as mulleres (65,3%). A lingua materna máis representada é o galego (G) cun 44,4% dos xuíces, seguida do castelán (C) cun 37,5%. En último lugar, aparecen os xuíces que se declaran bilingües (B), o 16,7%. Había só unha xuíz que tiña unha lingua materna distinta, o polaco (O).




Gráfico 9a. Caracterización dos xuíces galegos (sexo)




Gráfico 9b. Caracterización dos xuíces galegos (idade)




Gráfico 9c. Caracterización dos xuíces galegos (lingua materna)

No gráfico 10, vemos a porcentaxe de xuíces que responderon afirmativamente á pregunta *É galego?* Segundo a orixe do estímulo. Entre os estímulos que procedían de variedades do galego os que máis claramente identificaron como galego foron os de Ribadeo, aínda que os estímulos do Incio e O Grove tamén obtiveron a maioría das respostas afirmativas. Polo que se refire aos portugueses, en xeral consideraron que non se trataba de interrogativas galegas, coa excepción dos procedentes de Vila do Bispo, no Algarve, que obtivo unha maioría de respostas afirmativas, é dicir, que o identificaron como unha pregunta en galego.

Se analizamos a coherencia con que responderon os xuíces, isto é, se responderon da mesma maneira a cada unha das repeticións dos estímulos, constatamos que a maior parte deles responderon de maneira coherente, posto que os resultados descritos correspóndense bastante ben coas respostas dos xuíces máis coherentes (no gráfico 10, a liña vermella indica as porcentaxes obtidas polos xuíces non coherentes e a liña verde as dos coherentes).




Gráfico 10. Respostas xuíces galegos (coherencia)

No gráfico 11 móstranse as respostas segundo a lingua dos xuíces e agora si vemos un comportamento claramente diferenciado: os xuíces que tiñan como lingua materna o galego (liña azul) responderon de maneira distinta aos que tiñan como lingua materna o castelán (liña verde) ou que declaraban que tanto galego como castelán eran as súas linguas maternas (liña amarela). Forman, pois, dous grupos: os galegofalantes, por un lado, e os bilingües xunto cos castelanfalantes, por outro lado.

Os xuíces galegofalantes identifican claramente como variedades galegas, non só Ribadeo senón tamén O Incio (ambas pertencentes á área do galego común). Ademais, a súa valoración dos estímulos de Vila do Bispo é semellante á que fan do resto dos estímulos portugueses e, en consecuencia, non a catalogan como marcadamente galega como fan os xuíces do grupo formado por castelanfalantes e bilingües.




Gráfico 11. Respostas xuíces galegos (lingua materna)

5.2. Os tests perceptivos para os xuíces portugueses

A caracterización do universo dos xuíces portugueses encóntrase representada nos gráficos 12a e 12b. A franxa de idade máis representada neste caso é a dos oíntes de menos de 21 anos, seguida dos que teñen entre 21 e 25 anos, nun total de 82,6%. As mulleres son superiores en número aos xuíces do sexo masculino, representando aquelas un total de 71,3%.




Gráfico 12a. Caracterización dos xuíces portugueses (idade)




Gráfico 12b. Caracterización dos xuíces portugueses (sexo)

Como podemos comprobar no gráfico 13, os xuíces portugueses non identifican ningún dos estímulos como claramente portugueses, pois os estímulos que acadan a porcentaxe máis alta de recoñecemento como portugueses anda á volta do 60% (Cangas do Morrazo en Galicia e Monforte en Portugal). Os estímulos que consideran menos portugueses son os de Ribadeo, O Incio e O Grove, en Galicia, e Vila do Bispo, no Algarve portugués.




Gráfico 13. Respostas dos xuíces portugueses (coherencia)

5.3. Conclusións xerais do estudo perceptivo

No gráfico 14 recóllense conxuntamente as respostas de xuíces galegos e portugueses e móstrase a porcentaxe en que responderon que consideraban que se trataba dunha interrogativa propia da súa lingua. Vese claramente que hai unha importante concordancia na súa valoración: aquelas variedades consideradas máis claramente galegas polos galegos son percibidas como as menos portuguesas polos portugueses; así mesmo, aquelas que os portugueses perciben como máis portuguesas son tamén as que os galegos consideran menos galegas.




Gráfico 14. Gráfico comparativo das respostas

Con todo, obsérvase que os xuíces portugueses teñen máis dificultade para identificar a variedade máis prototípica do portugués, o que corrobora os resultados dialectométricos, en que vimos que Portugal aparecía como unha área prosódica moito máis compacta.

Agora ben, tanto galegos como portugueses están de acordo en considerar a entoación do galego común (Ribadeo e O Incio) como a máis prototípica do galego (e a menos prototípica do portugués), o que tamén corrobora os resultados acústicos e dialectométricos.

Só difire dos resultados da medida das distancias prosódicas a consideración da variedade do Grove como máis ben galega, aínda que non se trata dunha resposta contundente. Con todo, resalta a distinta consideración que merece esta variedade se a comparamos con Cangas, ambas as dúas na área das Rías Baixas.

Tamén destaca a concordancia dos xuíces en considerar Vila do Bispo como moi galega (e moi pouco portuguesa para os portugueses). Porén, convén lembrar que entre os xuíces galegos hai un distinto comportamento segundo a súa lingua: os xuíces que teñen como lingua materna o galego non consideran Vila do Bispo como unha entoación claramente galega, senón que para eles é máis ben portuguesa, se ben non de maneira clara (dubidan bastante de todas as variedades que non se correspondan co patrón común ou estándar das interrogativas).

6. OBSERVACIÓNS FINAIS

Comprobamos que a análise dialectométrica realizada cos datos actuais corrobora as descrições acústicas levadas a cabo ata o momento. Confirma a existencia dunha área en Galicia, a zona das Rías Baixas e o Baixo Miño, que presenta semellanzas coa entoación portuguesa das variedades máis próximas xeograficamente. Con todo, sinala tamén unha proximidade prosódica entre unha área portuguesa, descontinua e aínda non ben claramente definida pola falta de datos, e a área galega que se caracteriza por presentar o denominado patrón común ou estándar das interrogativas absolutas galegas.

Polo que se refire á análise perceptiva, parece que os xuíces non son quen de distinguir claramente entre as variedades galegas e portuguesas máis próximas. Cómpre con todo aprofundar este estudo, pois observouse un importante peso da lingua materna dos xuíces galegos nas súas respostas. Tamén parece que non se demostra que os xuíces atopen semellanzas entre o galego común (representados no experimento por Ribadeo e O Incio) e as variedades portuguesas que na análise dialectométrica parecían amosar unha distancia menor con elas (Alfândega da Fé e Vila do Bispo).

Os resultados obtidos na análise dialectométrica e no experimento perceptivo sinalan algúns aspectos que merecen un maior aprofundamento, pois parecen mostrar que as semellanzas prosódicas entre galego e portugués poderían trascender a fronteira e mesmo vincular historicamente estas dúas linguas co complexo lingüístico astur-leonés.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- CONTINI, Michel (2007): «Le projet AMPER: Passé, présent et avenir», en Lurdes DE CASTRO MOUTINHO / Rosa Lúcia COIMBRA (eds.), *I jornadas científicas AMPER-POR. Actas*. Aveiro: Universidade de Aveiro, 9-21.
- D'ALESSANDRO, Christophe / Albert RILLIARD / Sylvain LE BEUX (2011): «Chirinomic stylization of intonation», *Journal of the acoustical society of America* 129, 1594-1604.
- FERNÁNDEZ REI, Elisa / Manuel GONZÁLEZ / Luís XUNCAL / Maruxa CAAMAÑO (2005): «Acheqa á entoación dunha fala do centro de Galicia. Contribución para o atlas multimédia prosodique de l'espace roman (AMPER)», *Géolinguistique*, Hors série 3, 87-102.
- FERNÁNDEZ REI, Elisa / Lurdes DE CASTRO MOUTINHO (2006): «A fronteira xeográfica do Miño: ¿tamén fronteira prosódica?», en *Studies in contrastive linguistics. Proceedings of the 4th international contrastive linguistics conference*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, 265-276.
- FERNÁNDEZ REI, Elisa / Lurdes DE CASTRO MOUTINHO (2012): «Contributo para o estudo perceptivo de variantes dialectais prosódicas na fronteira galaico-portuguesa», póster presentado nas I Jornadas de Ciências da Linguagem do Centro de Línguas e Culturas. Aveiro: Universidade de Aveiro.
- FERNÁNDEZ REI, Elisa / Lurdes DE CASTRO MOUTINHO / Rosa Lúcia COIMBRA (2013): «Acheqa ao estudo diacrónico das prosodias galega e portuguesa». Comunicación presentada en *XXXIII Romanistentag*. Würzburg 2013.
- FERNÁNDEZ REI, Elisa / Ana ESCOURIDO PERNAS (2008): «La entonación de las interrogativas totales a lo largo de la costa gallega», en Adrian TURCULET (ed.), *La variation diatopique de l'intonation dans le domaine roumain et roman*. Iasi: Editura Universitatii «Alexandru Ioan Cuza», 151-166.
- GOEBL, Hans (1983): «Eléments d'analyse dialectométrique (avec application à l'AIS)», *Revue de linguistique romane* 45, 349-420.
- GOEBL, Hans (1996): «La convergence entre les fragmentations géo-linguistiques et géo-génétiques de l'Italie du Nord», *Revue de linguistique romane* 60, 25-49.
- HERMES, Dik J. (1998): «Measuring the Perceptual Similarity of Pitch Contours», *Journal of speech, language and hearing research* 41, 73-82.
- HERMES, Dik J. (1998): «Measuring the perceptual similarity of pitch contours», *Journal of speech, language and hearing research* 41, 73-82.
- LÓPEZ BOBO, M^a Jesús / Miguel CUEVAS (2009): «¿Prosodia norteña o castellana? Aproximación a la entonación del oriente de Cantabria», *Estudios de Fonética Experimental* 18, 215-236.
- MOUTINHO, Lurdes DE CASTRO / Rosa Lúcia COIMBRA / Albert RILLIARD / Antonio ROMANO (2011): «Mesure de la variation prosodique diatopique en portugais européen», *Estudios de fonética experimental* 20, 33-55.
- MOUTINHO, Lurdes DE CASTRO / Elisa FERNÁNDEZ REI (2009): «Do sul da Galiza ao norte de Portugal: uma viagem através da frequência fundamental», *Fórum lingüístico* volume 5, número 1, 63-75.
- MOUTINHO, Lurdes DE CASTRO / Rosa Lúcia COIMBRA / Elisa FERNÁNDEZ REI (2013): Comunicación oral «Abordagem dialectométrica das variedades prosódicas do galego e do português», II Jornadas de Ciências da Linguagem do Centro de Línguas e Culturas. Aveiro: Universidade de Aveiro.
- MOUTINHO, Lurdes DE CASTRO / Rosa Lúcia COIMBRA / Elisa FERNÁNDEZ REI (2009): «Novos contributos para o estudo da fronteira prosódica entre o galego e o português europeu», *Cadernos de letras da UFF* 39, 67-78.
- R CORE TEAM (2013): *R: A language and environment for statistical computing*. Vienna: R Foundation for Statistical Computing. <http://www.R-project.org/>.

**DE VILANOVA DE AROUSA
A VILA NOVA DE FOZ-CÔA:
A FRONTEIRA GALEGO-
-PORTUGUESA A ESTUDO
A PARTIR DOS MATERIAIS
DO *ALPI***

Rosa Mouzo Villar

Instituto da Lingua Galega

Universidade de Santiago de Compostela

Carolina Pérez Capelo

Instituto da Lingua Galega

Universidade de Santiago de Compostela

1. INTRODUCCIÓN*

Tomando como punto de partida os materiais que nos fornece o *Atlas Lingüístico de la Península Ibérica*, ofrecemos nestas páxinas unha panorámica do territorio que abranguen as provincias galegas de Pontevedra e Ourense e a rexión norte de Portugal, para o que realizamos unha aproximación a diversos fenómenos dialectais pertencentes aos diferentes planos da lingua: fónico (§2), morfosintáctico (§3) e léxico (§4).

Nunha carta de 1910 dirixida a Unamuno, Menéndez Pidal escribía sobre a conveniencia de «conocer las múltiples variedades dialectales que aún subsisten en España, y deslindarlas en el mapa para tener una idea del habla viviente que late debajo de la uniformidad lingüística» (Cortés e García 2010: 51). Velaí as orixes do *Atlas Lingüístico de la Península Ibérica* (ALPI de agora en diante) e velaí o obxectivo primeiro perseguido polo seu principal ideólogo: coñecer e deslindar variedades peninsulares do territorio iberorromance. O traballo de campo para a elaboración do ALPI non se iniciaría aínda ata dúas décadas despois, nos anos anteriores á guerra civil española¹. O equipo de enquisadores deste atlas, entre os cales nos interesa destacar a Aníbal Otero e Aurelio M. Espinosa (en Galicia) e a Nobre de Gusmão e Lindley Cintra (en Portugal), foi percorrendo a península (528 localidades) e cubrindo os cadernos do ALPI coa valiosa información lingüística que falantes nativos lle achegaban².

Son eses materiais recollidos na década de 1930 cos que traballamos, e o noso obxectivo non é outro que o que indicaba Menéndez Pidal: coñecer variedades

* Quixeramos expresar o noso agradecemento a Xulio Sousa, paciente guía nesta viaxe de Vilanova de Arousa a Vila Nova de Foz-Côa. Tamén a Rosario Álvarez, Francisco Dubert e Francisco Fernández Rei, pola axuda prestada en diferentes puntos do noso camiño.

¹ No territorio portugués os prazos foron diferentes: unha parte do traballo de campo realizouse tamén nos anos trinta, mais, ao ter que interromperse o traballo polo estalido da guerra española, algúns dos puntos foron enquisados na década dos cincuenta.

² Para unha descrición máis profunda da historia interna do ALPI, *vid.* Santi Cortés / Vicent García Perales (2010), Pilar Moutón *et alii* (2012) e Xulio Sousa (2008).

dialectais e deslindalas. Aínda así, por unha parte reducimos ben o espazo do *ALPI* estudado e centrámonos, como xa se sinalou, nas provincias meridionais de Galicia e na rexión setentrional de Portugal, nun territorio que, se trazamos unha liña diagonal do noroeste ao sueste, vai desde Vilanova de Arousa a Vila Nova de Foz-Côa. O conxunto de puntos utilizados para este estudo (26 en Galicia e 33 en Portugal), así coma a súa localización xeográfica, indícanse no anexo deste traballo. Por outra parte, non se estudan aquí todos os fenómenos de variación que poderían analizarse a través dos materiais do *ALPI*. Non pretendemos facer neste traballo unha descrición exhaustiva da situación xeolingüística deste territorio, senón aproximarnos a ela e ofrecer unha visión panorámica desa situación. É por isto que reducimos en boa medida as preguntas do cuestionario do *ALPI* que poderían estudarse, seleccionando tan só unha pequena parte delas. Na nosa escolla preferimos centrarnos naquelas a través das cales podemos rexistrar variación dialectal na área estudada. Hai preguntas nos cadernos deste atlas que poderían servir para mostrar a existencia de solucións idénticas en todo o territorio, mais decidimos seleccionar aquelas cuxas respostas presentan variantes distintas ao longo desa área á que pretendemos achegarnos.

Antes de expoñermos os resultados da nosa análise, cómpre resaltar aínda dous aspectos transversais a este estudo.

O primeiro ten que ver coa datación dos materiais. Nos oitenta anos que nos separan das primeiras enquisas do *ALPI*, a lingua non ficou estática, non se detivo a súa evolución. É importante non perder de vista que traballamos con materiais lingüísticos dos anos 30, o cal explica a vixencia de fenómenos hoxe practicamente extintos (é o caso, por exemplo, do seseo na localidade ourensá da Arnoia) ou nun claro proceso de recuamento (é o caso, por exemplo, das sibilantes sonoras na Limia Baixa). En certo sentido, atendendo ao plano temporal, a nosa é unha fotografía dialectal en branco e negro.

O segundo aspecto está relacionado co espazo fronteirizo estudado. Somos conscientes de que nos movemos por un terreo pedregoso no que é posible que se abran unha morea de interrogantes coma as apuntadas por Francisco Dubert (2011: 428) ao tratar das fronteiras entre galego e portugués: «¿existen ou non?, ¿cal é a súa entidade?, ¿son de tal magnitude que permiten segregar dúas linguas, galego e portugués, ou son dun grao tal que non permiten tal división e debemos

falar dunha soa lingua?». Non é este un traballo no que pretendamos nin poidamos dar resposta a estas cuestións. Faría falta para iso unha meirande cantidade de datos e tamén unha rede de puntos máis densa. Analizamos neste estudo a distribución sobre o territorio dun número limitado de fenómenos lingüísticos partindo dunha serie de puntos da rede do *ALPI*, mais non dominios lingüísticos. Con todo, ao examinar a variación dialectal ao longo deste espazo, non podemos ignorar a existencia da fronteira administrativa galego-portuguesa nin deixar de prestar atención ao papel que esta xoga ao establecermos isoglosas e delimitar áreas. Do mesmo xeito, a fronteira tamén foi decisiva á hora de escollermos os trazos dialectais analizados. Tratando de sermos o máis obxectivas que se pode chegar a ser nun traballo destas características, intentamos seleccionar na mesma medida fenómenos que inclinen a balanza cara á continuidade lingüística e fenómenos que a inclinen cara á discontinuidade.

Á hora de realizar o noso traballo, tivemos en conta investigacións anteriores e posteriores á do *ALPI*, mais os resultados que amosaremos proceden exclusivamente da análise dunha selección de preguntas deste atlas.


2. FONÉTICA

O plano fonético é, sen dúbida, o analizado con máis detalle na tradición dialectolóxica ao describir o territorio que imos estudar. Por citarmos dous traballos de referencia, Cintra (1971) seleccionou unha serie de «traços fonéticos diferenciadores» ao elaborar a súa «Nova proposta de classificação dos dialectos galego-portugueses»; do mesmo xeito, Fernández Rei (1990), partindo da división do propio Cintra, tamén se baseou fundamentalmente en trazos fonéticos para establecer a fronteira entre os dominios lingüísticos galego e portugués na súa *Dialectoloxía da lingua galega*. É por isto que pouca información nova achegamos no nivel fonético. Ao pretendermos ofrecer unha panorámica xeral do que ocorre neste espazo desde a óptica da xeolingüística, non quixemos, nin consideramos conveniente para o noso fin, afastarnos dos trazos escollidos xa pola tradición académica. Así pois, revisitamos a seguir a delimitación dos fonos [v] e [tʃ], da gheada e das sibilantes sonoras, ofrecendo para cada cuestión exemplos claros extraídos do *ALPI*.

2.1. A fricativa labiodental sonora

Non existe nos sistemas consonánticos do galego e do portugués do norte a fricativa labiodental sonora [v], consoante que si aparece, pola contra, na maioría dos dialectos centro-meridionais do portugués. A través dos datos do *ALPI*, observamos que no territorio estudado non se rexistra, nin ao norte nin ao sur da raia, a oposición fonolóxica entre /b/ e /v/. Existe nesta área un único fonema bilabial sonoro /b/, que presenta unha dupla realización fonética dependendo do contexto: aproximante [β] en posición débil e oclusiva [b] en posición inicial absoluta ou precedida dun fonema consonántico non continuo.

Nos mapas 1 e 2 recollemos a distribución xeolectal de /b/ e /v/, a través das respostas que no *ALPI* se dan ás preguntas 129 *abuelo* e 85 *árboles*.



Mapa 1. *abuelo* (129)



Mapa 2. *árboles* (85)


Na meirande parte do territorio estudado os enquisadores deste atlas rexistraron o fonema /b/ cunha realización aproximante propia do contexto fónico no que /b/ se presenta nestes dous casos: en posición intervocálica (*avó*) e en posición posconsonántica seguida dunha líquida (*árbores*). A fricativa labiodental sonora restrínxese aos tres puntos situados máis ao sueste do territorio analizado: Lagoaça (228³), São João da Pesqueira (235) e Vila Nova de Foz Côa (229). Neste último lugar, *avó* presenta [β] e *árbores* presenta [v]. Estes tres puntos sitúanse xusto debaixo da isoglosa marcada por Cintra (1971: 160) para delimitar unha área ao sur na que se conservan os dous fonemas e outra ao norte na que /b/ e /v/ se neutralizaron.

2.2. A africada postalveolar xorda


O sistema consonántico galego presenta unha consoante africada postalveolar xorda /tʃ/ que se opón, para o caso que aquí nos interesa analizar, á fricativa postalveolar xorda /ʃ/. Existe tamén esta oposición no portugués do norte, tal e como constatamos a través dos datos estudados, fronte ao que ocorre nos falares portugueses centro-meridionais onde non se rexistra a oposición entre /tʃ/ e /ʃ/, senón un único fonema cunha realización fricativa [ʃ].

Nos mapas 3 e 4 cartografamos a pronuncia das consoantes iniciais con /tʃ/ ou [ʃ] das cuestións 106 *llave* e 97 *llover*. A consoante africada é a maioritaria no territorio estudado, a única ao norte da fronteira e tamén a máis frecuente ao sur. Aínda así, obsérvase unha área ben delimitada na costa portuguesa (puntos de Moledo [202], Portuzelo [203], Balugães [206], Marinhas [207], Vila do Conde [212], Santo Tirso [213], Paço de Rei [216] e Sobrado de Paiva [241]) na que *chave* e *chover* presentan a fricativa e non a africada. Excluíndo esa zona máis occidental, no resto do territorio portugués os enquisadores do ALPI rexistraron [tʃ], con excepción dalgunhas localidades no interior nas que non se rexistra a africada. É este o caso de Paderne (200) e Carrzedo de Montenegro (218); en Peredo (226) *chover* anotouse con [ʃ] e *chave* con [tʃ]; finalmente, en São João da Pesqueira (235) indícanse as dúas realizacións para ambas as palabras.

³ O número sinalado entre parénteses neste caso e nos demais que seguen ao longo do texto correspóndense co número atribuído á localidade na relación completa dos puntos do ALPI (Anexo).



Mapa 3. //ave (106)





Mapa 4. //over (97)

2.3. A gheada

Álvarez e Xove (2002: 39) describen a gheada coma un fenómeno polo cal «en lugar do fonema oclusivo velar sonoro /g/ existe un fonema fricativo ou aproximante, con realizacións xordas ou sonoras, localizadas entre o veo do padal e a glote, que a efectos prácticos resumiremos baixo o signo /h/». Nos mapas 5 e 6 cartografamos as respostas ás preguntas 66 *aguja* e 215 *ciego* do ALPI, segundo presenten o fonema /g/ ou /h/, isto é, segundo sexan ou non pronunciadas con gheada. A distribución é a mesma nos dous casos: as formas *aghulla* e *cegħo* restrínxense ao territorio galego, a toda a provincia de Pontevedra e á parte occidental de Ourense (puntos do Irixo [141], Vilamarín [142], A Arnoia [143], Entrimo [150], Rairiz de Veiga [148] e Oímbra [151]); no resto de Ourense e en todo


o territorio portugués recolle *agulla* e *cego* pronunciadas coa aproximante velar sonora. O reparto coincide coa distribución xeográfica presentada por Fernández Rei (1990: 28), quen, á hora de establecer a fronteira entre o galego meridional e o portugués setentrional, escolle a gheada entre os trazos diferenciadores: «A gheada tamén morre no río Miño e na raia seca de Ourense con Trás-os-Montes, se ben non existe na parte máis oriental do galego, e mesmo na Limia Baixa non ten a vitalidade doutros puntos do sur de Ourense».

Mapa 5. *aguja* (66)Mapa 6. *ciego* (215)


2.4. As fricativas sibilantes

Dentro do plano fonético e fonolóxico, dedicamos esta última parte a examinar-mos as diferenzas existentes nos sistemas de fricativas sibilantes no territorio estudado. Comezamos polas prepalatais, representando nos mapas 7 e 8 a pronuncia

con [ʃ] ou [ʒ] das cuestións do *ALPI* 134 *yerno* e 73 *jornal*. Ao norte da raia rexistramos a prepalatal xorda e ao sur, a sonora. Como excepcións a este reparto xeral, son destacables o punto galego de Entrimo (150), no que se rexistra [ʒ], e o portugués de Rio de Onor (221), no que se recolle [ʃ].



Mapa 7. *yerno* (134)




Mapa 8. *jornal* (73)

Tal e como nos seguintes mapas se verá, esta repartición do territorio entre voceada e non voceada non é exclusiva das prepalatais, senón de todo o conxunto de fricativas sibilantes. Simplificando as cousas, nos sistemas de sibilantes do territorio portugués, as sonoras teñen o seu lugar e opóñense fonoloxicamente ás xordas; na parte galega, esa oposición aparece neutralizada. Non existen as voceadas. Nunha área da Limia Baixa, en lugares limítrofes coa fronteira administrativa, conservábanse aínda, cando foron realizadas as enquisas do *ALPI*, as sibilantes so-

noras⁴. O caso contrario atopámolo no territorio portugués ao norte de Bragança, onde observamos unha zona na que non se recolleron as sibilantes voceadas⁵.

Nos mapas 9 e 10 representamos as respostas ás cuestións 256 [*El juez terminó la*] *causa* e 112 *asa*, atendendo ás distintas realizacións da sibilante.



Mapa 9. *causa* (256)



Mapa 10. *asa* (112)

⁴ En palabras de Fernández Rei (1990: 56): «No suroeste de Ourense, no concello de Crespos-Padrenda e en especial nos de Entrimo e Lobios, así coma no zamorano de Hermisende existe un sistema de seis sibilantes, semellante ó existente na zona portuguesa de Trás-os-Montes próxima a Galicia e mais no noroeste da rexión miñota do país veciño». Esta zona do sudoeste ourensán está representada no ALPI polo punto de Entrimo (150).


⁵ Tal e como lemos en Santos (1967: 203): «Os antigos dialectos de Rio de Onor e Guadramil não posuíam sibilantes sonoras, mas só as surdas: /s/, em que convergiram /s/ e /z/; /ʃ/, em que convergiram /ʃ/ e /ʒ/; /ʒ/ fonema em que se fundiram /ʃ/ e /ʒ/ [...] Neste proceso de ensurdecimento, estes dialectos acompañaram os falares de Espanha vizinhos».

No tocante á voz, rexístranse as non voceadas ([s] e [ʃ]) ao norte da raia e as voceadas ([z], [ʒ] e [ʒ̃]) ao sur, coas xa indicadas excepcións de Entrimo e Rio de Onor. Polo que atinxe ao punto de articulación, observamos nos dous mapas sibilantes apicais e laminais (ora xordas, ora sonoras) repartidas polo territorio estudado. Na parte galega, a articulación maioritaria é a alveolar apical, que se estende por toda a provincia de Ourense e polo oriente pontevedrés. No territorio galego, a alveolar laminal recolleuse nas zonas máis achegadas á costa de Pontevedra. Na banda de Portugal ocorre algo semellante: a realización laminal concéntrase preferentemente na zona máis próxima ao mar. Tamén cara ao interior, onde a maioritaria é a apical, se rexistra a laminal nalgún dos puntos (200, 217, 218, 228 e 229).


Por último, nos mapas 11 e 12 cartografamos a realización das fricativas nas respostas ás preguntas do *ALPI* 148 *aceite* e 6 *rezar*. En canto á voz, observamos nestes mapas a mesma repartición ca nos mapas anteriores: xordas na parte galega estudada e sonoras na portuguesa. No tocante ao punto de articulación, na parte galega rexístrase maioritariamente unha fricativa interdental [θ]. Na costa pontevedresa, zona de seseo, máis ou menos nos mesmos puntos nos que se recollía [s] nos mapas 9 e 10, a interdental non se rexistra nestas preguntas, sendo a pronuncia das sibilantes de *aceite* e *rezar* idéntica á de *causa* e *asa*, cunha realización alveolar laminal [s]. Cómpre sinalar que na parte galega observamos unha illa seseante no medio da provincia de Ourense, máis en concreto no punto da Arnoia (143), no cal se rexistra unha alveolar apical no canto da interdental [θ] das áreas limítrofes⁶. Finalmente, en territorio portugués encontramos, ao igual ca nos mapas anteriores (9 e 10), dous posibles puntos de articulación: alveolar apical e alveolar laminal. Con todo, cómpre remarcar que a distribución territorial non é a mesma nestes mapas (11 e 12) ca nos dous comentados anteriormente (9 e 10). Destaca a parte leste, onde *causa* e *asa* son pronunciadas con [ʒ̃] e *aceite* e *rezar* con [z]; é esta a área ocupada polos dialectos do Alto Minho e de Trás-os-Montes delimitada por Lindley Cintra (1971: 152), tomando precisamente como principal trazo caracterizador destes falares a oposición entre /z/ e /ʒ̃/⁷.

⁶ Non existe hoxe seseo na Arnoia. Xa no 1951, cando Zamora Vicente delimitou a «xeografía do seseo», era esta pronuncia propia da xente de máis idade: «En Arnoya se oye seseo, sobre todo en los viejos: [s]erdeira, perdí[s]; [θ]ebola y [s]ebola; [s]eo y [θ]eo. Es el último islote dentro de zona de distinción y ya muy amenazado. Todos coinciden en reconocer que se va perdiendo» (Zamora Vicente 1986: 8).

⁷ Así explica o citado estudoso a subdivisión xeolectal do portugués setentrional: «Partindo, como sempre, de traços fonéticos relevantes, creio que poderei comezar por propor, como correspondendo melhor a esta



Mapa 11. *aceite* (148)



Mapa 12. *rezar* (6)

3. MORFOSINTAXE

Para continuar coa análise das variedades lingüísticas na área escollida, seleccionamos tamén unha serie de preguntas do *ALPI* a través das cales se pode estudar a repartición de variantes morfosintácticas. Así pois, nesta epígrafe tratamos: a

visão de conjunto, a distinção entre um grupo de *dialectos do Alto Minho e de Tras-os-Montes* e um grupo de *dialectos do Baixo Minho, do Douro e da Beira Alta* [...]. A unir os primeiros dialectos temos um traço fundamental: a existencia de um sistema de quatro sibilantes - [ʃ] e [z] ápico-alveolares (correspondentes aos grafemas *s* e *ss*), característicos de todos os falares setentrionais, opondo-se a e convivendo com o [ʃ] e o [z] predorsodontais (correspondentes aos grafemas *c + e, i, ç* e *z*) [...]. Nos segundos, o sistema de quatro sibilantes aparece-nos por toda a parte reduzido a um sistema de duas, as ápico-alveolares, características dos dialectos setentrionais» (Cintra 1983: 152).

forma verbal seleccionada para a prátase das oracións condicionais, a distribución de alomorfos do artigo determinado e a disposición do pronome átono na oración *Tráete los candiles para echarles aceite* (pregunta 357 do *ALPI*), representando cartograficamente as variantes no territorio estudado e contrastando a información recollida neste atlas coa que nos ofrecen algunhas gramáticas descritivas ao respecto.


3.1. Forma verbal na prátase da oración condicional⁸

No primeiro caderno do *ALPI* inclúense unha serie de preguntas que se introducíron no cuestionario para dar a coñecer a selección de formas temporais nas oracións condicionais. É o caso das preguntas: *Si tuviera dinero lo compraría* (386), *Si estudiara aprendería* (387) e *Si pudiera la mataría* (388) coas que é posible estudar os morfemas modotemporais das formas verbais empregadas na prátase das oracións condicionais. No mapa 13 tivemos en conta estas tres oracións e analizamos o morfema modotemporal do primeiro verbo da construción (*tuviera, estudiara, pudiera*). A distribución das distintas variantes é a seguinte: ao norte da raia recóllese o morfema *-ra* (*tivera, estudiara, pudiera*) e ao sur, *-sse* (*tivesse, estudasse, pudiesse*). No tocante ao portugués, os datos que extraemos do *ALPI* concordan co que sinalan Cintra e Cunha na súa gramática (2000: 466-469): «O conjuntivo é por excelência o modo da oração subordinada [...] Usa-se nas orações condicionais, em que a condição é irrealizável ou hipotética». Nas respostas analizadas, o *conjuntivo* é o único modo rexistrado e o tempo preferido é o *pretérito de conjuntivo*. No dominio galego, a forma verbal que achamos sempre na prátase das condicionais é o pretérito de subxuntivo, sendo *-ra* o morfema claramente dominante, en detrimento de *-se* (presente nalgún punto illado máis ao norte do territorio estudado). Segundo Xosé Xove (1986: 135):

A frecuencia relativa de *-ra* e *-se* depende basicamente de se existe ou non significado irreal. En presenza deste, como é o caso, a proporción de *-ra* sobe enormemente e de xeito regular. Das grabacións feitas en toda Galicia para o *ALGa* tiramos un total de 93

⁸ Recollemos nesta parte do noso estudo algunha das conclusións dun traballo anterior da autoría de Rosa Mouzo (2009), ao que remitimos para unha análise máis detallada da cuestión.


exemplos de Subxuntivo irreal: o 92,3% deles (85 casos) corresponde á forma *-ra*. O escaso número de ocorrencias de *-se* irreal (7 en total) aparece distribuído polas distintas áreas xeográficas. É dicir, as porcentaxes non sofren modificacións en relación coas variedades dialectais.




Mapa 13. Forma verbal na prótase (386, 387, 388)

3.2. Distribución de alomorfos do artigo determinado

O galego presenta unha serie de alomorfos para o artigo determinado condicionados polo contexto morfosintáctico e fónico no que se insire. O alomorfo *lo, la, los, las* pode aparecer, entre outros casos, ao ir o artigo determinado despois dunha forma verbal rematada en *-r*. É isto o que ocorre nas dúas oracións representadas nos mapas 14 e 15: *A ninguna le agrada ponerse la ropa de otra* (pregunta 280 do ALPI) e *Cada uno debe pagar sus deudas* (pregunta 252).



Mapa 14. *A ninguna le agrada ponerse la ropa de otra* (280)



Mapa 15. *Cada uno debe pagar sus deudas* (252)

No primeiro deles observamos que o alomorfo *la* está presente na maior parte do territorio galego (*poñe-la roupa, vesti-la roupa*), agás nos dous puntos ourensáns de Sober (126) e Maceda (144); na área portuguesa, pola contra, recóllese maioritariamente *pôr a / vestir a* e o alomorfo *la* ten aí unha presenza residual (soamente se rexistra en dúas localidades illadas: Marinhas [207] e Duas Igrejas [225]). Ao comparar a información que nos fornece o mapa 14 coa que nos achega o mapa 15, observamos na área galega un comportamento diferente das posibles formas do artigo determinado. No segundo destes mapas vemos que os alomorfos *as* e *las* aparecen distribuídos de xeito equitativo no territorio galego, concentrándose a forma *las* (*paga-las*) na provincia de Pontevedra e a forma *as* (*pagar as*) na de Ourense. No territorio portugués a distribución das diferentes

formas do artigo no mapa 15 é practicamente a mesma ca no mapa 14: o alomorfo maioritario é *as* (*pagar as*), e *las* (*paga-las*) rexístrase nos puntos 207 e 225 (igual ca no mapa 14) e tamén en Insalde (201).


Comparando estes dous mapas observamos que o alomorfo *lo, la, los, las* do artigo é un fenómeno variable en galego. Aínda que se dea o contexto propicio para a súa aparición, coma nas dúas oracións estudadas, non sempre se insire. Nun número bastante elevado de localidades, a maior parte delas ourensás, o mesmo informante respondeu *poñe-la* e *pagar as*. Contrastando esta información do ALPI coa que pode extraerse do ALGa II (mapas 210 e 211), a provincia de Ourense é a que presenta unha maior frecuencia do alomorfo *o, a, os, as* do artigo en contexto axeitado para *lo, la, los, las*. Polo tanto, podemos distinguir no territorio galego estudado unha zona máis occidental na que o alomorfo *lo, la, los, las* ten unha maior presenza e outra máis ao oriente na que, nos casos estudados, é máis habitual a alternancia entre os dous alomorfos. No tocante ao territorio portugués, o alomorfo *lo, la, los, las*, aínda que existe, ten unha presenza residual. Os datos dos nosos mapas concordan coa explicación achegada por Luísa Segura (en Raposo *et alii* 2013: 128):

As formas arcaicas *lo, la, los, las*, no seu emprego como artigo definido, viven aínda em alguns dialetos setentrionais, numa faixa sobretudo litoral. Estas formas ocorrem sobretudo, mas não exclusivamente, depois de formas verbais terminadas em *-r*.

3.3. Posición do pronome

Tanto en galego coma en portugués (e tamén en asturleonés), a posición habitual dos pronomes átonos é a posverbal, fronte ao que ocorre nas restantes linguas ibéricas, onde o habitual é a próclise. Ora ben, son múltiples os factores sintácticos que poden levar ao clítico a alterar a súa posición máis frecuente.

No mapa 16 presentamos a distribución das posibles colocacións do pronome átono nunha construción coma *Tráete los candiles para echarles aceite* (pregunta 357 do ALPI). Cartografamos a posición que ocupa o clítico dativo *lle(s) / lhe(s)* con respecto ao infinitivo. É de resaltar que o infinitivo vai precedido aí da preposición *para*, importante elemento que condiciona a posición do pronome. Aínda que faría falta un corpus ben maior de oracións para chegar a conclusións sólidas, o caso que analizamos concorda co que as gramáticas prescritivas nos din sobre o tema e serve tamén para exemplificalo.



Mapa 16. *Tráete los candiles para echarles aceite* (357)

Na parte galega encontramos próclise e énclise. Aínda que cun só exemplo non podemos falar de reparto dialectal, as estruturas enclíticas (*lles botar*) parecen concentrarse cara á zona sur do territorio galego estudado. Concorda o noso exemplo co que lemos en Rosario Álvarez e Xosé Xove (2002: 567):

A posición normal [dos clíticos] respecto do infinitivo (flexionado ou invariable) e a do xerundio é a énclise [...] Con todo, son posibles as dúas posicións se o enunciado é negativo e/ou se o verbo amodal está unido por preposición ou outro nexa.

Na parte portuguesa, a preferencia pola próclise é ben clara, recolléndose *botar-lhes* soamente en dous dos 33 puntos portugueses estudados, no de Rio de Onor (221) e no de Santo Tirso (213). Coincide tamén ben o que observamos aquí co que lemos en Maria Helena Mira Mateus (2003: 865):

Em domínios infinitivos encabeçados por preposições, ênclise é o padrão obrigatório com a preposição *a*, enquanto, com as restantes preposições, próclise é o padrão de colocação obrigatório com infinitivo flexionado e preferencial com infinitivo não flexionado.

4. LÉXICO

O último aspecto que consideramos nesta aproximación xeolingüística ao sur de Galicia e ao norte de Portugal é o léxico, adoito esquecido á hora de trazar isoglosas e delimitar áreas dialectais debido á menor regularidade no reparto territorial das variantes léxicas. Tomando prestadas as palabras de Fernández Rei (2002: 148, 149):

De Fisterra a Trieste e ós Cárpatos pódense delimitar unha serie de linguas e variedades neolatinas baseándose, fundamentalmente, en trazos fonéticos e morfolóxicos e, en moi menor medida, en trazos sintácticos. Nunca se ten en conta o léxico na clasificación das linguas e grupos lingüísticos, o que non quere dicir que non haxa léxico propio dunha lingua ou de linguas veciñas [...]⁹.

Para completar esta aproximación xeolingüística ás provincias de Pontevedra e Ourense e á rexión norte de Portugal, seleccionamos dos cadernos do ALPI unha serie de cuestións nas que se pregunta polo léxico. A partir das respostas que neles se recollen, analizamos e cartografamos nesta epígrafe a distribución das diferentes variantes léxicas rexistradas para os conceptos que tratamos e que a continuación sinalamos.


4.1. Descontinuidade léxica entre galego e portugués

Nesta primeira epígrafe dedicada ao estudo do léxico, seleccionamos do ALPI as respostas ás preguntas 347 [*Póngase usted el*] *sombbrero* (mapa 17), 346 [*Deme usted un*] *pañuelo* (mapa 18) e 345 [*Bebeos este*] *vaso [de aguardiente]* (mapa 19). Nos tres mapas indicados poden observarse configuracións nas distribucións das variantes moi semellantes.


Para denominar a ‘peza de vestir que se pon na cabeza’, rexístrase en todos os puntos portugueses *chapéu*, palabra do francés *chapeau*, procedente á súa vez

⁹ Aínda así, tampouco nos adentramos nun terreo completamente ermo. Hai non poucos traballos sobre o ámbito románico que empregan o léxico para facer agrupamentos e tratar tipos lingüísticos. Servíronnos de referencia algúns coma os de Gerhard Rohlf (1979), Luís F. Lindley Cintra (1983) ou Rosario Álvarez, Francisco Dubert e Xulio Sousa (2002).


do latín *CAPPĒLLUS* ‘prenda da cabeza’¹⁰. Nos puntos galegos, pola contra, recóllese en todos os casos *sombreiro*, derivado romance en *-eiro* de *sombra* (mapa 17). Cunha distribución idéntica, no mapa 18 cartográfanse as respostas dadas no *ALPI* para designar o ‘anaco de tecido empregado para se asoar’: nos puntos portugueses temos *lenço*, procedente do latín *LĪNTĒUM* ‘tea de liño’, e nos galegos, *pano*, do latín *PANNUS* ‘pano, tea, trapo’ ou, nos puntos máis orientais de Ourense, o castelanismo *pañuelo*. Finalmente, para denominar o ‘recipiente de vidro ou outro material, sen asa, empregado para beber’ ou, por extensión, o ‘contido dese recipiente’, nos puntos galegos rexístrase sempre *vaso* do latín vulgar *VASUM* ‘vaso, vasilla’, mentres que nos portugueses a palabra escollida é sempre *copo*, formada a partir de *copa*, do latín *CŪPPA*.



Mapa 17. *sombreiro* (347)



Mapa 18. *pañuelo* (346)



Mapa 19. *vaso* (345)

¹⁰ Para a orixe das palabras estudadas, neste caso e nos que seguen, consultouse fundamentalmente o *Dicionário etimológico da língua portuguesa* e o *Dicionário crítico-etimológico castelano e hispánico* (DCECH).

Polo tanto, despois de analizar estes tres mapas elaborados a partir dos datos do *ALPI*, vemos que en cada dominio lingüístico se rexistra unha palabra diferente; a fronteira sociopolítica entre Galicia e Portugal parece actuar tamén como barreira lexical, encontrando ao norte e ao sur da raia un termo diferente¹¹.

4.2. Continuidade léxica entre galego e portugués

Fronte aos casos vistos na epígrafe anterior, hai moito outro léxico común aos dominios lingüísticos galego e portugués, tal e como pretendemos demostrar nas dúas series de conceptos que presentamos a continuación.


A primeira delas constitúena os conceptos recollidos nos mapas 20, 21 e 22. No primeiro desta serie cartografamos as respostas do *ALPI* á pregunta 119 *chinche*. Para denominar este insecto ben coñecido, na maior parte do norte portugués emprégase a palabra *percevejo*, de orixe pouco clara. A proposta que ofrece o *DCECH* sobre a orixe é que podería tratarse dun derivado de *presebe*, lugar onde abundaría este animal. A forma rexistrada na parte galega é maioritariamente *chíncha* ou *chinche* (do latín *CĪMEX*, co mesmo significado), coa variante *chínchara* nos puntos situados máis ao suroeste da provincia de Pontevedra. Porén, tamén nalgún punto galego se rexistra a forma *percevello*, nas localidades próximas á raia, Entrimo (150) e A Arnoia (143).

No mapa 21 cartografamos os diferentes xeitos para se referir ao ‘planeta Venus que se ve lucir pola mañá cedo’ (pregunta 426 do *ALPI*, *lucero del alba*). Na maior parte do territorio galego empréganse compostos sintagmáticos cuxo núcleo é *luceiro* (*luceiro do día*, *luceiro da mañá*, *luceiro da alba...*), derivado en *-eiro* de *luz*, mentres que na parte portuguesa o núcleo da expresión é maioritariamente *estrela* (*estrela da manhá*, *estrela da alva...*). Nos tres puntos restantes, os fronteirizos de Entrimo, Paderne e Insalde, os resultados son os seguintes: no punto galego de Entrimo (150) chámase *estrela da mañá* e nos portugueses de Paderne (200) e Insalde (201), *luceiro da manhá*.


Como último exemplo desta serie, no mapa 22 expoñemos as respostas apuntadas nos cadernos do *ALPI* para a pregunta 141 *beso*. Para denominar

¹¹ A excepción ao sur da raia está na localidade portuguesa de Rio de Onor (221), cuxas escollas léxicas coinciden coas galegas nos tres casos aquí analizados. As particularidades do dialecto rionorés (algunhas xa comentadas anteriormente, *vid.* nota 3) esténdense tamén ao nivel léxico.


esta ‘demostración de afecto’ rexístrase *beijo*, do latín *BĀSIUM*, en todo o territorio portugués estudado. Na parte galega estudada rexístranse catro variantes diferentes: a designación maioritaria é *bico*, resultado de diferentes extensións metafóricas desde o significado orixinario ‘boca das aves’; no Irixe (141) rexístrase *chucho*, forma hoxe máis característica da Mariña lucense; nos puntos da Gudiña (149) e Entrimo (150) rexístranse tanto *bico* coma o castelanismo *beso*; finalmente, nas localidades de Oímbra (151), Rairiz de Veiga (148) e Maceda (144), as tres non lonxe da fronteira portuguesa, recóllese *beixo* (en 148 e 144, *beixo* e tamén *bico*).



Mapa 20. *chinche* (119)



Mapa 21. *lucero del alba* (426)




Mapa 22. *beso* (141)

A segunda serie de conceptos que ilustran a existencia de léxico común aos dous lados da raia recóllese nos mapas 23, 24 e 25.


No mapa 23 cartografamos os diferentes xeitos de facer referencia á ‘parte da cara que está entre a boca e o pescozo’ (pregunta 591 do ALPI, *barbilla*). Atendendo aos resultados podemos delimitar tres áreas: na primeira, que se espalla maioritariamente pola parte occidental do territorio analizado, rexístrase *queixo* ou o derivado *queixelo*; na segunda, que se estende pola maior parte de Ourense e por puntos portugueses do nordeste, a escolla é *papo* (derivado de *paper*) ou o derivado *paparigote*; finalmente, na punta máis ao nordeste da provincia ourensá e polo leste e puntos interiores do territorio portugués estudado, rexístrase *barba* (do latín BARBA, co mesmo significado) mais o derivado *barbelo*.

Para designar o ‘utensilio de boca ancha con forma de cono e rematado nun tubo, que se emprega para verter líquidos’ (pregunta 798, *embudo*), rexístranse no ALPI as variantes *embudo* e *funil*, como se pode observar no mapa 24. A forma maioritaria para designar este utensilio no territorio portugués estudado é *funil* (do provenzal *fonilh*); na parte galega, a resposta preferida é *embudo* (do latín tardío ĪMBŪTUM). Con todo, ambas as dúas formas se rexístran tanto no territorio galego coma no portugués: en varios puntos de Portugal concentrados na parte norte, rexístrase, xunto a *funil*, tamén *embudo*; do mesmo xeito, nunha área bastante ampla no sur pontevedrés e noutra no leste ourensán, recóllese tamén *funil*.


Por último, no mapa 25 representamos os diferentes xeitos de chamarlles ás serraduras ‘conxunto de partículas que se desprenden dunha materia ao serralá’ (pregunta 818 do ALPI, *serrín*). A forma maioritaria tanto ao norte coma ao sur da raia é *serrín* (derivado de *serrar*). A carón de *serrín*, nunha ampla área no leste portugués e nos puntos galegos da Arnoia (143), Celeiros (145) e O Bolo (146) recóllese *farelo*; en varios puntos situados cara ao occidente, a escolla é *fariña*; finalmente, espállanse polo territorio outras respostas minoritarias coma *relão* (217), *risca* (219) ou *muíña* (144).



Mapa 23. barbilla (591)



Mapa 24. embudo (798)



Mapa 25. serrín (818)

A partir da comparación das dúas series de mapas que presentamos nesta epígrafe, vemos que, dunha banda, hai léxico propio do portugués presente tamén en puntos galegos fronteirizos ou, ao revés, léxico característico do galego que achamos no portugués máis achegado á raia (mapas 20, 21 e 22); doutra, hai variantes léxicas que, de primeiras, non poderíamos caracterizar como propias do galego ou do portugués pois son comúns ás dúas linguas, alonxándose do territorio raiano e espallándose por amplas áreas dos dous dominios (mapas 23, 24 e 25).

5. RESUMO E CONCLUSIÓNS

Quixemos achegar, a través destas páxinas, unha panorámica xeolingüística xeral do territorio que abranguen as dúas provincias do sur de Galicia, Pontevedra e Ourense, e a rexión norte de Portugal. Para isto, partimos dos datos que nos

fornece o *ALPI* e analizamos a distribución espacial dunha serie de fenómenos pertencentes aos diferentes planos da lingua, algúns xa tratados con anterioridade e outros máis desatendidos, trazando isoglosas e delimitando áreas.

Tal e como foi sinalado na introdución, ao quereremos presentar esta aproximación dialectal, non puidemos ignorar a existencia da fronteira administrativa galego-portuguesa nin deixar de prestarlle atención ao papel que esta xoga ao delimitar áreas. Así, ao longo destas páxinas, fomos achegando unha serie de fenómenos cuxas isoglosas coinciden co trazado dos lindes administrativos que separan Galicia e Portugal. É este o caso da gheada (mapas 5 e 6), das fricativas sibilantes sonoras (mapas 7, 8, 9, 10, 11 e 12), do morfema modotemporal na prótase da oración condicional (mapa 13) ou de variantes léxicas coma *vaso / copo, pano / lenço* e *sombreiro / chapéu* (mapas 17, 18 e 19). Ora ben, a carón destes fenómenos, tratamos tamén trazos que, tal e como fomos vendo, son compartidos ao norte e ao sur da raia: a inexistencia do fonema fricativo labiodental sonoro /v/ (mapas 1 e 2), a presenza do fonema africado prepalatal xordo [tʃ̠]/ (mapas 3 e 4), a posición do pronome nunha construción de infinitivo introducida por preposición (mapa 16) ou variantes léxicas coma *queixo / papo / barba, embudo / funil, serrín / fariña / farelo* (mapas 23, 24 e 25).

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- ALGa II* = ÁLVAREZ, Rosario (coord.) (1995): *Atlas Lingüístico Galego. Volume II: Morfoloxía non verbal*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza / Instituto da Lingua Galega.
- ÁLVAREZ, Rosario (1995) = *ALGa II*.
- ÁLVAREZ, Rosario / Xulio SOUSA / Francisco DUBERT (eds.) (2002): *Dialectoloxía e léxico*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega / Consello da Cultura Galega.
- ÁLVAREZ, Rosario / Xosé XOVE (2002): *Gramática da lingua galega*. Vigo: Galaxia.
- CINTRA, Luís F. LINDLEY (1971): «Nova proposta de clasificación dos dialectos galego-portugueses», en L.F. CINTRA (1983), *Estudos de dialectologia portuguesa*. Lisboa: Sá da Costa Editora, 117-163.
- CINTRA, Luís F. LINDLEY (1983): *Estudos de dialectologia portuguesa*. Lisboa: Sá da Costa Editora.
- CINTRA, Luís F. LINDLEY / Celso CUNHA (2000¹⁶): *Nova Gramática do Português Contemporâneo*. Lisboa: Edições João Sá da Costa.
- COROMINES, Joan / José A. PASCUAL (1980 - 1991) = *DCECH*.
- CORTÉS, Santi / Vicent GARCÍA PERALES (2010): *La historia interna del Atlas Lingüístico de la Península Ibérica (ALPI). Correspondencia (1910-1976)*. Valencia: Universitat de València.
- DCECH* = COROMINES, Joan / José A. PASCUAL (1980 - 1991): *Diccionario crítico etimológico castellano e hispánico*. Madrid: Gredos.

- DE ANDRÉS DÍAZ, Ramón (coord.) (2011): *Lengua, ciencia y fronteras*. Uviéu: Trabe.
- DUBERT GARCÍA, Francisco (2011): «Sobre linguas e fronteiras no noroeste da Península», en Ramón DE ANDRÉS DÍAZ (coord.), *Lengua, ciencia y fronteras*. Uviéu: Trabe.
- FERNÁNDEZ REI, Francisco (1991): *Dialectoloxía da lingua galega*. Vigo: Xerais.
- FERNÁNDEZ REI, Francisco (2002): «Do Ortegal ó Douro e de Fisterra ó Navia e ó Padornelo: notas sobre léxico moderno da Gallaecia e do seu litoral», en Rosario ÁLVAREZ / Xulio SOUSA / Francisco DUBERT (eds.), *Dialectoloxía e léxico*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega / Consello da Cultura Galega.
- MATEUS, M. Helena MIRA *et alii* (2003⁵): *Gramática da lingua portuguesa*. Lisboa: Caminho.
- MOUTON GARCÍA, Pilar / David HEAP / María Pilar PEREA (2012): «The present and the future of the *Atlas Lingüístico de la Península Ibérica (ALPI)*», en *Dialectología*. Special Issue III, 1-6. Disponible en liña: <http://www.publicacions.ub.edu/revistes/dialectologiasp2012> (consultado o 09-09-2013).
- MOUZO VILLAR, Rosa (2009): «Análise contrastiva entre galego e portugués: as oracións condicionais no ALPI», en *Textos Seleccionados. XXIV Encontro Nacional da Associação Portuguesa de Linguística*. Lisboa: APL, 558-596.
- NAVARRO TOMÁS, Tomás (dir.) (1962): *Atlas Lingüístico de la Península Ibérica*, vol. I. *Fonética*. Madrid: Consejo Superior de Investigaciones Científicas.
- RAPOSO, Eduardo BUZAGLO PAIVA *et alii* (2013): *Gramática do português*. Volume I. Lisboa: Fundação Calouste Gulbenkian.
- ROHLFS, Gerhard (1979): *Estudios sobre el léxico románico*. Reelaboración parcial e notas de Manuel Alvar. Madrid: Gredos.
- SANTOS, Maria José DE MOURA (1967): *Os falares fronteiriços de Trás-os-Montes*. Coimbra: Instituto de Estudos Românicos.
- SOUSA FERNÁNDEZ, Xulio (2008): «Notas sobre o *Atlas Lingüístico de la Península Ibérica* en Galicia», en Mercedes BREA / Francisco FERNÁNDEZ REI / Xosé Luís REGUEIRA (eds.), *Cada palabra pesaba, cada palabra medía. Homenaxe a Antón Santamarina*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, Servizo de publicacións e intercambio científico, 299-306.
- XOVE FERREIRO, Xosé (1986): «As formas en *-ra* e *-se* na obra poética galega de Rosalía», en *Actas do Congreso Internacional de estudos sobre Rosalía de Castro e o seu tempo*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, volume 1, 134-149.
- ZAMORA VICENTE, Alonso (1986): *Estudios de dialectología hispánica. Verba, Anuario de Filología*. Anexo 25. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.


ANEXO. Localidades da rede do ALPI estudadas**Galicia**

<i>Nº</i>	<i>Localidade</i>	<i>Concello</i>	<i>Provincia</i>
125	Chantada	Chantada	Lugo
126	Sober	Sober	Lugo
127	San Clodio	Ribas de Sil	Lugo
131	Vilanova de Arousa	Vilanova de Arousa	Pontevedra
132	Meaño	Meaño	Pontevedra
133	Cerdedo	Cerdedo	Pontevedra
134	Bueu	Bueu	Pontevedra
135	Fornelos de Montes	Fornelos de Montes	Pontevedra
136	Nigrán	Nigrán	Pontevedra
137	Ponteareas	Ponteareas	Pontevedra
138	Arbo	Arbo	Pontevedra
139	Tui	Tui	Pontevedra
140	O Rosal	O Rosal	Pontevedra
141	O Irixo	O Irixo	Ourense
142	Vilamarín	Vilamarín	Ourense
143	A Arnoia	A Arnoia	Ourense
144	Maceda	Maceda	Ourense
145	Celeiros	A Pobra de Trives	Ourense
146	O Bolo	O Bolo	Ourense
147	Rubiá	Rubiá	Ourense
148	Rairiz de Veiga	Rairiz de Veiga	Ourense
149	A Gudiña	A Gudiña	Ourense
150	Entrimo	Entrimo	Ourense
151	Oímbra	Oímbra	Ourense

Portugal

<i>Nº</i>	<i>Localidade</i>	<i>Concello</i>	<i>Distrito</i>
200	Paderne	Melgaço	Viana do Castelo
201	Insalde	Paredes de Coura	Viana do Castelo
202	Moledo	Caminha	Viana do Castelo
203	Portuzelo	Viana do Castelo	Viana do Castelo
204	Tamente	Ponte da Barca	Viana do Castelo
205	Salamonde	Vieira do Minho	Braga
206	Balugães	Barcelos	Braga
207	Marinhas	Esposende	Braga
208	Apúlia	Esposende	Braga
209	Brito	Guimarães	Braga
210	Fafe	Fafe	Braga

<i>Nº</i>	<i>Localidade</i>	<i>Concello</i>	<i>Distrito</i>
211	Arco de Baúlhe	Cabeceiras de Basto	Braga
212	Vila do Conde	Vila do Conde	Porto
213	Santo Tirso	Santo Tirso	Porto
214	Nevogilde	Lousada	Porto
215	Gondar	Amarante	Porto
216	Paço de Rei	Vila Nova de Gaia	Porto
217	Montalegre	Montalegre	Vila Real
218	Carrizado de Montenegro	Valpaços	Vila Real
219	Vilarinho de Samardá	Vila Real	Vila Real
220	Sobreiró	Vinhais	Bragança
221	Rio de Onor	Bragança	Bragança
222	Rebordãos	Bragança	Bragança
223	Torre de Dona Chama	Mirandela	Bragança
224	Vimioso	Vimioso	Bragança
225	Duas Igrejas	Miranda do Douro	Bragança
226	Peredo	Macedo de Cavaleiros	Bragança
227	Vilarinho das Azenhas	Vila Flor	Bragança
228	Lagoaça	Freixo de Espada à Cinta	Bragança
229	Vila Nova de Foz-Côa	Vila Nova de Foz-Coa	Guarda
235	São João da Pesqueira	São João da Pesqueira	Viseu
236	Moimenta da Beira	Moimenta da Beira	Viseu
241	Sobrado de Paiva	Castelo de Paiva	Aveiro



Mapa 26. Polígonos das localidades estudadas

**(DES-)CONTINUIDADE
DE LÉXICO DIALECTAL
NA FRONTEIRA
GALEGO-PORTUGUESA**

Xosé Afonso Álvarez Pérez
Centro de Linguística da Universidade
de Lisboa

Para Charo, Manolo e Paco. Para Gabriela, João, Luísa e Manuela. Para todos aqueles que apañaron as nosas palabras, de Ortegá a Faro e do Courel a Compostela.

1. INTRODUCCIÓN

O obxectivo deste traballo é proporcionar unha aproximación ó estudo contrastivo do léxico dialectal galego e portugués. Como este volume xa contén algunhas mostras de casos particulares e descrições de proxectos concretos, adoptarei unha perspectiva esencialmente propedéutica. Presentarei as principais fontes existentes dunha e doutra banda da raia para o exame do vocabulario dialectal, con maior énfase no lado portugués da fronteira, aquel co que estarán menos familiarizados, en principio, a maioría dos lectores deste texto. Exporei as potencialidades das fontes, as principais circunstancias que cómpre ter en conta á hora de traballar cos seus materiais e, dentro das limitacións ás que condiciona o espazo asignado, ofrecerei algunhas liñas de traballo posibles dentro desta área.

2. ATLAS E ENQUISAS LINGÜÍSTICAS DO DOMINIO PORTUGUÉS

Portugal é, sen dúbida, o país da Europa románica peor descrito desde o punto de vista dialectal. Mentres que todos os estados da Romanía vella contan cun atlas de conxunto para todo o seu territorio ou cun notable número de atlas nacionais ou rexionais que cobren unha parte moi significativa da súa superficie, cando non os dous tipos de obras, o único atlas lingüístico portugués publicado é o *Atlas Lingüístico-Etnográfico dos Açores (ALEAç)*, que se ocupa do arquipélago azoriano, rexión ultraperiférica situada a uns 2000 km do territorio continental, para o que apenas existe o primeiro volume, e único que se publicou, do *Atlas*

Lingüístico de la Península Ibérica (ALPI). Hai, no entanto, unha fonte inédita (o *Inquérito Lingüístico Boléo*) e outra en proceso de edición (o *Atlas Lingüístico-Etnográfico de Portugal e da Galiza*), das que se tirou pouco proveito, tal e como se exporá a seguir.

A escaseza de fontes ten notables implicacións no que respecta á descrición lingüística de Portugal, que é moi insuficiente. A clasificación dos dialectos portugueses máis difundida hoxe en día¹ segue sendo a que presentou Lindley Cintra en 1971, elaborada con base nos seus traballos para o *ALPI* na década de 50, que distingue dous grandes grupos de dialectos, cunha ulterior bipartición dentro de cada un deles, atendendo á distribución de cinco isófonas (mais outras dúas que separan o portugués do galego). No entanto –e deixando de lado que unha clasificación dialectal apoiada neses criterios é dificilmente defendible no paradigma teórico da dialectoloxía actual– traballos recentes (p. ex. Álvarez Pérez 2013c) demostran que a proposta de Cintra non é totalmente realista na súa descrición do portugués da época. Cintra tamén presentou (unha década antes, en 1962) unha proposta de determinación de áreas lexicais portuguesas, que tivo bastante éxito e que incluso foi adaptada ó caso galego; tratarei este tema polo miúdo máis adiante.

2.1. O *Inquérito Lingüístico Boléo (ILB)*

Esta denominación abrangue un heteroxéneo grupo de materiais dialectais que foron recollidos por iniciativa de Manuel de Paiva Boléo, profesor da Universidade de Coimbra, onde aínda se conservan, inéditos, hoxe en día. Boléo constatou o enorme atraso dos traballos xeolingüísticos en Portugal, que era un ermo fronte ó agromar de grandes empresas nos países do seu redor nas primeiras décadas do século: o *ALF* en Francia, o *AIS* e o *ALI* en Italia, o *ALC* en Cataluña, o *ALR-I* e *ALR-II* en Romanía, etc. Ademais, o Centro de Estudos Históricos de Menéndez Pidal tamén encetara as tarefas do *ALPI*, que incluía na súa rede puntos portugueses, que ían ser analizados, elaborados e editados en España, sen que Portugal estivese aínda a preparar un atlas de seu. Vista esta situación, Boléo decidiu emprender uns traballos preparatorios que abrisen as portas a un futuro atlas lingüístico portugués.

¹ Véxase, por exemplo, a recente síntese de Segura (2013: 88-105 e 137-142).

Con ese obxectivo, Boléo redactou un cuestionario de 550 preguntas, moitas delas con enfoque etnográfico e de resposta aberta, que enviou desde 1942 a párrocos e mestres de ensino primario, tanto nas cidades coma no rural. Progresivamente, foi ampliando o cuestionario, ata chegar ós 783 ítems na última edición. Tamén diversificou os métodos de recolla dos materiais, pois enviou a numerosos alumnos a facer enquisas sobre o terreo co cuestionario do *ILB*, ben como traballo de curso, ben como base para unha tese de licenciatura; todos eses datos pasaron ó arquivo do *ILB*, que a finais dos anos setenta, momento de clausura desa liña de investigación, contaba con máis de 3000 enquisas.

As localidades investigadas para o *ILB* conforman unha rede de puntos de elevadísima densidade, inimaxinable noutras empresas xeolingüísticas, que proporcionaría interesantísimos achados lingüísticos, de non ser por diferentes circunstancias que condicionan o acceso e aproveitamento dos materiais. A diferenza do que acontece cos atlas lingüísticos, os informantes teñen un perfil sociolingüístico moi heteroxéneo e os enquisadores non recibiron formación especializada nin teñen un criterio harmonizado. Ademais, a consulta do *ILB* non é fácil, xa que non existe copia dixital dos cadernos, o que implica que é necesario desprazarse a Coimbra para examinar uns materiais cuxa supervivencia está a mester de ratos, incendios e do natural paso do tempo, que xa degradou algúns exemplares.

Á vista desta situación, non estraña que fosen esencialmente investigadores ligados á universidade de Coimbra os que desenvolveron traballos baseados nos materiais do *ILB*. Ademais do propio Boléo, que se fundou neses datos para elaborar, en colaboración cunha discípula, o *Mapa dos dialectos e falares de Portugal continental* (Boléo / Silva 1971). Desde a perspectiva do léxico, cómpre pór en destaque o artigo «Geographie Linguistique et expressivisme phonétique: les noms de la balançaire en portugais», de Karl Jaberg, un dos promotores do AIS, escollido, significativamente, para abrir o primeiro volume da Revista Portuguesa de Filología. Os cadernos do *ILB* tamén serviran para cubrir a área portuguesa de dúas teses de doutoramento da escola coimbrá, a de Herculano de Carvalho sobre os sistemas de debulla na Península Ibérica e a de Maria José de Moura Santos sobre a fabricación de queixo na Romanía². Finalmente, hai que referir varios traballos de Gunther Hammermüller, lector en Portugal durante moitos anos, que analizan

² A autora é ben coñecida nos estudos contrastivos galego-portugueses pola súa monumental tese de licenciatura, *Os falares fronteirizos de Trás-os-Montes* (vid. Álvarez Pérez 2013b).

diferentes campos lexicais e tamén cuestións pragmáticas (denominacións das comidas, designacións de insectos, fórmulas de saúde e tratamento, etc.).

Atendendo ó tema deste volume, hai que referir o traballo «O interese do material do I.L.B. para o estudo dos falares da fronteira galego-portuguesa», presentado por Manuel de Paiva Boléo no famoso coloquio de Tréveris de 1980, organizado en honra de Piel. Boléo examinou a vitalidade e distribución nos territorios portugueses de Entre-Douro e Minho de diferentes formas lexicais que tamén existen no galego, de acordo coas informacións que obtivo en diferentes dicionarios galegos e no léxico da comarca compostelá elaborado por Constantino García. A parte central do estudo conságrase ás denominacións dos cogomelos, representadas no mapa que se reproduce na figura 1, mais tamén se proporcionan datos sobre a vitalidade dos tipos lexicais *engaço/ingaçolangaço*, *cortinha* e *manle*.




Figura 1. Mapa que representa designacións dos cogomelos recollidas nas enquisas do *ILB* nunha área que se corresponde, *grosso modo*, cos actuais distritos de Braga, Porto, Viana do Castelo e Vila Real. Extraído de Boléo (1982).

2.2. O *Atlas Lingüístico de la Península Ibérica (ALPI)*

Após moitos anos de total esquecemento, nos últimos quince anos agromaron os estudos sobre o proceso de elaboración do *ALPI* e incluso botou a andar un proxecto para a edición dixital dos seus materiais, aínda inéditos coa excepción dos poucos mapas publicados no único volume da obra que veu a luz, en 1962. Por razóns de espazo, remito a esa abundante bibliografía para obter máis información sobre a planificación e desenvolvemento desa malograda empresa xeolingüística, especialmente a Pedrazuela (2005), Ricós (2007) e Cortés Carreres / García Perales (2009).

Recentemente, no ronsel do referido proxecto de publicación do *ALPI*, apareceron varias contribucións que empregan os seus materiais inéditos para realizar análises lexicais, tanto do territorio galego coma da franxa occidental da Península Ibérica no seu conxunto³. Exporei a seguir algunhas consideracións sobre as especiais circunstancias dos materiais do *ALPI* que aconsellan gran precaución no manexo dos seus datos e prudencia na interpretación dos resultados, especialmente no que respecta a pescudas transfronteirizas entre galego e portugués.

2.2.1. *A cronoloxía dos materiais do ALPI*

Mentres que o territorio galego foi explorado na década de 30 do século xx, só 15 puntos portugueses foron investigados antes da Guerra Civil española. As enquisas no resto de localidades da rede leváronse a cabo nos anos 50, isto é, con dúas décadas de diferenza. Hai, por tanto, unha clara heteroxeneidade na cronoloxía dos datos, que pode resultar en que algunhas discrepancias que se interpretarían como diatópicas, realmente teñan que ser explicadas como mudanzas diacrónicas. Incomprensiblemente, varios traballos de análise dos materiais do *ALPI* mesturan datos das dúas etapas sen advertir o lector desta circunstancia, a pesar das implicacións que puidesen existir. Polo contrario, non só debiera haber unha referencia explícita á diferente cronoloxía das enquisas, como tamén algún intento de análise estratigráfica, para tentar determinar se realmente hai diferenzas entre

³ Entre elas: Mouzo (2008, 2008b, 2012a, 2012b), Rodríguez Lorenzo (2008a, 2008b), Saramago (2012) e Sousa (2010).

as dúas faixas de datos, unha información esencial para futuras investigacións neste campo.

De feito, existiu unha intensa discusión entre os membros do equipo do *ALPI* sobre se cumpría manter as enquisas feitas en Portugal durante 1936, se tiñan que ser marcadas claramente para diferencialas das outras ou, incluso, se conviña eliminalas. Foi Cintra o maior defensor desta última opción, tal e como manifestaba a Menéndez Pidal nunha carta de novembro de 1953 (Cortés Carreres / García Perales 2009: 255-256). Case un ano máis tarde, Aníbal Otero, o compañeiro de traballos de Cintra, con quen tivo unha tormentosa relación, protesta nunha epístola a Rodríguez Castellano contra as intrigas do filólogo portugués para eliminar esas enquisas (Cortés Carreres / García Perales 2009: 261-262).

2.2.2. *Os perfís dos investigadores*

O cuestionario fonético do *ALPI* foi investigado e transcrito por unha única persoa en Portugal, Aníbal Otero⁴. No entanto, o cuestionario de vocabulario (caderno IIE) foi pescudado por Armando Nobre de Gusmão nos anos trinta, mentres que nos anos cincuenta case todas as localidades foran investigadas por Lindley Cintra, agás media ducia de puntos (216, 236, 237, 249, 263 e 267), que foran explorados en solitario por Otero, xa que Cintra estivera ausente, mormente por causa da enfermidade de seu pai. Hai xa, por tanto, diversidade de enquisadores dentro do mesmo caderno, e iso pode abrir a porta á heteroxeñidade dos datos.

É ben coñecida a existencia dunha forte rivalidade entre Aníbal Otero e Luís F. Lindley Cintra. O epistolario cruzado entre diferentes membros do *ALPI* permite achegarse de primeira man a esta polémica, sexa a través das cartas escritas por Otero e Cintra, que expresan queixas e lamentos en primeira persoa, sexa nas epístolas doutros membros do equipo, que reflexionan sobre toda esta tensión acumulada no seo do *ALPI* e o mellor modo de resolvela (Cortés Carreres / García Perales 2009: 257-308). Aínda que a discrepancia máis coñecida entre eles é a da existencia, ou non, de ditongación de vogais medias en sílaba tónica (*cabieça*, e non *cabeça*), as diferenzas tamén existiron noutros aspectos, entre eles a

⁴ Excepto en Rio de Onor (punto 221), de adscrición lingüística asturleonese, que foi investigado por Espinosa e Otero antes da Guerra.

recolla de léxico dialectal. Otero chamou a atención sobre o escaso coñecemento que tiña Cintra dos campos lexicais investigados: «Él es un lisboeta que no tiene conocimiento alguno de las cosas del campo ni del léxico rural» (Cortés Carreres / García Perales 2009: 257). Tamén se lamenta Otero de que Cintra non tomaba o tempo preciso para as enquisas, senón que exercía presión sobre o informante para obter unha resposta rápida e incluso chegaba a suxerirlle, e facer que aceptase, formas que eran designacións para outro concepto (Cortés Carreres / García Perales 2009: 291-292). É escusado dicir que Cintra non partillaba esas acusacións de Otero, senón que atribuíu as súas discordancias ó autoritarismo do filólogo galego, moi reticente ó traballo en equipo (Cortés Carreres / García Perales 2009: 282-283).

Con independencia da maior ou menor fiabilidade que se queira atribuír ás palabras de Otero, sería oportuno que as investigacións sobre léxico dialectal que empreguen os materiais do *ALPI* fixesen algunha cata para tentar ver se existen diferenzas entre os enquisadores no tratamento do vocabulario, especialmente no que respecta ás especificidades do léxico rural.

2.2.3. *A densidade da rede de puntos do ALPI*

O *ALPI* concibiuse, como outras obras coetáneas que estaban aparecendo ou proxectándose por toda Europa, como un atlas lingüístico de gran dominio que abrangía toda a Península Ibérica de fala románica, as Baleares e mesmo uns puntos no Rosellón francés. O que se procuraba era, por tanto, unha visión de conxunto da área examinada que definise as grandes liñas e mesmo as características dos principais dominios, mais sen ter unha visión pormenorizada do territorio. Isto ten que terse moi en conta á hora de empregar os materiais do *ALPI* para a análise da variación interna en dominios lingüísticos particulares como o galego e o portugués, pois a densidade da rede do *ALPI* resulta ser, moitas veces, insuficiente para proporcionar unha imaxe realista desas áreas, como exemplifícarei a seguir.

A caracterización lexical do portugués europeo máis difundida é, seguramente, a elaborada por Cintra (1962), que nin sequera emprega todos os datos do *ALPI*, senón só aqueles puntos enquisados directamente por el, polo que a rede aínda mingua máis. De feito, no seu propio artigo sinala explicitamente que unha rede

tan reducida só podía permitir «uma localización e delimitación aproximada das áreas dos varios tipos lexicais» e que se corría o perigo de que as respostas minoritarias quedasen ocultas baixo designacións máis frecuentes: «[quando existe um] grande número de tipos vocabulares, não é impossível que deixe escapar entre as suas malhas um ou mais de entre eles ou que deixe de assinalar uma área pouco extensa de determinada designação».

A análise contrastiva dos mapas de Cintra cos datos inéditos do *ALEPG* (Álvarez / Saramago 2012) demostra que os seus temores eran fundados; pódese ver un exemplo na figura 2, que estuda as designacións portuguesas para o soro, a parte líquida que queda despois de callar o queixo.




Figura 2. Designacións para o concepto 'soro do queixo' en Portugal continental. Á esquerda, o mapa publicado en Cintra (1962), con engadido de cores, para unha mellor visualización. Á dereita, unha adaptación do mapa publicado en Álvarez / Saramago (2012) con materiais inéditos do *ALEPG*.

Cintra presenta un mapa cunha clara bipartición do territorio portugués entre a forma de orixe latina *soro* e diferentes variantes dunha forma árábica, o *almece*. Non obstante, o exame dos datos do *ALEPG* revela que existen moitas máis designacións, especialmente no sur de Portugal, a zona onde a rede do *ALPI* é máis fraca e que, seguramente polo seu carácter de lingua substitutiva, é máis aberta a innovacións. Recupéranse nos materiais do *ALEPG* formas como *chasmeno*, *chibio*, *chirlo*, *chorrillo* ou *rescaldo*, que non aparecen nos materiais de Cintra e non son, precisamente, testemuños illados, senón que presentan áreas ben compactas. Tamén aparece algún exemplo de conservación de *soro* nunha área meridional, onde estaría extinto segundo Cintra. Estas ausencias poden ter implicacións na análise contrastiva galego-portuguesa, tal e como demostran, sen ir máis lonxe, as respostas do tipo *água* e derivados, marcadas en azul claro no mapa da dereita da figura 2. Segundo constatan Dubert e Sousa (2002), hai numerosos testemuños en Galicia, un deles moi próximo ó punto do distrito de Viana do Castelo onde se recolleu esa resposta nos materiais do *ALEPG*; en consecuencia, para este tipo lexical, e xogando co título deste traballo, existiría continuidade segundo os datos do *ALEPG* e discontinuidade segundo o *ALPI*.

Para pechar este apartado, examinarei como se plasman algunhas insuficiencias do *ALPI* nun traballo recente (Negro 2012) que emprega esa fonte para facer un estudo contrastivo das designacións para a úvula en galego e portugués. Véxase a figura 3. Entre os tipos designativos analizados están numerosos derivados da forma *campá*, pois *campainha* é unha resposta moi frecuente en portugués, aínda que escasa en galego (mormente, baixo o castelanismo *campanilla*); pois ben, os puntos *CB1* e *Pl3* do *ALEPG* enriquecen o panorama dialectal con dúas variantes semánticas (*badalo*, *badalinho*) que non aparecen noutros materiais. Os tipos *gorgomilho* e *gorgomilo* presentan unha distribución irregular no *ALPI*, xa que só aparecen 5 resultados no terzo meridional lusitano, irregularmente distribuída, sen representación na costa occidental nin no sur do dominio. Porén, o *ALEPG*, de rede máis densa, ofrece unha fotografía moi diferente: 18 dos 26 puntos de enquisa nesa zona coñecen esa resposta, repartida nunha área compacta. Finalmente, as enquisas do *ALEPG* en Moledo (punto *VCI*) confirman que a forma *pingallo*, moi frecuente na provincia de Pontevedra e case descoñecida en Portugal, segue viva nesa localidade fronteiriza en 1977, máis de catro décadas despois das enquisas de Gusmão e Otero.




Figura 3. Mapa de 'úvula' obtido por Negro (2012) a partir dos materiais do ALPI, complementado con algunhas informacións procedentes dos cadernos inéditos do ALEPG.

2.3. Atlas Lingüístico-Etnográfico de Portugal e da Galiza (ALEPG)

Como sinaléi no punto 2.1., os investigadores portugueses levaban tempo coa idea de realizar un atlas lingüístico portugués, que, no entanto, nunca chegaba a materializarse. En 1957 presentouse un bosquejo (Boléo *et alii* 1960) que non botou a andar ata 1970, con numerosas diferenzas respecto do plano inicial: a universidade de Coimbra desvinculouse da obra, abandonouse a idea do enquisador único (ou equipos con reparto territorial), optouse por unha rede menor cós 300-350 puntos de enquisa inicialmente planificados e, por último, renunciouse a investigar Galicia, que xa ía ter un atlas de seu. A súa rede de enquisas está constituída por 212 puntos, distribuídos do seguinte modo: 176 no territorio continental portugués, 17 no arquipélago dos Azores, 7 no arquipélago da Madeira e 12 en zonas fronteirizas de España, entre os que cabe sinalar 3 localidades galegas (Goián, Torneiros e Oímbra), un punto lindeiro (Hermisende) e a localidade de San Martín de Trevejo, que algúns dialectólogos aproximan ós falares galegos. Pódense consultar máis detalles sobre a obra en Saramago (2006).

As enquisas sobre o terreo comezaron en 1974, como as do *Atlas Lingüístico Galego (ALGa)*, mais cunha metodoloxía diferente. As enquisas eran gravadas sistematicamente e inda que houbera transcripción no local, a definitiva faise no gabinete. Aínda que esta decisión permite facer un levantamento máis exhaustivo do vocabulario e facer unha descrición fonético-fonolóxica máis meditada, por outra banda demora os traballos. A lentitude das investigacións, diversos problemas económicos e organizativos e a necesidade de preservar un patrimonio que xa estaba esmorecendo obrigaron, nos inicios dos anos 90 do século pasado, a reducir o tamaño do cuestionario, para pasar a enquisar as partes do cuestionario con máis peso etnográfico (agricultura, apeiros, fabricación do pan, etc.). Os traballos de campo do *ALEPG* remataron en 2004, sen que estea previsto realizar novas enquisas para completar a parte do cuestionario que non se preguntou. Así sendo, os materiais do atlas portugués presentan unha notable heteroxeneidade interna que dificulta as comparacións dos seus datos cos do atlas galego, xa que apenas un terzo da rede (69 puntos) foi investigado co cuestionario completo, polo que coñece respostas para conceptos tan comúns como as partes do corpo ou os fenómenos meteorolóxicos, entre moitos outros.

No momento de redactar estas liñas (xaneiro de 2014), aínda quedan varios cuestionarios por transcribir. Aínda que os restantes xa foron introducidos nunha base de datos, os traballos de edición do atlas en si están aínda lonxe, o que condiciona de modo notable o acceso da comunidade científica a eses materiais.

3. FONTES GALEGAS E PORTUGUESAS PARA O ESTUDO DO LÉXICO DIALECTAL

Da situación anterior dedúcese a urxencia de contar con fontes alternativas para o coñecemento do léxico dialectal portugués. Non obstante, eses recursos non deben entenderse como simples substitutos dos atlas lingüísticos, pois inda que é verdade que estas empresas xeolingüísticas son moi útiles para o investigador pola súa exhaustividade e regularidade metodolóxica, outras fontes dialectais son moi útiles para complementar e ás veces matizar os resultados dos atlas, como se tratará de demostrar a seguir.

3.1. Monografías e teses de fala

Tanto en Galicia coma en Portugal contamos cunha gran diversidade de estudos dialectais. Moitos deles foron presentados como traballos académicos (teses de licenciatura, mestrado ou doutoramento) que tiñan como obxectivo a descrición lingüística –normalmente, tamén a etnográfica– dunha localidade ou territorio pequeno. Outras obras foron traballos dunha vida que en nada desmerecen os produtos vindos da Academia, como o exemplar *Vocabulario de San Jorge de Piquín* redactado polo mencionado Aníbal Otero desde 1941. Tamén contamos con monografías e artigos etnolingüísticos e onomasiolóxicos que examinan as designacións asociadas a numerosos conceptos (apeiros, aparellos de pesca, instrumentos de debulla, etc.) en Galicia, Portugal ou ambos os dous territorios.

Os dous principais problemas son a catalogación destes recursos dispersos e o acceso ós textos, sobre todo no caso das obras inéditas. Desenvolverei o segundo problema na sección 3.2. Canto ó primeiro, teño que sinalar que na parte galega a cuestión está resolta de modo brillante pola *Bibliografía Informatizada da Lingua Galega* (<http://www.cirp.es/bdo/bil/bilega.html>) dirixida por García Gondar. Do lado portugués, a cuestión está máis complicada. En 1976 apareceu a *Bibliografía dialectal galego-portuguesa*, elaborada polo Centro de Linguística das Universidades de Lisboa, que dá conta da produción creada ata o momento; mais para etapas posteriores contamos só coa *Bibliografía de Linguística Portuguesa* (<http://clunl.fch.unl.pt/bilp/>), unha ferramenta que, aínda que mellorou moito nos últimos tempos, nin é exhaustiva nin se pode consultar axilmente.

Darei agora un exemplo da utilidade destas fontes para a análise contrastiva entre léxico dialectal galego e portugués. Segundo consta nos materiais inéditos do ALEPG, o vexetal denominado *Lactuca sativa* na terminoloxía linneana recibe o nome de *alface* en todo Portugal continental, agás nunha quincena de puntos do centro e norte, onde se prefire a forma *salada*. Este último tipo (coa variante *ensalada*) aparece con frecuencia no ALGa, mais a maioría das respostas son do tipo *leituga*, con diferentes variantes. Só no punto O-31, a aldea de Bubaces, no concello ourensán de Lobios, a oito quilómetros da raia, aparece unha forma *alfacia*, equivalente ó tipo maioritario portugués.

En principio, un investigador da continuidade lexical transfronteiriza non lle prestaría atención a este caso, xa que hai apenas unha ocorrencia esporádica.

Agora ben, o exame doutras fontes fai mudar a perspectiva. O exhaustivo traballo de Schneider (1938) sobre a Limia Baixa xa sinalaba unha resposta *alfaza* na zona. Unha consulta no meritorio *Dicionario de dicionarios* dirixido por Antón Santamarina revela que o Padre Sobreira, monxe bieito da segunda metade do século XVIII, documentou nos seus escritos lexicográficos as formas *alfácer*, *alfacia* e mais *alfaza*, que localizou en Tui, Ribadavia e no Suído. Alguén podería pensar que se trataba de arcaísmos que non sobreviviron o paso do tempo, mais o certo é que Rosario Álvarez rexistrou este termo en Ramirás durante a pescuda para a súa tese de licenciatura (García 1985). E outro crego, o irmán paúl Elixio Rivas, documentou na súa obra *Frampas III*, ápub Santamarina 2006, a forma *alfaza* en varios lugares da provincia: «Se oye desde A Merca, por Ramirás hasta Arnoia y Quilmelas de Rairiz de Veiga, Our».

A figura 4 demostra de modo claro que a situación cambiou radicalmente coa axuda dos materiais dialectais que complementan os atlas lingüísticos. De termos un único rexistro, case sobre a liña de fronteira, que se podería desbotar como ocorrencia esporádica, pasamos a observar unha área perfectamente definida no SO ourensán.



Figura 4. Vitalidade do tipo lexical *alface*. O punto negro representa as enquisas do ALGa nos anos 70 do s. XII; os puntos vermellos, os testemuños sinalados por Sobreira (s. XVIII); o punto azul, a enquisa de R. Álvarez en Ramirás (1974); finalmente, o amarelo abrangue a área delimitada por Elixio Rivas (último terzo do s. XX).

3.2. O Tesouro do léxico patrimonial galego e portugués⁵

Este proxecto botou a andar en 2009 da man do Instituto da Lingua Galega, que lidera un consorcio internacional no que participan varias universidades brasileiras e portuguesas. Esta iniciativa nace das circunstancias expostas anteriormente: o material dialectal galego e portugués está disperso, unha boa parte non é facilmente accesible para os investigadores e hai incluso obras en malas condicións de conservación que poden desaparecer nos próximos anos. O obxectivo do *Tesouro* é crear un corpus dixital que reúna o vocabulario existente en calquera tipo de fonte con localización xeográfica, isto é, que indique en que localidade ou zona se documentou cada palabra.

Na súa primeira fase, o corpus fundamental da ferramenta (<http://ilg.usc.es/Tesouro>) está integrado por máis dun cento de monografía etnolingüísticas presentadas como teses de licenciatura, mestrado ou doutoramento (*teses de fala*) que recollen o léxico de determinadas localidades ou territorios galegos, portugueses ou brasileiros; en fases posteriores está previsto diversificar a tipoloxía de fontes incluídas: bases de datos inéditas de atlas lingüísticos, recollas dialectais de todo tipo, artigos onomasiolóxicos, etc.

A edición dos materiais respecta a grafía orixinal fornecida polos autores dos traballos e as indicacións fonéticas, cando existen. Tamén se manteñen as definicións orixinais fornecidas na obra e as informacións adicionais que alí consten (etimoloxía, bibliografía, información etnográfica sobre o concepto, etc.) Agora ben, para facilitar a consulta dos materiais respectando a diversidade gráfica, todas as variantes foron lematizadas, polo que o usuario pode facer a busca por variante ou por lema, segundo as súas necesidades. Tamén se creou unha árbore semántica, con 12 grandes tipos e posteriores subdivisións dentro de cada un deles, que permitiu asignar un clasificador semántico a cada variante. Deste modo, o usuario poderá recuperar vocabulario agrupado por campos lexicais (embarcacións e artes de pesca, partes do carro, nomes de animais ou plantas, etc.). Esta innovadora funcionalidade será un importantísimo avance para os estudos lexicais e tamén para a investigación etnográfica (a este último respecto, cómpre manifestar que o *Tesouro* tamén reproduce as fotografías e deseños incluídos nas obras individuais).

⁵ Por razóns de espazo, limitome a dar conta da existencia deste proxecto e ofrecer unha descrición sucinta. Pódense consultar máis detalles en Álvarez Blanco *et alii* (2009) e Álvarez / Sousa (2013).

3.3. Enquisas dos estudantes de Lingüística Románica

Os estudantes da cátedra de Lingüística Románica da Universidade de Santiago de Compostela, rexentada por Constantino García, tiveron que facer, en diferentes ocasións, traballo de campo nalgunha localidade galega para recoller vocabulario dun determinado campo semántico. Os alumnos recibían uns cuestionarios cun número significativo de preguntas (entre cen e duascentas) brevemente enunciadas en castelán acompañadas dunhas posibles respostas citadas entre parénteses; ó lado, os alumnos anotaban a forma recollida en cada punto, con grafía ordinaria.

As fichas recollidas consérvanse no Instituto da Lingua Galega, sen que houbera unha explotación sistemática deses materiais. A fiabilidade dos traballos de campo dos alumnos é sempre unha cuestión aberta ó debate, da que non escapan outras empresas xeolingüísticas, como as enquisas por correspondencia, ás que sempre se lle bota en cara a falta de adestramento específico dos enquisadores e a carencia de unificación metodolóxica. É verdade que nalgunhas enquisas aparecen respostas dubidosas que deixan translucir unha metodoloxía defectuosa (suxerir unha resposta ó informante, mala audición da forma, deficiente comprensión do concepto que se tiña que inquirir, etc.). Chegáronme a referir, incluso, casos de picaresca dalgúns estudantes que facían o *traballo de campo* nas últimas bancadas das aulas, fose apoiados na propia imaxinación, fose recompilando unha antoloxía do vocabulario colectado polos compañeiros.

Trátase, por tanto, dunha fonte problemática, que ten outros inconvenientes adicionais, como a heteroxénea densidade da súa rede de puntos, xa que as enquisas tenden a concentrarse nos arredores de Santiago de Compostela e na periferia das principais cidades e vilas galegas, as zonas máis accesibles para os estudantes. Non obstante, coido que estes materiais teñen un bo potencial para seren empregados como fonte para a análise do léxico galego, sexa en solitario, sexa como complemento do *ALGa* ou outras fontes máis estruturadas. Farei unha demostración con 216 enquisas realizadas entre marzo e abril de 1969 que preguntaran as designacións para a columna vertebral da vaca⁶.

⁶ Para máis información sobre este campo lexical e sobre as formas aquí comentadas, véxase Álvarez Pérez (2010: 143-173).




Figura 5. Designacións para o espiñazo da vaca recollidas na pregunta 1542 do *ALGa* (á esquerda) e na pregunta 25 das enquisas de estudantes de Lingüística Románica.

A figura 5 ofrece unha visión de detalle do NO de Galicia. Nas enquisas do *ALGa*, o centro da provincia da Coruña presenta unha área compacta de respostas creadas sobre o substantivo *aro* (*aro do lombo*, *arelo*, *arelo do lombo*), que se representan cun triángulo rosa no mapa. Ó noroeste desa zona, no punto C-16, o triángulo laranxa simboliza unha forma illada *aranquelo*. Non obstante, as enquisas de estudantes, que contan cunha elevada densidade nese territorio, demostran claramente que non se trata dunha designación esporádica, xa que se recollen 4 ocorrencias de *aranquelo*, 7 rexistros de *aranguelo* e 1 de *aranguela* (a forma base, desde a que se produce un enxordecemento *ng > nk* típico de zonas de *gheada*) e 4 casos dunha variante *arambelo*. No mesmo mapa observamos outro caso tamén interesante. En seis enquisas de estudantes aparece unha forma *arazón*, representada cun rombo amarelo, perfectamente delimitada nunha área compacta e ben definida entre Carballo e A Coruña, e confirmada no vocabulario dunha tese sobre a fala de Razo (García 1985). En cambio, o *ALGa*, cunha rede de puntos menos densa, deixa escapar esas designacións.

Aínda que, por razóns de espazo, non sexa posible reproducir un exemplo da utilización destas enquisas en investigacións sobre a continuidade lexical entre galego e portugués, o caso presentado nas liñas anteriores deixa ver ás claras o interese de contar con fontes cunha rede densa que poida apañar maior número de designacións cós atlas lingüísticos, para poder ter unha imaxe máis exhaustiva e realista de cada territorio sobre a que establecer comparacións.

3.4. Tamén hai léxico dialectal no *Facebook*?

Mesmo utilidades que no imaxinario popular están tan afastadas da idea de traballo científico (ou, simplemente, de calquera tipo de traballo), como é o caso do *Facebook*, poden empregarse para investigación e divulgación do léxico dialectal, un eido que non vai unido inexorablemente a vellos libros cheos de po ou a cuestionarios inéditos de atlas arrombados nalgún armario.

Unha iniciativa digna de mención é o proxecto *Palabras de Noso* do equipo de normalización e dinamización lingüística do CPI de Navia de Suarna (<https://www.facebook.com/groups/117035061642556>), que proxecta no mundo virtual un traballo que remonta ó curso 2008/2009. O alumnado (e, en menor medida, outros membros da comunidade educativa) do centro, que ten como área de influencia a zona dos Ancares, Terra de Burón, Valdeferreiros e Ibias, recolle palabras e expresións do léxico tradicional, que se anotan xunto coa súa definición, un exemplo de uso e a indicación da localidade onde se apañou. Esa información anótase nun encerado, que é fotografado e publicado no grupo do *Facebook* (nos primeiros tempos puñan apenas o texto, mais estoutro procedemento é máis visual); un exemplo, do día 4 de outubro de 2013:

CAPELO = cogomelo.

«Xa pronto poderemos ir apañar capelos que estamos no tempo deles»

VILAQUINTE

Unha vantaxe evidente do uso do *Facebook* é a multiplicación do impacto. De ser unha iniciativa local, pasamos a poder chegar a calquera parte do mundo. No momento de escribir estas liñas (febreiro de 2014), o grupo ten 687 membros, notificados automaticamente cada vez que hai unha actualización, aínda que a

páxina é de acceso aberto, polo que calquera usuario da rede social pode consúltalo libremente sen necesidade de adherir como membro. A maior difusión pode servir como aliciente para unha maior implicación do alumnado, que pode ver como os seus achados aparecen na internet, unha rede que para eles xa forma parte da vida cotiá.

Outra utilidade moi importante deste sistema é a posibilidade de establecer unha reflexión crítica sobre a variación dialectal e de recibir *feedback* dos lectores. De feito, case todas as entradas teñen comentarios, onde os membros do grupo sinalan que unha determinada forma existe noutras localidades, verifican se se trata dun termo xa presente no *Dicionario dos dicionarios* (ou en vocabularios con forte presenza de léxico dialectal, como <http://www.estraviz.org>), propoñen formas relacionadas ou achegan matices de significado, etc.

3.5. Continuidade no léxico dialectal vs. continuidade no léxico estándar

Como non podería ser doutro modo, os reiterados debates sobre a relación entre galego e portugués e sobre a constitución do léxico estándar do galego tamén están presentes en certo modo á hora de analizar a continuidade dialectal (isto é, na «lingua real») entre galego e portugués. Presentarei rapidamente dous exemplos.

Tamén no *Facebook* existe o grupo *Eu também ouvi aquele 'LUSISMO' na GALIZA* (<https://www.facebook.com/groups/134533090052915>). Os usuarios publican formas patrimoniais galegas que tamén están presentes no portugués e que non aparecen nos dicionarios normativos do galego ou que a maioría da comunidade lingüística considera como lusismo, forma allea ó galego. Un exemplo de entrada pode ser a publicada por un membro do grupo o día 1 de novembro de 2013:

Hoje escutei uma boa, minha nai disse «Cae como a coriscos» referindo-se à chuva. Acto seguido, reparou e disse «Uff a de tempo que fazia que nom usava essa palavra» e logo perguntou-lhe a meu pai «ti sabes o que som os coriscos nom?» E meu pai «Claro que si», logo perguntou-me a mim, e «Nem ideia». Busquei na internet e não vem na RAG como já suponha, e sim no português... Enésima prova do erro de separar artificialmente o galego do português, mas também da perda de palavras com o passo dos anos, incluso entre a gente maior.

Con todo, unha rápida cata nas publicacións do grupo revela un escaso coñecemento do léxico estándar fixado pola Real Academia Galega, xa que a pesar de que o usuario afirme o contrario, o *DRAG* (<http://www.realacademiagalega.org/diccionario>) si que inclúe a entrada *corisco* no seu leuario. Algo semellante acontece coa forma *torcida* publicada o 19 de outubro de 2013 e noutras publicacións: *rebanda*, *achegado* (co valor de ‘familiar’), *ervello*, etc.

Hai pouco, estaba redactando para a *opus magna* da *BILEGA* unha sinopse da ficha 18124, un traballo de João Saramago que presenta as denominacións nos materiais inéditos do *ALPI* para diferentes leguminosas no occidente da Península. No momento de revisar o texto, consultando no dicionario da RAG unha forma dubidosa, batín cun importante paradoxo. A forma *xudía* –maioritaria na parte galega do mapa que estaba describindo e totalmente aceptada na miña comunidade lingüística de falantes nativos do galego con antigüidade de varias xeracións– estaba tachada de incorrecta no vocabulario normativo galego, que remitía para unha entrada *feixón*, onde aparecía unha expresión composta *feixóns verdes* («Casulas tenras desta planta que se comen cocidas. *Xantamos feixóns verdes con chourizo e ovo cocido*»). Esta lexía composta non se documenta nas enquisas do *ALPI* en Galicia nin do *ALGa*. Do outro lado da raia, aínda que é certo que é a designación máis común dese referente en portugués⁷, resulta que no terzo norte de Portugal é bastante pouco coñecida. Estamos, por tanto, diante dun dobre paradoxo. O estándar galego rexeita a forma que ten, de lonxe, maior presenza no territorio galego; pola outra banda, existe unha continuidade galego-portuguesa na norma culta que non se dá na realidade dialectal da lingua.

4. A (DES-)CONTINUIDADE TRANSFRONTEIRIZA NOS MATERIAIS DO *ALGA* E DO *ALEPG*

Para rematar, quixera dar conta dun proxecto de xeografía lingüística que bota a andar dentro da liña de traballo presentada nesta contribución. Trátase dunha iniciativa conxunta do Centro de Lingüística da Universidade de Lisboa e do Instituto da Lingua Galega para redactar un atlas lingüístico galego-portu-

⁷ E, de feito, a expresión é a mesma noutras linguas do entorno: *green bean*, *haricot vert*, etc.

gués, interpretativo e acompañado de comentarios, que estude unha selección de arredor de 150 fenómenos fonético-fonolóxicos e morfolóxicos e designacións para diferentes conceptos. Os datos para realizar a obra proveñen dos materiais, na súa maioría inéditos, do *ALEPG* e do *ALGa*, aínda que tamén se estudará (sen cartografala) información doutras fontes. A rede deste atlas constará aproximadamente de 300 puntos; debido á diferente densidade das mallas do *ALEPG* e do *ALGa*, o primeiro incluírase na súa integridade, mentres que só se terá en conta para os mapas arredor dun terzo dos puntos do atlas galego.

Como mostra do interese que ten este enfoque contrastivo e como constatación da diversidade de pautas existentes no que respecta á (des)continuidade transfronteiriza, comentarei a seguir dous mapas elaborados con materiais inéditos do *ALEPG* e do *ALGa*. Por razóns de espazo, presentarei dous mapas xa publicados noutros traballos, a onde remito para máis información sobre a etimoloxía e motivación das respostas, así como para coñecer outras designacións existentes para os mesmos conceptos. Téñase presente que, tal e como se indicou en seccións anteriores deste capítulo, as mallas dos atlas lingüísticos deixan escapar algunhas designacións que si aparecen noutras fontes que se concentran nunha área máis limitada, polo que esta imaxe lingüística presentada nos mapas que se indican a seguir podería ser completada e matizada cun exame máis pormenorizado.

A figura 6 representa a distribución de tres tipos lexicais que designan a vaca que non está preñada; todos parten da mesma imaxe, está ‘baleira, desocupada’, xa que non hai ningunha cría no seu útero. Cada un dos tipos presenta unha pauta diferente de distribución areal. A forma *baleira* supón algo máis da metade das designacións recollidas no territorio galego, mais apenas un 5% das respostas portuguesas, que só se documentan en sete puntos do nordés (distritos de Bragança e Vila Real), mostrando unha continuidade perfecta cos resultados galegos.




Figura 6. Designacións para a vaca que non ten cría nas redes do ALGa e do ALEPG. Adaptado do mapa 3 de Álvarez Pérez (2010).

O caso do par *vacía/vazia* é máis complexo. A súa vitalidade é máis semellante nas dúas áreas (12% das respostas galegas e 5% das portuguesas), mais a súa distribución no que respecta á continuidade entre Galicia e Portugal é heteroxénea: hai unha clara continuidade entre as respostas do Baixo Miño galego e dous puntos do distrito de Viana do Castelo, que tampouco están demasiado afastados da Limia Baixa galega, onde tamén se rexistra esa forma; no entanto, o groso das designacións deste tipo en Portugal concéntrase entre Porto e Coimbra,

ben lonxe da liña de fronteira. Finalmente, o tipo *libre / livre* aparece en Galicia unicamente nunha zona compacta no sur da provincia de Pontevedra, tocando a raia; non obstante, nas enquisas do *ALEPG* en Portugal só se rexistra unha vez, en Coimbra, a máis de 200 km da fronteira.




Figura 7. Designacións para a *Motacilla alba* e a *Motacilla cinerea*.
Adaptación do mapa 1 de Álvarez Pérez (2013a).

A figura 7 amosa as designacións de dúas especies de paxaro estreitamente relacionadas, a *Motacilla alba* e a *Motacilla cinerea*, aves que basean a súa alimentación en insectos e en larvas, manxares que atopan fundamentalmente en

dous sitios, á beira dos ríos e cursos de auga e na terra durante a decrúa ou outras tarefas agrícolas. Por iso, hai quen as denomine *lavandeira*, por camiñaren entre as mulleres que lavaban no río mentres move a súa característica cola, e tamén quen lles diga *pastora* ou *alindadora*, porque semella que están a acompañar os bois cando aran.

Unha ollada ó territorio portugués amosa, a primeira vista, que predominan as respostas do tipo *alvéola/arvéola* (continuadoras dun lat. ALBELLULA); mais no extremo norte, *grosso modo* da latitude de Porto para arriba, xa non existen respostas deste tipo, e tampouco as hai no territorio galego. Por súa vez, no que se refire á forma *lavandeira*, moi maioritaria en Galicia, hai unha clara continuidade co norte (máis ben, o nordés) de Portugal. Establécense, por tanto, dúas áreas ben diferenciadas no mapa, e non é a fronteira política a que as separa.

Agora ben, no que se refire a formas do tipo *labrandeira*, explicadas normalmente como un cruzamento entre a resposta *lavandeira* e o verbo *labrar*, a pauta de distribución é outra. Estas ocupan en Galicia boa parte da provincia de Ourense (agás un punto localizado na Península do Barbanza). No que respecta a Portugal, apenas teñen continuidade coas formas galegas en Castro Laboreiro, no distrito de Viana do Castelo, un punto que presenta moitas afinidades co galego na súa imaxe lingüística. Documentábase tamén nunha localidade próxima a Ovar e, de forma homoxénea, nunha zona do leste, entre Castelo Branco e Guarda, nunhas terras que xa non pertencen á área constitutiva do portugués, senón que foron repoboadas por colonos occidentais.

Por último, cómpre mencionar a resposta galega *debandeira*, que na nosa rede aparece apenas no punto P-21 (Moaña), mais que tamén se documenta noutras localidades do ALGa que quedaron fóra da nosa selección e que tamén se rexistrou nunha monografía sobre o léxico de Marín (ápu'd García 1985). Nun punto portugués bastante achegado a esta área aparece unha enigmática forma *debandisca*; a continuidade xeográfica suxire que poden ser formas relacionadas.

5. CONCLUSIÓNS

Os estudos contrastivos entre o léxico dialectal galego e portugués son moi escasos. Non é unha excepción, xa que tampouco abundan traballos en perspectiva

comparativa que aborden temas fonolóxicos, morfolóxicos ou sintácticos⁸. Paradoxalmente, o intenso debate sobre as relacións entre galego e portugués céntrase na comparación de linguas estándar e no confronto entre eleccións convencionais dunhas elites, especialmente no que respecta ó sistema ortográfico, unha cuestión banal, mais altamente simbólica. A lingua falada, os datos dialectais dunha e doutra banda da raia, ocupa un lugar menor; é verdade, con todo, que parte desta minorización pode deberse á escaseza de materiais primarios accesibles a toda a comunidade científica.

En particular, a información dialectolóxica sobre o territorio portugués é moi pobre. A principal fonte no que respecta ó número de enquisas, o *ILB*, nunca foi explotada de modo sistemático e, aínda hoxe, está a mercé dos ratos, trazas, lumes ou calquera outra praga apocalíptica que queira devorar uns exemplares dos que non hai copia. O *ALPI*, que se está a empregar en varios traballos, é unha fonte bastante pobre para a análise de dominios lingüísticos específicos, dada a baixa densidade da súa rede. A principal clasificación dialectal de Portugal baséase nunha selección fragmentaria destes materiais, recollidos hai 60 anos, e traballos recentes (Álvarez Pérez no prelo *a* e *b*) demostraron carencias nesa proposta de clasificación, amplamente vixente hoxe en día. O recurso destinado a substituílo, o *ALEPG*, aínda ve moi lonxe a publicación impresa ou electrónica. No que respecta ó territorio galego, a publicación dos volumes de léxico do *ALGa* vai con ritmo lento, polo menos de acordo coas previsións iniciais⁹.

Coa entrada no século XXI, gaña vigor a liña de investigación sobre lexicoloxía contrastiva, apoiada con forza na evolución dos traballos do *Atlas Lingüístico Galego*, nun maior coñecemento da situación dialectal da área portuguesa e no inicio da edición dos cuestionarios do malogrado *Atlas Lingüístico de la Península Ibérica*. Estes traballos están comezando a ofrecer resultados interesantes. Non obstante, para potenciar o seu impacto e mellorar a precisión da imaxe lingüística que transmiten, é necesario incorporar unha reflexión metodolóxica sobre os materiais dos cales se serven, as súas potencialidades e os defectos que poden condicionar o mapa dialectal, unha cuestión da que ofrecín varios exemplos ó longo deste texto (cf. seccións 2.2. e 3.3.).

⁸ Dei algunhas referencias de traballos nesta perspectiva en Álvarez Pérez (2013b).

⁹ González (1994: 184) contaba con que en 2007 estarían publicados todos os volumes.

Con todo, é necesario un estudo sistemático de grande escala da continuidade lexical entre Portugal e Galicia para podermos atinxir conclusións significativas, xa que as poucas análises coas que contamos non deixan de ser exames esporádicos de casos particulares que non permiten extraer conclusións aplicables ó conxunto do vocabulario, máxime cando as pautas de distribución que aparecen neles presentan comportamentos moi variados, como se mostrou no apartado 4. Aínda que ese traballo se apoie fundamentalmente nos materiais dos atlas, ferramentas insubstituíbles, tal e como se comentou nas liñas anteriores (cf. sección 3.1., por exemplo), é imprescindible incorporar información proveniente doutras fontes e, nese sentido, é prometedora o novo corpus do *Tesouro do Léxico Patrimonial Galego e Portugués*, que ofrece decenas de miles de elementos lematizados que permitirán obter unha visión máis exhaustiva e detallada da variación dialectal e da continuidade lexical galego-portuguesa.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- ALEAÇ = João SARAGAMO / Luísa SEGURA / Gabriela VITORINO (2012): *Atlas Lingüístico-Etnográfico dos Açores*. Ponta Delgada: Direcção Regional da Cultura. Dispoñible en liña: <http://www.culturacores.azores.gov.pt/alea/> (consultado o 4/2/2014).
- ALPI = Consejo Superior de Investigaciones Científicas (1962): *Atlas Lingüístico de la Península Ibérica*. Vol. I. Fonética. Madrid: CSIC.
- ÁLVAREZ, Rosario / Xosé Afonso A. ÁLVAREZ / João SARAGAMO / Xulio SOUSA (2009): «Presentación de un corpus digital de léxico tradicional: *Tesouro do léxico patrimonial galego e portugués*», *Fonetica și Dialectologie*, 28, 5-19.
- ÁLVAREZ PÉREZ, Xosé Afonso (2010): «*E os da banda d'alá son máis estranxeiros ca os de Madri?* Estudo contrastivo de designacións galegas e portuguesas no campo semántico da gandaría», *Verba. Anuario galego de Filoloxía* 37, 57-88.
- ÁLVAREZ PÉREZ, Xosé Afonso (2012a): «O léxico do namoro no Tesouro Dialectal Portugués (TEDIPOR)», en *XXVII Encontro Nacional da APL. Textos seleccionados*. Lisboa: Associação Portuguesa de Linguística, 540-554.
- ÁLVAREZ PÉREZ, Xosé Afonso (2012b): «European Portuguese dialectal features: a comparison with Cintra's proposal», *Journal of Portuguese Linguistics* (no prelo).
- ÁLVAREZ PÉREZ, Xosé Afonso (2013a): «Cartografía lingüística de Galicia e Portugal: presentación dun proxecto e estudo de dous casos», en Cesáreo CALVO / Emili CASANOVA (eds.), *Actes del XXVI Congrés Internacional de Lingüística i Filologia Romàniques (València, 2010)*. Berlin: De Gruyter, 29-40.
- ÁLVAREZ PÉREZ, Xosé Afonso (2013b): «A fronteira entre galego e portugués. A perspectiva portuguesa», en Eva GUGENBERGER / Henrique MONTEAGUDO / Gabriel REI-DOVAL (eds.): *Contacto de linguas, hibridade, cambio: contextos, procesos e consecuencias*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, 97-136.

- ÁLVAREZ PÉREZ, Xosé Afonso (2013c): «Isoglossas portuguesas nos materiais do Atlas Lingüístico de la Península Ibérica: análise crítica da Nova Proposta de Lindley Cintra», *Zeitschrift für romanische Philologie* (no prelo).
- ÁLVAREZ PÉREZ, Xosé Afonso / João SARAMAGO (2012): «Áreas lexicais galegas e portuguesas: um novo olhar para a proposta de Cintra», *Estudis Romànics* XXXIV, 55-97.
- ÁLVAREZ PÉREZ, Xosé Afonso / João SARAMAGO (2010): «Áreas lexicais em zona de fronteira: um olhar de síntese para a/da raia luso-espanhola na zona da Extremadura», en María Jesús FERNÁNDEZ GARCÍA / Silvia AMADOR MORENO (eds.), *Al Límite: I Congreso de la SEEPLU (Facultad de Filosofía y Letras, Cáceres, 5 y 6 de noviembre de 2009)*. Cáceres: Avuelapluma, 15-39.
- ÁLVAREZ PÉREZ, Xosé Afonso / Xulio SOUSA FERNÁNDEZ (2013): «Presentation of the *Tesouro do Léxico Patrimonial Galego e Português*», *Dialectologia. Special Issue IV*, 5-24.
- BILEGA = FRANCISCO GARCÍA GONDAR (dir.) (1998-): *Bibliografía informatizada da lingua galega*. Santiago de Compostela, Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades. Disponível en liña: <http://www.cirp.es/bdo/bil> (consultado o 4/2/2014).
- BILP = Maria do Céu CAETANO (dir.) (2007-): *Bibliografía de Linguística Portuguesa*. Lisboa: Centro de Linguística da Universidade Nova de Lisboa. Disponível en liña: <http://clunl.fcsh.unl.pt/bilp/> (consultado o 4-2-2014).
- BOLÉO, Manuel DE PAIVA (1974-1975): *Estudos de Linguística Portuguesa e Românica*. Coimbra: Universidade de Coimbra, 2 vols.
- BOLÉO, Manuel DE PAIVA (1982): «O interesse do material do I.L.B. para o estudo dos falares da fronteira galego-portuguesa», en Dieter KREMER / Ramón LORENZO (eds.), *Tradición, actualidad e futuro do galego: Actas do Coloquio de Tréveris (Tréveris, 1980)*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 131-151.
- BOLÉO, Manuel DE PAIVA / José G. HERCULANO DE CARVALHO / Luís Filipe LINDLEY CINTRA (1960): «Projecto de um atlas linguístico-etnográfico de Portugal e da Galiza», *Actas do III Colóquio Internacional de Estudos Luso-Brasileiros (Lisboa, 1957)*. Lisboa: Universidade de Lisboa, vol. II, 413-417.
- BOLÉO, Manuel DE PAIVA / Maria Helena SANTOS SILVA (1961): «O Mapa dos Dialectos e Falares de Portugal Continentals», *Boletim de Filologia* XX, 85-112.
- CARVALHO, José G. HERCULANO DE (1953): *Coisas e palavras. Alguns problemas etnográficos e linguísticos relacionados com os primitivos sistemas de debulha na Península Ibérica*. Coimbra: Universidade de Coimbra. Separata de *Biblos*, vol. XXIX.
- CENTRO DE LINGÜÍSTICA DAS UNIVERSIDADES DE LISBOA (1976): *Bibliografía dialectal galego-portuguesa*. Lisboa: Centro de Linguística das Universidades de Lisboa.
- CINTRA, Luís Filipe LINDLEY (1962): «Áreas lexicais no território português», *Boletim de Filologia* XX, fascículos 3 e 4, 273-307.
- CINTRA, Luís Filipe LINDLEY (1964-1971): «Nova proposta de classificação dos dialectos galego-portugueses». *Boletim de Filologia*, XXII, 81-116.
- CORTÉS CARRERES, Santi / Vicent GARCÍA PERALES (eds.) (2009): *La historia interna del Atlas Lingüístico de la Península Ibérica (ALPI). Correspondencia (1910-1976)*. València: Universitat de València.
- DRAG = REAL ACADEMIA GALEGA (2012): *Dicionario da Real Academia Galega*. A Coruña: RAG. Disponível en liña: <http://www.realacademiagalega.org/dicionario> (consultado o 4/2/2014).

- DUBERT GARCÍA, Francisco / Xulio SOUSA FERNÁNDEZ (2002): «Áreas lexicais galegas e portuguesas. A proposta de Cintra aplicada ao galego», en Rosario ÁLVAREZ / Francisco DUBERT GARCÍA / Xulio SOUSA FERNÁNDEZ (eds.), *Dialectología e Léxico*, Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega/Consello da Cultura Galega, 193-222.
- FERNÁNDEZ REI, Francisco (2002): «Do Ortegal ó Douro e de Fisterra ó Navia e ó Padornelo. Notas sobre léxico moderno da Gallaecia e do seu litoral» en Rosario ÁLVAREZ / Francisco DUBERT GARCÍA / Xulio SOUSA FERNÁNDEZ (eds.), *Dialectología e léxico*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega / Consello da Cultura Galega, 147-192.
- GARCÍA GONZÁLEZ, Constantino (1974): *Léxico de la comarca compostelana*. Santiago de Compostela: USC. Anexo 1 de *Verba. Anuario Filolóxico Galego*.
- GARCÍA GONZÁLEZ, Constantino (1985): *Glosario de voces galegas de hoxe*. Santiago de Compostela: USC. Anexo 27 de *Verba. Anuario Filolóxico Galego*.
- GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Manuel (1994): «El Atlas Lingüístico Galego», en Pilar GARCÍA MOUTON, (ed.): *Geolingüística. Trabajos europeos*. Madrid: Consejo Superior de Investigaciones Científicas, 169-185.
- GOTTSCHALK, Maria Filipa / Maria da Graça THEMUDO BARATA (1973): «Dissertações de licenciatura de carácter dialectológico», *Boletim de Filologia XXII*, 427-446.
- HAMMERMÜLLER, Gunther (1995): «O I.L.B. à margem dum atlas lingüístico de Portugal?», en Maria de Fátima VIEGAS BRAUER-FIGUEIREDO (coord.), *Actas do 4.º Congresso da Associação Internacional de Lusitanistas. Universidade de Hamburgo, 6 a 11 de Setembro de 1993*. Lisboa/Porto/Coimbra: Lidel, 131-144.
- HAMMERMÜLLER, Gunther (1999): «Bom dia - boa tarde - boa noite - As saudações diárias em Portugal segundo os materiais do I.L.B.», en Gabriela FUNK (org.), *Actas do 1º Encontro sobre Cultura Popular (Homenagem ao Prof. Doutor Manuel Viegas Guerreiro)*. Ponta Delgada: Universidade dos Açores, 181-195.
- HAMMERMÜLLER, Gunther (2001): «*Alguns também chamam ao jantar merenda*. Designação e repartição das refeições diárias em Portugal segundo os materiais do I.L.B.», en *Actas do 6º Congresso da Associação Internacional de Lusitanistas*. Disponível en liña: http://www.oocities.com/ail_br/algunstambemchamamaojantarmerenda.html (consultado o 4/2/2014).
- HAMMERMÜLLER, Gunther (2011): «Insekten auf einem Datenfriedhof – Aufgespürt in den Relatórios des ILB», en Annette ENDRUSCHAT / Vera FERREIRA, *Sprachdokumentation und Korpuslinguistik - Forschungsstand und Anwendung: Akten des 8. Deutschen Lusitanistentags*, München, Meidenbauer, 221-236.
- MOUZO VILLAR, Rosa (2008a): «Análise contrastiva dalgúns castelanismos léxicos entre os materiais do ALPI e do ALGa», *Interlingüística* 19 [= Daniela Ibba (coord.), *La lingüística entre los jóvenes investigadores*. Barcelona: Asociación de Jóvenes Lingüistas], 282-297.
- MOUZO VILLAR, Rosa (2008b): «Variación nos nomes de parentesco a través do material do ALPI», en Alexandre VEIGA / M^a Isabel GONZÁLEZ REY (eds.), *La diversité linguistique: Actes du XXXIe Colloque de la Société Internationale de Linguistique Fonctionnelle (Lugo, 11-15 de septembre 2007)*, Lugo: Axac, 207-212.
- MOUZO VILLAR, Rosa (2012a): «Estudo motivacional das denominacións galegas de ‘hijo menor’ no ALPI», *Estudos de Lingüística Galega* 4, 67-86.
- MOUZO VILLAR, Rosa (2012b): «Terms Referring ‘Child of an Unmarried Woman’ in Galicia: Diatopic Variation and Motivational Study = As denominacións para ‘fillo de solteira’ en Galicia: variación diatópica e estudo motivacional», *Dialectologia*, Special Issue III, 95-109.

- OTERO ÁLVAREZ, Aníbal (1977): *Vocabulario de San Jorge de Piquín*. Santiago de Compostela: USC. Anexo 8 de *Verba. Anuario Filológico Galego*. [Edición póstuma preparada por Antón SANTAMARINA e Francisco GARCÍA GONDAR]
- PEDRAZUELA FUENTES, Mario (2005): «Nuevos documentos para la historia del ALPI», *Revista de Filología Española* LXXXV(2), 271-293.
- RICÓS VIDAL, Amparo (2007): «España, Portugal y el ALPI. Notas para una historia inacabada», en Ángel MARCOS DE DIOS (ed.), *Aula Ibérica: Actas de los congresos de Évora y Salamanca (2006-2007)*. Salamanca: Ediciones Universidad de Salamanca, 183-194.
- RODRÍGUEZ LORENZO, David (2008a): «Evolución do castelanismo no léxico do fogar. Análise contrastiva entre os materiais do ALGa e do ALPI», *Interlingüística* 19 [= Daniela Ibba (coord.), *La lingüística entre los jóvenes investigadores*. Barcelona: Asociación de Jóvenes Lingüistas], 309-318.
- RODRÍGUEZ LORENZO, David (2008b): «Análise contrastiva entre os materiais do ALG e do ALPI no campo léxico das partes do corpo», en Alexandre VEIGA / Ma Isabel GONZÁLEZ REY (eds.), *La diversité linguistique: Actes du XXXIe Colloque de la Société Internationale de Linguistique Fonctionnelle (Lugo, 11-15 de septembre 2007)*, Lugo: Axac, 207-212.
- SANTAMARINA, Antón (ed.) (2006-): *Dicionario de dicionarios*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega. Disponible en liña: <http://sli.uvigo.es/DdD/index.html> (consultado o 4/2/2014).
- SANTOS, Maria José DE MOURA (1967): *Os falares fronteiriços de Trás-os-Montes*. Separata da *Revista Portuguesa de Filologia*. Coimbra: Universidade de Coimbra. Publicada orixinalmente como: «Os falares fronteiriços de Trás-os-Montes», *Revista Portuguesa de Filologia* XII/2 (1962-1963), 509-565; XIII/1-2 (1964-1965), 65-261; XIV/1-2 (1966-1968), 213-415.
- SANTOS, Maria José DE MOURA (1991): «Áreas lingüístico-etnográficas românicas: procesos tradicionais de moldar o queijo». Tese de doutoramento presentada na Universidade de Coimbra.
- SARAMAGO, João (2002): «Diferenciação lexical interpontual nos territórios galego e português (Estudo dialectométrico aplicado a materiais galegos do ALGa)», en Rosario ÁLVAREZ / Francisco DUBERT GARCÍA / Xulio SOUSA FERNÁNDEZ (eds.), *Dialectología e léxico*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega / Consello da Cultura Galega, 41-68.
- SARAMAGO, João (2006): «O Atlas Lingüístico-Etnográfico de Portugal e da Galiza (ALEPG)», *Estudis Romànics* XXVIII, 281-298.
- SARAMAGO, João (2012): «Geolinguistic Analysis of the Designations of Some Leguminous Plants in the Western Iberian Peninsula = Análise geolingüística das designações de algumas leguminosas no ocidente da Península Ibérica», *Dialectologia*, Special Issue III, 177-188.
- SCHNEIDER, Hans-Karl (1938): «Studien zum Galizischen des Limiabeckens (Orense, Spanien)», *Volkstum und Kultur der Romanen: Sprache, Dichtung, Sitte* XI/1-2, 69-145; XI/3-4, 193-281.
- SEGURA, Luísa (2013): «Variedades dialetais do português europeu», en Eduardo PAIVA RAPOSO *et alii* (eds.): *Gramática do Português*. Lisboa: Fundação Calouste Gulbenkian, vol. I, 85-142.
- SOUSA FERNÁNDEZ, Xulio (2010): «Entre el atlas lingüístico y el diccionario. Un diccionario de léxico tradicional a partir de los materiales del ALPI», en Ignacio AHUMADA (ed.), *Metalexigrafía variacional. Dicionarios de regionalismos y dicionarios de especialidad*. Málaga: Universidad de Málaga, 237-256.

**VARIAÇÃO SINTÁTICA EM
PORTUGAL E A FRONTEIRA
COM A GALIZA**

Sílvia Afonso Pereira

Centro de Linguística da Universidade de
Lisboa

1. INTRODUÇÃO

Ainda que tradicionalmente a sintaxe tenha estado ausente dos projetos de Geografia Linguística, temos vindo a assistir, nos últimos anos, a um aumento do interesse pelo estudo da variação sintática. Esse interesse deve-se ao facto de a investigação desenvolvida nas últimas décadas no domínio da teoria sintática ter definido como objetivo central a busca por princípios universais e capazes de, simultaneamente, definir os limites e contornos da variação.

Como consequência, a sintaxe dialetal tem vindo a assumir-se como uma área de estudo relevante (tanto para a dialetologia como para a sintaxe), e vários projetos dedicados ao estudo da variação sintática começaram a surgir, de âmbito nacional (*Syntactic Atlas of Northern Italy*, *Syntactic Atlas of the Dutch Dialects*) ou internacional (*Scandinavian Dialect Syntax*, *Edisyn – European Dialect Syntax*) – Barbiere e Bennis (2007) –, representando consideráveis avanços no conhecimento dos dialetos e da variação em sintaxe¹.

Em Portugal, a criação do *Corpus Dialectal para o Estudo da Sintaxe* (CORDIAL-SIN) é prova desse esforço, e a sua exploração tem-se revelado importante para os avanços da investigação neste domínio. Por um lado, os dados do *corpus* têm permitido identificar aspetos morfossintáticos de variedades não-padrão do português que até então eram desconhecidos. Por outro lado, tem sido possível verificar que vários desses fenómenos dialetais se circunscrevem a áreas geográficas muito específicas, sendo possível identificar áreas sintáticas no território português².

Num primeiro momento deste estudo, apresento um conjunto de construções não-padrão já estudadas e que permitiram começar a esboçar áreas sintáticas no território português. Posteriormente, debruço-me sobre novos dados identificados no CORDIAL-SIN. O objetivo é focar-me na apresentação de estruturas

¹ Wiki on dialectal syntax (<http://www.dialectsyntax.org>).

² Entre outros, Pereira (2003), Carrilho e Pereira (2011), Lobo (2008) e Pereira (em preparação e 2013).

identificadas em localidades junto à fronteira com a Galiza, com o intuito de mostrar que é possível, na maioria dos casos, relacioná-las com estruturas similares do galego e isolar, inclusivamente, áreas sintáticas galego-portuguesas, que ultrapassam, portanto, a barreira da fronteira política.

2. O *CORPUS*: CORDIAL-SIN

As dificuldades metodológicas e conceptuais associadas ao estudo da sintaxe dialetal são bastante reconhecidas³, tendo sido esse, aliás, o principal motivo da ausência de referências à sintaxe nos trabalhos sobre variação geolinguística. Problemas conceptuais relacionados com a dificuldade de definir o que é variável em sintaxe, e dificuldades empírico-metodológicas decorrentes da dificuldade de identificar essas variáveis, têm gerado discussões que sublinham a necessidade de novos métodos para a obtenção de dados⁴.

Nesse sentido, importa destacar a pertinência da base empírica dos estudos apresentados neste trabalho: o conjunto de dados reunidos no CORDIAL-SIN. Trata-se de um *corpus* dialetal anotado, com 600 000 palavras, composto por transcrições de excertos de fala espontânea ou semi-dirigida.

Os textos orais que compõem o CORDIAL são provenientes de 42 localidades ou microrregiões no território português continental e insular, pelo que se trata de um *corpus* geograficamente representativo. É também sociolinguisticamente homogéneo, dado que o perfil dos informantes é idêntico: os falantes são, por norma, naturais das localidades rurais inquiridas, aí residentes, idosos e pouco escolarizados (ou analfabetos).

3. ÁREAS SINTÁTICAS EM PORTUGAL

A criação do CORDIAL-SIN permitiu a realização de uma série de trabalhos pioneiros no domínio da sintaxe dialetal portuguesa que identificaram várias construções não-padrão e as associaram, em vários casos, a áreas dialetais bastante específicas. É o caso da construção *a gente* + V3PL (Pereira 2003), de *ter* existencial,


³ Veja-se, por exemplo, Barbiers (2008) e Cornips e Poletto (2005).

⁴ É frequentemente apontado o facto de o método clássico de obtenção de dados usado nos inquéritos dialetais ser desadequado ao estudo da sintaxe, por ser difícil, através de entrevistas baseadas em questionários, identificar e reunir construções sintáticas específicas.


estar aspetual + gerúndio (Carrilho e Pereira 2011), possessivo pré-nominal sem artigo (Carrilho e Pereira 2011) e gerúndio flexionado (Lobo 2008). Apresento a distribuição geográfica de cada um desses fenómenos (mapas 1-5).



Mapa 1. *a gente* + V3PL
(adaptado de Pereira 2003)



Mapa 2. *ter* existencial
(adaptado de Carrilho e Pereira 2011)



Mapa 3. *estar* + gerúndio
(Carrilho e Pereira 2011)




Mapa 4. Possessivo pré-nominal
sem artigo
(Carrilho e Pereira 2011)



Mapa 5. Gerúndio flexionado (Lobo 2008)

Na linha do que as investigações anteriores começaram a revelar, a observação dos dados dialetais disponíveis no CORDIAL permitiu-me identificar outras construções não-padrão cuja distribuição geográfica se confina a determinadas regiões, sugerindo a existência de novas áreas sintáticas em Portugal. Os mapas que apresento abaixo dizem respeito à distribuição espacial de alguns dos fenómenos que revelaram áreas bastante coesas: (i) comparativas com *cal/come* e locativos com *onda*; (ii) gerúndios predicativos, (iii) *estar* existencial; (iv) *tanto* seguido de adjetivos e advérbios; (v) ausência de concordância verbal em número em construções com *ser*, com pronomes quantificacionais e nomes coletivos (vi) clivadas nulas coordenadas com *é que* inicial (mapas 6-11).


Explico em seguida mais detalhadamente vários destes fenómenos. O que agora saliento relativamente às estruturas apontadas é a distribuição geográfica circunscrita que, na generalidade, se pode perceber, o que permite isolar áreas específicas.




Mapa 6. Comparativas com *ca/coma* e locativas com *onda*




Mapa 7. Gerúndios predicativos



Mapa 8. *estar* existencial



Mapa 9. *tanto* + adjetivos/advérbios



Mapa 10. Fenómenos de ausência de concordância verbal em número



Mapa 11. Clivadas coordenadas com *é que*

4. CONSTRUÇÕES NÃO-PADRÃO NA FRONTEIRA COM A GALIZA

Nas próximas secções deste trabalho apresento um conjunto específico de estruturas não-padrão identificadas, que têm em comum o facto de terem sido registadas junto à fronteira com a Galiza. O objetivo é, por um lado, caracterizar essas estruturas e, por outro lado, tentar perceber se há algum tipo de relação com dados do galego, de modo a perceber também que conclusões se podem tecer em termos de distribuição geográfica.


4.1. Comparativas com *ca / coma* e locativos com *onda*

No português europeu padrão, estruturas comparativas como as apresentadas em (1)-(3) ocorrem com os conectores *como* ou *(do) que* e atribuem, invariavelmente, caso nominativo ao segundo elemento da comparação:

- (1) Sou mais alta *do que tu*.
- (2) Comeste menos *do que o João*.
- (3) Eu já viajei tanto *como ela*.

Os dados do CORDIAL mostram, contudo, que em alguns dialetos portugueses o mesmo tipo de construções apresenta características diferentes. O constituinte à direita do conector comparativo ocorre numa forma que é, aparentemente, oblíqua (como é o caso de *mim*, dos exemplos 4 e 5). No que diz respeito aos conectores comparativos, os dados orais permitem identificar uma situação também diferente, decorrente do que, à primeira vista, parece ser a inserção da preposição *a* imediatamente depois do conector. O Mapa 12 ilustra a distribuição geográfica deste fenómeno.

- (4) A minha irmã era mais velha *que a mim*.
 (5) [...] não havia cá quem governasse milho *como a mim*.



Mapa 12. Comparativas com *que a* e *como a*

As localidades que evidenciaram as construções em análise são geograficamente bastante próximas, e duas delas encontram-se muito perto da fronteira com a Galiza, facto que pode sugerir uma relação com o galego. Na realidade, se observarmos exemplos de estruturas similares dessa língua constatamos que há um forte paralelismo estrutural com os dados dialetais do português. Observem-se os exemplos (6) e (7), tirados de Álvarez e Xove 2002.

(6) Ninguén chega ó traballo antes *ca min*.

(7) Non hai outro máis solícito *ca ti*.

Confrontando as estruturas galegas com as portuguesas, há um primeiro aspeto a notar relativamente aos dados do CORDIAL, que se prende com o conetor comparativo.

Na verdade, se tivermos em conta a produção fonética associada a estas estruturas do português⁵ – e se considerarmos que a diferenciação entre *que* e *a*, sugerida pela transcrição ortográfica, pode não refletir exatamente aquilo que é produzido oralmente – somos levados a considerar a hipótese de estarmos, tal como no galego, perante os conectores *ca* e *coma*, em vez de *que a* e *como a*. Nesse caso, teríamos em português uma estrutura como (8), bastante próxima, como se vê, da construção galega apresentada em (9).

(8) A minha irmã era mais velha *ca mim*.

(9) Ninguén chega ó traballo antes *ca min*.

Outros aspetos evidenciam o paralelismo entre ambas as estruturas. Relativamente às construções galegas, está descrita na literatura a distinção entre *(de) que* e *ca* e *como* e *coma*, sendo notado por vários autores que é o contexto sintático que dita a escolha entre cada uma das possibilidades⁶.

Álvarez e Xove (2002) referem que a ocorrência de «que» ou de «ca» é condicionada pela natureza do sintagma seguinte. Afirmam que *que* é a forma mais restritiva e apenas pode ocorrer em contextos específicos, sendo *ca* a forma possível em todos os casos.

Por outro lado, é comum encontrar descrições que notam a menor frequência de *ca* antes de verbos conjugados. Distinguir claramente os contextos de ocorrência de cada forma tem sido tarefa difícil na literatura e nem sempre as descrições encontradas refletem o verdadeiro uso da língua⁷. Apesar disso, é relevante notar que esta ideia de que os conectores apresentam restrições de ocorrência é visível também em português.

Os exemplos encontrados no CORDIAL com *ca* dizem respeito a casos em que o segundo elemento da comparação é um SN ou um pronome pessoal.

⁵ *Que a* produz-se [kɐ] e *como a* [kumɐ].

⁶ Cf., entre outros, Santamarina (1974), Álvarez e Xove (2002) e Pérez Fernández (2012).

⁷ Cf. Álvarez Pérez, comunicação pessoal.

A ocorrência de adjetivos ou advérbios (possíveis no galego, 10), por exemplo, não está atestada no CORDIAL (11) nem me parece (segundo os meus juízos de falante nativa de um dialeto onde existe a construção) possível.

(10) Sabe moito mellor fría *ca quente*. [Álvarez e Xove 2002]

(11) *Sabe muito melhor fria *ca quente*.

O mesmo se passa relativamente a ocorrências com verbos: no CORDIAL não foram encontradas ocorrências de *ca* com estes constituintes e, segundo os meus juízos, a coocorrência dos dois elementos produz resultados agramaticais. Também no galego as ocorrências com verbos parecem ser (pelo menos as ocorrências com verbos conjugados) menos frequentes com *ca* e mais naturais com (*do*) *que*. Nos exemplos abaixo ilustram-se essas situações: a maior naturalidade, no galego, de *do que* com verbos conjugados (12) e a agramaticalidade de *ca* seguido de verbo no português dialetal (13).

(12) Creo que xoga máis *do que estudia*. [Álvarez e Xove 2002]

(13) *Creio que joga mais *ca estuda*.

Poderá portanto ser o caso de o *ca* português ser mais restritivo do que o *ca* galego, mas tratar-se, ainda assim, de estruturas com a mesma origem.

Esta proximidade entre as estruturas galegas e portuguesas leva a acreditar que se trata de um caso de continuidade linguística entre as duas áreas, podendo assim concluir-se que há relativamente a estas construções um território linguístico que a fronteira política não quebrou.

Na realidade, uma análise da evolução diacrónica dos étimos latinos *quam* e *quia* permite explicar estes paralelismos. Vários autores defendem a ideia de que *ca* representa uma etapa intermédia na evolução de *quam* e *quia* latinos, que terão primeiro evoluído para *ca* e só depois para *que* (é o que defendem, por exemplo, Corominas e Pascual 1980-1991, *apud* Cambrón 1998⁸). Estes autores

⁸ Meyer Lübke (*apud* Cambrón 1998) defende que *que* não substitui *ca* de forma direta. Segundo o autor, numa primeira fase *que* substitui *ca* em «codas clausales com verbo expresso», estendendo-se, numa segunda fase, a outros contextos. Cambrón (1998) contesta esta ideia, alegando que, nesse caso, «sería de esperar encontrar lenguas que reflejaran una etapa intermedia en el avance de *que*: lenguas que tuvieran *que* en la construcion conjuntiva con coda clausal y verbo expresso y *ca* si esta no presenta verbo». Por um lado, a descrição encontrada para as estruturas do galego relativamente à preferência de *que* seguido de verbo conjugado não deixa de ser relevante, já que pode evidenciar precisamente que *ca* se associa a

dão inclusivamente o exemplo do leonês e do galego-português para evidenciar a existência dessa fase intermédia da evolução. Os dados do português dialetal aqui apresentados, ao tornarem claros os paralelismos com o galego, reforçam essa ideia e põem em evidência o passado comum das duas línguas, fazendo crer que as estruturas em análise derivam do latim vulgar.

Uma situação semelhante parece ocorrer com estruturas locativas do tipo de (14) e (15), também identificadas no CORDIAL e inexistentes no português padrão⁹, mas muito próximas da estrutura galega de (16).

(14) Somos amigas dele e ele mandou-nos *onde a ti*.

(15) Aquelas só anda *onde ao gado*.

(16) «*onda ti*, lonxe do mundo/tan feliz me acobechara». [*Cantares Gallegos*, Rosalía de Castro]

Tal como foi proposto para os conetores comparativos, também aqui sugiro que pode tratar-se da forma *onda*, similar à galega, e não *onde*. De qualquer modo, o que importa notar é que, a julgar pelo paralelismo entre as construções e pela distribuição geográfica das mesmas, estaremos mais uma vez diante de estruturas semelhantes, associadas a uma área geográfica que isola novamente o norte de Portugal e a Galiza¹⁰.

4.2. Construções meteorológicas com *ir* impessoal

O português dialetal apresenta outra construção não descrita para o português padrão: construções meteorológicas em que se emprega o verbo *ir* com um valor impessoal, como exemplificado em (17). Estruturas deste tipo ocorrem, no padrão, com o verbo *estar* (18).

contextos sem verbo. Por outro lado, o facto de também o português dialetal parecer mostrar restrições nesse sentido (as ocorrências de *ca* seguido de verbo, inexistentes no *corpus*, parecem, segundo os meus juízos, muito marginais), também podem ser um argumento a favor da ideia de que português e galego representam essa fase intermédia de evolução das estruturas.

⁹ Estas construções não alternam com nenhuma construção específica do português padrão. Uma estrutura alternativa seria, por exemplo, uma construção com *até*, do tipo «Somos amigas dele e ele mandou-nos *até ti*».

¹⁰ Também neste caso é possível que estejamos perante estruturas derivadas do latim. Concretamente, das estruturas locativas latinas com *unde* + *a>ad* (+ caso dativo).

(17) Mas se ele *ia* tanto calor, tanto calor, [...]

(18) *Estava* tanto calor...



Mapa 13. Locativas com *onda*

A distribuição geográfica de estruturas do tipo de (17) sugere, também neste caso, uma possível relação com a Galiza, como se percebe no mapa 14¹¹. E, efetivamente, verifica-se que o galego apresenta estruturas muito semelhantes; veja-se o exemplo (19), de Carballo Calero (1979).


(19) *Vai* moito frío. / Qué frío *vai!*

É pertinente notar que além da construção impessoal exemplificada em (17), foram também encontradas no corpus outras ocorrências do verbo *ir* inexistentes no padrão. É o caso de *ir* como auxiliar de passivas, como exemplificado em (20¹²).

(20) Depois de ela estar preta, em outubro, *vai apanhada*.

¹¹ Convém notar que não foi encontrado um número muito significativo destas construções. Assim, a distribuição geográfica apresentada apenas fornece uma primeira visão dos dados. Seria importante reunir mais dados, provenientes de outras fontes, de forma a verificar se a área obtida é coincidente e/ou que outra configuração poderia tomar considerando mais exemplos.

¹² No português padrão, uma passiva deste tipo seria construída com o auxiliar *ser*: «[...] em outubro, é apanhado».



Mapa 14. *ir* em construções meteorológicas

Ainda que estes casos, em que *ir* ocorre com valor estativo, tenham sido identificados num ponto do centro/sul de Portugal, afastado, portanto, da fronteira com a Galiza, não deixa de ser pertinente notar que também no galego se encontram exemplos de *ir* com valor estativo (Carballo Calero 1979).

(21) O meu pai *vai* na Habana.

(22) O meu homiño perdeu-se, ninguén sabe nónde *vai*.

O que estes dados parecem sugerir é que em variedades dialetais do português, assim como no galego, encontramos usos específicos de *ir*, associados a valores impessoais e estativos, que se encontram indisponíveis no português padrão. O facto de esses usos estarem atestados no português dialetal e no galego pode sugerir que se trata de usos característicos de fases mais antigas da língua e que, entretanto, se terão perdido.

Alguns trabalhos que documentam valores estativos e impessoais associados a verbos de movimento de várias línguas sustentam esta ideia. A título de exemplo, veja-se como estão atestados usos impessoais de verbos de movimento no inglês antigo (Ogura 2002) e como estão registados, também, valores estativos e existenciais associados ao verbo *vinden* no alto alemão médio

(Pfenninger 2009). Está também descrita a possibilidade de os verbos de movimento ocorrerem como auxiliares em passivas em várias línguas do mundo (Siewierska 1984, i.a.).

É impossível, nestas páginas, trabalhar adequadamente este assunto e procurar eventuais relações entre o português e o galego relativamente aos usos dos verbos de movimento. No que toca, no entanto, à ocorrência de *ir* nas construções meteorológicas, comum às duas línguas, a distribuição geográfica permite considerar a hipótese de que se trata de mais um caso de continuidade linguística, a evidenciar novamente as raízes comuns do galego e do português.

4.3. Estruturas partitivas

Observemos os exemplos (23) e (24), que ilustram outra estrutura não-padrão identificada no CORDIAL.

(23) Ai Jesus, *que de* peixe havia!

(24) Ai, *que de* sardinha, meu Deus!


Trata-se de estruturas partitivas identificadas novamente no norte de Portugal, nos pontos assinalados no mapa 15.

Mais uma vez, a proximidade com a Galiza é evidente e, mais uma vez, encontramos construções similares no galego (e, neste caso, também no espanhol):

(25) «*Qué de* rapazas! Que delas!» [Carballo Calero 1979]

(26) «*Qué de* criminales han sido arrestados!» [González Rodríguez 2008]

A análise existente para estas construções no espanhol trata estes casos como estruturas exclamativas quantitativas (Sánchez López 1999), atribuindo a *que* o estatuto de pronome exclamativo, com um valor de quantificador quantitativo.



Mapa 15. Estruturas partitivas com *que de*

Parece ser possível afirmar que também em português estas construções estão associadas a um traço [+exclamativo]. É isso que sugerem os dados do *corpus*, já que todos os contextos identificados são exclamativos¹³.

Etimologicamente, tratar-se-á novamente de estruturas derivadas do latim. Não sendo pouca a bibliografia existente relativamente às construções partitivas e à sua evolução diacrónica, a que trata deste tipo particular de estrutura é consideravelmente escassa, uma vez que os trabalhos se centram maioritariamente no genitivo partitivo latino.

De qualquer das formas, e sem a pretensão de abordar este tema com mais rigor, os dados aqui apresentados permitem perceber algumas similaridades interessantes e identificar uma distribuição geográfica novamente confinada à área fronteiriça, evidenciando mais uma área sintática comum.

4.4. Gerúndios

Trabalhos anteriores sobre variação sintática em PE sugeriram já que construções não-padrão envolvendo gerúndios se mostram características de regiões específi-

¹³ É isso que sugerem, também, os meus juízos de falante nativa da região onde se identificam estas estruturas, uma vez que tendo a rejeitar os contextos que não sejam exclamativos.

cas do país. Uma das construções com gerúndio que mais claramente isola uma área dialetal precisa é a construção de gerúndio flexionado (27), que Lobo (2008) associa ao sul do território português e a algumas ilhas dos Açores, como ilustra o mapa 16.

(27) E *tendem* uma árvore, não há pássaro nenhum que poise no chão.




Mapa 16. Gerúndios flexionados

Também a construção perifrástica de *estar* aspetual seguido de gerúndio (28), estudada por Carrilho e Pereira (2011), ocorre em pontos particulares do território português como alternativa à construção *estar+a+infinitivo*, produtiva no padrão (29). O mapa 17 mostra a área que as autoras identificaram para estas estruturas.

(28) Essa pessoa *estava varrendo, limpando*.

(29) Essa pessoa *estava a varrer, a limpar*.




Mapa 17. *estar* aspetual+gerúndio

Os dados dialetais reunidos no CORDIAL permitem identificar outras construções não-padrão com gerúndio associadas a distribuições geográficas muito específicas. Em Pereira (em preparação 2013), mostro a existência de gerúndios adverbiais de valor temporal encontradas apenas no sul do país, em pontos que podem ser considerados uma subárea da área identificada por Lobo (2008) para os gerúndios flexionados ou da identificada por Carrilho e Pereira (2011) para *estar*+gerúndio. Outra construção que foi possível identificar diz respeito a gerúndios predicativos do tipo de (30) e (31), que tal como acontecia com *estar*+gerúndio alternam, no padrão, com a construção *a*+infinitivo (32 e 33).

- (30) E depois abalavam por essas aldeias *cantando* e *dançando* e davam-lhe dinheiro.
- (31) Metia-se a água *fervendo* na murta.
- (32) E depois abalavam por essas aldeias *a cantar* e *a dançar* e davam-lhe dinheiro.
- (33) Metia-se a água *a ferver* na murta.

As ocorrências de gerúndios predicativos concentram-se, uma vez mais, no sul e nas ilhas, mostrando ainda, similarmente ao que se verifica no mapa de *estar* aspetual seguido de gerúndio, um ponto junto à fronteira com a Galiza (mapa 18).



Mapa 18. Gerúndios predicativos

O facto de se terem identificado ocorrências de gerúndios predicativos e de *estar* seguido de gerúndio nesse ponto isolado junto à fronteira com a Galiza, numa área do território português que se caracteriza por apresentar a variante *a*+infinitivo, leva a acreditar que esse ponto corresponde a uma extensão da área do galego, já que tanto em galego como espanhol existe o tipo de construção em análise:

(34) Los niños de María lloran haciendo pucheros. [cf. Fernández Lagunilla 1999]

(35) Está na sala xogando ás cartas. [Álvarez e Xove 2002]

Tendo em conta que, segundo se sabe, os gerúndios perifrásticos são «factos conservadores da morfossintaxe», e as «construções com *a*+infinitivo, como alternativa ao gerúndio, são inovações linguística dos dialectos do norte» (Cunha 1986), a explicação que se afigura como mais viável para a explicação das ocorrências de gerúndios nesse ponto é efetivamente a de que se trata de uma extensão da área do galego.

4.5. Clivadas nulas coordenadas com *é que* inicial

Vejamos uma última construção não-padrão identificada numa área relativamente extensa do norte de Portugal que inclui localidades junto à fronteira com a Galiza.

(36) Depois está uns dias *e é que* é picadinha, *e é que* se enchem as linguças.

A construção acima representa um tipo particular de clivada iniciada por uma coordenação, a que se segue um constituinte clivado nulo seguido de *é que*, numa estrutura como a seguinte¹⁴.

(37) [*e* + constituinte clivado nulo + *é que*]

O mapa 19 ilustra a distribuição geográfica destas estruturas.



Mapa 19. Clivadas coordenadas com *é que*

Tanto quanto foi possível apurar, não se encontram exemplos de estruturas similares nem em galego nem em espanhol, ainda que a distribuição geográfica o pudesse sugerir, se considerarmos as ocorrências que se encontram em todo o norte de Portugal em áreas contíguas a toda a linha da fronteira com a Galiza.

¹⁴ Sobre estruturas clivadas com *é que* nas variedades não-padrão do português, ver Vercauteren (2010).

No entanto, também a julgar pela distribuição geográfica mas considerando, também, os estudos diacrónicos existentes sobre construções clivadas em português, é possível fazer outro tipo de leitura. Defende-se em vários trabalhos (Longhin 1999, Kato e Ribeiro 2009) a ideia de que vários tipos de clivadas não existiam em fases mais antigas do Português nem existem noutras línguas românicas. A ausência destas estruturas em galego, espanhol e nos restantes dialetos portugueses pode, portanto, indicar que se trata de mais um caso de inovação dos dialetos do noroeste/oeste e açorianos. Essas inovações não se terão expandido nem aos pontos mais a sul de Portugal nem a localidades espanholas, funcionando neste caso a fronteira política entre Portugal e a Galiza como barreira à continuidade linguística.

5. PORTUGAL E GALIZA: ÁREAS SINTÁTICAS?

A perspetiva geolinguística seguida na apresentação destes dados do português não-padrão, e o confronto com dados do galego, permite extrair algumas conclusões sobre as relações existentes entre dialetos portugueses e galegos.

Parece possível concluir que existe uma grande área sintática formada por dialetos portugueses e galegos no que diz respeito às seguintes construções: i) comparativas com *ca* e *coma*; ii) construções locativas com *onda*; (iii) construções meteorológicas com *ir* impessoal e (iv) construções partitivas. Trata-se de construções atestadas no galego e que ocorrem, no CORDIAL, em pontos do norte do território português. Considerando-as em conjunto, é possível isolar uma área geográfica como a apresentada no mapa 20¹⁵.

Por outro lado, verifica-se descontinuidade linguística entre o território português e o galego em dois tipos de estruturas. Um dos exemplos são as construções com gerúndios. O gerúndio flexionado, por exemplo, existente em galego, é produtivo em Portugal apenas nos territórios do sul e em dialetos dos Açores. Os gerúndios predicativos e a construção *estar* aspetual+gerúndio, estruturas também existentes no galego, são novamente identificadas no sul de Portugal e nas ilhas, tendo-se no entanto nestes casos registado ocorrências num ponto isolado junto à fronteira com a Galiza.

¹⁵ A área galega sinalizada não reflete a distribuição geográfica de nenhum conjunto de dados; para os efeitos deste trabalho, assumo que as construções em análise são características da generalidade do território galego.

A segunda situação que revela descontinuidade diz respeito às construções clivadas apresentadas atrás. Neste caso, trata-se de uma construção inexistente, tanto quanto pude apurar, quer em galego quer em espanhol, numa área que cobre o norte/noroeste português e pontos dos Açores.

Quer consideremos a distribuição dos gerúndios ou das clivadas, o que se percebe é que, em qualquer dos casos, é a área formada pelos dialetos mais a norte de Portugal que quebra a continuidade linguística: no primeiro caso porque o norte não manifesta as construções com gerúndio características do sul e das ilhas (tendo, ao que tudo indica, introduzido a inovação *a+*infinito como alternativa); no segundo caso porque apresenta estruturas clivadas inexistentes nas restantes áreas, estruturas essas que parecem ser, uma vez mais, uma inovação dos dialetos do norte. É precisamente isso que ilustram os mapas 21 e 22.


6. CONCLUSÃO

Os aspetos de variação sintática explorados neste trabalho mostraram, por um lado, ser possível isolar áreas sintáticas em Portugal, uma vez que várias estruturas não-padrão do português exibem, como se mostrou, uma distribuição geográfica circunscrita a regiões específicas.


Algumas das áreas identificadas, por se situarem junto à fronteira com a Galiza, sugerem uma possível relação com o galego, e foi sobretudo essa relação que pretendi explorar. Nesse sentido, percebeu-se que para grande parte das estruturas não-padrão identificadas junto à fronteira foi possível encontrar estruturas similares em galego. Foi o que aconteceu com i) comparativas com *ca* e *coma*; ii) construções locativas com *onda*; (iii) construções meteorológicas com *ir* impessoal e (iv) construções partitivas. Verificou-se a existência, para estes casos, de uma área sintática que se estende da Galiza ao norte de Portugal, cobrindo, no território português, sobretudo pontos junto à fronteira que nalguns casos se estendem um pouco mais para sul.

A análise dos dados mostrou ainda outras duas situações: (i) a existência de construções clivadas exclusivas dos dialetos dos Açores e do norte/noroeste de Portugal, que neste caso não ultrapassam a linha da fronteira; (ii) a existência de um ponto isolado no norte português que manifesta construções com gerúndio características do sul (e do galego e do espanhol), sendo legítimo postular que esse ponto representa uma extensão da área do galego.


A maioria dos dados evidencia, portanto, um forte paralelismo entre estruturas do galego e do português dialetal, e torna clara a existência de áreas sintáticas galego-portuguesas. Tendo em conta o passado comum das duas línguas, a conclusão não é surpreendente. Mas é uma conclusão que contribui, creio, para os avanços nos estudos de dialetologia e para um maior conhecimento da sintaxe, quer do português, quer do galego.



Mapa 20. Área sintática contínua



Mapa 21. Área descontínua: gerúndios



Mapa 22. Área descontínua: clivadas

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- ÁLVAREZ, Rosario / Xosé XOVE (2002): *Gramática da lingua galega*. Vigo: Galaxia.
- BARBIERS, Sjef / Hans. J. BENNIS (2007): «The syntactic atlas of the Dutch dialects: A discussion of choices in the SAND-project», *Nordlyd* 34, 53-72.
- BARBIERS, Sjef (2008): «Locus and limits of syntactic microvariation», *Lingua* 199, 1607-1623.
- CAMBRÓN, Ángeles R. (1998): *Historia sintáctica de las construcciones comparativas de desigualdad*. Cuenca: Servicio de Publicaciones de la Universidad de Castilla-La Mancha.
- CARBALLO CALERO, Ricardo (1979): *Gramática elemental del gallego común*. 7ª edición. Vigo: Galaxia.

- CARRILHO, Ernestina / Sandra PEREIRA (2011): «Sobre a distribuição geográfica de construções sintáticas não-padrão em português europeu», *Actas do XXVI Encontro da Associação Portuguesa de Linguística*. Lisboa, APL, 2011, 125-139.
- CORDIAL-SIN – *Corpus Dialectal para o Estudo da Sintaxe* (A. M. Martins, coord.) Disponível em linha: <http://www.clul.ul.pt/en/research-teams/212-cordial-sin-syntax-oriented-corpus-of-portuguese-dialects>.
- CORNIPS, Leonie / Cecília POLETO (2005): «On standardizing syntactic elicitation techniques (part 1)», *Lingua* 115, 939-957.
- CUNHA, Celso (1986): «Conservação e inovação no português do Brasil», *O Eixo e a Roda* 5, 199-230.
- EDISYN – *European Dialect Syntax Project* (S. Barbiers, coord.). Disponível em linha: <http://www.dialectsyntax.org/index.php/project-description-edisyn-mainmenu-50>.
- FERNÁNDEZ LAGUNILLA, Marina (1999): «Las construcciones de gerundio», en Ignacio BOSQUE / Violeta DEMONTE (eds.), *Gramática descriptiva del español*. II. Madrid: Real Academia Española / Espasa Calpe, 3443-3503.
- KATO, Mary / Ilza RIBEIRO (2004): «A evolução das estruturas clivadas no português: período V2», *VI PHPB*. Ilha de Itaparica, Bahia.
- LOBO, Maria (2008): «Variação morfo-sintáctica em dialectos do português europeu: o gerúndio flexionado», *Diacrítica* 22 (1), 25-55.
- LONGHIN, Sanderléia Roberta (1999): *As construções clivadas: uma abordagem diacrônica*. Dissertação de Mestrado. Universidade Estadual de Campinas.
- OGURA, Michiko (2002): *Verbs of motion in Medieval English*. Japan: Chiba University.
- PEREIRA, Sandra (2003): *Gramática comparada de a gente – variação no português europeu*. Dissertação de Mestrado. Faculdade de Letras da Universidade de Lisboa.
- PEREIRA, Sílvia A. (2013): «A sintaxe na classificação dos dialetos portugueses», *XXVI Encontro da Associação Portuguesa de Linguística*. Coimbra, 23-25 de outubro.
- PEREIRA, Sílvia A. (em preparação): *Áreas sintáticas no território português*. Dissertação de Doutoramento. Faculdade de Letras da Universidade de Lisboa.
- PÉREZ FERNÁNDEZ, José Manuel (2005): «Os indicadores *ca* e *coma* na comparación en galego», *Cadernos de Lingua* 34, 65-92.
- PFEENINGER, Simone (2009): *Grammaticalization paths of English and High German existential constructions: a corpus-based study*. New York: Peter Lang.
- SANTAMARINA, Antón (1974): «Contribución pra un estudio das partículas comparativas *que = ca* e *como = coma* em galego», *Verba. Anuario Gallego de Filología* 1, 16-30.
- SÁNCHEZ LÓPEZ, Cristina (1999): «Los cuantificadores I. Sus clases, las estructuras cuantificativas», en Ignacio BOSQUE / Violeta DEMONTE (eds.), *Gramática descriptiva del español*. I. Madrid: Real Academia Española / Espasa Calpe, 1025-1128.
- STEWIERSKA, Anna (1984): *The passive: A comparative linguistic analysis*. London: Routledge.
- VERCAUTEREN, Aleksandra (2010): *Como é que é com o é que? Análise de estruturas com é que em variedades não standard do Português Europeu*. Dissertação de Mestrado. FCSH.

OS VERDADEIROS AMIGOS NA RAIA MIÑOTA: OS COGNADOS

Helena Pousa Ortega

IES San Paio - Tui

De um lado terra, doutro lado terra;
De um lado gente; doutro lado gente;
Lados e fillos desta mesma serra,
O mesmo céu os olha e os consente.

Miguel TORGA, «Fronteira»

1. BREVES ACHEGAS HISTÓRICAS NA FRONTEIRA COMUNICANTE: A PERMEABILIDADE CONFLITIVA

Para comprender a evolución lingüística na raia mollada, na fronteira comunicante ou fronteira porosa, nomes que lle teñen dado en diferentes ocasións, quero destacar brevemente algúns acontecementos históricos que perfilaron as características desta área, na que se mantivo unha certa comunidade, que xa viña existindo desde moito antes das invasións nórdicas nos séculos IX, X e XI d.C., das cales nos quedou como herdanza o barco *carocho*¹ co que se pescou e se permitiu o tráfego dunha ribeira a outra, nas que a veciñanza era un dos motores principais da economía local.

Dos séculos XII ao XVII, desde a *Pax de Tui* á *Pax de Lisboa*, cómpre destacar que se estableceu unha fronteira política que nunca foi recoñecida polos da banda de alén Miño. Na época de Afonso VII e Fernando II houbo continuas liortas e incursións coa fin de recuperar terras aquén Miño, ricas en viñas e comercio. Nunca foi aceptada de bo grado por don Afonso Henriques e, aínda que asina o *Tratado de Tui* ou *Pax de Tui* en 1137, non deixa de penetrar nas terras fronteirizas do seu curmán en diferentes ocasións. Igualmente os seus descendentes se resistiron a quedar trabados nesta liña fronteiriza e non renunciaron a facer novas

¹ Segundo mantén Mörling (1989), o seu deseño pode proceder dalgún barco aquí abandonado tralas invasións viquingas de Olav Haraldsson.

expedicións para capturar as vilas próximas (Salvaterra, A Guarda, Baiona...) que ora estaban baixo o dominio do rei leonés, ora dependían do rei portugués².

Paralelamente tamén convén lembrar que na Idade Media existiu un poderoso poder eclesiástico que permaneceu alleo a esta divisoria política. A súa xurisdición estendíase entre dous reinos ata terras de Braga, de onde procedían a maioría dos seus bens, ata que os bispos tudenses –moitos deles anteriormente de orixe portuguesa– comezaron a ser nomeados por Roma e polo Rei³.

En séculos posteriores, as vilas fronteirizas continuaron a ser albo da discordia. A partir do século XVII perfilouse de xeito militar a fronteira entre os dous Estados con motivo da guerra da Restauración, e edificáronse unha cadea de fortalezas abaluartadas, opostas e visibles entre si, en lugares estratéxicos dun e doutro lado, desde Crecente e Melgaço ata A Guarda e Caminha. Durante a época de D. João IV e D. Afonso VI ora pertencían a Portugal ora a España, ata a sinatura do *Tra-tado de Lisboa* (1668) co que se puxo fin ás hostilidades, e se restituían as prazas tomadas durante a guerra de restauración portuguesa aos seus respectivos reinos⁴.

² Non hai ningún sucesor de Afonso I que non devese por pór cerco a Tui. Nomeadamente canda os problemas sucesorios, a cidade foi un niño para os petristas ou partidarios de D. Pedro. O mesmo don Pedro, conde de Barcelos, estivo en Ganfei como «fronteiro do Minho» pois a tensión provocaba a vixilancia permanente. D. João I atravesou o Miño en ocasións diferentes, e sempre escollía o día da festa de Santiago para tomar a cidade, en 1389 e en 1398, que permaneceu en poder do monarca ata 1402. Nun foro datado o 19 de xullo de 1404, transcrito por Vila-Botanes (2001: 49), pertencente á documentación capitular da catedral tudense (Prot. Libro VIII, fol.136, 1424, 4 de marzo), pódese observar claramente como toda a zona aquén Miño está en mans dos portugueses «Por rasom que enas guerras que nosso sennor el rey de castella ouvera con o aversario de portugal a çidade de Tuy e as villias de Bayona e da Guarda e de Salvaterra e de Ribadavya e esta terra toda de Toronho por la mayor parte foram tomadas e conquistadas por lo dito aversario e teveram em seu poder a dita çidade e a dita villa de Salvaterra por espaço de çinquo annos e mays e a dita villa de Bayona por espaço de dous anos e que en estas tomadas e estadas que estiverom por los ditos ynimigos». Segundo resalta o mesmo historiador (*Ib.*), a tensión fronteiriza prolongouse durante varios séculos e era o pan de cada día ata que comezou o total dominio dos Soutomaior no século xv.

³ «Entre os anos 1423 e 1427 vaise prolongar na diocese tudense un conflito eclesiástico que atinxía o nomeamento do bispo tudense. O cabido tiña, ata o de aquela, a potestade de elixir un prelado para a diocese e presentalo a Roma. Porén, 1423 será o derradeiro ano no que se poida facer esta elección, a partires de aquí, Roma e o Rei de decidirán sobre o nomeamento do bispo tudense (como doutras dióceses)» (Vila-Botanes 2001: 60). Tamén cabe destacar que, por apoiaren o papa Urbano VI e non o papa de Aviñón, tiveron moitos problemas. Os cismáticos chamados *chamorros*, refuxiáronse en Valença e alí permaneceron durante un tempo os cregos sediciosos que foron excomungados.

⁴ Garrido Rodríguez (1987: 207-211) e Fernández Rodríguez (1995: 29-44). Moitos historiadores teñen moi en conta a obra do Conde de Ericeira (1947: 437-453) e as novas publicadas no xornal propagandístico *O Mercúrio Portuguez* (1663-1667), dirixido por António de Sousa de Macedo, publicado no con-

O certo é que o continuo estado de guerra condicionou de novo o desenvolvemento histórico, económico e cultural desta zona. As razzias cometidas, a pillaxe, a destrución desenfreada, coartaron ou impediron un maior crecemento das vilas nas súas ribeiras, fortemente empobrecidas por un conflito bélico que deixou moitos mortos tamén nesta zona.

E segundo avanza os séculos e se afortalan os ‘estados modernos’, o que en realidade era un espazo natural, dividiuse de maneira artificial e impúxose unha barreira invisible e poderosa, unha liña imaxinada que, segundo comenta Vila-Botanes (2001: 247), acadará que ambas as beiras sexan incapaces de se recoñecerem por causa desa barreira máis mental ca real «ocupando o temor e a desconfianza a antiga viciñanza».

A pesar da maior restricción e control da mobilidade das persoas, que se intensificaron a partir da metade XVIII, un elemento que mostra a permanente permeabilidade da raia mollada, ademais do comercio, son as migracións que xa están documentadas desde a Idade Media⁵ e que se reactivan a partir dos séculos XIX-XX: galegos para Portugal, portugueses vindos a Galicia. A mobilidade galega a finais do XVIII e inicios do XIX, cunha das máis altas densidades demográficas da península ibérica, deuse entre persoas novas xa casadas, maiormente para Lisboa. No Alto Minho entre 1879 e 1899 fixéronse emigrantes oriundos da Guarda⁶, Camposancos, Salcidos, O Rosal, Tabagón, Tomiño... que asentaran no litoral, con particular incidencia en Vila Praia de Âncora e Caminha. En Âncora fixouse unha pequena comunidade piscatoria que deu inicio á actividade marítima, factor que colocará esta vila nun dos lugares cimeiros dos portos portugueses.

A par desta emigración, maiormente entre 1880 e 1930, prodúcese unha nova enxurrada migratoria cara alén mar, especialmente ao Brasil, un lugar atraente e descoñecido ao que van en busca dun maior éxito económico, que en moitos casos conseguen. Cando retornan os brasileiros de *torna-viagem*, moitos son

texto da guerra pola independencia de Portugal. Nos seus artigos nárranse feitos sucedidos nestas terras da raia mollada e como os portugueses preparan os ataques e conquistan os fortes, e saquean lugares como a vila da Barca (Goián) en outubro de 1663.

⁵ «No entanto, pelo menos desde o século XIV que existia entre as freguesias da raia a práctica da vicinalidade dupla: portugueses e galegos desfrutavam indistintamente do estatuto de vizinhos nas vilas fronteiriças, embora estas relações se dessem com mais intensidade entre as povoações mais próximas. La Guardia e Goyan com Caminha são disso exemplo» (Rego 2009: 155).

⁶ «Em 1825, foi detetada a presença de um pescador galego na paróquia, de nome António Verde, oriundo de A Guarda» (Rego 2013: 13).

emigrantes «ilustrados» e traen obxectos exóticos, froitas, plantas, árbores, novos costumes e ideas, e sotaques brasileiros. E no seu afán de mostrar o seu triunfo e a súa nova posición social constrúen vivendas fermosísimas, escolas, sociedades recreativas, que constitúen todo un exemplo de arquitectura indiana no Baixo Miño⁷.

Da parte portuguesa viñan traballar para o Baixo Miño moitos pedreiros e serradores –moitos deles da zona de Coimbra, de Souto da Carpalhosa (Leiria) ou de Leça da Palmeira (Matosinhos)–, como empregados nas empresas madeireiras, para serraren os toros dos piñeiros cos *cimbróns*. Outros portugueses viñan traballar como *morrilleiros* (nas estradas), como criados das casa de labranza, carretadores, etc. Aquí asentaron, aquí casaron, e hoxe en moitísimas familias é frecuente encontrar apelidos portugueses dos familiares vindos de alá.

E, máis recentemente, trala guerra civil, outro feito que destaca sobranceiramente é a actividade do contrabando –denominado como o *pisco*, o *trapiche*, a *sucata*– e as actividades comerciais clandestinas compartidas por xentes de unha e outra banda. Alén de café, améndoas e produtos necesarios, traficaban con chapa de cobre, lingotes de ouro, volframio... Os portugueses, neses anos de miseria, viñan vender panos e tecidos que ofrecían desde o barco carochos como vendedores ambulantes sen tan sequera atracar na beira galega. Daquela houbo, ademais, outro tipo de contrabando: o paso clandestino dos fuxidos, perseguidos polos falanxistas nos anos da guerra civil, e os que o fixeron en sentido contrario para fuxir da ditadura salazarista ou da tropa.

En resumo, en tantos séculos de convivencia, o río co seu maino discorrer nunca tivo vocación de ser unha raia. Sempre houbo, unhas veces xuntos, outras veces separados, polas boas ou polas malas, intercambios comerciais, laborais e sociais de xeito diferente a outros lugares fronteirizos, sen que se percibise unha fonda fractura nin cultural nin lingüística. Non se pode afirmar que a nivel léxico –e en parte a nivel morfolóxico– haxa unha isoglosa lingüística de separación total. O que encontramos son moitas isoglosas que se reparten de xeito arbitrario, e non só entre a banda de aquén e alén Miño, senón tamén internamente en cada unha das marxes.

⁷ Martínez Pousa (2009) realizou unha pormenorizada catalogación das construcións indianas da zona do Baixo Miño galego, na que inclúe, ademais das vivendas familiares, todas aquelas construcións que foron custeadas por capital americano dos emigrantes ou polos seus herdeiros.

2. UN TRILLO LINGÜÍSTICO POLA RAIA: MOTIVOS E OBXECTIVOS DO ESTUDO

É evidente que entre o galego e o portugués hai moitas semellanzas e temos común moito léxico, que convén restaurar ou salvar. Neste artigo quero mostrar algunhas das afinidades no espazo fronteirizo do Miño –desde Salvaterra e Monção cara á desembocadura–, pois creo que non é bo nin rendible para a lingua meter o dedo na suposta chaga das nosas diferenzas insalvables.


Nesta investigación feita nas localidades máis próximas da raia mollada, non vou explicar casos de *falsos amigos*⁸. Centreime especialmente no vocabulario que temos en común, nos verdadeiros amigos, os chamados **cognados**, para mostrar como aínda se mantén unha certa comunidade lingüística, como partillamos un vocabulario que, infelizmente, na parte galega corre o risco de se perder a moita máis velocidade ca na outra marxe, por razóns sociolingüísticas e por estar fóra do estándar.

A maior parte das palabras foron recollidas en enquisas feitas en distintas parroquias e freguesías⁹, tal como se pode observar no Mapa 1. Para a elaboración do cuestionario tiven en conta os xa feitos para o *ALGa* e o *ALEPG*, e tamén o vocabulario que aparece en glosarios, documentos ou obras etnográficas que recollen léxico desta zona¹⁰. Moitas das palabras ata agora investigadas estaban relacionadas con aspectos etnográficos do mundo rural e mariñeiro.

⁸ Nalgúns traballos insítese nos chamados *falsos amigos* entre dúas linguas. Moitos están feitos desde a perspectiva do español respecto do portugués, e á inversa, para lograr unha maior corrección á hora de utilizar un ou outro idioma (*vasol/copo*, *oficina/talber*, *bola/balão*...). Cómpre pór atención neste tipo de listas porque desde a perspectiva do galego non se poden catalogar do mesmo xeito moitos dos exemplos citados, posto que temos unha maior igualdade semántica tal como sucede, por exemplo, entre *virar/xirar* ou *rico/bo*.

⁹ Para este traballo elaborei un cuestionario específico que fun preguntando a persoas dos distintos concellos situados á beira do Miño. Os e as informantes do Baixo Miño (BM) das parroquias de Camposancos e A Guarda (concello da Guarda), das Eiras (O Rosal), de Goián (Tomiño), de Malvas e A Guía (Tui). Na parte portuguesa, o vocabulario obtido procede de persoas das localidades de Caminha (no concello de Caminha), Campos e Sopo (Vila Nova de Cerveira) e Cerdal e Ganfei (Valença). Noutros concellos fronteirizos como Salceda de Caselas (Soutelo, Entenza), Salvaterra de Miño (centro e Porto) e Monção, unicamente preguntei parte do cuestionario. Tamén teño en conta o vocabulario xa recollido en anos anteriores para outros traballos no concello de Oia (Mabia).

¹⁰ Das obras consultadas cabe destacar polo seu maior interese as seguintes: Alonso (1987, 1989), Boaventura (1916), García (1985), Guerreiro (2006), Sequeira (1957), Netto (1949), Ríos Pansse (1977).



Mapa 1: Localización das enquisas

Trátase pois dun estudo feito desde a perspectiva da lingua oral dialectal a nivel sincrónico, e a pesar do declinio do mundo rural tradicional e dos seus modos de vida, moitas das palabras citadas aínda sobreviven aos fortes cambios socio-económicos. Coas enquisas puiden comprobar que non pertencen a un repositorio diacrónico e son coñecidas por persoas maiores de entre 50 e 80 anos. O que si é certo é que a súa vitalidade é fráxil e moitas delas non van poder resistir aos cambios tan rápidos nos modos de vida que se producen nas novas xeracións dunha banda e da outra.

Despois de peneirar o material léxico encontrado, cotexei a súa existencia e os seus significados en diferentes dicionarios¹¹, e descubrín que moitas desas palabras aínda non aparecen recollidas en ningún ou só se citan nalgúns dos dicionarios consultados, ou que teñen algún significado que aínda non se sinala, mais isto non quere dicir que non sexan usadas por máis falantes, e noutros lugares.

Co fin de poder delimitar esta análise lexical, decidín centrar a investigación do vocabulario, tal como xa fixen noutros traballos (Pousa Ortega 2002 e 2004), nuns cantos campos léxicos ou esferas semánticas, que indico máis adiante, sen facer pescudas etimolóxico-documentais. A maior parte do léxico está ligado á cultura material aínda que tamén fixen algunha incursión noutro tipo de léxico máis abstracto e tentei explorar a semellanza polisémica en parellas de palabras como *fogo-lume*, *empurrar-puxar*.

¹¹ Entre os dicionarios consultados están: Costa / Melo (1979), Figueiredo (2007), Ferreira (2010), Santamarina (2006-2013), Carballeira (2000), Houaiss (2011) e Estraviz (2005).

Entre os temas sobre os que procurei información destaco os seguintes, por seren os que máis traballei ata hoxe na busca de información léxica:

- | | | | |
|----|-----------------|----|-----------------------------------|
| 1. | Mundo da pesca | a. | A pesca no río |
| | | b. | A pesca no mar |
| | | c. | A recolla do argazo |
| 2. | Mundo agrícola | | |
| 3. | Cultivo da viña | a. | Outros cultivos |
| 4. | Territorio | a. | Elementos orográficos |
| | | b. | As augas |
| | | c. | As pedras |
| | | d. | A división do territorio agrícola |
| 5. | Corpo humano | a. | Aspectos físicos |
| | | b. | Adxectivos caracterizadores |

3. OS VERDADEIROS AMIGOS NA RAIÁ MIÑOTA

Dado que hai moitos elementos léxicos que presentan a *mesma forma* entre o galego e o portugués, pero non participan sempre das mesmas características, vou centrarme naqueles vocábulos comúns que denominarei como ‘verdadeiros amigos’ para distinguilos dos chamados falsos amigos, coa intención de remarcar a sistematicidade dentro da variedade diatópica.

Cando abordamos a análise das palabras que presentan a mesma forma en dúas linguas podemos encontrarnos con varios conxuntos. Primeiro, distínguense os cognados¹² que presentan unha orixe común e un mesmo (enorme) parecido formal e semántico. Segundo, hai vocábulos que son moi similares e normalmente teñen unha orixe común, pero non teñen ningunha amizade semántica, unicamente a grafía e a pronuncia son (practicamente) iguais. Estas palabras que

¹² Outro subgrupo dentro dos posibles cognados formaríano as parellas de homónimos, de orixe e significado diferentes que, en ocasións, non pertencen á mesma categoría gramatical. Dos 800 homónimos encontrados no *VOLGa* elaborado polo ILG e a RAG, unicamente podería ter en conta para este estudo uns 140 casos, como por exemplo: *canela*¹/*canela*², *coca*¹/*coca*², *mudo*¹/*mudo*², etc.

se parecen no físico pero denotan cousas ben diferentes, son os coñecidos como «faux-amis», falsos amigos¹³.

Os *cognados verdadeiros*, stricto sensu, son facilmente recoñecibles, e hainos máis transparentes ou máis opacos. Neste grupo debemos incluír os *préstamos*, que entraron no galego desta zona a través do portugués: *carocho*, *francesiña*...

COGNADOS	MESMA ORIXE	Cognados verdadeiros: mesma forma (ou moi semellante)	xerais / parciais	mesmo significado	toalla (gal. BM) = toalha (de mesa e de baño) pescozo (gal. BM) = pescoço (de persoas e animais)
				diferente significado	carro (gal. BM) (cuncha do boi ou centola) ≠ carro (pt.) (automóbil)
	Préstamos: mesma forma (ou case) e igual pronuncia (con lixeiras adaptacións)	visibles / ocultos	mesmo significado	bolaxa (gal. BM) < bolacha (pt.) (doce redondo con azucre por riba)	
	MESMA ORIXE (OU NON)	Cognados enganosos ~ falsos amigos ¹⁴ : mesma forma	Perfectos (idéntica grafía) / imperfectos (grafía próxima)	diferente significado	galleteiro (gal. BM) (que gusta das galletas) ≠ galheteiro (pt.) (utensilio de servizo de mesa para sal, pimenta e outros temperos) borracho (gal. BM) (que está embriagado, bebido) ≠ borracho (pt.) (pombo novo; homem bonito)

Cadro 1. Cognados (orixe)

¹³ Nalgúns traballos estudáronse os diferentes tipos de falsos amigos (entre español e portugués), e os seus subconxuntos, como por exemplo Carita (1999). Non está nos obxectivos deste traballo analizar todas as posibilidades de clasificación que ofrecen os falsos amigos, pero de xeito resumido podemos catalogalos como *perfectos* (se non teñen nada en común) e *imperfectos* (se coinciden nalgunhas das acepcións e diverxen noutras). Humblé (2005-2006) sinala que «tradicionalmente se limita el problema a pares de palabras que son iguales pero significan otra cosa, [...] los verdaderos problemas causados por la proximidad de las dos lenguas están en diferencias de registro, de coincidencia parcial de los campos semánticos o de usos gramaticales diferentes».

¹⁴ Outros nomes posibles son: *faux-amis*, *deceptive cognates*, *heterosemánticos*, *falsos cognados*... Pola súa parte, Cintra (1998: 137-138) distingue entre outros casos os cognados enganosos «que apresentam semelhança de forma mas não de significado (Ing. *parent* x Port. *parente*), e são frequentemente fonte de problemas para o aprendiz. Costumam ser chamados erroneamente de *falsos cognados* – na verdade são cognados verdadeiros que apenas diferem no significado. A expressão falsos cognados seria mais adequada para referir-se a palavras que apenas parecem ser relacionadas (como Ing. *saber* x Port. *saber*, It. *burro* x Port. *burro*, etc.)».

De nos centrarmos nas palabras lexicais que presentan unha acepción e se refiren a un obxecto, a un elemento concreto, o traballo de identificación como cognados non é complexo, pero cando nos dedicamos a recoller palabras pluri-sémicas, xa esixe pór máis coidado. Calquera palabra que teña unha polisemia diferente nas dúas linguas pode ser designada ben como un *cognado (parcial)*, ben como un *falso amigo (imperfecto)*, como por exemplo *carro* (gal.): 1. Vehículo de transporte de dúas rodas e arrastrado por bois ou vacas. 2. Constelación. 3. Cilindro xiratorio para largar e recoller as redes. 5. Medida para áridos. 5. Peza da dorna. 6. Corpo da lagosta. 7. Cuncha dalgúns crustáceos (boi ou centola) sen as patas¹⁵. Sen expor todos os posibles significados desta palabra en ambas as linguas, pódese apreciar a súa heterosemanticidade, xa que o galego e portugués coinciden apenas nalgúns significados. Por exemplo, nas acepcións 1 e 6, pero non así na 7, utilizada no BM. E en galego tampouco ten o significado máis usual no portugués actual: «véiculo de rodas para transporte de persoas».

Por tanto, dado que a análise dos elementos léxicos comúns non se debe limitar á forma, ao significante, e require ademais unha fonda análise da heterosemanticidade, que non sempre está ben explicada nos dicionarios de uso, vou catalogar co nome de *verdadeiros amigos* todos aqueles vocábulos desta zona que son comúns na orixe, que pertencen á mesma categoría, ao mesmo nivel ou rexistro e posúen un mesmo significado ou comparten algunha(s) acepción(s), xa que presentan características ben diferentes doutros casos.

COGNADOS

	transparentes	→	opacos
Mesma orixe	+	+	+
Mesma pronuncia	+	+ (-)	-
Mesma grafía/forma	+	-	-
Mesmo significado	+	+	+
Mesma categoría gramatical	+	+	+ (-)
Mesmo nivel de lingua	+	+	+

Cadro 2. Cognados (significado)

¹⁵ No *DdD* aparece este significado recollido unicamente por Otero na Guarda (do lat. *CARYON*) e por Ríos Panisse (1977: 58), tamén no Carril.

4. RESULTADOS

Como xa comentei, a maioría dos resultados obtidos dependen maiormente do encontrado nas enquisas feitas (*vid.* nota 9) nestes últimos anos a moitas persoas da zona ás que quero agradecer a paciencia e o interese mostrado. Non me limitei a recapitular o que se recolleu en estudos anteriores ou está cartografiado no *ALGa*. A pesar de ter localizado na parte galega palabras que aínda non están rexistradas, non as inclúo por non apareceren nas respostas dos enquisados portugueses, aínda que confío en que é posible que en futuras indagacións poida comprobar o seu uso común en ambas as marxes.

Nunha investigación deste tipo tamén considero importante ter en conta a predisposición mental e cultural dos habitantes da raia (mollada). Por iso, quero destacar que aparte de léxico, temos comúns moitos outros elementos como:

1. Solucións fonéticas
2. Elementos gramaticais/sintácticos
3. Elementos culturais (costumes, festas, datas importantes, toponimia, expresións feitas...)

4.1. Elementos comúns¹⁶

4.1.1. Evolucións fonéticas

- Metafonía de *-o* final en substantivos e adxectivos (no singular): *corpo, ollo, soghro* (≠ *soghra*); *novo* (≠ *nova*).
- Ditongo *-ui-*: *muito, cuidar...*
- Mantemento do elemento labiovelar *u* en *cuatro, cuando, cual, ghuardar...*

¹⁶ Para non complicar demasiado a exposición nesta epígrafe, só transcribo a forma galega coa grafía escollida na actual normativa e non poño de novo a forma en portugués (ex. *cuatro* = *quatro*). Está claro que, mesmo cando a grafía é idéntica, a pronuncia está marcada polas diferenzas vocálicas na nasalidade ou pola sonoridade das consoantes sibilantes en portugués, pois é sobexamente coñecido que a fonética constitúe un dos nosos puntos de diferenciación. Nesta zona portuguesa non se perciben tanto outras oposicións como a de /b/ e /v/ ou a pronuncia do <ch> como fricativa palatal xorda. Respecto da pronuncia con gheada, que transcribo con <gh>, común no BM, é de notar a súa ausencia na parte portuguesa.

4.1.2. Elementos gramaticais

- a. Xénero dimensional: *fouciño* (+) / *fouciña* (-), *machado* (+) / *machada* (-), *saco*(+) / *saca* (-), *xanelo* (-) / *xanela* (+), *pipo* (-) ‘8 cabazos’ / *pipa* (+) ‘uns 40 cabazos’, *caneco* (+) / *caneca* (-)...
- b. Valores especiais dalgúns sufixos
- Sufixo *-eiro*, *-a* unitario, individualizador de un único elemento dentro de un conxunto (*centeeiro*, *granceiro*, *ALGa*: II 33, nalgúns puntos de Pontevedra (P19, 22, 25, 25a, 27, 30 e 32), *herbeira*, *milleiro*, *palleira*, *peleiro*, *tomateiro*...
 - Sufixo *-eiro*, *-a* con valor cuantificador: *tardeiro*, terreo *ladeiro*, *pequeneiro*, *grandeiro*, terra *sequeira*.
 - Sufixo *-douro* (‘que está en condicións’, ‘que xa pode’, con valor semellante ao participio latino de futuro; ‘que ten’): *apañadouro*, *chamadouro*, *operadouro*, *postouro*... (ex. *Non ten operadouro* ‘que non se pode operar’)
 - Sufixo *-ica* intensificador: *choromica*, *fuchica*, *cheirica*, *lavarica*...
- c. Pronome persoal
- Pronome *ele* (*ALGa*: II 159, en P29 e noutros puntos na costa galega).
 - Pronome *tu* suxeito (*ALGa*: II 151, no BM, galego do sur de Pontevedra, Ourense e bloque oriental).
 - Teísmo (*cómprotos*) (*ALGa*: II 153, no BM e O21, O24 e Z2, Z3).
 - Pronome persoal de CI *le* (*díxenle*, *leveile*), (*ALGa*: II 180, en Z2, Z3, Le5).
 - Alomorfo *o*, *a* do pronome persoal átono como CD: *cortoua*, *deixouo*, *haio*, *viua* (*ALGa*: II 173, no BM e maioritario no galego oriental; e *ALGa*: II 174 e 175, no BM e noutros puntos do galego, especialmente gal. oriental).
- d. Verbos
- Solucións na SNP da P5 do presente de indicativo: *cantais* (*ALGa*: I 2, no BM e gal. oriental); *colleis* (*ALGa*: I 46), *partís* (*ALGa*: I 140). Tamén o SNP *-ndes*: *faendes*, *tendes*, *vindes*...
 - SNP no pretérito: *-stes* na P2 (*ALGa*: I 7, no BM e puntos no galego oriental), e *-stes* na P5 que conta cunha maior extensión por todo o territorio galego (*ALGa*: I 10).

Alén diso, temos outras solucións semellantes como: *dozoito* (ALGa: II 290, en P31) - *dozaeito* (en P32 e P33); o indefinido *niñún/niñunha* (ALGa: II 258, en P31, P32, P33); o indefinido *cualquer un*; o indefinido neutro *tudo* (ALGa: II 276, en P23, P32, P33); as formas dos adverbios de lugar *cá* (ALGa: II 313, en P33) e *lá* (ALGa: II 316, en P33, P29a, P29 e O28); o uso da preposición *en* co verbo *falar* (*xa falamos niso*)...

4.1.3. Elementos culturais (toponimia, costumes, festas, datas importantes...)

a. *Toponimia*. Encontramos moitos topónimos iguais en ambas as marxes. Como exemplos podemos citar: *As Aceñas* (O Rosal), río das *Señas* (- *Aseñas*) (en Tui) / *Azenhas* (en Monção, Vila Nova de Cerveira); *Os Picóns* (O Rosal) / *Os Picões* (Valença); *Paredes* (en Tomiño) / *Paredes* (en Vila Nova); *Tomada* (moi abundante en todo o BM) / *Tomada do Castanhal* (en Valença); *O Condado* (en Malvas, Tui) / *O Condado* (en Valença). E moitos outros máis: *Anta*, *As Barxes*, *Carril*, *Crasto*, *Couto*, *Cristelo(s)*, *Gabín*, etc. En lugares do río ou da costa tamén encontramos os mesmos nomes: *Paracán* (coñecido tamén como *Outeiro*, en Camposancos) / *Paracão* (en Caminha); *Camboa* (en Camposancos, Oia, Caminha); O regho da *Pisa* (na Guarda), A porta da *Pisa* (Caminha); *Roncadeira* (na Guarda e Caminha); *As Oliveiras* (- *Lobeiras*, na Guarda e Caminha), *A Insua*, *A Barra*...

b. *Festas comúns*. Unha das romarías máis antigas é o *Lanzo da Crus* <o *Lanço da Cruz*> no luns de Pascua, que celebran conxuntamente os do Torrón (Tomiño) e os portugueses de Cristelo-Côvo (Valença) na Nossa Senhora da Cabeça, para abenzoar as redes de pesca. Varias embarcacións galegas e portuguesas acompañan os párrocos das dúas marxes que dan a beixar unha cruz aos presentes. As *treboadas* (cf. Fernández Santomé 2012), grupos de bombos que van polas casas nos días de festa. O *levantamento do arco*, en Tabagón (O Rosal) e A Guía (Tui), con motivos florais, na entrada da festa, seguramente de influencia portuguesa. A *noite das cancelas* ou dos carros, chamada a *atrancada* no Minho portugués. E non digamos os costumes culinarios por compartirmos produtos do río, como os *debullos de sable* <*debulhos de sável*>, <*lampreia*>, as *sollas*, os *verdes*¹⁷, etc.

¹⁷ A palabra *verdes* (sm pl) non aparece en dicionarios galegos, en cambio si está rexistrada nalgúns dos portugueses como 'guisado de sangue de porco' ou 'iguaría com sangue de porco', co mesmo significado dado nesta zona.

- c. *Costumes sociais*: denominación de *Tío* (*Ti*) *Tía* (*Tiê*) como tratamento de respecto ás persoas maiores¹⁸: *Ti Xuón, Ti Sé, Ti Lucas, Ti Benito, Tiê Aughusta, Tiê Albina*. O uso da designación como *parceiros* (A Guarda, O Rosal) para os compadres; *andar a rascar a asa* ('facerlle as beiras a unha moza, facer namoro') semellante a *arrastar a asa* no portugués popular, etc.

5. LÉXICO EN COMÚN. OS COGNADOS NOS DICIONARIOS

De todo o léxico recollido a unha beira e outra do Miño sur, vou destacar dous tipos de elementos comúns: os préstamos utilizados no BM e os cognados.

5.1. Préstamos

Estas entradas non poden ser tratadas como casos de *interferencias* (non se dá a imposición dunha lingua A sobre a B) ou como *lusismos* porque non se fai por vontade de estilo, nin para procurar un rexistro máis coidado ou máis próximo ao portugués. Son préstamos necesarios claros: *bolaxa* (<bolacha, 'doce'), *carocho* ('barco do Miño'), *cavaquiño* ('instrumento musical de catro cordas'), *chamborra* ('cheminea'), *corete* (<coreto, 'palco da música'), *socata* (<sucata, 'ferro vello'), *francesiña* ('bocadillo de carnes variadas con queixo e un mollo especial por riba'), *pisca-pisca* ('sinal luminoso intermitente dos coches'), *vira* ('danza'). Quizais desde o Brasil: *maxuxo* ('chuchu, planta cucurbitácea'), *goiabada* ('doce de goiaba')...

5.2. Outros cognados

O vocabulario atopado, que analicei e cotexei en diferentes dicionarios¹⁹, e cun uso común nesta zona, pódese subdividir en catro grupos. Vexamos algúns exemplos:

¹⁸ Segundo Sequeira (1958: 134) é «o tratamento dado a uma pessoa de respeitabilidade, ou a desconhecido de aspecto respeitável».

¹⁹ Entre os dicionarios galegos, destaco o *Diccionario de Dicionarios da lingua galega (DdD)* e o *Gran Diccionario Xerais da Lingua* (2000) (*GX*). Moitos dos autores de dicionarios galegos que aparecen nos cadros deste traballo están incluídos no *DdD*. Canto aos dicionarios portugueses consultados, destaco, por ofrecerem máis información sobre o vocabulario miñoto, o *Dicionário da Língua Portuguesa* da Porto Editora e o *Dicionário Aberto*.

	Dicionarios galegos	Dicionarios portugueses	
A	Si rexistradas (nalgúns)	Si rexistradas (nalgúns)	areo <areio>; arghaceiro -a; arghidal (- <i>alghidar</i>) <alghidar>; barxe (- <i>barxa</i>) <varge(m) (- varja)>; unha chan <uma chá>; escampado; leiva; morraceira; pilla <pilha>; rebo; xapoeiro <japoeiro>...
B	Non rexistradas (ou teñen outros significados)	Si rexistradas	alargho <largo>; almiñas <alminhas>; alvitana; badante; bico; caixón <caixão>; cola (de); chapuzada <chapuçada>; chavascal; estrompado; reboque (a)...
C	Si rexistradas (nalgúns)	Non rexistradas (ou teñen outros significados)	alcouvo (- <i>alcouve</i>) <alcouve>; aloque (- <i>aloqueiro</i>); atol (- <i>atola</i>); burra; carrucha (- <i>carrocha</i>); cocho; ghabexo <gabejo>; gado a gaño <ghado a ghanho>; lacada; lavañeira <lavanheira>; madre; pampullo <pampulho>; outeiro; tecelán <tecelão>...
D	Non rexistradas (ou teñen outros significados)	Non rexistradas (ou teñen outros significados)	bardo (- <i>barda</i>); cramoeiro; escouso; óculo; paúlo (de); portíño <portinho>; regho foreiro <rego foreiro>; rei d'aghua <rei da ághua (- <i>reicinho da água</i>)>; sobrol (= <i>sobral</i>)...

Cadro 3. Cognados nos dicionarios

5.2.1. Palabras rexistradas en (algúns) dicionarios galegos e portugueses²⁰

Alghidar (- *arghidal*, *alghidal*) (sm) ‘vaso de barro, cun bordo superior moito maior que o fondo, usado en tarefas domésticas’. Unicamente aparece en Ibáñez (1950) como ‘barreño (barcal)’. No *GX* sen definir, remítese a BARREÑÓN. Si vén en *e-Estraviz*. Outras variantes *alguidar* e *alguidal* aparecen no *DdD*, e algúns sitúan a palabra en Tui e Goián. E a variante *arguidal* en Sarmiento (1746-1755c). Nos dicionarios portugueses aparece ALGUIDAR.

Chafarrico (sm) ‘posto de bebidas e café nas festas’. Si a recolle *e-Estraviz* coa variante *chafarico* ‘posto, mesa ou banca dos vendedores nas feiras e romarías’.

²⁰ Nas páxinas a seguir, as palabras encontradas nas localidades portuguesas van ir marcadas en **negra** e entre <>. En caso de seren variantes, tanto da parte galega como da portuguesa, transcríboas en **cursiva negra** precedidas de -. Se houber plena coincidencia entre as formas galegas e portuguesas na escrita só poño unha vez a palabra. As entradas dos dicionarios consultados van en **VERSALETAS**.

En dicionarios portugueses encontramos as formas CHAFARICA ‘taberna, baiuca’ (pop.) ou CHAFARRICA ‘pequeno tasco’.

Defumadouro <defumadoiro> (sm) ‘fumazo feito enriba dunha tella con loureiro, xofre, alecrín, allo, ruda e trobisco, con fins máxicos’. Só a rexistra Rivas (2001, *Frampas III*) e aclara que é do Baixo Miño. Nos dicionarios portugueses vén pero sen aclarar o seu uso máxico.

Empillar <empilhar> (vt) ‘facer un monte rectangular ou pilla co esterco das cortes, con broza, restos de comidas, etc. para despois usalo como adubo nos campos’. Unicamente ten o significado de ‘apilar’ en Pintos (1865c) e García (1985) localízaa en Goián, pero cunha definición incorrecta. Nos dicionarios portugueses si vén como ‘amontoar, acumular’.

Fentella (~ *feitella*) <fentelha ~ *fontelha*> (sf) ‘(*Blechnum spicant*) fento coas follas moi finas arredor do cano que nace á beira dos regueiros, en zonas húmidas’. Unicamente vén a variante *feitella* en García (1985), en Goián. Nos dicionarios portugueses aparece como polipódio, pero semella non ser exactamente o mesmo tipo de fento.

Parceiro(s) (sm) ‘compadre(s)’. Franco Grande (1972) defínea como ‘pai do xenro’. Tamén no *GX* e en *e-Estraviz*. Nalgún dicionario portugués vén como prov. tratamento familiar entre os sogros de um casal.

Perú (~ *pirú*) (sm) ‘pavo’. Recóllena Franco Grande (1972) e García (1985), en Goián. Si está en *e-Estraviz* e no *GX* aparece como PIRÚ, que remite, sen definir, a PAVO, <piru>.

Poupa (sf), ‘(*Upupa epops*) bubela’. Si aparece en varios dicionarios galegos que a sitúan no sur de Pontevedra, en Tomiño, O Rosal, Tui, Salvaterra. Nos portugueses non aclaran en que zona de Portugal se usa máis.

Reboque (a) (loc adv) ‘levar a alguén contra a súa vontade: *Veu a nai e levouno a reboque*’. Unicamente en *e-Estraviz* ten o mesmo significado que nos dicionarios portugueses, que o definen como ‘acto de arrastar’ ou ‘levar alguén contra a súa vontade’.

Xícara (sf) ‘tazapequenadocafé’. Siarecollen Filgueira *et alii* (1926) e García (1985) na Mezquita. Nos dicionarios portugueses XÍCARA aparece coa definición ‘pequeno recipiente us. esp. para bebidas quentes, com asa para facilitar a manipulação’, o que é máis dubidosa é a súa posible etimoloxía, pois çícara xa está presente no galego medieval.

5.2.2. *Palabras presentes en (algúns) dicionarios portugueses, pero non están rexistradas en dicionarios galegos, ou teñen outros significados*

Alargho <largo> (sm) ‘ensanchamento no lugar onde conflúen varios camiños ou rúas, nun cruce, e que os veciños usan para pór a secar a palla, a leña... Son comúns na toponimia desta zona, como *o alargho de Portal de Silva* (Soutelo). Si aparece recollida nalgúns dicionarios galegos, pero cun significado diferente. Nos portugueses defíneno como ‘pequena praza’ ou ‘num traçado urbanístico, área de dimensión mais espaçosa do que as ruas que interceta’.

Almiñas <alminhas> (sf pl) ‘capeliña con figuras das ánimas penando no Purgatorio normalmente no cruce dos camiños e cun peto’. Non está nos dicionarios galegos e nos portugueses aparece como sf pl. ‘painel que figura as almas penando no Purgatorio; nicho ou capelinha com esse painel’.

Alvitana (sf) ‘cada un dos dous panos exteriores do tresmallo’. Só a encontrei nalgúns traballos sobre a pesca como ‘parte da rede’. En dicionarios portugueses defínena como ‘rede de malha apertada para não deixar saír o peixe do tresmallo’ ou ‘no tresmallo cada um dos dois panos exteriores’.

Badante (adx) ‘inclinado para dentro (falando de obras de cantería)’. Unicamente referíndose á mesma idea en Otero (1964) e clasifícao como «prov. beir. e minh.». En dicionarios portugueses, ‘obra de alvenaria inclinada para dentro’.

Bico (sm) ‘extremidade da quilla dos barcos que sobresaí na proa’. Os dicionarios galegos non recollen este significado exactamente. En cambio nos portugueses vén como BICO DE PROA ‘ponta mais a vante da proa de uma embarcação’.

Caixón <caixão> (sm) ‘ataúde’. En dicionarios portugueses é sinónimo de FÉRETRO.

Chapuzada <chapuçada>(sf) ‘cantidade de auga que se tira a alguén para mollalo’. Non ten ese significado nos dicionarios galegos. En dicionarios portugueses ‘quantidade de água que se atira a alguém’.

Cola (de) (loc adv) ‘apoio que se pon debaixo da panca para darlle un viro á pedra’. O contrario é *pegar a feixe*. Unicamente a localicei no vocabulario recollido por Boaventura (1916: 143) ‘pedra con que se calça outra pedra maior para se poder volta-la con o auxílio da alavanca ou terro-do-monte».

Estrobo (sm) ‘fío que prende o anzol á liña de pescar’. Nos dicionarios galegos non se recolle con este significado. Si está en dicionarios portugueses, escrito con <v>.

Estrompado (adx) ‘fatigado despois de moito traballo ou pola moita calor’. Nos dicionarios portugueses si aparece como ‘fatigado’ (pop.). Unicamente aparece en Otero (1967) aplicado a un animal vello e consumido.

Lavaxe <lavagem> (sf), ‘comida para os porcos que se fai coa auga de lavar os pratos da comida’. Nos portugueses vén como sinónimo de LAVADURA, como ‘comida para porcos com farelos’.

Silbarbeira (~ *silbalbeira*) <gilbalbeira (~ *gibalbeiro, gibaubeiro*)> (sf), ‘(*Ruscus aculeatus*) pequeno arbusto de froitos vermellos e redondos coma cereixas, coas follas moi duras e picantes; xibarda’. En dicionarios portugueses recollen as variantes GILBARBEIRA OU GILBARDEIRA, tamén designada como BRUSCA.

5.2.3. *Palabras recollidas en (algúns) dicionarios galegos pero non están en dicionarios portugueses, ou teñen outros significados*

Atol (~ *atola*) (sf), ‘monte de terra con pedras ou herbas, que se pon nun rego ou regadoura, co obxectivo de desviar a auga para a rega’. Só en Rivas (1978, *Frampas I*) aparece algo relacionado: ‘Cada uno de los surcos más pequeños que se hacen en la finca para distribuir el agua de riego (Frades y Feiravella). El dicc. refleja *atol*, con la misma acepción, y *atolar*, echar el agua por una *atol*’.

Brueira (sf), ‘buraco que se deixa nas paredes e valados para paso das augas’. Unicamente aparece en García (1985) e sitúaa en Goián. Nos dicionarios portugueses só localicei a variante BUEIRO ‘cano ou buraco para esgoto das águas’.

Burra (sf), ‘armazón feita para pescar meixóns no río desde a beira cun arrestón’. Si en García (1985) como ‘tinglado para pescar dentro del agua’ en Novefontes e Goián.

Canastrel (sm), ‘trampa para cazar paxaros feita con vimbios ou paus’. Unicamente no Apéndice de Rodríguez (1961), que o sitúa en Goián, e en Franco Grande (1972). Nos dicionarios portugueses non ten ese significado.

Carrucha (~ *carrocha*) (sf), ‘roldana dos pozos’. Rivas (1988, *Frampas II*) sitúa a palabra no Rosal.

Ghabexo <gabejo> (sm), ‘calquera recipiente que se usa na vendima’. Unicamente en Rivas (1978, *Frampas I*), como ‘recipiente en xeral ‘en Canedo, e Franco Grande (1972), con <v>, en Salvaterra, referido a unha vasilla para o viño.

Lavañeira <**lavanheira**> (sf), ‘nécora’. Unicamente Ríos Panisse (1977) como sinónimo de *nécora*, na Guarda, Panxón e Camariñas. Otero (1963 e 1967) e Franco Grande defínenlo como ‘especie de cangrexo pequeno’ na Guarda. Tamén en *e-Estraviz*.

Madre (sf), ‘corda grosa de cánamo que forma parte do espiñel ou palangre’. Unicamente en Rodríguez (1958-1961) e García (1985). Nos dicionarios portugueses non ten ese significado. Non encontrei na parte portuguesa o uso de *madre* como ‘peirao feito nos regueiros con pedras ou outros materiais para levar a auga aos muíños’, tal como se di en Sobrada, Taborda e outros lugares de Tomiño. No río Furna e Brines hai varias e teñen cadanseu nome: *a madre do Hospital*, *a madre da Faia*...

5.2.4. Palabras non rexistradas en dicionarios galegos e portugueses ou que aparecen con outros significados

Baldranas <**mandranas**> (sf pl), ‘prenda confeccionada polas mulleres raianas para levaren oculto café ou outros produtos de contrabando por debaixo da roupa ou das saias’.

Bardo (~ *barda*) (sm), ‘feixe de argazo’.

Cramoeiro (sm), ‘angazo para recoller o argazo cun mango longo de pau’.

Esbuchador (sm), ‘aparello de madeira ou doutro material que serve para tirar o anzol da boca do peixe’.

Escouso (sm), ‘dise do momento en que a auga do río acabou de baixar e penetra a auga do mar, comeza a repunta: *No escouso da maré*’.

Léitaras (sf pl), ‘gónadas dos sables, usadas en culinaria para facer os debullos’.

Óculo (sm), ‘buraco de entrada de unha mina de auga’.

Paulo (**de**) (loc adx, loc adv), ‘dise do terreo ou prado que se deixa varios anos sen traballar, en descanso, de pousío’.

Regho foreiro <**rego foreiro**> (sm), ‘rego por onde se desvían as augas dos camiños da parroquia para que non entren nos eidos das casas’.

Rei d’aguas <**rei da água** (~ *reicinho da água*)> (sm), ‘(*Alcedo atthis*) picapeixe’. En portugués hai unha variante REI-DO-MAR como sinónimo de PICA-PEIXE.

Sobrol (- *sobral*) (sm), ‘efecto óptico que se produce cando entra a auga do mar e desauga o río; a auga do mar vai polo fondo e brilla. Nese momento non se pode pescar moi ben porque a rede queda na horizontal’.

6. GLOSARIO

Neste glosario recollo tanto palabras encontradas en diferentes inquéritos feitos para este e outros traballos anteriores como o peneirado noutros glosarios e obras en que se cita vocabulario desta zona. Como xa comentei noutras ocasións, nesta área lingüística a localización dos termos non é xeral nin uniforme pois tanto na parte galega como na portuguesa as respostas tanto poden corresponder a unha área compacta e restrinxida, como sucede entre localidades do concello de Tomiño e Vila Nova de Cerveira ou entre Tui e Valença, como apareceren en lugares distantes sen apenas conexión, como no Rosal e Valença. Procuo pór unicamente o nome da parroquia e freguesía e non o nome do concello (xa indicados na nota 9). Se non menciono o lugar onde localicei a palabra, enténdase que foi unha resposta máis frecuente e común. Evito no posible unha localización complexa e repetitiva. As formas recollidas na parte portuguesa van marcadas entre <> e calquera das variantes precedidas de -. Non inclúo de novo as palabras explicadas na epígrafe 5.2.

6.1. Flora e fauna

6.1.1. Plantas

Fruncho (sm) (*Foeniculum vulgare*) nas Eiras e Goián e en Ganfei, - *funcho* en Malvas, Cerdal e Sopo.

Lingua de ovella (- *ouvela*) (sf) (*Plantago lanceolata*) en Goián, Eiras, Malvas; <lingua de ovelha> en Sopo e Campos.

Matafoglio (sm) (*Fumaria officinalis*) nas Eiras, Goián e Soutelo; <matafoglio> en Sopo e Cerdal.

Pampullo (sm) (*Chrysanthemum myconis*), <pampulho> .

Poxo (sf) (da familia *Lamiaceae*, é diferente á hortelán), <poejo>.

Prixel (sm) (*Petroselinum crispum*) - *perrexel* en Goián e Sopo; noutras localidades portuguesas din *salsa*.

Vinagreira (sf) (*Phytolacca decandra*) en Mabilia (Oia) e en Sopo. Tamén é coñecida na parte galega como *grana*, en Soutelo (Salceda de Caselas) e Malvas; *cacho de grana*, en Porto (Salvaterra); e *cachopinto*, en Goián.

6.1.2. Árbores

Abruñeiro (sm) (*Prunus spinosa*) (~ **abruño**), <**abrunheiro** (~ **abrunho**)>.

Amial (sm) ‘conxunto de amieiros’, en Goián e Campos.

Escambrueiro (sm) (*Crataegus monogyna*) ‘arbusto espiñoso, estripeiro’ en Soutelo (Salceda de Caselas), <**escramboeiro**> en Cerdal.

Noceiro (sm) ‘noqueira’ en Goián; <**noceira**> (sf) en Campos.

Sangriño (sm) (*Rhamnus frangula*) en Goián (~ **zanquiño** en Soutelo (Salceda de Caselas)), <**sangarinho**> en Sopo.

Tanxerineiro (sm) <**tangerineiro**>.

Xapoeiro (sm) ‘camelio’, <**japoeiro**> en Sopo, e non como no portugués padrón *japoneira*.

Gharuma (sf) ‘folla do piñeiro’ en Goián, <**caruma**> en Cerdal e Campos; tamén chamada **pico**, en Caldelas e Ganfei.

6.1.3. Insectos

Cadela de frade (sf) (*Forficula auricularia*) ‘forcadela’ en Goián e Sopo.

Carroucho (sm) (*Lucanus cervu*) ‘escornabois’ en Goián e As Eiras, <**carrocho** (~ **carrocha**, ~ **carroicha**)> en Campos e Sopo.

Liscoranzo (sm) (*Anguis fragilis*) ‘escáncer, liscanzo’ en Goián, <**liscranço** (~ **licranço**)> en Sopo e Campos. Tamén coñecido como *seghavivos* (en Soutelo (Salceda de Caselas)).

Saltón (sm) <**saltão**> en Campos, Sopo e Ganfei.

6.1.4. Paxaros

Carriza (sf) (*Troglodytes troglodytes*), <**carriza** (~ **carricinha**)> en Sopo.

Escribidor (sm) (*Emberiza cirulus*) en Goián e Soutelo (Salceda de Caselas), <**escrevedeira**> en Campos e Sopo.

Papafighos (sm pl) (*Oriolus oriolus*) en Goián, Soutelo (Salceda de Caselas), <**papafighos**> en Campos, Sopo e Ganfei.

Pedreiro (sm) (*Apus apus*) en Goián, Sopo, Campos, Ganfei.

Pintasilgo (sm) (*Carduelis carduelis*) en Goián, <**pintassilgo**> en Campos e Sopo (- **pintasilva** - **pintasiurva** en Sopo).

Tecelán (sm) ‘ave de rapina semellante ao gabián’ en Goián, <**teceláo**> en Sopo (- **tecedeira** en Campos).

6.1.5. Animais terrestres

Martaraña (sf) (*Martes martes*), <**martaranho**> (sm) en Campos (- **mataranbo** en Sopo).

Tourón (sm) (*Mustela putorius*) ‘mamífero mustélido’ en Goián e Eiras, <**touró**> en Sopo.

Xirico (sm) ‘burriño’ en Goián e As Eiras, <**jerico** (- **jírico**)>.

6.1.6. Algas

Argazo (sm) ‘alga mariña castaña’, <**argaço** (- **sargaço**)>.

Botella (sf) ‘tipo de alga coa que alimentaban os porcos’ en Camposancos, <**botelha**> en Caminha.

Labaza (sf) ‘alga do río de follas verdes e talos longos’, <**labaça**>.

6.2. Actividades laborais

6.2.1. Agricultura

Bardeiro (sm) ‘monte grande de palla na eira para alimentar o gado; palleiro’.

Cabedullo (sm) ‘franja de terreo na cabeceira dunha leira que se ara ao través’ nas Eiras, <**cabedulho**> en Campos.

Camballón (sm) ‘rego fondo para plantar a viña’, ‘lombo de terra entre dous sucos’ (- **camallón**, nas Eiras), <**camalló**>.

Coucón (sm) ‘peza alongada do carro sobre as que xira o eixe’, <**coucó**>.

Curucho (sm) ‘parte superior do palleiro ou meda’.

Espalladoira (sf), ‘forquita para manexar a herba’, <espalhadoira>.

Ghado a gaño (sm) ‘cría e coidado das vacas a medias entre o feirante e o labrego’ (o feirante deixa o gado, que é da súa propiedade, aos labregos para que llo coiden, e van a medias nas crías e na venda), <gado a gaño>.

Meda (sf) ‘monte grande de palla na eira para alimentar o gado’.

Terrón (~ *torrón*) (sm) ‘pedazo de terra compacta que non se desagrega a non ser que o golpees coa aixada’, <terró>.

6.2.2. *Viña* (cf. Pousa 2004)

Canteiros (sm pl) ‘trabes de madeira onde se pousan os bocois na bodega’.

Espicha (sf) ‘pequeno buraco nos barrís, que se tapa cunha cana ou cun pauciño; o mesmo pauciño que tapa o buraco’.

Fundo (~ *fondo*) (sm) <fundo>. Distínguese *fundo* como substantivo e *fondo* como adxectivo: *No fundo do mar; un río fondo*.

Fuste (sm) ‘barril de gran tamaño, de máis de 50 cabazos, maior ca un bocoi; en plural, conxunto dos barrís dunha adega’.

Ladroar (~ *desladroar*) (vt) ‘tirar os ladróns e as follas que prexudican a viña’.

Lata (~ *latada*) (sf) ‘viña alta feita con paus e esteos’.

Leiva (sf) ‘táboa curva dos barrís, doela’.

Loureiro (sm) ‘caste de uva’.

Morto (sm) ‘gran pedra afundida na terra que axuda a suxeitar o entramado da viña’.

Testeiro (sm) ‘traveso que se pon na cabeceira das viñas’, (<~ *testeira*>).

Trousa (sf) ‘acción de trousar’.

Trousar (vt) ‘trasegar o viño’.

Treixadura (sf) ‘caste de uva’.

Xabre (sm) ‘encaixe ou suco nos barrís para asegurar os fondos’, <javre>.

6.2.3. *Pesca no río* (cf. Pousa 2002)

Alcharife (~ *alxarife*) (sm) ‘rede de arrastre desde terra, tirada por grupos de pescadores que se asociaban en compañías chamadas *quebradas*’, <algerife>²¹.

²¹ Nos dicionarios portugueses indícase que é usada polos pescadores do Miño.

Debullos (sm pl) ‘comida feita cos miúdos do sable e arroz ou patacas’, <debulhos>

Lampreeira (sf) ‘rede para pescar lampreas’.

Míllaras (sf pl) ‘ovas do peixe’, <míllharas>.

Negrón (sm) ‘tipo de muxo’, <negráo>.

Menina (sf) ‘subespecie de sable que non pasa de dous quilos’.

Muxeira (sf) ‘rede para muxos’, <mugeira>.

Pandullo (sm) ‘saquiño con area, con brugal, que se pon nas redes para que vaian ao fondo’, <pandulho>.

Promesa (sf) ‘salmón de má calidade’ (~ *tranca*), <promessa>.

Sabella (sf) ‘peixe diferente ao sable, máis plano e pequeno’. Tamén lle chaman *xerela*, <savelha>.

Samborgha ‘peixe parecido ao sable’, <samborga>.

Solleira (sf) <solheira> ‘rede para pescar a solla’.

Taiña (sf) ‘nome dado a un tipo de muxo que acostuma dar tres saltos fóra da auga’, <taíña>.

Tela (sf) (con /ɛ/) ‘rede para pescar o meixón’.

6.2.4. Pesca no mar

Baeta (sf) ‘tipo de cangrexo de roca’.

Brughal (sm) ‘lugar no fondo do mar onde hai area grosa e restos de cunchas; a mesma area grosa’ <brugal >.

Callau (sm) ‘pedra que se puña nas redes antes de usar o chumbo’, <calhau>.

Camboa (sf) ‘tipo de pesqueira na costa que se enche de auga cando sobe a marea e onde quedan atrapados os peixes cando baixa’.

Ferro (sm) ‘áncora de dúas ou tres puntas’.

Foda (con /o/), ‘peixe agulla moi grande’.

Pateiro ‘peixe cuncho’.

Pau de ré (sm) ‘o último buraco de popa’.

Polbo (sm) ‘*Octopus vulgaris*’, <porbo> (non pronuncian <v> na zona portuguesa).

Pousamastro (sm) ‘peza da gamela’.

Rasco (sm) ‘rede de tres panos para pescar budións, robalos, maragotas...’.

Sacho (sm) ‘tipo de áncora feita de pedra e madeira’.

6.2.5. *O contrabando*

Zocata (sf) en Camposancos, <**sucata**> en Caminha. Chámanlle así ao contrabando que se facía nesta parte do Miño, entre Caminha e A Guarda. Na zona de Goián é coñecido como o *pisco*, e en Valença como *trapiche*.

6.3. O territorio

6.3.1. *As augas*

Chea (sf) ‘enchente do río, forte subida das augas que provoca inundacións’, <**cheia**>.

Enxurro (~ *enxurrada*) (sm) ‘corrente impetuosa de augas ou outro líquido polos camiños’.

Esteiro ‘regueiro pequeno que desemboca no río Miño’.

Levada (~ *lovada*) (sf) ‘corrente de auga que vai regando campos ou dando movemento aos moíños; a mesma canle por onde pasa a auga’.

Poza (sf) ‘represa de auga artificial cun ollo por onde sae a auga para regar o millo e hortas’, <**poça**>.

6.3.2. *Accidentes terrestres*

Areo (sm) ‘illa no río Miño só de area por depósito fluvial, sen vexetación’, <**areio**>.

Insua (sf) ‘terreo rodeado de auga á beira do río; illa na desembocadura do Miño’.

Lacada (sf) ‘foxa nos camiños’.

Morraceira (sf) ‘illa que se forma por depósito de area no último tramo do Miño, e ten xa algo de vexetación, con xuncos’; en pt. tamén <~ *morra* ~ *murra*>.

Regheira (sf) ‘lugar costento e fondo nas abas do monte por onde decorren as augas’; ‘fondonada encharcada, húmida onde nace un reguíño de auga todo o ano’.

Regheiro (sm) ‘corrente de auga’.

Portiño (sm) ‘enseada pequena no mar protexida dos ventos, onde poden atracar as gamelas’, ao longo da costa hai moitos e teñen cadanseu nome: *O portiño do Santo...*, <**portinho**>.

Reza (~ *resa*) (sf) ‘curva pronunciada que se forma nos areos ou nas praias, como a de Camposancos, por acción das mareas, e onde a auga dá volta’, <**reça**>.

Seco (sm) ‘baixo’, no mar.

Rebanceira (sf) ‘vagoada con pendente lixeira’ en Areas, <**ribanceira**> en Ganfei.

6.3.3. Tipos de terreos

Aloque²² (~ *aloqueiro*, ~ *aloco*) (sm) ‘terreo movedizo con moita auga e a terra branda’.

Alocarse (vi) <**alocar-se**> ‘enterrarse nun aloqueiro’.

Baldío (sm) ‘monte comunal ou terreo comunal que é usado colectivamente’. Tamén está presente en moitos topónimos na zona, como O Baldío da Moura.

Barxe (~ *barxa*) (sf) ‘terreo agrícola moi produtivo á beira dun río ou regueiro’, <**varge**>. Como topónimo é moi abundante.

Bouza (sf) ‘terreo no monte, que pode estar cerrado ou non, especialmente con toxo e árbores, ou para outros usos’, <**bouça**>. Moi presente na toponimia (Bouza Valada, Bouza Fría...).

Chan (sf) ‘planicie grande na parte superior do monte, terreo chan no alto do monte’, <**chá**>. A palabra está presente en moitos topónimos da zona.

Chavascal (sm) ‘terreo malo, improdutivo, con moitas silvas, toxos...’.

Cocho (sm) (/o/) ‘terreo de escasas dimensións dedicado ao cultivo de patatas, verzas...’.

Escampado (sm) ‘terreo sen vexetación, deshabitado, terreo baldío sen cultivar’.

Leira (sf) ‘calquera terreo de cultivo’.

²² Esta palabra aparece en varios documentos medievais como, por exemplo, un citado por Vila-Botanes (2001: 77 e 78) no que se reflicten os preitos do cabido cos zapateiros e curtidores que tiñan pelamios e aloques: «dos ditos palamos e aloques [...] agora nobamente feitos que eran em dano dos camynnos e redondava mal a todos camynnantes e carros e bestas...», «por quanto estes aloques e palamos [...] teen seus coiros acortir con casca...».

Campo (sf) ‘terreo dedicado ao cultivo’. Poderíamos trazar unha isoglosa entre as parroquias tendo en conta o uso da palabra leira/campo. Esta liña pasaría por Malvas e Ganfei, onde se usa *campo*, fronte a parroquias de Tomiño, O Rosal en que se di *leira*.

Ribeira (sf) ‘terras de cultivo preto da beira do Miño’, <**ribeiras**> (sf pl) en Ganfei.

Tomada (sf) ‘terreo grande no monte, en moitos casos pechado con valados, e dedicado ao cultivo de piñeiros e outras árbores’. Forma parte de moitos topónimos da zona.

Veigha (sf) ‘conxunto de campos de cultivo, extensión ampla de terra cha froito dos depósitos aluviais, como a Veiga de Ganfei ou a Veiga do Louro’, <**veiga**>.

6.3.4. Tipos de pedras

Esteo (sm) ‘pedra rectangular en forma de columna con que se ampara ou sostén algo, especialmente a viña’, <**esteio**>.

Outeiro (sm) ‘penedo de grandes dimensións na costa ou no monte’. Tamén se utiliza para referirse a montes pequenos ou elevacións pouco pronunciadas do terreo.

Pasadoiras (sf pl) ‘pedras que se poñen nos regatos ou regueiros para o paso das persoas, poldras’, <**passadeiras**>.

6.4. A casa e construcións adxectivas

Cabanón (sm) ‘alboio grande onde se garda o carro, a palla...’, <**cabanó**>.

Eido (sm) ‘terreo de cultivo, normalmente arredor da casa’.

Canizo (sm) ‘hórreo fixo feito de pedra ou madeira’, <**caniço**>.

Quinteiro (sm) ‘cuberto con paredes e tellado á entrada do eido da casa onde se garda o carro e os animais’.

Rosío (~ *resío*, ~ *rocio*) (sm) ‘franja de terreo arredor das casas onde cae a auga do tellado’, que limita a propiedade, <**rossio**>.

Tanque (sm) ‘construción para lavar a roupa, cuberta con tellado ao lado do pozo ou dun regueiro; lavadouro’.

6.5. O corpo humano

A maior parte deste vocabulario púideno consultar no *ALGa* (vol. V, 2005) e seleccionarei aquelas palabras que nesta zona se din igual ca no portugués (popular ou estándar).

6.5.1. Aspectos físicos

Acordar (~ *alcordar*) (vi) ‘espertar’ (*ALGa*: V 267, especialmente Pontevedra sur e Ourense).

Bochecha (sf) ‘fazula’ (*ALGa*: V 38b, en P29, P32, P33).

Cabelo (sm) (*ALGa*: V 6, en P32, P33 no BM e máis lugares no sur de Pontevedra e sur de Ourense).

Carrapicho (sm) ‘madeixa de cabelo que fai un caracol’ (*ALGa*: V 107, en P30, aínda que como ‘crecho’).

Cóchicas (~ *cuchicas*) (sf pl) ‘cóxegas’ (*ALGa*: V 226, só na Guarda, P33).

Cotobelo (sm) en Goián (*ALGa*: V 47, con /e/ en P25 e maiormente no sur de Ourense); <**cotovelo**> nesta zona pronúnciase con .

Empixes (~ **empixas**) (sf mf en pl); en galego cartografiouse **empixa** en P29, e **empinxes** en O11 (*ALGa*: V 161a); con outro uso en O31 (*ALGa*: V 165), <**empir-xas**> (corresponde a **IMPIGENS** en portugués).

Engurricha (sf) úsase en máis lugares ca no P32 sinalado no *ALGa*: V 4.

Espirro (sm) ‘esbirro’; o verbo **espírrar** localízase no sur de Pontevedra e Ourense, segundo se observa no *ALGa*: V 204.

Ollar (vt) (*ALGa*: V 196, en P28, P29 e varios puntos de Ourense). En Soutelo (Salceda de Caselas) é frecuente *ollar de* como ‘coidar, vixiar’, <**olhar**>.

Tomates (sm pl) (pop.) ‘testículos’.

Tornecelo (~ *tornocelo*) (sm) ‘nocello, nortello’ (*ALGa*: V 75, o primeiro en P28, P29, P32, P33 do BM e poucos máis; a segunda forma en P18, P28, P31 e O31), <**tornozelo**>.

Torzollo (sm) ‘tirizó’ (*ALGa*: V 121, en P31, P32, P33), <**torzollo**>.

Xoello (sm) en Goián (*ALGa*: V 71, en P23; como *xiollo* en P22, P25 e P32), <**joelho**>.

6.5.2. *Adxectivos caracterizadores*

Aghoniado -a ‘con malestar xeral, que se encontra mal e non pode describilo’, <**agoniado**>.

Aghoado -a ‘que anda con ganas de algo’, <**agoado**>.

Alabarado -a²³ ‘persoa que anda ou fai as cousas ás présas, que sempre anda acelerado’.

Aleixado -a ‘magoado nos brazos ou pernas, lesionado’, <**aleijado**>.

Careco -a ‘calvo’ (*ALGa*: V 99, en P22, 29, 30 e 32).

Fanado -a ‘sen algún dente’ (*ALGa*: V 125, no BM e outros puntos do sur de Pontevedra).

Cambicho -a ‘escarranchado’ en Soutelo e Valença (*ALGa*: V 136, en P29), ten as *pernas cambichas*. Tamén o verbo **cambichar** (vi) ‘meter unha perna para adentro ao andar’, *cambicha* ao andar.

Cañoto -a (m.f. en masc.) ‘que usa a man esquerda’, frecuente no BM (*ALGa*: V 137, só O31), <**canhoto**>.

Cunico ~ conico -a²⁴ ‘tacaño, nada espléndido, que anda con cunichadas’.

Enghurrichado -a²⁵ ‘dise do que ten moitas engurras ou engurrichas’ <**engurrichado**>.

Esfurricado -a ‘que ten cagarría’. Tamén o verbo **esfurricarse** e o substantivo **furriqueira** (*ALGa*: V 169, só en 3 puntos do sur).

Fadista ‘individuo que gusta de ir ben vestido e peiteado, presumido e chulo’.

Lambido -a ‘excesivamente presumido ou exquisito’.

Marreco -a ‘chepudo’ (*ALGa*: V 140, en P29, P30 e O31 con /e/; con /ɛ/ en P25, P27 e O28).

Sacana ‘que lle gusta facer bromas, brincadeiras’.

²³ En Constantino García (1985, *apud DdD*) aparece rexistrada en Goián como ‘inquietao’, que non é exactamente o significado que coñecemos e documentamos.

²⁴ Constantino García sitúa esta palabra en Goián (Tomiño) (*DdD*: s.v.).

²⁵ No *Apéndice ó Dicionario de Eladio Rodríguez* (1961) localízase a palabra en Tebra (Tomiño) (*DdD*: s.v.).

6.6. Pares léxicos con significados especializados

Unha das diferenzas máis complexas de determinar entre o portugués e o galego actual é o uso que facemos cando temos parellas de palabras con significados moi próximos pero cunha especialización semántica diferente ou cunha frecuencia de uso distinta. Esta análise é difícil de facer utilizando unicamente o método das enquisas directas. Como sinala Philippe Humblé (2005-2006: 2) trátase de un tipo de palabras que forman parellas en cada unha das linguas, con acepcións aparentemente idénticas, pero que funcionan en realidade con restricións gramaticais ou léxicas diferentes. Para analizar o seu uso cómpre partir dun corpus textual (oral) amplo, co que non conto nestes momentos, a través do que se poida comprobar exactamente como se usan e en que contextos e captar as restricións naturais feitas na fala espontánea.

Vou pór só uns cantos exemplos nos que podo establecer a súa diferenza tendo en conta que sei como se usan, normalmente, nesta zona:

empurrar ‘dar empurróns, con movementos que pretenden afastar, para adiante’ (*non me empurres*) ≠ **puxar** ‘tirar ou mover para si’ (*puxa pola corda*).

fogo ‘incendio’ (*hai fogo no monte*) ≠ **lume** ‘fogo que se acendeu para utilidade na cociña; substancia en combustión’ (*alcende o lume do fogón*).

pinchar ‘dar pinchos, saltar’ (*pinchou por riba do valado coma se nada*) ≠ **picar** ‘ferir con un obxecto aguzado, que causa proído, comichón’ (*piqueime coa roseira, a bicicleta ten a roda picada*).

virar ‘mudar de un lado para outro a dirección ou a posición’ (*viroume as costas, vira o testo*) ≠ **xirar** ‘dar voltas arredor do seu eixo’ (*a carrucha xira sen parar*).

Coma estes casos hai que investigar e perfilar o uso de moitas outras parellas como *apañar* | *coller*, *contestar* | *responder*, *diferente* | *distinto*, *mall apenas*, *partir* | *romper*, etc. Penso que é importante analizar a polisemia destes casos na nosa lingua e como se debe presentar nos nosos dicionarios de uso e, como non, despexar as dúbidas das posibles interferencias do castelán.

7. CONCLUSIONES

En resumo, neste escenario o que máis compartimos é a fala, pero oímonos como estraños. Algúns vemos as proximidades, outros as diferenzas. Vivimos nunha fronteira sen vocación de separarnos, unha isopolítica que nunca chegou a ser unha isoglosa sen fracturas. Camiñamos uns a rente dos outros e recibimos informacións desiguais, o que nos impide comprendernos de verdade.

E así como nunha investigación lingüística a nivel morfolóxico ou fónico é ‘doado’ delimitar o que nos distingue ou o que nos une, cando tratamos o léxico non se pode chegar a establecer unha conclusión tan clara. Tratar de investigar e estudar o léxico polisémico é o conto de nunca acabar. O que é innegable é que hai unha enorme variación e variabilidade léxica en ambas as marxes da fronteira miñota; mais esta non é unha característica máis acentuada na parte galega por manterse a nosa lingua máis tempo sen normalizar (e sen normativizar).

É necesario seguir facendo traballos léxicos que axuden a arrequentar o léxico dicionarizado²⁶, pois talvez poidan axudar a despegar dúbidas canto ao uso e selección de termos na norma galega e á fixación da súa verdadeira polisemia fronte ao castelán.

Moitas destas palabras están condenadas á morte segundo cambian os costumes e as formas de vida, pero paga a pena recoller o léxico vivo, os nomes das cousas, por moi sinxelas que parezan.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- ALGa* = GARCÍA, Constantino / Antón SANTAMARINA (dirs.) (1990): *Volume I: Morfoloxía verbal*. A Coruña: Fundación Barrié / Instituto da Lingua Galega.
- ALGa* = GARCÍA, Constantino / Antón SANTAMARINA (dirs.) (1995): *Volume II: Morfoloxía non verbal*. Santiago de Compostela: Fundación Barrié / Instituto da Lingua Galega.
- ALGa* = GARCÍA, Constantino / Antón SANTAMARINA (dirs.) (2005): *Volume V: Léxico. O ser humano (I)*. Santiago de Compostela: Fundación Barrié / Instituto da Lingua Galega.
- ALONSO, Eliseo (1987): *Gamelas y marineros*. A Guarda: Diputación Provincial de Pontevedra / Imprenta J. Vicente.
- ALONSO, Eliseo (1989): *Pescadores del río Miño (Tramo gallego-portugués)*. Vigo: Diputación Provincial de Pontevedra.

²⁶ Aínda que xa sabemos como ben di Sequeira (1957/58: 140): «O facto de inclusión no dicionário não basta para lhes generalizar o emprego».

- ALONSO ESTRIVIZ, Isaac (dir.) (2005): *Dicionário da Língua Galego-Portuguesa, e-Estraviz*. Portal Galego da Língua. Disponível em liña: <http://www.estraviz.org/>.
- BOAVENTURA, Manuel (1916): *Vocabulário Minhoto*. I vol. Espozende: Tipografia Espozendense de José da Silva Vieira.
- CARITA, M^a de Lourdes (1999): *Heterossemânticos/Heterosemânticos: «Falsos amigos» entre o Português e o Espanhol*. Viana do Castelo: Instituto de Inovação Educacional / Tipografia Sousa.
- CARBALLEIRA ANLLO, Xosé María (coord.) (2000): *Gran Dicionario Xerais da Língua*. Vigo: Edicións Xerais.
- CASTELEIRO, João MALACA (coord.) (2011): *Dicionário da Língua Portuguesa Contemporânea*, vol. I e II. Lisboa: Academia das Ciências de Lisboa / Fundação Calouste Gulbenkian / Editorial Verbo.
- CINTRA, Geraldo (1998): «Cognados: Sistematização e Implicações», *Cadernos do Centro de Línguas* 2, 137-142.
- COSTA, Joaquim Almeida / MELO, A. Sampaio e (1979^s): *Dicionário da Língua Portuguesa*. Porto: Porto Editora.
- DdD = SANTAMARINA, Antón (ed.) (2006-2013).
- DPLP = *Dicionário Priberam da Língua Portuguesa*, 2008-2013. Disponível em liña: <http://www.priberam.pt/dlpo/>.
- e-Estraviz = ALONSO ESTRIVIZ, Isaac (2005).
- ERICEIRA, Luís de MENESES, CONDE DA (1946): *História de Portugal Restaurado*. Porto: Livraria Civilização. Disponível em liña: <https://archive.org/details/bhistriadiportu01eric>.
- FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ, Manuel (1995): *Goián. Estudio histórico*. Santiago: Xunta de Galicia / Consellería de Cultura.
- FERNÁNDEZ SANTOMÉ, Xerardo (2012): *Treboada galega*. Vigo: Asociación Folc. Gaiteiros da Xistra / Gráficas Bouzas.
- FERREIRA, Aurélio BUARQUE DE HOLANDA (2010): *Dicionário Aurélio da Língua Portuguesa*. O Brasil: Editora Positivo. Disponível em liña: <http://www.dicionariodoaurelio.com/>.
- FIGUEIREDO, Cândido de (2007): *Novo Dicionário da Língua Portuguesa*. Disponível em liña: <http://www.dicionarioaberto.net>.
- GARCÍA, Constantino (1985), *Glosario de voces galegas de hoxe*. Anexo 27 de *Verba*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.
- GARRIDO RODRÍGUEZ, Jaime (2001): Fortalezas de la antigua provincia de Tuy. Vigo: Deputación de Pontevedra.
- GUERREIRO, Castro (2006): *Contributos para a História de Vila Nova de Cerveira III, Artes-Pescadores e Espécies do Rio Minho*. Tui: Gráficas Juvia.
- GX = CARBALLEIRA ANLLO, Xosé María (2000).
- HOUAISS, Antônio (2011): *Dicionário de Português Atual Houaiss*. Círculo de Leitores e Sociedade Houaiss / Edições Culturais. Disponível em liña: <http://houaiss.uol.com.br/>.
- HUMBLÉ, Philippe (2005): «Falsos cognados. Falsos problemas. Un aspecto de la enseñanza del español en Brasil», *Revista de Lexicografía* 12, 197-207.
- LEITE DE VASCONCELLOS, José (1970): *Esquisse d'une Dialectologie Portugaise*. 2^a ed. Lisboa: Centro de Estudos de Lisboa.
- MACEDO, António DE SOUZA DE (1663): *Mercúrio Portuguez com as novas da guerra entre Portugal e Castella*. Lisboa: Biblioteca Nacional. Res-110 V. Disponível em liña: http://purl.pt/12044/6/res-110-v_PDF/res-110-v_PDF.
- MARTÍNEZ POUSA, Cristal (2009): *Arquitectura e os indianos en A Guarda, O Rosal e Tomiño: proposta de catalogación*. Traballo Academicamente Dirixido. Facultade de Xeografía e Historia, Universidade de Santiago de Compostela (inédito).

- MERINO, Baltasar (1906): *Flora descriptiva e ilustrada de Galicia*. Tomo II. Santiago de Compostela: Tipografía Galaica.
- MÖRLING, Staffan (1989): *As embarcacións tradicionais de Galicia*. Noia: Consellería de Pesca / Gráficas Sementeira.
- NETTO, M^a Teresa de M. LINO (1949): *A linguagem dos pescadores e lavradores do concelho de Vila do Conde*. Separata da *Revista Portuguesa de Filologia*, vols. I e II. Coimbra: Casa do Castelo Editora.
- POUSA ORTEGA, Helena (2002): «Léxico fronteirizo no Baixo Miño: a pesca con barco», en Rosario ÁLVAREZ / FRANCISCO DUBERT / Xulio SOUSA (eds.), *Dialectoloxía e Léxico*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega. Dispoñible en liña: <http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/dialectoloxia.pdf>.
- POUSA ORTEGA, Helena (2004): «Que escoita o Miño camiño da Guarda?», *Animal+* 15, 24-25.
- REGO, Aurora BOTÃO (2013): «A mobilidade galega a partir da raia minhota portuguesa (séculos XVII-XIX). A fixación no concelho de Caminha», *X Congreso Asociación Demografía Histórica. Albacete, 18 al 21 de junio de 2013*. Dispoñible en liña: xcongresoadeh2013.sched.org/speaker/aurorarego.
- REGO, Aurora BOTÃO (2009): «A fixación de uma comunidade piscatória galega em Vila Praia de Âncora. Abordagem de alguns comportamentos demográficos e sociais no século XIX», en Isidro Dubert / Hortensio Sobrado Correa (eds.), *El Mar en los siglos Modernos*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 149-168.
- REGO, Aurora BOTÃO (2010): «A fixación de galegos na zona ribeirinha de Viana do Castelo», en *IX Congreso da Associação de Demografia Histórica*. Ponta Delgada: Universidade dos Açores.
- RÍOS PANISSE, M^a del Carmen (1977): *Nomenclatura de la flora y fauna marítimas de Galicia, I Invertebrados y peces*. Anejo 7 de *Verba*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.
- SANTAMARINA, Antón (ed.) (2006-2013): *Dicionario de dicionarios. Corpus lexicográfico da lingua galega*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega / Seminario de Lingüística Informática - Grupo TALG. Dispoñible en liña: <http://sli.uvigo.es/DdD/>.
- SEQUEIRA, Francisco Júlio MARTINS (1957/1958): *Apontamentos acerca do Falar do Baixo-Minho*. Lisboa: Revista de Portugal.
- VILA-BOTANES, Suso (2001): *Tui e Valença nos séculos XI a XV. Os acontecementos históricos, sociais, artísticos e económicos*. O Porriño: Asociación de Amigos da Catedral de Tui / Gráficas Rofer.
- VOLGA = Instituto da Lingua Galega / Real Academia Galega (1989): *Vocabulario ortográfico da lingua galega*. Santiago. Dispoñible en liña: <http://www.realacademiagalega.org/recursos-volg>.

**ROMANCES DE FRONTEIRA
NA PENÍNSULA IBÉRICA**

José Enrique Gargallo Gil

Universitat de Barcelona

Diversos són els homes i diverses les parles,
i han convingut molts noms a un sol amor.

SALVADOR ESPRIU, *La pell de brau*

1. ENCOMIO DAS FRONTEIRAS*

Gústame a palabra *fronteira*, o tipo léxico *fronteira*, que moitas variedades romances comparten. Desde a *fronteira* galega e portuguesa ata a *frontieră* o *fruntarie* do romanés, as diversas e leves variantes deste derivado do latín FRONTE presentan unha notoria afinidade formal, transcendendo fronteiras romances ó longo das terras herdeiras da romanidade (Gargallo 2004a).

Gústanme tamén algúns dos seus sinónimos e os correspondentes derivados: *a raia* e os *arraianos* (ou *raianos*); o *extremo* e o *estremeiro*, que tantas veces me leva a evocar os *estremeños* da Extremadura española. Amante como son das fronteiras «transcendibles», desexo invocar as palabras dun home de ciencia, José Luis Sampedro, do seu discurso de ingreso na Real Academia Española (de 1991), titulado *Desde la frontera*:

Mis fronteras son todas trascendibles, como lo es la membrana de la célula, sin cuya permeabilidad no sería posible la vida, que es dar y recibir, intercambio, cruce de barreras. Y más aún que trascendible la frontera es provocadora, alzándose como un reto, amorosa invitación a ser franqueada, a ser poseída, a entregarse para darnos con su vencimiento nuestra superación: ese es el encanto profundo del vivir fronterizo. Encanto compuesto de ambivalencia, de ambigüedad –no son lo mismo–, de interpenetración, de vivir a la vez aquí y allá sin borrar diferencias. Más allá nos tienta lo otro, lo que no tenemos: nos lo canta y nos lo promete la frontera (Sampedro 1991: 16-17)¹.

* Agradezo a Xosé Afonso Álvarez a revisión do texto, os seus consellos, a súa agudeza e a súa paciencia.

¹ *El País Semanal* do 27 de abril de 2014 trae unha entrevista a Jorge Wagensberg, na que estoutro científico afirma: «Los avances de la historia siempre se han producido porque se ha fecundado el otro lado de la frontera» (pp. 53 e 55).

Outro home de fronteira, orixinario de Camporrells, da comarca de *La Llitera*, situada nas terras de lingua catalá de Aragón (*La Franja*), escribiu lucidamente sobre o descubrimento «lexico-conceptual» e vivencial da súa fronteira:

[...] el primer contacte que segurament vaig tenir personalment d'infant amb la paraula en qüestió [*frontera*] no era res més que la paret frontal de la casa, aquela que dóna al carrer [...]. *Frontera*, en aquest sentit, ha estat i és encara paraula habitual en els parlars més ponentins del català nord-occidental i en valencià, i és a més forma de continuïtat amb l'aragonès oriental [...] (Sistac 2010: 18).

A idea de «mirar de fronte» levou á de enfrontar(se), á de enfrontamento, e por este camiño á carga semántica belicosa da «fronteira», que non é a que eu persigo. As miñas fronteiras son todas «transcendibles», como os meus romances.

2. ROMANCES

Romances que teñen usos de tipo adxectivo (*linguas romances*) e substantivo (*Os romances ibéricos* é o exemplo do DRAG para a acepción 4. «Lingua derivada do latín»). Romances que no ámbito castelán poden dar lugar á deriva semántica que consigna o DRAE (s. v. *romance*), obra que na acepción 8 os define en plural como «Excusas, bachillerías», co exemplo *Venirle con romances*; un valor que presenta continuidade có uso catalán de *romanços*: «Excuses i dilacions. *Anem per feina, i no em vinguis amb romanços*», segundo o DIEC2 (s. v. *romanço*).

A familia léxica dos derivados de *Roma*, tan fecunda, posibilitou que *romance* como substantivo encarne hoxe a «romanicidade» sen máis, sen necesidade de reparar na cuestión taxonómica de identificar «lingua», «fala», «dialecto», etc. Por outra parte, a vitalidade secular deste tipo léxico, herdeiro do adverbio tardolatino ROMANICE, levou a unha notoria proliferación de sentidos, mesmo ó mencionado de 'contos', 'historias', de xeito que un pode incorrer na aparente tautoloxía de explicar «romances» a propósito dos romances. E así, é posible e lícito abordar as fronteiras romances da Península Ibérica, percorrer con agarimo os romances de fronteira na «pel de touro» que auguraba o poeta Salvador Espriu.

3. AS DÚAS GRANDES FRONTEIRAS ROMANCES DA PENÍNSULA, OCCIDENTAL E ORIENTAL. OS DOUS TIPOS DE ROMANCES, CONSTITUTIVOS E CONSECUTIVOS (OU SUBSTITUTIVOS)

A miña mirada ás fronteiras romances da Península quere ver, desde hai tempo (Gargallo 1995, 2000, 2011), unha partición en catro grandes espazos, a poñente e a levante, contra o norte e cara ó sur. Dous espazos setentrionais, «constitutivos» (*a*), como resultado do latín orixinario e sen desprazamentos territoriais; e dous espazos centro-meridionais, que poderíamos denominar «consecutivos» ou mesmo «substitutivos» (*b*), produto da expansión de romances previamente forxados no norte. Dúas macrofronteiras (1 e 2) que debuxan cadanseus trazos cunha orientación norte-sur (ou viceversa), testemuños hoxe dunha dinámica multiseccular (romanización, xestación dos romances primitivos, extensión coa chamada «Reconquista») que caracteriza esta parte da Romanía europea con respecto a outros grandes bloques, como o galorromance ou o italarromance. A partición anunciada podería esquematizarse deste xeito:

- 1a. Desde o occidente de Asturias ata as terras de Miranda: entre o dominio galego-portugués e o asturleonés.
- 1b. Da zona de Miranda ata a desembocadura do Guadiana: entre o portugués e o castelán.
- 2a. Do Val de Benasque ata a comarca da Baixa Llitera (na altura de Binéfar, de fala castelá, e Tamarit, de lingua catalá): entre o (alto)aragonés e o catalán «constitutivo».
- 2b. De Binéfar / Tamarit a Guardamar: entre o castelán e o catalán «consecutivo».

Por outra parte, a división entre romances peninsulares «constitutivos» e «consecutivos» (ou «substitutivos») remite ás autoridades e ás miradas de Joan Veny, desde o ámbito do catalán, e de Antón Santamarina, desde o galego:

Com a resultat, doncs, de la penetració musulmana i de la posterior Reconquesta, ens trobem en el domini català –i hispànic– amb dos tipus de dialectes, o varietats del català. Uns, *constitutius*, que corresponen «grosso modo» a l'evolució del llatí que es parlà a l'àrea que avui ocupen [...]; uns altres, *consecutius*, ço és, que són el resultat d'un transplament del català en virtut de la Reconquesta [...] (Veny 1982: 19-20).

As falas deste triángulo [Eo-Navia], como tódalas que hai de Fisterra a Santander, son dialectos latinos constitutivos, é dicir, falados aquí ininterrompidamente desde a romanización; ó contrario do que pasa coas falas da metade meridional de España[,] que son dialectos substitutivos porque se falan alí en substitución das falas mozárabes anteriores á Reconquista. Por iso as falas aquí no norte son moito máis abundantes en fenómenos e as fronteiras entre elas son graduais e non bruscas [...] (Santamarina 1995: 249).

Non ter en conta esta distinción esencial pode levar a afirmacións como a de que «[...] entre linguas de una mesma familia la transición lingüística entre lugares próximos nunca es abrupta [...]» (Barcia 2011: 450), desmentida polo exemplo da fronteira lingüística consecutiva entre o catalán e o castelán por terras valencianas (*vid. infra*: 6.3), que é nítida, ademais de «transcendible».

Outra peculiaridade peninsular, que responde igualmente a paralelismos suxestivos entre leste e oeste, é a da existencia das chamadas «franzas».

4. FRANXAS: A DOBRE CONDICIÓ FRONTEIRIZA, LINGÜÍSTICA E ADMINISTRATIVA; A PERCEPCIÓN DO PERIFÉRICO

As miñas «franzas» peninsulares (Gargallo 2011: 45-50), «transcendibles» tamén, responden igualmente a unha repartición en catro áreas no espazo iberorromance. Poderíamos esquematizalo deste xeito:

- 4.1. *Franja de Ponent, Franja Oriental (de Aragón)*: catalán en Aragón.
- 4.2. *Franxa (galego estremeiro)*: Asturias, León e Zamora.
- 4.3. *La Franja aragonesa: l'Alt Palància, l'Alt Millars i els Serrans*: falas castelano-aragonesas do interior valenciano.
- 4.4. A franxa de Valencia de Alcántara (provincia de Cáceres) e La Codosera (provincia de Badajoz): portugués raiano con Portugal.

Pero, antes de visitar cada unha destas catro franzas, paga a pena consultar e comentar a entrada *franza* do DRAG:

franza

substantivo feminino

1 Fita de fío que serve para adornar panos ou pezas de roupa.

Tiña unha saia de franzas douradas.

2 por extensión. Tira ou debuxo de forma alongada e estreita.

Pintaron a parede de franxas de cores.

3 Parte estreita e longa dunha cousa, con características propias.

A franxa costeira. Unha franxa de terreo minado separaba as trincheiras dun e outro bando.

4 figurado. Límite impreciso entre dúas nocións.

Franxa horaria.

As franxas peninsulares ás que me refiro responden á idea dun territorio de perfil estreito e longo, con características propias que son froito da súa percepción como espazo periférico desde o conxunto de dous espazos maiores –un deles é lingüístico; o outro, político-administrativo– que son precisamente os que dan lugar á intersección da que nace a noción de «franja». Corresponden basicamente á acepción número 3 do *DRAG*, e acaso a súa condición fronteiriza, periférica, proxección da mirada exterior duns e doutros, propicia que participen tamén do sentido figurado (ac. 4) que consigna o mesmo dicionario: «Límite impreciso entre dúas nocións».

Moitas veces digo –e non poucas escribín– que me considero «aragonesamente valenciano». É a maneira que teño de invocar a «dualidade» fronteiriza da miña patria valenciana, que un autor valenciano (Guinot 1999, I: 227) denomina *La Franja aragonesa* nun dos epígrafes do seu libro sobre *Els fundadors del Regne de València* (cf. 4.3).

4.1. Franja de Ponent, Franja Oriental (de Aragón): catalán en Aragón

Lévame á *Franja* primeira Hèctor Moret, orixinario de Mequinensa [*Mequinensa*, na versión castelá], lugar da provincia de Zaragoza do que era tamén natural un recoñecido escritor en catalán, Jesús Moncada (1941-2005).

Hèctor Moret, poeta en catalán, foi un dos catro participantes no encontro de *Poesía a la frontera* que organicei na Universidade de Barcelona o día 27 de maio de 2013². Hèctor Moret é, ademais, un estudoso da *Franja* de Aragón: da lingua, da literatura, da cultura deste territorio raiano con Cataluña e de lingua catalá.

² Un dos representantes das dúas grandes fronteiras peninsulares. Representou a outra o oliventino Servando Rodríguez Franco: <http://stel.ub.edu/paremio-rom/es/p%C3%A1ginas/poesia-la-frontera-segona-trobada-iberorom%C3%A0nica>.

Escribiu no seu día un texto moi recomendable sobre as designacións que recibiu ó longo do século xx o dito espazo de fronteira: «Com en direm? A propòsit de la denominació de les comarques de llengua catalana a l'Aragó» (Moret 1998). Nel refírese a designacións pretéritas, como as de *l'Aragó catalá* (eu obxectaría que non é «catalán», senón catalanfalante) ou *la Catalunya aragonesa*, como adoitaba chamala Joan Coromines (a miña obxección aquí é máis severa: non é Cataluña! É Aragón). O sabio etimólogo catalán usou outras «marcas», como *Les Marques de Ponent*, co xermanismo *marca* en plural complementado coa referencia ó lugar por onde se pon o sol desde unha mirada levantina. Tamén, a de *La Ratlla d'Aragó*, que recorda a outra *raia* do poñente peninsular.

Pero ningunha destas formas é a máis habitual hoxe en día, en que a «moeda corrente» para este concepto, con mirada catalá, é a de *Franja de Ponent*, que a *Gran Enciclopedia Catalana* definía hai anos deste xeito: «Nom amb què és coneguda una llenca de territori català al límit occidental del Principat [...]» (*GEC*, 1992, s.v. *Franja de Ponent*). Definición na que me parece obxectable a idea de «territorio catalán», pois se trata dun territorio secularmente aragonés, que ten o catalán como lingua. Definición que leva a Héctor Moret, en referencia ó suposto «coñecemento» do concepto, a revelar a orixe, relativamente recente, da «marca» *Franja de Ponent*:

«Coneguda» Des de quan? Senzillament el terme *Franja de Ponent* és –després de nombroses i apassionades discussions– una creació col·lectiva d'un reduït grup d'immigrants aragonesos de llengua catalana a Barcelona –que eren els que més es van oposar a la denominació en qüestió– i catalans del Principat interessats pel fet que una part de l'Aragó és de llengua catalana, grup que es reunia alguns dissabtes al vespre en els locals del Centre Comarcal Lleidatà en els primers anys de la transició democràtica [...] tot plegat, nou o deu anys abans de l'entrada de la denominació *Franja de Ponent* en la segona edició de la *GEC* (en la primera edició de la *GEC*, el terme encara no era inventat). (Moret 1998: 12-13)

Cómpre engadir: (1) que o devandito *Centre Comarcal Lleidatà* se sitúa na fronteira do edificio histórico da Universidade de Barcelona, pois esta e aquele míranse de fronte a ambos os dous lados da Gran Vía barcelonesa, xunto á Plaça de la Universitat; (2) que dous dos intervinientes no debate que conduciu á concepción orixinal da marca *Franja de Ponent* son Hèctor Moret e o antes mencionado Ramon Sistac (cf. o apartado 1); (3) que a actual versión da *GEC*, accesible en líña, mellorou sensiblemente a definición da súa entrada: «Nom

que modernament designa una llengua de territori catalanoparlant situada en la comunitat autònoma de l'Aragó». E por fin, (4) que desde a mirada aragonesa, posteriormente e de forma mimética, creouse tamén a etiqueta de *Franja Oriental (de Aragón)* (Martín Zorraquino *et alii* 1995).

4.2. *Franxa (galego estremeiro): Asturias, León e Zamora (e máis alá?)*

A designación de *franxa* para designar o galego que desborda os lindeiros administrativos de Galicia parece igualmente mimética (en todo caso, é paralela) con respecto á *Franja de Ponent* do oriente peninsular. Desde a miña convicción do feito de que é compatible ser «aragonesamente valenciano», valenciano de fala castelá con sabor aragonés, non vexo problema ningún no feito de identificar unha «franxa» de fala galega –inserta no espazo romance galego-portugués– externa e lindeira a Galicia; un territorio onde os seus habitantes, asturianos, leoneses e zamoranos, falan un xeito de galego. A franxa en cuestión, segundo a miña percepción, non é Galicia, pero comparte con esta a lingua galega.

Outra cuestión é a de que o «galego exterior», como se chamou tamén, teña un representante máis meridional no *cosiddetto* «galego de Cáceres» (cf. 6.1). Baixo o título de *O galego exterior ás fronteiras administrativas*, Xavier Frías Conde presentou na Universidade Complutense de Madrid en febreiro de 1995 a súa tese de doutoramento, da que eu fun «protolector» como membro do tribunal correspondente³.

Sorprendeume daquela o subtítulo, referido a «Asturias, León, Zamora e Cáceres», da mesma maneira que me sorprendeu no mes seguinte, na conferencia que impartín o 14 de marzo de 1995 na Universidade da Coruña sobre «O catalán de Aragón», a pregunta dun dos asistentes sobre o posible paralelismo entre o catalán de Aragón e o «galego de Cáceres». Pero hai xa tempo que non me sorprende esta concepción, tan arraigada no imaxinario galego, dun galego de Cáceres ou de Extremadura, que xa era patente na década dos noventa do século anterior. Así, no libro colectivo coordinado por Fernández Rei / Santamarina (1999), a onde foi destinado o texto da miña conferencia coruñesa sobre «O catalán de Aragón» (Gargallo 1999), a contribución de Costas (1999) titúlase, significativamente: «Valverdeiro, lagarteiro e mañego: O «galego» do Val do Río Ellas (Cáceres)».

³ *El gallego exterior a las fronteras administrativas*, a versión castelá consultable en liña seguindo o enlace <http://eprints.ucm.es/3369/>, leva o seguinte encabezado: «Este es un estudio comparativo de todo el “gallego exterior”, es decir, el gallego de Asturias, León, Zamora y Cáceres [...]».

Cadaquén mira e ve as cousas desde a súa mirada. O caso é que Costas (2009) retrata críticamente o uso do rótulo «galego-asturiano» por parte dos asturianos que proxectan na zona Navia-Eo (ou Eo-Navia) a súa mirada asturianista, e remata cun *Apéndice* de textos comparativos que ofrecen versións dun mesmo texto-matriz, á maneira da coñecida tradición da *Parábola do fillo pródigo*. Como presentación do apéndice escribe:

Vexamos o mesmo texto en catro variedades faladas no Principado de Asturias: galego oriental taramundés, galego oriental baixonaviego, asturiano oriental e asturiano central ou estándar [...] (Costas 2009: 85)

Compárese máis aínda: cun texto galego oriental berciano (León) e cun galego especial do Val do Río Ellas (Cáceres), este último moito máis distante do galego que calquera variedade eonaviega. (Costas 2009: 87)

Sería difícil atopar quen mire criticamente a *súa* mirada galeguista sobre as falas mañega, lagarteira e valverdeira?

4.3. La Franja aragonesa: l'Alt Palància, l'Alt Millars i els Serrans

L'Alt Palància, l'Alt Millars i els Serrans són tres de les comarques valencianes de l'interior que històricament han parlat castellà. Ara bé, aquest fet lingüístic no té en tots els pobles, ni tan sols en la majoria d'ells, els mateixos orígens. En primer lloc, en la majoria dels seus nuclis de poblament, com en les veïnes comarques de la Foia de Bunyol, la Canal de Navarrès i la Vall d'Aiora, la població va ser majoritàriament musulmana fins a l'expulsió dels moriscos en 1609. D'altra banda, una part notable dels pobles cristians que hi trobem en els segles medievals no foren resultat del repoblament del segle XIII, sinó de segle i mig més tard, dels anys posteriors a la guerra de Castella (1366-1375), quan foren expulsats els sarraïns de quasi tota la vall de Xelva i del comtat de Xèrica [...] (Guinot 1999: 227).

Baixo a epígrafe do historiador Enric Guinot, a súa explicación apunta as dúas principais razóns desta singularidade propia do interior valenciano, desta especie de «Franxa de poñente» que poucos teñen en conta: (1) a repoboación medieval dos séculos XIII-XIV e (2) a posterior redefinición dalgunhas áreas de poboación maioritariamente musulmá ata principios do XVII, repoboadas a raíz da expulsión dos moriscos en 1609.

De feito, non se trata dunha franxa territorialmente continua, xa que *Olocau del Rey* constitúe un enclave lingüístico-administrativo separado do resto da «franza» ó noroeste da provincia de Castellón; e o Rincón de Ademuz, un enclave administrativo valenciano rodeado por terras da provincia de Teruel e da de Cuenca (véxase o mapa 1, que designa esta comarca na súa versión catalá/valenciana: *el Racó d'Ademús*); a comarca en cuestión é comparable ó Condado de Treviño (< lat. TRIFINIU), enclave burgalés abrazado por terras alavesas.

O caso é que en diversas comarcas do interior valenciano se falan variedades castelán-aragonesas moi semellantes ás do veciño Aragón (cf. 6.3). E non por iso os seus oriúndos son menos valencianos que os da capital do río Turia.

4.4. A franxa de Valencia de Alcántara (provincia de Cáceres) e La Codosera (provincia de Badajoz): portugués raiano con Portugal

A cuarta das franxas sitúase na Extremadura española. Trátase dunha franxa moi to máis estreita e imperceptible ós ollos do resto de estremeños e –non digamos– habitantes do conxunto peninsular. Eu coñecina grazas ó colega Juan Carrasco, quen escribe que, xunto con Cedillo, esta franxa fala un «portugués moderno de transición entre beirano y alto-alentejano» (Carrasco 1996: 146), e traza un *continuum* territorial cara ó norte co «portugués arcaico» de Herrera [*Ferreira*] de Alcántara, tal e como amosa o mapa que reproduzo deste autor (Carrasco 1996: 146) [mapa 2]. Máis recentemente, esta área de contacto hispano-portuguesa chamou a atención da investigadora alemá Christina Ossenkop, de entre cuxas publicacións destaco Ossenkop (2013).

Unha das localidades raianas de fala portuguesa da provincia de Badaxoz recibe o nome de motivación fronteiriza *El Marco*, aínda que en español non suxira o mesmo que en galego e portugués *marco* ('fito'). De feito, a poboación repártese a ambos os dous lados da raia fronteiriza, de xeito que unha parte do lugar queda en España (*El Marco*); e a outra en Portugal, onde ten o nome de *Marco*, aínda que oficialmente se trate de dous países distintos.

5. DIVERSIDADE LINGÜÍSTICA E DIVERSIDADE DOS LINGÜISTAS

Da mesma maneira que moitos vemos con bos ollos a diversidade lingüística en xeral, coido que deberíamos observar como algo natural a existencia dunha

saudable diversidade entre os lingüistas. A «linguodiversidade» enriquecéenos, e a «lingüistodiversidade» instrúenos sobre as diferentes miradas que pode suscitar a complexidade dos feitos lingüísticos, tal como apuntei hai tempo en Gargallo (2004b) a propósito da España plurilingüe.

O colega asturiano Ramón de Andrés, un dos lingüistas que mellor coñece a diversidade lingüística da Península Ibérica, prefire empregar o termo «glotodiversidade» para referirse a aspectos internos das linguas, a aspectos «glotolóxicos». A súa lúcida mirada ó espazo da Asturias occidental, na medición glotolóxica do tránsito na fronteira entre o dominio astur-leonés e o galego-portugués, co gallo do proxecto ETLEN (véxase, por exemplo, De Andrés / Álvarez-Balbuena 2011), esténdese ó conxunto peninsular, incluíndo o éuscaro e mesmo o aranés, aínda que este non sexa propiamente peninsular, na súa monumental *Gramática comparada de las lenguas ibéricas*, en cuxa *Introducción* escribe:

El planteamiento de este libro es exclusivamente glotológico, lo que quiere decir que se centra únicamente en aspectos «internos» de las lenguas, en fenómenos propios de los sistemas lingüísticos [...], sin intervención de hechos de sociología del lenguaje, como podrían ser su situación legal, conciencia idiomática, procesos de normalización, etc. Y ello no porque no me interese este campo de estudio, sino por razones de congruencia del libro, para no mezclar churras con merinas. (De Andrés 2013: 15)

A metáfora «pecuaria» é moi oportuna. E outras metáforas procedentes do *modus vivendi* ancestral fálannos da tendencia, moi humana, a «levar a auga para o noso muiño», «atizar o lume para as nosas sardiñas», o que condiciona sen dúbida a mirada á Terra Navia-Eo (Eo-Navia?) de asturianistas e galeguistas; e tamén unha das posibles miradas ó recanto do noroeste estremeño: alí onde Fernández Rei / Santamarina (1999: 505) rotulan «Galego» do val do Ellas [mapa 3], en cambio, Radatz / Torrent-Lenzen (2006) [mapa 4] asignan a etiqueta de *A Fala de Xálíma*, que é unha das moitas maneiras de dar nome ás falas autóctonas de mañegos, lagarteiros e valverdeiros.

6. MIRADAS SOBRE ALGÚNS ROMANCES DE FRONTEIRA

6.1. No recanto noroccidental de Extremadura

Máis que volver sobre as miñas contribucións a esta encrucillada estremeira e estremeña, que deron lugar a traballos diversos (Gargallo 2000, 2001a, 2007,

2009), prefiro convocar nesta ocasión outras visións, como a de Antonio Corredra Plaza, quen, desde Valverde del Fresno, no seu *blog* (*Un sitiü valverdeiru*) e a propósito do libro de Xosé-Henrique Costas González (2013): *O valego. As falas de orixe galega do Val do Ellas (Cáceres - Extremadura)*, escribe⁴:

[...] a mí me choca isu du «galego» desti val. Omilhol dentru de cen anos mutus paisanus meis dirán que ei estaba confundíu. Peru morreré mais agustu a pesal de estal equivocau i sel analfabetu que aquelis que e[n]chin [?] a boca dicendu que nun sabin si falamus «galego» peru cuandu u dicin les vai milhol. Comu xalimegufalanti, valegufalenti i comu valverdeiru; aplaudu pur oitru lau u tei tesón, a tua entrega pur estis tres lugaris i a lu que deixas au tei pasu pa que saiamus da oscuridai na que mus encontramos.

O ollar desde a filoloxía portuguesa, e desde o conxunto da variación diatópica no espazo galego-portugués, xa foi proxectado de maneira meridiana pola profesora Clarinda de Azevedo Maia nas *Actas del I Congreso sobre a Fala* (de maio de 1999):

[...] não consideramos cientificamente admissível a afirmação da sua galegitude lingüística [...]. A afirmação da «galegitude essencial» não pode decorrer da comparação, da consideração das afinidades com o galego actual e com a actual variedade culta normativa do português ou com a língua comum portuguesa –o que representa um grave erro de perspectiva–, mas com o *diasistema* do português, em cujo interior coexistem e co-ocorrem diferentes línguas funcionais, algumas das quais correspondentes às variedades diatópicas do português, sendo sobretudo significativas sob o ponto de vista que nos ocupa as variedades diatópicas setentrionais que apresentam muitos traços em comum com a língua da Galiza. (Maia 2000: 83)

E nesa liña argumental exprésase tamén un filólogo galego que enmarca a *questione* da filiación lingüística do enclave a partir dunha análise das correspondencias no vocabulario portugués dunha listaxe de termos que, segundo Costas (2013), eran exclusivos do léxico dos *Tres Lugares* ou afinidades co galego descoñecidas en terras lusitanas (Álvarez, a, b)⁵. O autor conclúe o seguinte nos seus artigos:

Por tanto, e con base nos materiais estudados, non parece correcto falar dunha especificidade lexical do Val do Ellas, nin moito menos soste que é no léxico onde mellor

⁴ <https://plus.google.com/102987938959864004828/posts/NdGps9QS6Fr>.

⁵ Agradezo ó autor a licenza de permitirme citar os seus textos.

se aprecia a súa individualidade con respecto a outras falas veciñas. Os resultados desta análise reiteran que é imprescindible ter en conta as achegas do portugués dialectal á hora de examinar as características lingüísticas das falas do Val do Ellas, xa que, do contrario, as conclusións que se obteñen desa análise, e sobre as que se apoian os debates sobre a filiación, son apriorísticas e intuitivas [...]

Ponse de manifesto a esixencia de que os estudos lingüísticos sobre o Val do Ellas tomen en consideración as fontes dialectais portuguesas (ademais, claro está, das astur-leonesas e castelás). Só deste modo se conseguirá unha imaxe realista da situación lingüística e se poderán facer afirmacións sólidas sobre a identidade lingüística da zona e sobre a tan debatida *questione* da filiación lingüística.

Por outra parte, non se debería obviar o feito de que hai galegos que perciben os diferentes casos de enclaves da raia luso-española cunha mirada lusista, como a de Sanches Maragoto (2011):

Ao longo da raia luso-española, sem contacto territorial com o galego moderno, existem cinco enclaves fronteiriços que possuem soberania espanhola e conservam antigos dialetos galego-portugueses: *Olivença*, grande parte da *regiom de Alcântara* e a *regiom de Xalma*, na Estremadura; *Almedilha*, na província de Salamanca, e *Calabor*, em Samora. (p. 385)

[...] umha das conclusons a que queremos chegar neste trabalho: o portugués, em contacto com o espanhol, dá um resultado semelhante ao galego sem necessidade de estar em contacto com ele ou provir dele. (p. 392, nota 9)

As miradas «estremeñas» doutros filólogos tamén deberían ser tidas en conta á hora de ponderar a «galegitude» orixinaria ou sincrónica da *fala*:

Desde un punto de vista diacrónico podemos decir que existen tres ramas distintas que se desgajaron del galaico-portugués antiguo: el gallego moderno, el portugués moderno y la fala de Jálama.

Ahora bien, existe un gran problema de filiación sincrónica. Es decir, en nuestros días, ¿dónde debemos clasificar la fala? Para mí, y en una perspectiva estrictamente lingüística, no hay duda: se trata de una variedad perteneciente al grupo románico gallego-portugués [...] (Carrasco 2008: 96)

Decir, sin ningún matiz, que en una parte de la Extremadura actual se habla gallego es, a mi modo de ver, una grave incorrección; proponer una normativa para las hablas del valle, basada en el gallego de hoy día, deja traslucir los intereses que se han creado desde Galicia, seguro que con muy buena fe, para poder decir que a cientos de kilómetros también se habla gallego; confundir –en definitiva– el gallego-portugués medieval con el gallego actual es una especie de anacronismo histórico sin precedentes. (González Salgado 2009: 363-364)

6.2. Benasque e benasqués

Desde a miña percepción, unha das encrucilladas lingüísticas máis suxestivas da Romanía occidental é a do Val de Benasque [*Benasc*, en catalán; *Benàs*, ou *Benàs*, en benasqués], onde confinan o iberorromance e o galorromance, o tipo románico altoaragonés e o catalán, nos lindeiros da «gasconidade», na fronteira de Aragón con Francia e con Cataluña. Moitas veces se debateu sobre a filiación do que a filoloxía denomina *benasqués*, e a xente do país chama *patués* (por certo, sen ningún sentimento de culpa). Pois ben, coido que merece a pena acoller o punto de vista dun singular estudoso da lingua do territorio, orixinario do Val de Benasque, que se expresa en benasqués e defende con argumentos sólidos, e en benasqués, que esta variedade pirenaica non é necesariamente nin catalán nin aragonés, como pretende a maioría dos que se interesan pola súa filiación, senón, sinxelamente, benasqués:

A la gent de la vall de Benàs higu'è la percepcion clara d'haver heredau i de ragonar naturalment una forma lingüística diferenciada, en conexi3n estreta dan la denominacion que se tiene del territori, i que no ye altra que la de *país*. Per aix3, si ragono d'una substància peculiar dende una perspectiva lingüística, no ye pas porque hu sigue en relacion dan el castellano (ça va de soi...), sino sobre tot porque hu ye en comparança dan cadaguna de les parlles del rededor, siguen estes d'adscripci3n aragonesa, catalana u gascona. [...]

Quanto a les distintes denominacions que recibe ixa variedat, ya se n'ha tratau bèlla altra vegada [...]. Nomès incidirè en el caràcter antiguo i autòctono de la vèu *patués* i en el aspècto recient i forastèro de la etiqueta *benasqués*. (Saura 2010: 35-36)

6.3. A fronteira lingüística catalano-aragonesa, o Aragón fronteirizo de lingua catalá e outros romances de fronteira

A epígrafe traduce o título do artigo escrito, en castelán, por Gargallo (2001b), de onde bebo neste apartado final.

O concepto de «fronteira catalano-aragonesa» é moi equívoco. O título de *La frontera catalano-aragonesa* serviu a Griera (1914) para caracterizar unha ampla zona repartida entre Cataluña e Aragón. O mesmo título foi empregado por Alvar (1976) para a súa medición fronteiriza, onde se inclúen localidades administrativamente aragonesas da área setentrional, constitutiva e polo tanto de tránsito, entre o catalán e o aragonés, así como algunhas catalanfalantes da fronteira meridional, consecutiva e nítida. Nas dúas obras pesa a consideración da fronteira en que Aragón limita con Cataluña. É dicir, pesa o criterio do feito administrativo.

E o mesmo sucede co título homónimo, *La frontera catalano-aragonesa*, da síntese divulgativa de Martín Zorraquino / Fort (1996), que inician así o seu texto: «La frontera catalano-aragonesa separa el dominio lingüístico catalán del aragonés, o, si se prefiere, del castellano-aragonés». Eu, en cambio, prefiro distinguir entre: (1) «aragonés» *sensu strictu*, o romance (alto)aragonés que aínda mantén formas como *fillo*, *güello* e *muller*, no espazo peninsular constitutivo; e (2) «castellano-aragonés», o castelán con sabor de substrato aragonés, o produto do aluvión que confina co catalán máis ó sur no espazo romance consecutivo, e que non se limita ó Aragón lindeiro con Cataluña, senón que discorre máis ó medio-día, por terras do interior valenciano, e deixa paso progresivamente ás variedades do castelán de tipo manchego e, despois, ás de tipo murciano, na periferia da «valencianidade» administrativa.

Se inserimos oportunamente o adxectivo «lingüística» no rótulo de *La frontera catalano-aragonesa*, vémonos metodoloxicamente constringidos a delimitar os dous dominios lingüísticos correspondentes, de xeito que *La frontera lingüística catalano-aragonesa* só pode referirse á fronteira constitutiva entre o (alto) aragonés e o catalán da Cataluña Vella: desde o Val de Benasque ata a altura da *Baixa Llitera*, que implica falas de difícil atribución ós dous tipos románicos fronteirizos, catalán e aragonés; como as estudadas na Baixa Ribagorza Oriental por Quintana (1993) no traballo titulado «Encara més *capcirs*», en alusión ó texto «Els altres *Capcirs*», en que Enric Guiter (1955) abordou a zona de tránsito

entre o catalán do Capcir (*capcinès*) e outras variedades do catalán setentrional extremo co occitano.

Desde hai cen anos, cando menos, a catalanística e a romanística tiveron presente esta formulación de «fronteira [lingüística] catalano-aragonesa». Por certo, a sensibilidade sobre a proxección do elemento catalán por terras aragonesas fíxose sempre nesta ordenación conceptual: «catalano-aragonesa»; e non á inversa: «aragoneso-catalana».

Outra cousa é o Aragón fronteirizo de lingua catalá, a *Franja* (cf. 4.1), que na súa parte máis setentrional implica falas de transición, e por debaixo da liña Binéfar / Tamarit convive coa fronteira lingüística «catalano-castelá», que continúa, como dixer, por terras valencianas. Unha fronteira nítida mais permeable, que permite influencias de adstrato nos dous sentidos (aragonesismos en valenciano, catalanismos no castelán da Valencia interior e do Aragón contiguo). Trátase dunha divisoria lingüística atravesada incluso por refráns que transcenden fronteiras: como o que expresa na miña localidade natal o «recrecer» da luz do día por Nadal; *Pa Nadal, un paso (de) pardal* (Puebla de Arenoso) (Gargallo 1993: 419; 1994 [1996²]: 190). O refrán, adaptación do catalán (e valenciano) *Per Nadal, un pas de pardal*, convive –ou convivía, xa que moitos trazos dialectais da zona esmorecen irremediabilmente– co uso das voces xenuínas *Navidad* e *gorrión* (ou a variante máis popular *gurrión*).

O tipo de fala castelano-aragonesa do interior valenciano recibe a etiqueta popular de *churro* (en castelán) ou *xurro* (na grafía do catalán), que acollen os dicionarios e mesmo adopta a filoloxía. Así, o *DRAE* (s. v. *churro*², *rra*): «3. adj. *Val.* Dicho de los aragoneses y de los habitantes de la parte montañosa del reino de Valencia: Que hablan castellano con rasgos aragoneses». Ou a *GEC* (s. v. *xurro*), que inclúe un artigo enciclopédico de Joseph Gulsoy, filólogo canadense de orixe armenia, colaborador de Joan Coromines, e unha das persoas que mellor estudou o «xurro». O artigo en cuestión define *xurro* deste xeito: «Parlar de l'àrea de llengua castellana del País Valencià, especialment de l'Alt Millars, l'Alt Palància, el Racó, els Serrans i la Foia de Bunyol».

Os distintos modelos de falas «churras» fronteirizas, desde as de maior permeabilidade «valenciana», que se atopan xunto á fronteira lingüística (por exemplo, en Énguera ou El Villar del Arzobispo), ata as máis distantes, no interior, ocupáronme en diversas ocasións (Gargallo 2002, 2009-2010, 2010).

Os «outros valencianos» non sempre somos tidos en conta nas concepcións globais da «valencianidade». A «alteridade» que eu mesmo represento non casa ben coa «nosalteridade» expresada nunha obra de referencia (*Nosaltres, els valencians*) por Joan Fuster:

De fet, quan els valencians –els de llengua catalana– parlem del País Valencià, solem oblidar-nos dels «altres» valencians: les nostres generalitzacions no els tenen en compte [...]. Les zones «aragoneses», «castellanes» i «murcianes», inscrites en la seva òrbita per la fitació medieval, són com un anex [*sic*] d'escassa importància. [...] (Fuster 1962: 95; no capítulo *La dualitat insoluble*, baixo o epígrafe *Aragonesos, castellans, murcians*)

Como é razoable pensar, non comparto a percepción do intelectual de Sueca sobre a «escasa importancia» do dito «anexo». Non só pola evidencia da extensión territorial das áreas de fala castelá do interior e o sur valencianos (non hai mais que ver o mapa 1). Aínda que moitas delas estean hoxe moi despoboadas, representan a territorialidade da lingua e da cultura propias⁶.

E foi na lingua propia do lugar como a miña avoa respondeu á Tía Consuelo, a veciña da casa de enfronte da nosa –ou sexa, a «fronteira» –, cando esta lle preguntara polo seu neto naquel día de finais de outubro de 1982:

«¿y de qué da clases tu muchacho?». L'àvia titubeja. Em temo que no sabrà què respondre. Però, sí. Finalment se'n surt: «Chica, no sé de qué romances» (Gargallo 1994: 11).

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- ALVAR, Manuel (1976): *La frontera catalano-aragonesa*. Zaragoza: Institución «Femando el Católico».
- ÁLVAREZ PÉREZ, Xosé Afonso (2014): «Correspondencias léxicas entre a *fala* de Cáceres e o portugués», *Estudos de Lingüística Galega* 6, 5-28.
- ÁLVAREZ PÉREZ, Xosé Afonso (inédito): «Notas sobre unhas supostas especificidades semánticas na fala de Cáceres».
- BARCIA LÓPEZ, Ramiro Javier (2011): «La frontera lingüística entre el gallego y el asturiano», en Ramón DE ANDRÉS DÍAZ (coord.), *Lengua, ciencia y fronteras*. Uviéu: Trabe, 443-457.
- CARRASCO GONZÁLEZ, Juan María (1996): «Hablas y dialectos portugueses o galaico-portugueses en Extremadura. (Parte I: Grupos dialectales. Clasificación de las hablas de Jálama)», *Anuario de Estudios Filológicos* (Universidad de Extremadura) XIX, 135-148.


⁶ Por certo, o ámbito administrativo valenciano ten dúas linguas territorialmente «propias», e unha delas é o castelán.

- CARRASCO GONZÁLEZ, Juan María (2008): «El futuro de la fala de Jálama», *Cuadernos Para Mover montañas*, 9. *Territorio, sociedad y cultura: perspectivas para el desarrollo sostenible. Hoyos (Cáceres)*, 7 y 8 de noviembre de 2008. Proyecto 'Mover Montañas'. Oficina de coordinación: Grupo de Acción Local País Románico: Mataporquera (Cantabria), 95-107. Disponible en línea: <http://www.aidergc.com/archivos/docs/cce14b1d87aa02d137f055e99209ee38.pdf>.
- COSTAS GONZÁLEZ, Xosé Henrique (1999): «Valverdeiro, lagarteiro e mañego: O «galego» do Val do Río Ellas (Cáceres)», en Francisco FERNÁNDEZ REI / ANTÓN SANTAMARINA (eds.) (1999), *Estudios de sociolingüística románica. Linguas e variedades minorizadas*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, 83-106.
- COSTAS GONZÁLEZ, Xosé Henrique (2009): «A adscrición lingüística das falas do occidente astur: galego / asturiano / unha nova lingua?», en Héctor MORET (ed.), *Llengües i fets, actituds i franges. Miscel·lània de treballs etnològics, filològics i lingüístics oferts a Artur Quintana i Font*. Calaceit: Institut d'Estudis del Baix Cinca-IEA / Associació Cultural del Matarranya, 75-90.
- COSTAS GONZÁLEZ, Xosé Henrique (2013): *O valego. As falas de orixe galega do Val do Ellas (Cáceres - Estremadura)*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.
- CREUS, Inma / Maite PUIG / Joan R. VENY (eds.) (2010): *Actes del Quinzè Col·loqui Internacional de Llengua i Literatura Catalanes. Universitat de Lleida, 7-11 de setembre de 2009. Volum I. El català i les llengües veïnes*. Barcelona: Associació Internacional de Llengua i Literatura Catalanes / Publicacions de l'Abadia de Montserrat.
- DE ANDRÉS DÍAZ, Ramón (2013): *Gramática comparada de las lenguas ibéricas*. Gijón: Trea.
- DE ANDRÉS DÍAZ, Ramón / Fernando ÁLVAREZ-BALBUENA GARCÍA (2011): «Projecte ETLEN de mesurament de la frontera entre els dominis asturleonès i galaicoportuguès», en Germà COLÓN DOMÈNECH / Lluís GIMENO BETÍ (eds.), *Noves tendències en la dialectologia contemporània*. Castelló de la Plana: Publicacions de la Universitat Jaume I / Fundació Germà Colón Domènech, 205-232.
- DECat = Joan COROMINES (1980-2001): *Diccionari etimològic i complementari de la llengua catalana*. Barcelona: Curial Edicions Catalanes / Caixa d'Estalvis i Pensions de Barcelona «la Caixa» (10 vols.).
- DIEC2 = INSTITUT D'ESTUDIS CATALANS (2007²): *Diccionari de la Llengua Catalana*. Barcelona: Edicions 62 / Enciclopèdia Catalana. Disponible en línia: <http://dlc.iec.cat/>.
- DRAE = REAL ACADEMIA ESPAÑOLA (2001²²): *Diccionario de la Lengua Española*. Madrid: Espasa Calpe. <http://lema.rae.es/drae/>.
- DRAG = REAL ACADEMIA GALEGA (2012): *Dicionario da Real Academia Galega*. A Coruña: Fundación Barrié. Disponible en línia: <http://www.realacademiagalega.org/diccionario#inicio.do>.
- FERNÁNDEZ REI, FRANCISCO / ANTÓN SANTAMARINA FERNÁNDEZ (eds.) (1999): *Estudios de sociolingüística románica. Linguas e variedades minorizadas*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.
- FUSTER, Joan (1962): *Nosaltres, els valencians*, Barcelona, Edicions 62.
- GARGALLO GIL, José Enrique (1993): «Un caso particular de interferencia lingüística: la adopción/adaptación de refranes de sello valenciano (catalán) en territorio lingüístico castellano-aragonés», en Ramón LORENZO (ed.), *Actas do XIX Congreso Internacional de Lingüística e Filoloxía Románicas (Universidade de Santiago de Compostela, 1989)*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza, Conde de Fenosa, volume IV, 411-423.
- GARGALLO GIL, José Enrique (1994 [1996²]): *Les llengües romàniques. Tot un món lingüístic fet de romanços*. Barcelona: Empúries.


- GARGALLO GIL, José Enrique (1995): «De fronteras lingüísticas peninsulares: paralelismos, afinidades, peculiaridades», *Lletres Asturianes* 57, 23-40.
- GARGALLO GIL, José Enrique (2000): «¿Se habla gallego en Extremadura? Y otras cuestiones, no menos delicadas, sobre romances, gentes y tierras peninsulares de frontera (con sus nombres)», en Antonio SALVADOR PLANS / Juan María CARRASCO GONZÁLEZ / M^a Dolores GARCÍA OLIVA (eds.), *Actas del I Congreso sobre A Fala (20 y 21 de mayo de 1999. Eljas – San Martín de Trevejo – Valverde del Fresno)*. Mérida: Junta de Extremadura.
- GARGALLO GIL, José Enrique (2001a): «Aranés, mirandés, ¿valego? Tres enclaves romances de fronteira, tres retos de supervivencia e preservación da identidade na Europa do novo milenio», *A Trabe de Ouro* 47, 349-363.
- GARGALLO GIL, José Enrique (2001b): «La frontera lingüística catalano-aragonesa, el Aragón fronterizo de lengua catalana y otros romances de frontera», *Revista de Filología Románica* 18, 189-211.
- GARGALLO GIL, José Enrique (2002): «Dues menes de frontera (lingüística i administrativa), diversos models de parlars (i de parlants) xurros fronterers», *Caplletra* 32, 127-141.
- GARGALLO GIL, José Enrique (2004a): «Frontera y fronteras en romance», *Anuari de Filologia. Filologia Romànica* XXVI (Secció G, Número 14), 51-63.
- GARGALLO GIL, José Enrique (2004b): «Espanya plurilingüe: la diversitat lingüística i la diversitat dels lingüístes», en Miquel Àngel PRADILLA CARDONA (coord.), *Calidoscopi lingüístic. Un debat entorn de les llengües de l'Estat*. Barcelona: Octaedro-EUB, 25-51.
- GARGALLO GIL, José Enrique (2007): «Gallego-portugués, iberorromance. La *fala* en su contexto románico peninsular», *Limite* 1, 31-49.
- GARGALLO GIL, José Enrique (2009): «Fronteras y enclaves en la Romania. Encuadre romance para la *fala de Xálima*», *Limite* 3, 27-43.
- GARGALLO GIL, José Enrique (2009-2010): «Els parlars castellanoaragonesos de l'interior valencià», *De Lingua Aragonensi* (Graus: Societat de Lingüística Aragonesa) 5/6, 41-62.
- GARGALLO GIL, José Enrique (2010): «Una mirada romànica als parlars xurros», en Emili CASANOVA (ed.), *Els altres parlars valencians. I Jornada de Parlars Valencians de Base Castellano-aragonesa*. València: Denes, 247-268.
- GARGALLO GIL, José Enrique (2011): «Fronteras romances en la Península Ibérica», en Ramón DE ANDRÉS DÍAZ, *Lengua, ciencia y fronteras*. Uviéu: Trabe, 35-67.
- GEC = *Gran Enciclopèdia Catalana*: http://www.enciclopedia.cat/fitxa_v2.jsp?NDCHEC=0218633.
- GONZÁLEZ SALGADO, José Antonio (2009): «Diez problemas de dialectología extremeña», *Revista de Estudios Extremeños*, Tomo LXV, Número I, 347-378.
- GRIERA I GAJA, Antoni (1914): *La frontera catalano-aragonesa. Estudi geográfico-lingüístic*. Barcelona: Institut d'Estudis Catalans.
- GUINOT, Enric (1999): *Els fundadors del Regne de València*. València: Tres i Quatre (2 vols.).
- GUITER, Enric (1955): «Els altres Capcir», *Actes del VII Congrés Internacional de Lingüística Romànica* (1953). Barcelona, 706-735.
- MAIA, Clarinda de Azevedo (2000): «Os dialectos de Xalma: problemática e perspectivas de pesquisa», en Antonio SALVADOR PLANS / M^a Dolores GARCÍA OLIVA / Juan CARRASCO GONZÁLEZ, *Actas del I Congreso sobre a Fala (20 y 21 de mayo de 1999. Eljas - San Martín de Trevejo - Valverde del Fresno)*. Mérida: Junta de Extremadura, 77-91.

- MARTÍN ZORRAQUINO, M^a Antonia / M^a Rosa FORT CAÑELLAS / M^a Luisa ARNAL PURROY / Javier GIRALT LATORRE (1995): *Estudio sociolingüístico de la Franja Oriental de Aragón*. Zaragoza: Universidad de Zaragoza.
- MARTÍN ZORRAQUINO, M^a Antonia / M^a Rosa FORT CAÑELLAS (1996): «La frontera catalano-aragonesa», en Manuel ALVAR (dir.), *Manual de dialectología hispánica. El Español de España* [sic]. Barcelona: Ariel, 293-304.
- MORET, Héctor (1998): «Com en direm? A propòsit de la denominació de les comarques de llengua catalana de l'Aragó», en *Indagacions sobre llengua i literatura catalanes a l'Aragó*. Calaceit: Associació Cultural del Matarranya / Institut d'Estudis del Baix Cinca, 7-16.
- OSSENKOP, Christina (2013): *Spanisch-portugiescher Sprachkontakt in der Extremadura am Beispiel der Gemeinden Cedillo, Valencia de Alcántara und La Codosera*. Wilhelmsfeld: Gottfried Egert Verlag.
- QUINTANA, Artur (1993): «Encara més *capcirs*: els parlars orientals de Sarró (Baixa Ribagorça Oriental), en Josep MASSOT I MUNTANER (coord.), *Miscel·lània Jordi Carbonell.6. Estudis de Llengua i Literatura Catalanes XXVII*. Barcelona: Publicacions de l'Abadia de Montserrat, 271-308.
- RADATZ, Hans-Ingo / Aina TORRENT-LENZEN (2006): *Iberia polyglotta. Zeitgenössische Gedichte und Kurzprosa in den Sprachen der Iberischen Halbinsel. Mit deutscher Übersetzung*. Titz: Lenzen.
- SAMPEDRO SÁEZ, José Luis (1991) = REAL ACADEMIA ESPAÑOLA (1991): *Desde la frontera. Discurso leído el día 2 de junio de 1991, en su recepción pública, por el Excmo. Sr. Don José Luis Sampedro Saez* [sic] y contestación del Excmo. Sr. Don Gregorio Salvador Caja. Madrid. Disponible en línia: http://rae.es/sites/default/files/Discurso_Ingreso_Jose_Luis_Sampedro.pdf.
- SANCHES MARAGOTO, Eduardo (2011): «As falas das Elhas, Valverde e S. Martinho (Cáceres): origem galega ou portuguesa?», en Ramón DE ANDRÉS DÍAZ (ed.), *Lengua, ciencia y fronteras*. Uviéu: Trabe, 385-425.
- SANTAMARINA, Antón (1995): «Proposta de programa de normalización lingüística para os concellos de Asturias de fala galega», en Francisco FERNÁNDEZ REI (ed.), *Lingua e cultura galega de Asturias*. Vigo: Xerais, 245-264.
- SAURA RAMI, José Antonio (2010): «A vueltes dan el benasqués: paraimpresions sociolingüístiques (u al revés)», en Inma CREUS / Maite PUIG / Joan R. VENY (eds.) (2010): *Actes del Quinzè Col·loqui Internacional de Llengua i Literatura Catalanes. Universitat de Lleida, 7-11 de setembre de 2009*. Volum I. *El català i les llengües veïnes*. Barcelona: Associació Internacional de Llengua i Literatura Catalanes / Publicacions de l'Abadia de Montserrat, 35-41.
- SISTAC, Ramon (2010): «Frontera: límit i nexa», en Inma CREUS / Maite PUIG / Joan R. VENY (eds.) (2010): *Actes del Quinzè Col·loqui Internacional de Llengua i Literatura Catalanes. Universitat de Lleida, 7-11 de setembre de 2009*. Volum I. *El català i les llengües veïnes*. Barcelona: Associació Internacional de Llengua i Literatura Catalanes / Publicacions de l'Abadia de Montserrat, 17-32.
- VENY, Joan (1982³): *Els parlars catalans (Síntesi de dialectologia)*. Palma de Mallorca: Editorial Moll.

ANEXO




Mapa 1. As comarcas valencianes e as dúas linguas do país (Gargallo 2010: 268)



Mapa 2. Falas fronteirizas de Extremadura (Carrasco 1996: 146)



Mapa 3. Linguas da Península Ibérica (Fernández Rei / Santamarina, 1999: 505)



Mapa 4. *Iberia polyglotta* (Radatz / Torrent Lenzen 2006)



A fronteira entre Galicia e Portugal ten sempre a capacidade de atraer unha atención inquiridora e de provocar sentimentos encontrados. Di Castelao que non se soubo o que lle respondeu o vello ao rapaciño que, na beira do Miño, formulou en voz alta o pensamento –ou sentimento– que a tantos trae aqueloutrados, «E os da banda d'alá son máis estranxeiros que os de Madri?». Deulle forma de pregunta ao seu desconforto ante o paradoxo, mais é probable que non agardase unha resposta.

Desde longa data, cada certo tempo, en espazos de encontro entre lingüistas galegos e portugueses, a conversa, a ollada, o interese... viñan recalando na raia que asemade nos une e nos separa, de modo que paseniñamente se foi facendo urxente colocar no centro da nosa atención esta fronteira galego-portuguesa que todos dan en dicir que está entre as máis antigas de Europa. Pouco sabemos dos criterios con que foi trazada en orixe nin, polo tanto, en que medida respondía a trazos antropolóxicos, lingüísticos, xeográficos ou doutro teor. A raia atravesou as terras do antigo reino de Galicia e partiu en dous o territorio constitutivo do protorromance galego, do que logo habían xurdir a lingua galega e a lingua portuguesa.

